


STICO

LA DE ENTRADA 8



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

# Estudos de Onomástica Galega IV

## Os nomes das rúas



REAL ACADEMIA GALEGA

# **Estudos de Onomástica Galega IV**

Edita:  
Real Academia Galega

ISBN:  
978-84-17807-00-9

Depósito Legal:  
C 2075-2019

<https://doi.org/10.32766/rag.360>

© Real Academia Galega, 2019

Deseño da colección:  
Grupo Revisión Deseño

Maquetación:  
Real Academia Galega

Impresión:  
LUGAMI ARTES GRÁFICAS  
Infesta, 96  
15319 Betanzos  
Tel. 981 77 41 71  
[www.lugami.com](http://www.lugami.com)



**REAL  
ACADEMIA  
GALEGA**



**DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA**

Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

# **Estudos de Onomástica Galega IV**

## **Os nomes das rúas**

Xornada de estudo

Pontevedra, 19 de outubro de 2019

Edición de Ana Isabel Boullón Agrelo e Luz Méndez



**REAL ACADEMIA GALEGA**



# Limiar

Ana Isabel Boullón Agrelo

*Real Academia Galega*

A hodonimia é o conxunto dos nomes das rúas, definición aparentemente sinxela que, como veremos máis adiante, encerra máis complexidade do que semella. Os estudos sobre este tema en Galicia son poucos e por iso desde a Real Academia Galega se considerou oportuno dedicarlle a IV Xornada de Onomástica, que se vén celebrando anualmente en Pontevedra desde 2016.

En primeiro lugar, cumpriría explicar que son os nomes das rúas. Chamámoslles así ós nomes das vías de comunicación nos espazos urbanos, que portan unha función básica, referencial: a organización de vilas e cidades para prover os seus habitantes ou os foráneos de orientación espacial e para ter control administrativo (Neethling 2016). Á medida que os núcleos urbanos medran, necesítanse máis nomes. No noso ordenamento xurídico, son os concellos os encargados da súa escolla e regulación<sup>1</sup>. Nas cidades e nas vilas, os nomes das rúas forman parte da paisaxe lingüística: están sempre visibles (nos carteis das rúas, nos enderezos do correo) e, por tanto, teñen unha poderosa capacidade semiótica. En principio, eran signos neutrais (descritivos), pero co paso do tempo, pouco vai quedando do significado que reflectía os usos e costumes da sociedade tradicional. Como explican neste volume Antón Santamarina e Antonio Míguez, é a partir da Revolución Francesa (finais do XVIII), en España, do estado liberal (séc. XIX), cando os gobernantes se decataron desa capacidade de intervención dos nomes na vida pública. E no momento en que adquiren unha carga simbólica, a través dun uso conmemorativo, o mero valor referencial transcende, posto que introducen unha visión oficial da historia nos escenarios da vida cotiá<sup>2</sup>.

Nos últimos anos está a desenvolverse a chamada toponimia crítica (*critical toponymies*), que vai máis aló do estudo etimolóxico e semántico ou da descrición xeográfica e mesmo da estandarización e sistematización dos nomes

---

1 “O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente” (Lei de Normalización Lingüística, 3/1983, do 15 de xuño, DOG 14/7/83, artigo 10).

2 Azaryahu 2009, reproducido por Neethling 2016: 147.

dos lugares, para poñer o foco no punto de intersección entre a imposición dun nome e a súa relación co poder (Berg/Vuolteenaho 2009). Un nome non denota simplemente unha porción individualizada do espazo xeográfico, senón que tamén sostén unha carga semántica concreta e está cheo de significados connotativos. A forte carga emocional que comportan ponse en evidencia, nun país en conflito lingüístico como Galicia, nas reaccións sociais ante as deturpacións intencionadas dos nomes de lugar, e tamén se advirte claramente nos nomes das rúas, porque son os lugares onde máis cambios se producen<sup>3</sup>.

Pois ben, neste volume encontraranse aproximacións tradicionais ó estudo da toponimia (etimoloxía, clasificación, interpretación), pero sobre todo darase conta de diversos procesos de renominación (*renaming* en inglés) e de imposición de nomes novos (*neotoponimia*)<sup>4</sup>, aínda que na situación galega poderíamos pensar que isto sería *a priori* case imposible, dada a enorme abundancia de nomes de lugar que posuímos. Malia isto, en novas vías públicas, na construción de novos barrios urbanos ou en urbanizacións de zonas rurais actuouse en moitos casos como se fosen terra incógnita, tal e como expresaba moi acertadamente Gonzalo Navaza: “o urbanocentrismo leva a ocupar o campo coma se fose un lugar amnésico, sen historia previa” (Rey 2011). Así, impuxéronse nomes que sepultaron os existentes, en favor doutros conmemorativos ou de palabras que soaban ben ós construtores polo seu posible valor propagandístico (o *Barrio das Flores* na Coruña, *As Mimosas* en Ames, *Os Verxeles* en Teo, *Madrigal* en Ourense, *A Campiña* en Lugo...). O nome é tamén marca comercial, como se ve.

Como a onomástica en xeral, os nomes das rúas permiten unha aproximación multidisciplinar: desde un punto de vista lingüístico, histórico, psicolóxico, social ou xurídico, por citar algúns. Desde unha perspectiva feminista, María Novas (2018) estuda como, dentro dos nomes conmemorativos, na cidade de Santiago de Compostela os nomes de muller representan unha rechamante minoría: só unha cuarta parte (a maioría posterior a 2007); ademais, nomean vías de categoría inferior: só un 4% das avenidas e dos parques. Aínda así, a porcentaxe de nomes femininos na capital de Galicia é superior á das outras cidades de Galicia: neste volume, Conchi Cochón explica a vontade do concello

---

3 Noutros países houbo cambios de nomes de cidades: son moi coñecidos os ocorridos en Rusia (*San Petersburgo* → *Petrogrado* → *Leningrado* → *San Petersburgo*), e foron frecuentes nos países descolonizados en África (Angola, Mozambique ou Namibia), ou tralo apartheid en Sudáfrica.

4 Os termos son propostos por Giraut/Houssay-Holzschuch (2016).

de Pontevedra nos últimos anos de mudar esta situación e, aínda así, os nomes femininos só supoñen o 12% dos nomes conmemorativos; Iván Méndez calcula pouco máis do 10% para a cidade da Coruña; finalmente, Marta Souto informa de que, en Vigo, de 1.400 nomes de rúas, as mulleres tiñan dedicadas 44, e delas, só 13 carecían de connotacións relixiosas. Evidénciase, con estes datos, o papel representado pola muller na esfera pública; e tamén, na propia denuncia dos feitos, que esa situación está a mudar.

Dado o elevado número de rúas que foron mencionados neste volume e a dificultade conseguinte á hora de clasificalos, parece oportuno propor aquí unha tipoloxía que axude a bosquexar os principais grupos de hodónimos. A distinción principal non é tanto semántica, como se ten feito outras veces<sup>5</sup>, senón que ten en conta as denominacións descritivas, como forma máis espontánea de nomear un lugar baseándose nalgún elemento característico, fronte ás dispostas en gabinete (político, xeralmente), onde se busca homenaxear a alguén ou escoller palabras de significado ou connotacións que comprazan a maioría dos usuarios urbanos.

#### 1. Hodonimia descritiva (tradicional).

- a. Detoponímicos: *Orzán, Rolda de Outeiro, O Vilar, Canceliña, As Fontiñas.*
- b. Oficios, actividades económicas: *Caldeirería, Obradoiro, Tabernas, A Moeda, O Mercado.*
- c. Haxiotoponímicos: *A Eirexa, Santo Antón, San Roque.*
- d. Edificios, localizacións estratéxicas: *rúa da Estación, rúa do Concello.*
- e. Situación (espacial ou cronolóxica): *Rúa Alta, Rúa Nova.*
- f. Habitantes (nomes persoais e xentilicios): *A Porta dos Ares, As Donas, Don Abril Ares, Don Gonzalo, rúa do Franco.*

---

5 Véxase por exemplo Frosi (2013), que propón para a cidade brasileira de Caxias do Sul unha clasificación semántica similar á usual dos topónimos: antropohodónimos, hodónimos de lugares, haxiohodónimos, tipos de construcións, hidrohodónimos etc.



## 2. Hodonimia conmemorativa ou honorífica.

- a. Antroponímica, dedicada a persoas concretas: *María Pita, Castelao, Rosalía de Castro, Martín Códax*.
- b. Relixiosa (católica): *Nosa Señora do Rosario, Perpetuo Socorro, Neno Xesús*.
- c. Colectivos: *As Costureiras, As Lavandeiras*.
- d. Acontecementos: *Revolución Francesa, Oito de Marzo*.
- e. Conceptos (habitualmente dereitos, actividades ou valores recoñecidos socialmente): *Liberdade, Fraternidade, Traballo, Xustiza, Cultura, Disciplina, Progreso, Concordia*.
- f. Outros: *Mámoas, Xurelo, A Zanfona, A Cova Céltica*.

## 3. Hodonimia de repertorio.

- a. Temática variada: flores (*Margarida, Camelia*), aves (*Merlo, Anduriña, Curuxa*), exónimos (*París, Luxemburgo, Atenas, Viena, Londres*), números, letras etc.

Como toda clasificación, esta presenta puntos de intersección e, por tanto, é unha entre outras posibles<sup>6</sup> (e, evidentemente, sempre cabe unha división máis de “outros” cos dificilmente encadrables ou os opacos). Así, o terceiro grupo podería considerarse como unha parte máis da hodonimia conmemorativa, aínda que o compoñente honorífico está máis diluído e adoita empregarse cando cómpre urbanizar superficies grandes (un novo barrio ou unha nova urbanización), coa intención de que os nomes garden relación entre si. Da mesma forma, os designados no segundo grupo, coa excepción da hodonimia antroponímica, serían susceptibles de considerarse de repertorio, por referírense a colectivos, acontecementos ou conceptos que suscitan consenso nas poboacións locais respectivas<sup>7</sup>. Hai dous grupos moi semellantes que presentan diferenza cronolóxica: os haxiotopónimos tradicionais (1c), derivados normalmente da advocación dunha igrexa, e os nomes de todo tipo de santos ou símbolos católicos, impostos moitos deles durante o franquismo (2b).

<sup>6</sup> E dentro de cada un dos grupos caben outros. Así, nas conmemorativas antroponímicas pode haber personaxes civís históricos (principalmente intelectuais e profesionais), militares, relixiosos (eclesiásticos ou canonizados), aristócratas etc.

<sup>7</sup> E incluso obxectos, animais ou grupos culturais (grupo 2f). Nun dos exemplos propostos, *Mámoas* non é, como pode parecer, un antigo topónimo, senón un nome novo elixido “pola aparición alí de restos arqueolóxicos de mámoas” (véxase neste volume o artigo de Conchi Cochón, onde se reflicten moitas das motivación das escollas).

Así mesmo, cómpre distinguir entre os que, procedentes ambos de nomes de persoa, responden a distintas motivacións: os que reflicten o nome da persoa ou persoas que vivían no lugar e por algunha razón foron representativas desa vía (1e) e, por tanto, son nomes tradicionais en moitos casos desde a Idade Media, e os que se impuxeron moito máis recentemente co obxectivo de honrar a súa memoria (2a).

Pódese indicar unha diferenza cronolóxica entre estes grupos, porque o primeiro responde ó tipo de denominación tradicional, mentres que historicamente os outros dous se datan en épocas moito máis recentes. En varias das contribucións deste volume dátanse claramente: ofrécese abundantes exemplos do ocorrido nos concellos de Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña e Pontevedra, sobre todo a partir da ditadura franquista, época en que houbo un enorme cambio na paisaxe lingüística. Na Coruña, Iván Méndez mostra como a porcentaxe de rúas con nomes conmemorativos foi ascendendo desde o 16% no século XIX ó 64% na actualidade, en detrimento das denominacións tradicionais, que baixaron desde o 78% ó 28%.

Tras esta introdución á cuestión, resumíranse de maneira máis particularizada as distintas contribucións.

No principio do libro, **Gonzalo Navaza** e **Gonzalo Hermo** explican a hodonimia de dous núcleos medievais: Baiona e Santiago de Compostela, respectivamente. Mostran como os nomes son nomeadamente descritivos e como os cambios que ocorren son morfolóxicos (*Mazarelas* a *Mazarelos*, a *Fonte dos Francos* á *rúa do Franco* en Santiago de Compostela) ou motivados por cambios na configuración da cidade (como a eliminación das rúas situadas ó pé da muralla no século XVII en Baiona). A exploración das fontes medievais e posteriores ofrece datos preciosos para coñecer a evolución demográfica e profesional, con cadansúas características, como as necesidades militares no caso de Baiona e a súa situación a carón do mar, ou o feito da peregrinación e importancia relixiosa no de Santiago de Compostela. Estes traballos, ademais, serven de modelo metodolóxico para a investigación diacrónica do léxico ó longo das súas etapas históricas.

O traballo de **Antonio Míguez** continúa o carreiro aberto polas devanditas toponimias críticas, dentro do seu proxecto de memoria histórica. Explica como o réxime franquista utilizou a denominación (ou mellor, a renominación)

dos espazos públicos como un instrumento máis na construción da súa “nova España” e ó mesmo tempo na destrución da “vella”, mediante un auténtico memoricidio. E tamén pon de relevo o efecto reparador de “asignar nomes a quen estivo esquecido” polo esmagador espírito de vinganza exercido polos ganadores trala guerra civil, o que se ten considerado como unha medida de retribución simbólica<sup>8</sup>. Os exemplos proceden da cidade de Santiago de Compostela, onde se coñecen ben os procesos de represión acaecidos despois da guerra civil e da longuíssima posguerra.

Como se adoita facer nesta colección, inclúense dúas experiencias pedagóxicas. Na primeira delas, **Suso Fernández Acevedo** mostra o desenvolvemento de tres proxectos baseados nos nomes das rúas de Ribadeo. O proceso serviu para facer reflexionar o alumnado sobre o valor das denominacións tradicionais que se van perdendo e sobre a memoria histórica, mediante os cambios ocorridos trala recuperación da democracia. A hodonimia conmemorativa permite recuperar o coñecemento dos persoeiros da localidade ou do país entre a xente nova, así como estimular o interese ante os elementos urbanos que antes eran opacos.

O traballo de **Pilar Buela** e **Carlos Montejano**, amais de mostrar como se pode implicar o alumnado e a veciñanza nun proxecto de recuperación dos nomes tradicionais (mediante a realización e a colocación dun rótulo), levanta a cuestión de se existen ou non rúas nas aldeas. O seu proxecto puxo de relevo a importancia que os nomes dos espazos interiores das aldeas comportan para os seus habitantes. E é que os nomes son tamén expresión da identidade: ser un lugar é estar localizado (ou polo menos ser localizable), nomeado, coñecido<sup>9</sup>. A colocación do rótulo supuxo unha forma de recoñecemento simbólico da súa existencia social, como demostrou a festa popular que se organizou arredor dese acto.

Nas urbanizacións novas é doado asignar a denominacións de *rúas* ás vías que as entrecruzan. Pero nas aldeas, as vías e os espazos portan as designacións das súas antigas funcións (unha eira, un souto, unha leira...), que se superpoñen, mesmo na memoria, á consciencia dos novos usos, que son, simplemente, interseccións viarias (xa non se malla, non hai castiñeiros, non se plantan hortalizas). O espazo como palimpsesto<sup>10</sup>, un texto unha e outra

8 Son termos de Maoz Azaryahu (2011); esa retribución simbólica faise moi evidente nas cidades sudafricanas, onde se cambiaron hodónimos de personaxes do apartheid por figuras do Congreso Nacional Africano.

9 “To be a place is to be located (or at least locatable), named, known” (Maskit 1998, *apud* Berg/Vuolteenaho 2009: 7).

10 A imaxe é de Azaryahu (2009), falando da cidade como texto (*city-text*), onde os lugares son nomeados e renomeados e teñen un sinal visible na configuración das rúas.

vez reescrito do que só temos á vista o último estadio pero no que subsisten vestixios das vidas anteriores. Os habitantes recordan, por eles mesmos ou pola memoria relatada, as anteriores significacións dos espazos. Agora ben, nas aldeas non é fácil cualificar eses nomes, posto que ocupan unha zona borrosa entre os topónimos tradicionais que designan núcleos de poboación (pois con frecuencia designan grupos de casas dentro dunha aldea), os microtopónimos (pois como eles, foron creados pola comunidade desde hai moito tempo e son denominacións non recollidas en ningunha fonte oficial) e as rúas (pois están incardinadas en espazos urbanos, isto é, lugares habitados dotados de determinados servizos, e serven asemade para situarse e localizar as vivendas). Así, eses nomes refírense a vías lonxitudinais (que moitas veces aínda se chaman *camiños*), grupos de casas (*barrios*, partes da aldea), espazos amplos no medio das vivendas (que nas vilas ou cidades se chamarían *prazas*) e sempre son válidos para localizar as persoas que alí viven, mesmo poderían habilitarse para o enderezo postal. Isto é, realizan a función para a que serven as rúas, pero non se identifican totalmente con elas. Seméllanse moito ós microtopónimos, pero, a diferenza destes, designan lugares habitados. Existe, pois, unha certa indefinición terminolóxica que debería resolverse. En todo caso, ata o momento non foron obxecto de identificación nin de compilación sistemática, polo que se fai necesario identificalos, salvagardalos igualmente do esquecemento mediante a súa recollida e darlles a visibilidade que teñen xa os seus parentes urbanos, as chamadas rúas.

A **mesa redonda** móstranos a evolución da hodonimia en catro cidades ou vilas e as actitudes actuais que se teñen nos diversos concellos con respecto á súa normalización ou ós criterios que seguen para a denominación dos novos espazos urbanos. **Conchi Cochón** en Pontevedra e **Marta Souto** en Vigo, nos seus Servizos de Normalización Lingüística, mostran os procedementos municipais para o establecemento dos novos nomes ou dos cambios. Elas, e tamén **Iván Méndez** para A Coruña, dan conta das características históricas da respectivas hodonimias. As cidades mostran diferentes pautas á hora de manter a toponimia tradicional ou recorrer en maior ou menor medida ós nomes conmemorativos. De entre elas, Pontevedra móstrase moi respectuosa co pasado e disposta a recuperar os antigos nomes (ou, en todo caso, a conservalos mediante a súa mención nos carteis viarios). En Vigo deseñaron unha metodoloxía de recuperación da toponimia que fora subsumida pola invasión rapidísima e recente do cemento, pero parece que nos últimos tempos o concello é máis proclive á elección dos

nomes conmemorativos. Na Coruña a situación é moi diferente, porque desde a chegada da democracia, a diferenza das outras cidades, non se procedeu á galeguización do espazo urbano nin á aplicación sistemática da Lei da memoria histórica <sup>11</sup>; ademais, a aplicación de nomes conmemorativos ou de repertorio foi case xeral nos últimos tempos. Así, nestes momentos a guía de rúas é un conxunto de formas en boa parte castelanizadas onde apenas sobrevive a toponimia tradicional.

Por último, **Marta Negro** expuxo a recente experiencia da Comisión do Rueiro de Lalín. Aínda que aparentemente non deu os resultados buscados, pode servir como exemplo metodolóxico sobre como actuar á hora da escolla de nomes (mediante a recuperación da toponimia tradicional), e tamén para prever as dificultades que desde as autoridades políticas se poden presentar, aínda que, paradoxalmente, neste caso a comisión fora creada polo propio concello. En todo caso, o proceso amosa aspectos positivos, posto que, polo menos, a existencia desta comisión contribuíu á difusión entre a cidadanía dos criterios para nomear rúas. O feito de que coincidan en boa medida cos que propuxera a Asociación Cultural O Naranxo significa que hai un grupo activo de persoas no concello que comparte esa filosofía. En todo caso, está claro que cómpre un grande esforzo pedagóxico para transmitir á cidadanía e ás autoridades a importancia da recuperación e transmisión do patrimonio inmaterial común.

Trala mesa redonda, **Gonzalo Navaza** presenta un modelo que permite facer concordar a vontade política, adoito proclive á utilización do espazo público como conmemoración, co respecto ás denominacións tradicionais. Nalgunhas cidades xa se puxo en práctica a confección de carteis que manteñen o nome da rúa e incorporan a persoa a quen se quere honrar (que daría como resultado, tomando un exemplo de Monforte, “Rúa dos Cisqueiros / Dedicada ao doutor Teixeira” <sup>12</sup>).

---

11 En Vigo a eliminación das referencias franquistas data de 1981 e en Pontevedra véñse facendo de maneira sistemática desde 1999; nos dous casos bastante tempo antes da aprobación da Lei de memoria histórica (2007).

12 Nesta cidade, como tamén se fai na de Pontevedra, dásele visibilidade á denominación tradicional nas placas dalgunhas rúas, co cal, dalgunha maneira, seguen a ser visibles para a cidadanía.

En consonancia coas ideas anteriormente expostas, a proposta que cerra o volume, promovida pola **Asociación Galega de Onomástica** e pola **Real Academia Galega**, pretende facilitar ós concellos uns criterios para que a escolla dos nomes das rúas parta en primeiro lugar da toponimia previamente existente no lugar e sexa acorde coas recomendacións do Grupo de Expertos en nomes xeográficos da ONU (UNGEGN, nas súas siglas en inglés).

En definitiva, o obxectivo principal deste volume é posibilitar que a cidadanía coñeza o procedemento da creación dos nomes das rúas, o seu significado e o que comportan, e tamén contribuír á consciencia da necesidade de preservar os nomes tradicionais, que configuran o patrimonio inmaterial do noso pobo. A súa presenza física nas placas das cidades e das vilas, mesmo das aldeas, permitirá que formen parte da paisaxe lingüística e favorecerá a súa longa vida.

Ana Boullón

O Sisto, xaneiro de 2020

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Azaryahu, Maoz (2009): “Naming the past. The significance of commemorative street names”, en Berg/Vuolteenaho 2009: 53-70.
- (2011): “The critical turn and beyond: The case of commemorative street naming”, *ACME: An International E-Journal for Critical Geographies* 10 (1), 28-33.
- Berg, Lawrence D. e Jani Vuolteenaho (eds.) (2009): *Critical toponymies: The contested politics of place naming*. Farnham (UK) / Burlington (USA): Ashgate Publishers.
- Frosi, Vitalina Maria (2013): “Os hodónimos de Caxias do Sul”, en Emili Casanova Herrero e Cesáreo Calvo Rigual (eds.), *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas. Valencia 2010*. Berlin: De Gruyter, vol. V, 2419-2430.
- Giraut, Frédéric e Myriam Houssay-Holzschuch (2016): “Place naming as dispositif: Toward a theoretical framework”, *Geopolitics* 21 (1), 1-21. DOI: 10.1080/14650045.2015.1134493

- Neethling, Bertie (2016): “Street names. A changing urban landscape”, en Carole Hough (ed.), *The Oxford handbook of names and naming*. Oxford: University Press, 144-157.
- Novas Ferradás, María (2018): “Commemorative urban practices and gender equality: The case of Santiago de Compostela’s urban anthroponymy”, *Hábitat y Sociedad* 11, 109-129.
- Rey, Noemí (2011): “Memoria para protexer a tradición das agresións dos novos tempos”, *DUVI: Diario da Universidade de Vigo* 7/IV/2011. Disponible en <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/memoria-protexer-tradicion-agresions-novos-tempos>

# I

## O nacemento das rúas

Presentación / ANTÓN PALACIO

Algúns nomes medievais das rúas de Santiago de Compostela  
(1352-1412) / GONZALO HERMO

Hodonimia de Baiona na documentación histórica  
/ GONZALO NAVAZA





## Presentación

Antón Palacio  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Bos días. Teño na mesa sentados dous homes que teñen en común máis circunstancias vitais das que parece a primeira vista.

Os dous son galegos e mozos (un máis có outro), os dous son filólogos, os dous son doutores pola Universidade de Santiago de Compostela (os dous mereceron nas súas teses de doutoramento un sobresaliente *cum laude*), os dous pertencen a AGOn, a Asociación Galega de Onomástica, e tiveron nela cargos directivos durante algún tempo (Navaza foi presidente e Hermo foi secretario); os dous son editores e tamén tradutores de poetas contemporáneos<sup>1</sup> e os dous son escritores moi premiados.

Ademais, os dous levan apelidos de orixe toponímica relacionados con focos ben localizados e os dous levan un fermoso nome de orixe xermánica: *Gonzalo*, un nome que tamén levou un bispo de Mondoñedo que cría no poder da palabra, no poder da oración<sup>2</sup>.

E aínda os une unha circunstancia máis: ademais de moi bos narradores, os dous son magníficos poetas. E nisto de seren narradores e poetas magníficos, ten que ver, penso eu, o seu nome.

Voume explicar:

De san Gonzalo Arias, bispo de Mondoñedo, ten escrito Cunqueiro moi fermosos textos. Para que se entenda ben a idea que vou expoñer, permitídemme que vos lea un anaco moi breve e precioso dun deses textos:

---

1 Gonzalo Navaza editou a Celso Emilio (*Longa noite de pedra e Dun tempo e dunha terra*); Gonzalo Hermo editou a Antón Blanco (*A oseira*) e a Chus Pato (*Urania*) e traduciu ó castelán a *Poesía reunida* de Chus Pato.

2 E, ademais, Gonzalo de Amarante, frade dominicano portugués (séc. XIII) e os monxes Gonzalo de Oseira (séc. XII) e Gonzalo de Acibeiro (séc. XV).

San Gonzalo fue un obispo que hubo en Mondoñedo que, con motivo de una invasión normanda por el año ochocientos y pico, avisado de que venían las naves normandas, salió a lo alto de un monte, se puso a rezar avemarías y fue la artillería más hermosa del mundo, porque avemaría que rezaba, nave normanda que se hundía. No quedó más que una para llevar la noticia a Islandia o a Noruega.

Pois ben, eu teño a sospeita de que a estes dous Gonzalos poetas e narradores a súa facilidade, a súa destreza, o seu acerto no uso da palabra para crear fermosos textos aínda lles vén algo daquel bispo mindoniense que coas súas palabras mandaba ó fondo do mar os barcos dos viquingos depredadores. Coa palabra, Gonzalo Arias afondaba naves viquingas e, coa palabra, Gonzalo Navaza e Gonzalo Hermo crean relatos e poemas que nos asombran e nos conmoven. Nese sentido, estes Gonzalos de aquí a carón son taumaturgos, autores de cousas máxicas ou maravillosas, como o foi o san Gonzalo de Mondoñedo.

**Gonzalo Navaza**, a quen todos coñeces polos seus traballos sobre onomástica<sup>3</sup> é tamén un gran prosista; velái os seus libros *Erros e Tánatos*<sup>4</sup> e *Santos e defuntos*. Como poeta, debo lembrar os seus libros *Fábrica íntima*<sup>5</sup>, *A torre da derrotA* e *Libra*<sup>6</sup>. Algunhas das súas traducións mereceron múltiples edicións, como *A chamada da selva* de Jack London; ten outras traducións do inglés e do francés<sup>7</sup>, e ata do húngaro<sup>8</sup>. Por difíciles e magníficas, quero destacar a tradución de *As flores do mal*, de Charles Baudelaire, en verso<sup>9</sup>, e a da escolma de *Os ensaios* de Montaigne, en prosa.

**Gonzalo Hermo**, que, como dixen antes, é doutor en Lingüística, foi premio Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia ó mellor expediente académico pola súa licenciatura en Filoloxía Galega.

---

3 Aquí só se mencionará a súa exemplar *Fitotoponimia galega*, que mereceu o premio de Investigación Losada Diéguez no 2007, a *Toponimia de Catoira* (pola que recibiu o Premio Lois Peña Novo no 2008), e as súas novas proposta sobre a orixe literaria da Coruña (*RFG* 2016) ou sobre outros topónimos de difícil explicación: *Andrade*, *Cosmede*, *Baiona*, *Cotobade* (2017, 2018, 2019).

4 Premio Arcebispo San Clemente na categoría de novela en lingua galega en 1998.

5 Premio Eusebio Lorenzo Baleirón e Premio da Crítica Española en 1991.

6 Premio Martín Codax e Premio da Crítica Española en 2000.

7 De Arthur Conan Doyle (*Sherlock Holmes, detective; O can dos Baskerville*), de Daniel Defoe (*Robinson Crusoe*), de Robert Graves (*Mitos da antiga Grecia*), de Perec (*As cousas: unha historia dos anos sesenta*).

8 *A traxedia do home*, de Imre Madách, en coautoría con Lajos Asztalos.

9 Á que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega lle concedeu o Premio á mellor tradución en 2008.

Como narrador, o seu libro *Diario dun enterro* recibiu recentemente o premio de Narrativa Breve Repsol. E os tres libros de poemas que publicou foron tamén moi premiados: *Crac* (2011) foi Premio Xuventude Crea da Xunta de Galicia; o seu segundo libro, *Celebración* (2014) valeulle o premio da Asociación Española de Críticos Literarios (2015) e o Premio Nacional de Literatura na modalidade de Poesía Joven Miguel Hernández, (convocado polo Ministerio de Cultura). Ademais, o ano pasado foi galardoado co Premio de Poesía Afundación por *A vida salvaxe*.

Despois de lervos esta extensa e quizais non exhaustiva lista de premios, podo parafrasear a Cunqueiro cando escribiu de san Gonzalo aquilo de “avemaría que rezaba, nave normanda que se hundía” e eu dicir destes dous autores que “libro que publican, premio (ou premios) que lles outorgan”.

Hoxe vannos falar sobre a conformación dos nomes das rúas na Idade Media. Gonzalo Hermo farao sobre as rúas de Compostela e Gonzalo Navaza sobre as de Baiona. Teñen a palabra.



# Algúns nomes medievais das rúas de Santiago de Compostela (1352-1412)

Gonzalo Hermo  
*Universitat de Barcelona*

## 1. INTRODUCCIÓN

Este traballo parte de material extraído da miña tese de doutoramento, que consistiu na edición das 25 primeiras tenzas do *Tombo de tenzas primeiro* (en diante, TT1) e na selección exhaustiva do material onomástico contido nese fragmento do manuscrito (ata o folio 47r). O TT1 é un rexistro de propiedades do cabido de Santiago suxeito ao sistema de tenzas, isto é, lotes de bens mobles e inmobles cuxo usufruto a institución relixiosa sacaba a poxa, en principio, entre os membros da propia comunidade capitular (Pérez 1994: 57). Recolle información dos anos do 1352 ao 1412 e custódíase no Arquivo da Catedral de Santiago (ACS; sinatura: CF 17).

Do punto de vista lingüístico, o valor principal do tomo ten que ver coas denominacións de lugar. Nel atopamos os primeiros testemuños escritos de nomes de aldeas e parroquias galegas e, no que aquí nos interesa, unha mostra ampla dos nomes das rúas ou hodónimos de Santiago de Compostela na segunda metade do século XIV e comezos do XV.

Cómpre sinalar que os estudos da hodonimia de Santiago son escasos. As referencias aos nomes das rúas medievais da cidade aparecen, polo xeral, en obras do ámbito da historia ou da historia da arte e case sempre dun xeito tanxencial. Para atoparmos un traballo académico centrado no tema debemos remontarnos a un breve artigo de Pedret Casado publicado en 1966. Máis recentes son os traballos de López Alsina (1993), García Iglesias (1993) e Armas Castro (2003): achegas sobre a evolución histórica da contorna compostelá que recollen información valiosa acerca dos nomes medievais das rúas das cidades. Tamén aparece información puntual sobre o nome dalgunha rúa en obras

de lingüistas especializados en toponimia. Vallan como exemplo as de Bascuas (2014) e Navaza (2006), citadas máis adiante.

Este traballo preséntase, xa que logo, como unha contribución ao estudo dos hodónimos composteláns desde unha perspectiva diacrónica centrada no lingüístico: a denominación e a súa evolución no tempo. Partindo da información contida nas 25 primeiras tenzas do TT1, rastrexaremos, en primeiro lugar, algúns nomes que se mantiveron desde finais da Idade Media aos nosos días e, nun segundo momento, algúns outros que mudaron no decorrer dos séculos.

## 2. CONTINUIDADE DO HODÓNIMO

Algunhas das rúas máis emblemáticas de Santiago presentan o mesmo nome ca o da segunda metade do século XIV, como se pode comprobar na táboa que segue. Trátase dunha relación alfabética dos nomes das rúas da cidade mencionadas nas 25 primeiras tenzas do TT1 que presentan continuidade do hodónimo. A táboa parte da forma moderna e recolle as denominacións medievais en cursiva<sup>1</sup>, cos segmentos gráficos que son resultado dunha interpretación editorial marcados en redonda, e seguidos do número de folio e de liña. Incorporo non só os testemuños da rúa, senón tamén aqueles casos en que o nome da rúa funciona con valor onomástico, como, por exemplo, en *Nuno Ffernandes da Rrua Noua*.

---

<sup>1</sup> Para coñecer os criterios que guiaron o meu traballo como editor do corpus, *cf.*: Hermo 2017a: 73-85.

Hodónimo moderno	Formas recollidas nas 25 primeiras tenzas do TT1 (1352-1412)
ALGALIA DE ABAIXO, rúa da / ALGALIA DE ARRIBA, rúa da	<i>cassa da Algara</i> 26r 6 <i>porta da Algara de Çima</i> 43r 9 <i>rrua da Algara</i> 26r 1, 11, 33v 8, 34r 3 <i>rrua da Algara de Çima</i> 33v 5
BAUTIZADOS, rúa dos	<i>rrua dos Baticados</i> 4v 5
BELVÍS, rúa, parque e convento de	<i>Beluis</i> 39v 2
BONAVAL, rúa, parque e convento de	<i>Bonauval</i> 21v 6
CONGA, rúa da	<i>cassa do Forno da Coenga</i> 4r 14 <i>cassas ao Fforno da Coenga</i> 39r 2 <i>cassas grandes ao Forno da Coenga</i> 24r 9 (ēno) <i>Forno da Coenga</i> 4v 1 <i>O Forno da Coenga</i> 46v 1-2 <i>rrua do Forno da Coenga</i> 24r 7
FONTE SEQUELO, rúa da	<i>albergada do Cijqeello</i> 24v 10 <i>cassas do Cyqueello</i> 14v 5 <i>casas novas grandes do Ciqueello</i> 11r 2 <i>fonte do Çiqueello</i> 39r 4, 44v 16 <i>O Çiqueello</i> 27r 12 <i>rrua do Ciqueello</i> 14v 6 <i>rrua do Ciqueelo</i> 27r 8
FRANCO, rúa do	<i>ēna Fonte do Franquo</i> 5r 9, 46v 4 <i>rrua da Fonte do Franquo</i> 2v 1, 19r 4, 41v 2, 4-5, 6-7, 42r 1, 2-3, 4, 6, 10, 12
HORTAS, rúa das	<i>ēnas Ortas</i> 21v 12 <i>húa orta ēnas Ortas da Trijndade</i> 19r 6
MAZARELOS, rúa, praza e porta de	<i>rrua de Maçerellas</i> 39r 12
MOEDA VELLA, rúa da	<i>rrua da Moeda Uella</i> 14r 12, 46r 1 <i>rrua da Moeda Vella</i> 26r 3, 26v 3
PORTA DA PENA, rúa da	<i>rrua da Pena</i> 14v 7, 25v 10, 34v 8



PORTA DO CAMIÑO, A	<i>hũu forno que está á Porta do Camino</i>	21v 6
PORTA FAXEIRA, rúa da	<i>rrua de Fageyras</i>	14v 10
	<i>rrua de Fageyras</i>	42v 1
PREGUNTOIRO, rúa do	<i>rrua do Preguntoyro</i>	39r 6
	<i>rrua do Preguntoyro</i>	43r 6
	<i>rrua do Preguntoyro</i>	43r 6, 44v 18
RAÍÑA, rúa da	<i>ēna Ffonte da Rreyna</i>	4v 3
	<i>rrua da Fonte da Rreyna</i>	24v 6, 25r 4
RÚA NOVA, A	<i>Rue Noue</i>	1r 29
	<i>Rua Noua</i>	1r 34
	<i>Rrua Noua</i>	7r 14, 10r 25, 11r 5, 10, 13r 15, 14v 6, 18r 7, 19v 2, 23r 7, 24r 10, 24v 8, 46r 15
	<i>Nuno Ffernandes da Rrua Noua</i>	8r 6
SENRA, rúa da	<i>A Senrra</i>	42v 1
TRINDADE, rúa da	<i>A Trijndade</i>	46v 8
	<i>Gonçaluo Peres da Trijndade</i>	34v 6
	<i>rrua da Trijndade</i>	4v 9, 22r 2, 25r 7, 46r 7, 46v 7, 8-9
	<i>rrua da Trijndade</i>	30v 4
VAL DE DEUS, rúa do	<i>rrua de Val de Deus</i>	11v 10, 46r 11, 47r 1
	<i>cassas de Val de Deus</i>	Bv 8
VILAR, rúa do	<i>ēno Vilar</i>	4r 6
	<i>ēno Villar</i>	4r 9, 12r 1, 19r 2
	<i>Nuno Fernandes do Villar</i>	29r 8-9
	<i>rrua do Vilar</i>	2v 7, 13r 12, 30v 10
	<i>rrua do Villar</i>	2v 4, 24v 5, 26r 7, 26v 7, 43r 11
	<i>Vaasquo Fernandes do Villar</i>	2v 5

Relación alfabética de hodónimos de Santiago mencionados nas 25 primeiras tenzas do TT1 que presentan continuidade no tempo.

Da relación anterior, cabe destacar aqueles hodónimos que presentan algún cambio fonético significativo entre o signficante medieval e o moderno. É o caso da *rúa de Fonte Sequelo*, situada na confluencia das rúas de Xelmírez e da Conga, a poucos metros da catedral. O testemuño medieval *rrua do Ciqueello* permite descartar a hipótese segundo a cal a moderna forma *Sequelo*, presente tamén na toponimia e na hidronimia galegas, proveña dun derivado de *seco* (Rivas 1982: 240), pois, de ser así, o testemuño medieval presentaría <s> inicial. Segundo Bascuas (2014: 274), atopámonos ante unha solución con seseo derivada da raíz hidronímica indoeuropea \**kei-* ‘mover(se)’ e \**kei-* ‘cor escura’, que deu orixe a topónimos como *Cee* ou *Cenlle*.

Tamén resulta interesante do punto de vista da diacronía do galego a “masculinización” *Maçerellas* > *Mazarelos*, hodónimo para o cal Navaza (2006: 343) propón un étimo derivado do feminino *mazá* e non do masculino *mazo*, ou a estraña evolución *Algara* > *Algalia*, onde quizais atopemos un sentido orográfico relacionado con *algara* ‘cova, gruta’, apelativo que aparece nos dicionarios de Crespo Pozo e Eladio Rodríguez e que tamén recolle Viterbo para o portugués antigo (Marqués 2004: 909).

Mención á parte merece a rúa do Franco. A antiga *rua Francorum* (a. 1134; Lucas 2003: 202), en referencia ao asentamento de franceses chegados a Compostela a través do Camiño, era denominada a finais da Idade Media a partir do nome dunha fonte que albergaba no seu interior: *rrua da Fonte do Franquo*<sup>2</sup>. Xa en período posmedieval, a referencia á fonte perdeuse e o nome da rúa ficou en *rúa do Franco*<sup>3</sup>. A solución que se recolle no TT1 explica por que na actualidade o hodónimo reflicte unha forma singular *do Franco* e non a máis esperable se partimos dun orixinal *rua Francorum*, como sería *dos Francos*.

Por último, cabe dicir que a mesma operación de redución do hodónimo se manifesta nas evolucións *rrua da Fonte da Rreyna* → *rúa da Raiña*, *rrua do Forno da Cöenga* → *rúa da Conga* ou *Ortas da Trijndade* → *rúa das Hortas*<sup>4</sup>. A

2 Cómpre sinalar que o segmento gráfico *Franquo* agacha unha pronuncia do tipo *Franco* e non *Franquo*, como puidese parecer. Sobre esta cuestión, *cf.* Hermo 2017: 143-145.

3 O primeiro documento que dei rexistrado coa forma simple *rúa do Franco* data xa de 1497 (ACS P 002 fols. 259r-260v). Con todo, a forma *rúa da Fonte do Franco* seguiuuse empregando ata cando menos 1652 (ACS P 195 fols. 508r-511v).

4 Na altura, por detrás da rúa da Trindade, estendíanse hortas que eran propiedade da igrexa de Santiago e que deron lugar á actual denominación de rúa das Hortas. A finais do século XVII esas hortas xa se tornaran terreo edificado, segundo consta nunha nota marxinal engadida no folio 18v do TT1: “Estas guertas estan echas casas, llevanlas los teatinos, este año de 1699”.

evolución doutros nomes de rúas manifesta a operación inversa, con ampliación do hodónimo no salto á modernidade. É o caso da actual *rúa da Porta da Pena*, chamada na altura *rrua da Pena*, ou da *rúa da Porta Faxeira*, que o TT1 rexistra como *rrua de Fageyras*.

### 3. CAMBIO DE DENOMINACIÓN

A continuación, recollo a listaxe de rúas que experimentaron un cambio de denominación, isto é, aquelas que hoxe presentan un nome diferente ao que recibían na segunda metade do século XIV. Para a súa elaboración, seguíñ os mesmos criterios ca os da táboa da epígrafe anterior (*cf.* § 2).

Hodónimo moderno	Formas recollidas nas 25 primeiras tenzas do TT1 (1352-1412)
ALGALIA DE ARRIBA, tramo sur da rúa da	<i>ẽno Escurello</i> 21v 5
	<i>tendas do Escurello do Campo</i> 33r 15
CARRETAS, rúa das	<i>Taraes</i> Br 33
CASAS REAIS, rúa das	<i>Martin Martiz do Camjno</i> 26r 4
CERVANTES, praza de	<i>ẽno Campo</i> 21 v 2
	<i>ẽno Campo</i> 34r 9
	<i>Johan do Campo</i> 40v 7
	<i>O Campo</i> 14r 12
	<i>rrua do Campo</i> 21v 3, 4
	<i>rrua do Campo</i> 30v 14, 33r 9
FONSECA, rúa de	<i>rrua de Valladares</i> 26v 1
INMACULADA, praza da	<i>tauoas das Canbeas</i> 14r 10
	<i>tornos das Canbeas</i> 14r 11-12
ORFAS, rúa das	<i>rrua da Ferarya</i> 39r 6
	<i>rrua dos Fereyros</i> 23r 7
	<i>rrua dos Fereyros</i> 24r 10, 12
	<i>rrua dos Ferreyros</i> 42v 13

PESCADERÍA VELLA, praza da	<i>cassa do Acynto Vello</i>	26r 8
	<i>casa ao Cinto Uello</i>	46v 11
	<i>O Çinto Vello</i>	43r 1
TRAVESA, rúa da	<i>rrua de Vilarente</i>	34v 1
XELMÍREZ, rúa de	<i>ēna Moeda Noua</i>	4r 12, 18v 6, 25v 1
	<i>rrua da Moeda Noua</i>	33r 2, 46r 12
	<i>rue Moneta Noua</i>	1r 29
	<i>rue Monete Noue</i>	1r 41-42
XERUSALÉN, rúa de	<i>rrua da Figeyra</i>	19v 10

Relación alfabética de hodónimos de Santiago mencionados nas 25 primeiras tenzas do TT1 que presentan cambio de denominación.

Algunhas destas mudanzas iniciáronse xa no solpor da Idade Media e teñen que ver co espertar e decadencia dos grupos gremiais que constituían a clase burguesa da cidade. A importancia do sector dos cambiadores de moeda na Compostela medieval, unha das cidades europeas con maior número de persoas procedentes dos distintos recunchos da cristiandade, tiña o seu reflexo no nome de varias vías situadas arredor da catedral. De todas elas, só sobreviviu á actualidade a *rúa da Moeda Vella*, que conecta a praza de San Martiño coa da Inmaculada. A propia praza da Inmaculada, coñecida como *praza do Paraíso* na Compostela de Xelmírez, recibía a finais da Idade Media a denominación de *As Cambias*, mentres que a veciña rúa da Acibechería chamábase na altura *rúa da Moeda*. Pola súa parte, a actual rúa de Xelmírez, que conecta a da Fonte Sequelo coa praza de Praterías, era coñecida como *rúa da Moeda Nova*.

A decadencia do sector dos cambiadores a finais da Idade Media e especialmente a partir do século XVI, condicionada pola menor afluencia de peregrinos e as guerras de relixión (González Arce 2007: 202-203), propiciou estes cambios. A *rúa da Moeda* pasará a ser coñecida como *da Acibechería* pola puxanza dos artesáns do acibeche asentados ao longo da vía<sup>5</sup>. Pola súa parte, o hodónimo *As Cambias* atopámola aínda nun documento de 1673<sup>6</sup>, aínda que debeu

5 Un manuscrito de 1499 (ACS P 001 fols. 161r-162v) recolle xa a denominación *rúa de Acibechería*, que debeu cohabitar durante séculos coa máis recuada de *rúa da Moeda*. O último documento onde dei testemuñado a denominación *rúa da Moeda* data de 1732 (ACS P 212/1 fol. 85r-85v).

6 ACS P 210 fols. 108r-109r.

convivir durante bastante tempo coa denominación de *praza da Acibechería*, que xa aparece en 1542<sup>7</sup>. A mediados do século XIX será rebautizada como *praza da Inmaculada*, despois de o papá Pío X decretar o dogma da Inmaculada Concepción. No que se refire ao antigo hodónimo *rúa da Moeda Nova*, sabemos que a finais da Idade Media foi desprazado polo de *rúa do Rego de Auga* (Castro 2009: 137), probablemente en referencia ao sistema de canalización da auga extraída da Fonte Sequelo<sup>8</sup>. O nome de *O Rego de Auga*, que manterá ao longo do Antigo Réxime, será finalmente substituído polo hodónimo conmemorativo que posúe na actualidade: *rúa de Xelmírez*.

Unha concordia asinada en 1657<sup>9</sup> infórmanos de que a *rúa dos Ferreiros*, tamén chamada *da Ferraría* no TT1, era o antigo nome do que na altura se denominaba *rúa de Callobre*. Nesta rúa de Callobre o arcebispo Xoán de Sancelme manda fundar a finais do século XVI unha casa e colexio para nenas orfas<sup>10</sup> que acabará propiciando a actual denominación de *rúa das Orfas*.

A moderna rúa das Casas Reais era coñecida como *rúa do Camiño*, hodónimo plenamente xustificado por ser a vía de entrada á cidade amurallada polos peregrinos procedentes do Camiño Francés, a través da porta do Camiño. Cando a comezos do século XVI se instala nun complexo de edificios desta rúa a sede da Real Audiencia do reino de Galicia, a praza que a conecta coa Algalia de Abaixo, hoxe coñecida como *praza de Salvador Parga*, pasa a denominarse *praza das Casas Reais*. Ao longo dos séculos XVII, XVIII e primeira metade do XIX, a vía manterá o nome de *rúa do Camiño* e a denominación *As Casas Reais* reservarase para a praza. No seu estudo sobre a historia das edificacións que albergaron a Real Audiencia, Cueto Álvarez (2004: 28) data a desaparición do antigo nome de *rúa do Camiño* en 1860-1862.

Tamén está ben documentada a existencia da *rúa de Tarás*. O nome tradicional foi desprazado polo de *rúa das Carretas*, en referencia á instalación na década de 1730 dun hospital destinado a acoller tolleitos que permanecían nas rúas tirados en carretóns (Saavedra 2003: 301). Con todo, o cambio de denominación tardou algún tempo en completarse, pois no plano da cidade, que a finais

---

7 ACS P 015 fol. 22v.

8 Sobre o sistema de subministración da auga na Compostela medieval, cf. González Vázquez 1998.

9 ACS P 201 fols. 161r-181v.

10 ACS P 135 fols. 346r-351v.

do século XVIII realiza Juan López Freire, figura aínda a vella denominación de *Tarás* (Taín 2013: 309).

Máis serodía será a transformación da *praza e rúa do Campo*, que acollía o mercado da cidade, na actual *praza de Cervantes*. O cambio produciuse a finais do século XIX polo levantamento na fonte da praza dunha estatua que representa o xenio do Século de Ouro español, nun momento en que o mercado fora trasladado ao seu emprazamento actual. Pola súa parte, a rúa que conecta a praza coas Casas Reais (antes, *do Camiño*), e que hoxe constitúe o tramo sur da rúa da Algalia de Arriba, era coñecida como *Escurelo do Campo, rúa do Escurelo* ou simplemente *Escurelo*<sup>11</sup>, hodónimo que fai referencia a un lugar escasamente iluminado.

A *rúa de Valadares* correspóndese coa moderna *rúa de Fonseca*, a xulgar por un documento datado en 1568<sup>12</sup> que sitúa o cantón da vía mirando ao colexio e Universidade de Santiago, que na altura se localizaba no colexio de Santiago Alfeo, hoxe de Fonseca. Como no caso da praza de Cervantes, asistimos ao desprazamento do hodónimo tradicional por outro de tipo conmemorativo.

Alsina (1993: 37) infórmanos de que o chamado *Acynto* ou *Çinto Vello* que recolle o TT1, situado cara á actual praza da Pescadería Vella, podería facer referencia ao muro máis oriental do antigo castro sobre que o se erixiu a cidade, con epicentro nas rúas do Castro e do Preguntoiro. No TT1, folio 43r, unha nota marxinal moderna aclara: “O Azinto Vello es en la pescaderia que llamaban Quintana de Anaya”. Canda este hodónimo, a *Porta da Mámoa* e a *rúa do Castro* farían referencia a ese pasado remoto da cidade, anterior ao achado do sepulcro.

O contexto textual en que a *rúa de Vilarente* aparece no TT1 non nos permite establecer a correspondencia co nome actual da vía. Con todo, un documento da colección de San Bieito do Campo, datado en 1473, localiza unha casa desa rúa “trasla dita capela de Sant Bieito” (Fernández 1999: 138) e outro de 1463 fala da “rrúa de Vilarente desta dita çibdade, jūta e frixa cō a capela de Santa Marzá do Camjño” (Fernández 1999: 132). Tendo en conta estas indicacións, só pode tratarse da rúa que hoxe coñecemos como *Travesa*. Con todo, a

11 Malia que o hodónimo está ben documentado, a localización exacta da rúa achéganola un documento do Arquivo da Catedral de Santiago datado en 1591 (sinatura: P 107 fols. 118r-119r) que a sitúa entre a praza do Campo (hoxe de Cervantes) e a rúa do Camiño (hoxe das Casas Reais), é dicir, na parte sur do que na actualidade coñecemos como rúa da Algalia de Arriba.

12 ACS P 042 fols. 393r-393v.

denominación *rúa Travesa* aparece cedo, cando menos desde 1532<sup>13</sup>, e convive coa máis antiga *de Vilarente* ata ben entrada a Idade Moderna. No ano 1661, un manuscrito do Arquivo da Catedral de Santiago<sup>14</sup> infórmanos de que a rúa Travesa da cidade de Santiago *tamén é coñecida como rúa de Vilarente*. O camiño cara á substitución do hodónimo estaba xa decidido.

Por último, a identificación da *rúa da Figueira* coa actual rúa de Xerusalén outórganola un documento datado en 1414 que recolle o *Tombo E* (fols. 13v-13bivr.) e que sitúa o hospital de Xerusalén na rúa dese nome (Sánchez 2016: 26). O nome do hospital, que aparece documentado desde o século XII e que tamén testemuña o TT1<sup>15</sup>, xustifícase por estar rexentado pola orde do Santo Sepulcro de Xerusalén, aínda que a comezos do século XIV xa pasara ao control do cabido de Santiago (Armas 2003: 106). A súa existencia explica, ao mesmo tempo, o desprazamento do vello nome de *rúa da Figueira*.

#### 4. VALORACIÓN FINAL

Da abordaxe que vimos de realizar, podemos salientar algúns datos globais. Dun conxunto de 31 hodónimos, 20 casos (un 64,5 % do total) refírense a nomes de rúas que se conservan na actualidade, malia que sexa, como vimos, a través dun acurtamento ou alongamento do hodónimo, do tipo *rúa da Fonte do Franco* > *rúa do Franco* ou *rúa da Pena* > *rúa da Porta da Pena*. Só un 35,5 % (11 casos) mudaron de denominación, feito que testemuña un alto grao de conservación da hodonimia tradicional na cidade de Santiago se a comparamos coa doutras cidades e vilas medievais galegas.

É interesante salientar, ademais, o valor da hodonimia compostelá como elemento histórico, na medida en que ofrece unha paisaxe da evolución, morfoloxía e vida social da cidade en época recuadas. Os nomes das rúas de Santiago reflecten a realidade do emprazamento anterior á construción da cidade medieval (*rúa do Castro*), os gremios dominantes en cada vía (*rúa da Acibechería*, *rúa da Moeda Vella*) ou o emprazamento de institucións desaparecidas (*rúa das Casas Reais*).

---

13 ACS P 007 fols. 176v-179r.

14 ACS P 207 fols. 183r-190r.

15 "Jten cabo do espital de Jerusalem húa casa con seu sotoo et sobrado en que suyan morar as freyras" (TT1 34r 7-8).

Neste sentido, debemos chamar a atención sobre os cambios de denominación por factores de tipo conmemorativo, aqueles que responden ao desexo das autoridades municipais de enaltecer a figura dun determinado persoeiro. Aquí puidemos ver, por exemplo, como o nome de *praza de Cervantes* desprazou no século XIX o nome tradicional de *praza do Campo*, que daba conta do que foi o asentamento do mercado da cidade durante varias centurias. Ou como a moderna denominación da *rúa de Xelmírez* enterrou hodónimos relacionados coa canalización da auga, como era o de *Rego de Auga*, e coa puxanza do gremio dos cambiadores, como foi o de *Moeda Nova*. Se partimos da consideración da hodonimia tradicional como parte do noso patrimonio inmaterial, habemos valorar estes cambios, que por desgraza non son alleos ao noso presente, como unha perda que cómpre frear.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Armas Castro, Xosé (2003): “O afianzamento da realidade urbana despois do ano mil”, en Ermelindo Portela Silva (coord.), *Historia da cidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Concello / Consorcio / Universidade, 81-125.
- Bascuas, Edelmiro (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade.
- Castro Lorenzo, María Luisa (2009): “La vajilla de lujo en Santiago de Compostela en los siglos XVI y XVII: aportaciones de la arqueología”, *Pontevedra. Revista de Estudos Provinciais* 22, 123-158.
- Cueto Álvarez, Elías (2014): *La Rúa do Camiño de Santiago: estudio histórico y reconstrucción de las Casas Reales*. A Coruña: Universidade. Tese de doutoramento inédita.
- Fernández Salgado, Antonio (1999): *A documentación medieval de San Bieito do Campo*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de licenciatura inédita.
- García Iglesias, Xosé Manuel (1993): “A trama urbana, a súa evolución”, en Xosé Manuel García Iglesias (ed.), *Santiago de Compostela*. A Coruña: Xuntanza, 77-104.



- González Arce, José Damián (2007): “Los cambistas compostelanos, un gremio de banqueros pionero en la Castilla medieval”, *Medievalismo* 17, 85-120.
- González Vázquez, Marta (1998): “El agua y sus sistemas de suministro en la Compostela medieval”, en Fernando Bores Gamundi, José Fernández Salas, Santiago Huerta Fernández e Enrique Rabasa Díaz (eds.), *Actas del Segundo Congreso Nacional de Historia de la Construcción. A Coruña, 22 - 24 de octubre de 1998*. Madrid: Instituto Juan de Herrera; A Coruña: Universidade, 211-216.
- Hermo González, Gonzalo (2017a): *O Tombo de tenzas primeiro (ACS CF 17) (1653-1412): estudo completo e edición das vinte e cinco primeiras tenzas, con especial atención ao elemento onomástico*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento inédita.
- (2017b): “Acheegas metodolóxicas para a investigación lingüística en toponimia medieval”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Estudar toponimia: aproximacións metodolóxicas e interpretativas. Verba*. Anexo 75. Santiago de Compostela: Universidade, 137-156.
- López Alsina, Fernando (1993): “O marco urbano medieval”, en Xosé Manuel García Iglesias (ed.), *Santiago de Compostela*. A Coruña: Xuntanza, 35-48.
- Lucas Álvarez, Manuel (2003): *El Monasterio de San Martiño Pinario de Santiago de Compostela en la Edad Media*. Sada: Edición do Castro.
- Marqués Valea, Xulia (2004): *A toponimia de Trabada*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia.
- Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. Biblioteca filolóxica galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Pedret Casado, Paulino (1966): “Algunos nombres de las calles de Santiago de Compostela en el siglo XII”, *Cuadernos de estudios gallegos* 21 (63), 126-128.
- Pérez Rodríguez, Francisco (1994): *El dominio del cabildo catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media (siglos XII-XIV)*. [Santiago de Compostela]: Tórculo Edicións.
- Rivas Quintas, Eligio (1982): *Toponimia de Marín*. Santiago de Compostela: Universidade.

- Saavedra, Pegerto (2003): “O dinamismo socioeconómico do principal núcleo urbano de Galicia”, en Ermelindo Portela Silva (coord.), *Historia da cidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Concello / Consorcio / Universidade, 219-304.
- Sánchez Sánchez, Xosé M. (2016): “El tumbo E de la Catedral de Santiago. Catalogación y regesta”, *Annuarium Sancti Iacobi* 5, 15-117.
- Taín Guzmán, Miguel (2013): “Corografías de Santiago de Compostela: la vista de la ciudad monumental del arquitecto Juan López Freire, hijo (1799)”, *Cuadernos de estudios gallegos* 60 (126), 295-335.

## Recursos

ACS = Archivo-Biblioteca da Catedral de Santiago. <http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac?usr=null>



## Hodonimia de Baiona na documentación histórica

Gonzalo Navaza  
Real Academia Galega  
Universidade de Vigo

A vila de Baiona foi durante séculos a poboación máis importante da ría de Vigo. Desde a Idade Media e ata o final do Antigo Réxime tivo a condición de vila reguenga, de señorío real. Situada no extremo sur da ría, nela creba a liña da costa coa punta ou pequena península chamada Monte do Boi. Nesa península houbo xa na Idade Media unha fortaleza, ao pé da cal foi creándose un núcleo de poboación chamado Monte Real, contiguo á vila de Baiona mais administrativamente diferenciado dela. No século xvii realizáronse importantes obras de fortificación en Monte Real e, por orde do rei, foron destruídas todas as casas de varias rúas da zona para crear unha “faixa” baleira entre o recinto militar e a vila.

O nome de Baiona é eco do da Baiona vasco-francesa e foille imposto polo rei Afonso IX en 1201, coa concesión dunha carta de foro semellante ás dadas polo mesmo rei a outras vilas reguengas galegas, en moitos casos tamén con mudanza de topónimo (Viana, A Guarda, Salvaterra, Monforte, A Coruña...). A vila aparece na documentación anterior a 1201, e tamén na propia carta de foro, escrita en latín, como *Erizana*, latinización que corresponde a un nome romance *Iriçaa* ou *Irisán*, que agora coñecemos por atestacións medievais en contextos que fan referencia á mudanza de nome: Baiona “que ante era chamada Hiriçãa” 1339[1351] (Oia, AHN; Navaza 2016, 2017a, 2017b).

Expoño aquí algunhas notas acerca da hodonimia histórica de Baiona, centrándome nos nomes dalgúns espazos públicos da localidade que considero significativos. Non se trata dun traballo exhaustivo, senón dunha aproximación. Sírvome principalmente da documentación da Colexiata da vila, dispoñible en internet no portal PARES, en especial dos seus libros de apeos dos séculos xvi e xvii. Algunhas rúas xa se rexistran en datas anteriores en documentos de Santa María de Oia e da Catedral de Tui, mais non é o obxecto desta achega construír a historia documental de cada topónimo; un estudo máis pormenorizado requiriría o emprego da documentación municipal.

## 1. RÚA DA RIBEIRA

O topónimo *A Ribeira*, resultado común galego e portugués do latín RIPARIA, é usual para denominar a fachada marítima das poboacións costeiras. Corresponde xeralmente a unha fila de edificacións nun único lado da vía pública, pois do outro está a praia ou os peiraos. En Vigo é ben coñecida *A Ribeira* do Berbés. Tamén é denominación común da mesma realidade en portos fluviais, como sucede na *Ribeira* de Redondela ou na da cidade portuguesa do Porto. É o mesmo substantivo que dá nome ao concello de Ribeira, na ría de Arousa.

En Baiona recibiu ese nome a fachada marítima durante séculos. No *Apeo vello* da Colexiata (1557) lemos: *una casa en la Ribeyra, en la rúa da Ribeyra, en la Rúa de la Ribera, en la rúa de la Ribeira...* O topónimo tamén deu orixe a apelido: *Juan da Ribeira, Antón da Ribeira* (1557), *Alonso Martínez de la Ribeyra, natural de Bayona de Galicia* (A.G. de Indias, 1588). Ocasionalmente, xa desde o século XVI atopamos a forma castelanizada *Ribera* no topónimo (*calexón que ba para la Ribera*, 1557) e no apelido (*Juan da Ribera*, 1557; *don Alonso Ribera*, 1647-50). Hoxe o apelido na zona só sobrevive coa forma castelanizada *Rivera*.

Na actualidade o tramo principal desa ribeira de Baiona ten oficialmente o nome de *rúa de Elduayen*. O vello topónimo non desapareceu por completo; sobrevive no nome da praia urbana situada no extremo oeste da rúa (*praia da Ribeira*) e segue tendo algún uso entre os naturais para referirse á *rúa de Elduayen* e o inicio da súa prolongación cara ao oeste, chamada *rúa de Ramón y Cajal*.

Nas fontes escritas do século XX, a rúa xa aparece sempre coa denominación de *calle de Elduayen*, ata a década de 1980 en que comeza a rexistrarse co xenérico *rúa* en vez do castelán *calle*. A substitución do nome tradicional polo nome conmemorativo ou honorífico debeu de producirse a finais do século XIX, quizais a raíz da morte de José Elduayen, en 1898. O homenaxeado, político conservador da Restauración, ministro e gobernador do Banco de España, tiña vinculación persoal con Baiona, pois construíra no Monte do Boi o seu *Palacio de Monte Real*, un edificio neogótico que non chegou a alcanzar o século de vida, pois foi derrubado para construír en 1963 o actual parador Conde de Gondomar.

## 2. RÚA DA CUNCHEIRA

Se a praia da Ribeira está situada ao leste do istmo de Monte do Boi, a praia situada ao oeste, batida polo mar aberto, é coñecida na actualidade como *A Concheira* ou *praia da Concheira*, e así figura na rotulación municipal. Existiu no pasado unha rúa do mesmo nome, que desapareceu a mediados do século XVII cando foron derrubadas todas as casas situadas onda as murallas de Monte Real ou Monte do Boi para dar lugar á explanada onde hoxe está o *parque da Palma*.

Na documentación máis antiga aparece este topónimo sistematicamente como *Cuncheira*, que é a solución local (cuncha < CONCHŪLA): *onde chaman Cuncheira* (1348, Oia), *rúa da Cuncheira* (1422, Oia), *la calle que ba a dar a la rúa de Cuncheira; casas de la Cuncheira...* (1557, Colexiata, *Apeo vello*). Os primeiros rexistros coa grafía *Concheira* atopámoslos xa no século XVII, convivindo coa forma que mantén o vocalismo tradicional: *casa que está en dha calle da Concheira en la esquina de la rúa da Burela* (1647, Colexiata, *Libro de Hacienda y Foros*).

## 3. RÚA DO PESCADO

Recibía este nome ata o século XIX a principal rúa interior da vila de Baiona, de trazado paralelo á rúa da Ribeira:

casa en Bayona, en la rúa que llaman del *Pescado*...; en la rúa do *Pescado*; un pardiñeiro en la rúa que se nombra del *Pescado*, cerca do Peso, con un laranjero [...] y de la otra parte un calexón que ba para la Ribeira (1557, Colexiata, *Apeo vello*).

Mantense esa denominación nos séculos seguintes, alternando coa de *calle del Pescado* desde o século XVII (1647, Colexiata, *Libro de Hacienda y Foros*). Como aconteceu coa *rúa da Ribeira*, o hodónimo tradicional foi substituído no século XIX ou inicios do XX por unha denominación honorífica, dedicándolle a rúa a Ventura Misa Bertemati (1802-1885, promotor empresarial dos viños de Xerez, nado en Baiona). Hoxe o nome oficial é *rúa de Ventura Misa*.

#### 4. RÚA DA FONTE DE ZETA

A *rúa da Fonte de Zeta* é a vía pública de Baiona que une a antiga entrada oriental (a Porta da Vila) coa vella rúa do Pescado (hoxe *Ventura Misa*). O nome fai referencia á fonte monumental situada nela, coñecida como *fonte de Zeta*. A fonte actual foi doada no século XIX por Ventura Misa Bertemati á súa vila natal. Na documentación do século XVI aparece mencionada unha *rúa da Fonte* que probablemente coincide coa *rúa da Fonte de Zeta* actual, se ben non sabemos se a actual *fonte de Zeta* é a mesma que a *fonte da Freiría* mencionada nos documentos:

*una casa que tenemos en la laje de la fonte da freiría en que solía morar Pero da Ramallosa [...] e de la outra parte con casa dos Peitieiros e sale por portas principais a la dicha rúa da Fonte... (1557, Colexiata, Apeo vello).*

Ten interese esta última atestación pola referencia á casa dos *peitieiros* ou elaboradores de peites para teares, que permite explicar o nome da parroquia de Peitieiros, no veciño concello de Gondomar.

Rexístrase coa grafía *fonte de Ceta*, *Cepta*, *Çeta* no *Apeo Vello* (1557). A grafía con Z- inicial, supoñemos que por asociación co nome da letra, xa comeza a aparecer na documentación do século XVII: *el Racionero Missa paga [...] un exido junto a la fuente de Zeta en Baiona* (1671-74, Colexiata, *Foros*).

O nome da fonte coincide cun apelido *Zeta* (ou *Ceta*) que rexistramos en individuos de Baiona desde o século XV (*Vasco Perez de Ceta*, 1451; *Juan Lorenzo de Ceta*, 1459, TMILG). *Ceta* era daquela o nome da cidade norteafricana que hoxe coñecemos como *Ceuta*: (*Espanna e Marrocos e Ceta*, lemos nas *Cantigas de Santa María*), que tamén se rexistra coa grafía *Cepta*, coma no título da *Tomada da mui nobre cidade de Cepta por el rey Dom Joam o primeiro*, do cronista portugués Gomes Eanes de Zurara.

Posto que non rexistramos un apelido *de Ceta* ou *de Zeta* en datas anteriores ao século XV, cabe a posibilidade de que os primeiros portadores o recibisen por teren participado na conquista portuguesa de Ceuta na segunda década dese século. Non obstante, segundo a documentación da Colexiata de Baiona, *Zeta* (ou *Ceta* ou *Cepta*, isto é, *Ceuta*) non só foi apelido e nome dunha fonte senón dunha parte da vila: *en la casa de morada de donde bibe qu'está a do llaman Cepta* (1557, Colexiata, *Apeo vello*). É posible que ese nome, eco do da cidade africana, se aplicase no século XV a unha zona de novos poboadores, humoristicamente,

como sucede con outros nomes exóticos de lugares connotados como conflictivos, como os *Corea*, *Katanga* ou *Wichita* do século xx, e quizais tamén outros máis antigos como *A Goleta*, que acaso correspondería a La Goulette, en Túnez.

#### 4. PORTA DA VILA

*A Porta da Vila* recibe o seu nome da porta por onde entraba en Baiona o camiño real procedente da ponte da Ramallosa e de Tui, e a actual rúa da Porta da Vila segue o trazado dese antigo camiño, que continúa polas rúas da Fonte de Zeta e do Pescado. É outro dos hodónimos locais que conserva a mesma denominación de hai séculos. Na documentación aparece comunmente sen castellanizar: *en la entrada da Porta da Vila, junto a la Porta da Vila* (1557), *en la Porta da Vila* (1647), *la Porta da Vila* (1733), pero tamén se rexistra esporadicamente como *puerta de la Villa* (1602). Unha área inmediata á porta da Vila chamábase *Cimadevila* e na documentación encontramos referencias a unha *rúa de Cimadevila*, nome que aparentemente non sobreviviu ata hoxe e non podemos situar con exactitude.

#### 5. RÚA DA LAGARTEIRA

Na documentación histórica aparece mencionado o *lugar da Lagarteira* como unha parte da propia vila: *una casa sita en esta villa en donde dicen la Lagarteyra, que es por la calle que va acia la Puerta de la Villa* (1602, Colexiata, *Apeo novo*). O nome sobrevive na actualidade no da *rúa da Lagarteira*, unha pequena vía pública próxima á Colexiata.

*Lagarteira* é un zootopónimo relativamente común en Galicia, derivado de *lagarto*.

Paralela á rúa da Lagarteira, outra co nome de *camiño do Cochiño* é quizais continuación do *Cocho da Lagarteira* ou *Cochiño da Lagarteira* que aparece na documentación: *Cochiño da Lagarteira, Cocho da Lagarteira* (1647).



## 6. O PEIRAO

O substantivo *peirao*, un occitanismo medieval proveniente do latín PETRATU, que dá nome á construción de pedra empregada como embarcadoiro, foi denominación dunha parte da Ribeira de Baiona, probablemente no mesmo lugar onde se atopa na actualidade o porto pesqueiro. No século XVI rexistramos en Baiona indistintamente o *Peirao* ou *os Peiraos da Ribeira* e tamén *a Ribeira dos Peiraos*.

Pola súa terminación en *-ao*, bastante allea á fala local, o termo é inestable e sufriu diferentes alteracións: nalgunhas áreas alterouse en *Peirán* (en Rianxo, por exemplo) e aquí por introdución dunha consoante velar antihiática <g>, xerada pola vogal velar final. Na mesma fonte do *Apeo vello* da Colexiata (1557) atopamos: *Ribera de los Peiraos...*; *a los Peiragos*; *casa sita a donde dizen o Peirago*. Na documentación de Santa María de Oia a vogal antihiática adoita ser <d>: *Cassa en la calle del Peirado en Baiona* (1674, Oia, *Memorial Cobrador*).

## 7. O ARAL

É relativamente común na microtoponimia de toda a área tudense un nome, *O Aral*, que designa áreas inmediatas aos núcleos de poboación dedicadas a terras de cultivo de diferentes propietarios, equivalente ao que noutras áreas adoita denominarse *Agra*. Na documentación histórica rexistramos abundantemente *O Aral* de Baiona como lugar de campos cultivados e hortas: *donde dicen el Aral* (1641-43, Oia, *Memorial cobrador*), *campo sito en el Aral* (1692, Oia, *Memorial cobrador*), *guerta en el Aral* (1738-39, Oia, *Memorial cobrador*).

O substantivo é quizais unha forma relacionada co verbo *arar*, creada co sufixo correspondente ao latín *-ALE*, pero tamén sería verosímil a relación coa familia léxica de *AGER* ou *agro*.

En Baiona, na actualidade, este topónimo histórico non dá nome a ningunha vía pública, pero sobrevive como nome do campo de fútbol do equipo local (chamado *Erizana*, servíndose da forma con que aparece escrito o antigo nome da vila no latín medieval) e o aparcadoiro construído no lugar (*parking do Aral*). Os arredores do Aral son hoxe unha zona de expansión urbana recente

onde a hodonimia oficial se desentendeu dos topónimos tradicionais; as novas rúas que converxen á beira do campo de fútbol e o aparcadoiro son nomes de repertorio (*Cuba, Venezuela*) ou conmemorativos e honoríficos (*Dolores Agrelo*, unha muller que instituíu en 1947 unha fundación dedicada ao ensino), e só sobrevive a denominación tradicional na chamada *rúa de Covaterreña*, a antiga vía conducente ao lugar de *Covaterreña*, que consta nos nomenclátos como lugar da parroquia de Baiona. Aínda que no nomenclátor figura o topónimo todo xunto, no nome do centro escolar situado nese lugar vemos con frecuencia a separación dos elementos do composto: *Cova Terreña*.

## 8. RÚA DO XOGO DA BÓLA

Leva este nome na actualidade unha rúa perpendicular á antiga *rúa do Pescado*, hoxe de Ventura Misa. Rexístrase esa denominación polo menos desde o século XVII: *casa en el juego de la Bola de Baiona* (1692-1694, Oia, *Granxa Panxón*), *rúa del Juego da Bola* (1741-43, Oia), pero quizais é moi anterior. Interpretamos que recibe o nome por un edificio dedicado á practica de xogos e que o xogo debería ser algo semellante aos chamados hoxe *bolos celtas*, que conservan no Val de Miñor moita vitalidade, ou un xogo semellante á petanca. Nas illas Canarias existe un xogo tradicional, tamén semellante á petanca e documentado desde o século XVI, chamado “Juego de la bola” ou “bola canaria”. Na Pobra do Caramiñal tamén existe unha rúa chamada *O Xogo da Bóla*. Temos a correspondencia en castelán nunha *Calle del Juego de la Bola* en La Adrada (Ávila). En Portugal temos noticia dunha *rúa do Jogo da Bola* en Lousada, distrito do Porto, e unha *praça do Jogo da Bola* en Ericeira, ademais da localidade chamada *Jogo da Bola* na illa da Madeira.

## 9. A PALMA

*A Palma* é o nome que recibe a área de lecer situada hoxe no istmo da península de Monte do Boi ou de Monte Real, entre as praias da Ribeira e da Cuncheira. Descoñecemos a motivación do topónimo, que podería ser fitotoponímico, pola

presenza dunha árbore de palmeira, mais tamén podería facer referencia, por semellanza coa palma da man, a unha encrucillada de varias vías públicas.

Rexístrase co nome actual, *A Palma*, polo menos desde o século XIV (ano 1378) na documentación do mosteiro de Oia. Deu orixe a un apelido e rexistrámolo en cadeas onomásticas desde o XVI: *Francisco da Palma, Joseph da Palma* (1557, Colexiata, *Apeo vello*).

É de supoñer que designaba en orixe unha área máis reducida ca a actual, mais logo da demolición do século XVII, que afectou a máis de trescentas edificacións, pasou a chamarse *A Palma* a todo o descampado resultante. No *Apeo novo* da Colexiata, comezado en 1602, nos asentos relativos ás casas situadas nas rúas desaparecidas, hai indicacións na marxe, posteriores a 1647, onde se di que esas casas e rúas xa non existen: “Hoy es la Palma”.

## 10. AS RÚAS DESAPARECIDAS DE MONTE REAL

Como se dixo, na década de 1640 o rei mandou derrubar todas as casas situadas na Palma e Monte Real para separar as instalacións puramente militares do resto da poboación.

Ademais da *rúa da Cuncheira*, que vimos atrás, había outras nese espazo. No *Libro de Hacienda y renta de Foros* (1647-1650) da Colexiata, iniciado en 1602, unha nota posterior á demolición dá unha relación dalgunhas das rúas:

Las calles que suenan en este libro había en la Concheira yntituladas Canto, Rúa Nueva, Faija, Bellas, Burela, Galantes, Caeira [?] no existen en el día ninguna y igualmente las casas, que todo fue demolido por mandato de Su Real Majestad.

Vexamos estes e outros nomes:

***Rúa da Burela.*** Ten interese a presenza deste nome aquí, coincidente co do concello de *Burela* e quizais relacionado tamén co nome da parroquia de *Borela* en Cotobade, que á súa vez é diminutivo de *Bora*. Edelmiro Bascuas estudou estes topónimos de orixe prerromana. O significado relativo ás augas axitadas proposto por este estudoso acáelle tamén a esta Burela, pois debía de estar inmediata ao mar, que bate nesa zona con forza, facendo esquina coa rúa da Cuncheira,

segundo sabemos pola documentación: *casa que está en dha calle da cuncheira en la esquina de la Rúa da Burela* (1557, Colexiata, *Apeo vello*).

**Rúa das Galantes.** Documentámola desde o século XVI: *Rúa de las galantes* (1557, Colexiata, *Apeo vello*); *una casa en esta villa en la rua das Galantes, Rúa das Galantas* (1602, Colexiata, *Apeo novo*). Esta rúa facía esquina coa rúa da Burela ou era paralela a ela, pois atopamos referencias a unha casa que ten portas a ambas: *casa en la rúa de la Burela y de las Galantes* (1557).

O nome contén o plural do adxectivo *galante* ‘cortés, elegante’, un galicismo chegado na Idade Media. Descoñecemos a motivación do nome; quizais faría referencia á elegancia dalgunhas edificacións situadas nesa rúa, talvez as que menciona Ávila e a Cueva cando describe as ruínas do lugar: “también se mira un crecido número de edificios arruinados, y algunos representan haber sido principales y bien labrados” (1852). Deu orixe a un sobrenome toponímico (*Pedro das Galantes*, 1748. Colexiata, *Cobrador de Foros*). Descoñecemos se un sobrenome familiar *Selegante*, que existe hoxe en Baiona, ten algunha relación con este antigo hodónimo da vila.

**Rúa da Faixa.** Documentámola amplamente desde o século XVI: *casa en la rúa de la Cuncheira segun que parte con casa de Juan Boo e de la otra parte con la rúa de la Faija* (1557, Colexiata, *Apeo vello*), pero sabemos que xa existía en 1446, data en que fixo foro dunha casa nesa rúa o mosteiro de Oia (1647-1650, Oia, *Libro de Hacienda y foros*). Na marxe do asento do foro lemos: *Nota. No existen las calles y casas que se expresan desde el fo 30 hasta aquí porque se demolieron por mandato del Rey*).

Parece conter o substantivo común *faixa*, posiblemente resultado do latín *FASCIA*. Cremos que se aplicou en orixe ao espazo non edificable (unha *faixa* de terra) que debía separar a fortaleza de Monte Real do resto das construcións.

**Rua do Malcociñado.** Na documentación en castelán do século XVI rexistrámola como *Malcocinado* e non sabemos se é castelanización da escrita ou se esa era a forma habitual. Trátase dun composto do adverbio *mal* e o participio do verbo *cocinar* ‘cociñar’. O dicionario da RAE explica *malcocinado* como nome dos miúdos ou vísceras animais, ou do establecemento onde se venden. Para o topónimo que dá nome ao municipio chamado *Malcocinado*, en Estremadura, remítese a unha acepción dese termo como nome do ‘lugar onde se depositan as reses mortas’ e que viría motivado polo cheiro do lugar. É verosímil que a

motivación do nome da rúa de Baiona tamén tivese relación co cheiro, talvez procedente do argazo podrecido ou fermentado nas pedras do litoral inmediato.

Pola documentación histórica sabemos que esa rúa de *Malcocinado* ou *Malcoñado* estaba situada ao pé da muralla de Monte Real. Lemos no Apeo Vello: *casa que [...] sale con sus puertas a la dha Rúa del Mal Cozinado e con su outón e salido para el muro de la dha villa de Monte Real* (1557), posiblemente á beira da chamada *rúa dos Carneiros*.

**Rúa de Saburela.** Contigua á rúa da Burela, posiblemente ocupaba un plano inferior, pois interpretamos o topónimo como un composto mediante a preposición *so* (< latín SUB): *So a Burela > Saburela*, aínda que tamén podería explicarse por simple disimilación a partir de *Soburela* (< SUB BURELA, sen o artigo). Rexistrámola no século XVI no *Apeo vello* da Colexiata:

casa sita en la calle trabesa que se llama *saburela* que parte de una parte con una casa que fue de Alonso Ramallo que es del hospital de Santispritus [...] y sale con sus puertas a la calle publica da burela (ano 1557).

**O Caeiro, rúa do Caeiro.** Non dispoñemos de información que nos permita a localización do lugar e a rúa dese nome (*casa en el Caeyro; casa en la rua del Caeiro*, 1557), que tamén rexistramos en cadeas onomásticas (*Bastían Rodríguez do Caeiro, hescriuano*, 1557). Procede quizais da familia léxica de *caer*, para designar terreos en pendente. Interpreto que é o mesmo que aparece como *Caeira*, quizais por erro, nunha relación das rúas derrubadas en 1647:

Las calles que suenan en este libro había en la Concheira yntituladas *Canto, Rúa Nueva, Faija, Bellas, Burela, Galantes, Caeira* [?] no existen en el día ninguna y igualmente las casas, que todo fue demolido por mandato de Su Real Majestad (1602, Colexiata, *Apeo novo*).

Por esta razón interpretamos que a *rúa do Caeiro* era outra das situadas entre as murallas de Monte Real e a Palma.

O nome da *rúa das Vellas* (*rúa das Bellas*, 1647-50) parece conter o adxectivo común correspondente ao latín VETŪLAS, pero descoñecemos a que substantivo se aplicaba. Quizais *As [Casas Reais] Vellas*, por oposición as *casas reales nuevas de la rúa Real* (1647-50); esta *rúa Real* era posiblemente a rúa principal de Monterreal.

## 11. OUTRAS RÚAS DE MONTE REAL E DE BAIONA REXISTRADAS NA DOCUMENTACIÓN

Enumero a continuación outros nomes de rúas que constan na documentación escrita e que non podemos localizar con precisión:

***Rúa da Zapataría Vella.*** Rexistrámola co nome en castelán no século XVII: *rúa de la Zapataria vieja* (1647-50). O adxectivo parece indicarnos que acaso existiu outra *rúa da Zapataría Nova*.

***Rúa dos Ferreiros.*** Situada en Monte Real, posiblemente moi próxima ás murallas, rexistramos o seu nome en galego no século XVI (*rúa dos Ferreiros*, 1557), pero a partir do XVII xa é máis frecuente en castelán: *calle de los Herreros* (1647-50).

***Rúa de Tras dos Ferreiros.*** Situada por detrás da anterior, segundo indica o nome, rexistrámola desde o século XVI: *en Monte Real de Baiona... en la calle de detrás de los herreros* (1557).

***Rúa de Morraço.*** Descoñecemos a súa localización: *en la rúa que se llama de Morraço en esta villa; ...rúa pública que llaman de Moraço* (1557). Tampouco sabemos se é un topónimo motivado pola orografía do lugar ou se é eco do nome da península que pecha polo norte a ría de Vigo, acaso pola residencia en Baiona de persoas orixinarias dela.

***Rúa Perigosa.*** Sabemos que estaba situada en Monte Real, e non na vila de Baiona (*...la casa de Monte Real que está en la rúa Peligrosa*, 1557) mais non podemos localizala con exactitude nin adiviñar a que tipo de perigos se refire a denominación. Noutras localidades repítese a denominación de *rúa dos Perigos* ou semellantes, en ocasións motivada por algún feito anecdótico, outras veces pola dificultade do tránsito (pavimento esvaradío etc.) ou pola escasa visibilidade en horas nocturnas.

***Rúa dos Carneiros.*** Situada tamén en Monte Real, xunto á porta da muralla chamada *porta da Cuncheira: casa que está junto a la puerta de la Conchera [...]* y sale con sus puertas a la rúa pública de Conchera y entrada de la rúa de los Carneros (1557). Non sabemos se é un zootopónimo referido aos animais dese nome ou

se, máis verosimilmente, se refire aos vendedores de carne, o que acaso tamén permitiría explicar o nome da rúa de *Malcociñado*, situada nas inmediacións.

**Rúa dos Clérigos.** Descoñecemos tamén a localización exacta desta rúa. É verosímil que sexa a mesma ca unha *rúa da Fonte*, que quizais podemos identificar coa *rúa da Fonte de Zeta* actual, pero non podemos confirmalo. Tampouco podemos saber con certeza se a fonte é a mesma que aparece como *fonte da Freiria* na documentación escrita, co substantivo derivado de *freire* (un galicismo, procedente do latín *FRATER*, que en galego dá o resultado patrimonial *frade*). Un apelido *da Freiría* ou *Freiría* existente na zona (*Gregorio da Freiría*, 1557) pode ter orixe neste topónimo local da vila. Ten interese no nome da rúa dos Clérigos a supervivencia da forma culta do substantivo *clérigo* (cf. a *torre dos Clérigos*, na cidade do Porto) en vez do resultado patrimonial galego *crego*.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Ávila y La Cueva, Francisco (1995 [ca. 1852]): *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. Tomo II. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición facsimilar.
- Colexiata (1542-1708): *Libro 2º de escrituras de foro y pensiones que se cobran en dinero en la villa de Bayona*. AHN: Clero, L.10014.
- (1557): *Apeo viejo de los bienes de la Iglesia Colegial*. AHN: Clero, L.9998.
- (1602): *Apeo nuevo de los bienes de la Colegiata de Bayona*. AHN: Clero, L.10000.
- (1647-1650): *Libro de hacienda y renta de foros [...] de Bayona, jurisdicción y fuera de ella*. AHN: Clero, L.10013.
- (1750-1831): *Libro 10 de Fundaciones*. AHN: Clero, L.10010 .
- Navaza, Gonzalo (2016): “A orixe literaria do nome da Coruña”, *Revista Galega de Filoloxía* 17, 119-164. <https://doi.org/10.17979/rgf.2016.17.0.1873>
- (2017a): “A intervenção régia na toponímia galega medieval. Os nomes de Afonso IX (1188-1230)”. *Guavira Letras* 25, 50-78. Dispoñible en <http://websensors.net.br/seer/index.php/guavira/article/view/561>

- (2017b): “Toponimia miñorá: *Miñor, Nigrán, Gondomar, Baiona*”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas. Verba*. Anexo 75. Santiago de Compostela: Universidade, 81-114.
- Oia (1348): “Durán Domínguez [...] venden al monasterio de Santa María de Oia una casa en la villa de Baiona en la rúa de Morrazo”. AHN: Clero, Car 1830, nº 10.
- (1378): “El monasterio de Santa María de Oia afora a Juan Dominguez de Tebra y María Estévez una leira de heredad y viña sita en las proximidades de la villa de Baiona”. AHN: Clero, Car 1836, nº 10.
- (1355): “El monasterio de Santa María de Oia afora a Bernardo y Dominga Román una casa sita en la villa de Baiona”. AHN: Clero, Car.1832, nº 16.
- (1422): “El monasterio de Santa María de Oia afora a Esteban Meires, vecino de la villa de Baiona de Miñor, y a su mujer Elvira Pérez una casa con su ejido en la dicha villa”. AHN: Clero, Car.1842, nº 19.
- Oia, Memorial (1631-1694): *Memorial de foros de la granja de Panjón*. AHN: Clero, L. 19970.





# II

## A memoria histórica

Presentación / ANTÓN SANTAMARINA

Apropiación do espazo público e memoricidio:  
do golpe de 1936 ás políticas públicas da memoria /  
/ ANTONIO MÍGUEZ MACHO



## Presentación

Antón Santamarina  
Real Academia Galega

O libro do filólogo francés Albert Dauzat, *Les noms des lieux, origine et évolution*, é de 1926 (de hai case 100 anos) pero segue a ter interese. Na primeira parte ten unha introdución sobre “fenómenos xerais”, e outra parte refírese á “designación dos nomes de lugar”. Segundo Dauzat hai “designacións espontáneas” e “designacións sistemáticas”.

As designacións espontáneas son, por dicilo así, as que non teñen padriño; se un sitio se chama *Acevedo* ou *Peizais* ou *Seixalbo* non se sabe nin quen nin cando impuxo eses nomes. E son moi variadas as motivacións.

As designacións sistemáticas teñen padriño (aínda que ás veces sexa difícil de identificar); son en xeral honoríficas ou conmemorativas. Se un sitio se chamou *Augustodunum* (*Autun*), por poñer un exemplo que non é de hoxe, enténdese de que vai a cousa. Ó longo da historia houbo moitos nomes destes. Os novos nomes non son necesariamente para honrar persoas; pode habelos tamén do tipo *Toledo* (en América) ou *Nova Orleans*.

Moitos deles son resultados dun proceso de substitución (non son novas formacións); se unha cidade se chamou *Léopoldville* (antes de 1929 chamábase *Boma*, e despois de 1960 *Kinshasa*) foi por unha decisión dun goberno colonial.

Hai épocas nas que os rebautizos son moi abundantes; en todos os manuais de toponimia francesa hai un capítulo dedicado ós nomes revolucionarios. A Convención francesa, animada por comités locais, procedeu a unha persecución de nomes que evocaban o Antigo Réxime, de maneira que todo o que tivese que ver coa igrexa ou coa monarquía era susceptible de ser cambiado; hai exemplos a centos: *Saint-Denis* cambiouse en *Franciade*, *Lyon* (en represalia pola súa insurrección) en *Francval*. Ás veces, nesta limpeza os revolucionarios levaron por diante tamén nomes “inocentes”; e así foi con algúns nomes rematados en *roy* ‘rei’, aínda que tiveran outra orixe totalmente distinta: un sitio que se chamaba *Corquilleroy* (‘corte de Guilleroy’ = corte de *Willia-Redus*, cf.

o noso *Guillarei*) pasou a ser *Corquille-Libre*; ou *Melleroy* (abundancial de MESPILUS “nespereiredo”) converteuse en *Melle-le-Peuple*. As antigas denominacións foron recuperadas despois do 9 de Thermidor (27 de xullo de 1794).

Todo isto é ben coñecido aquí na nosa toponimia urbana e deste asunto é do que nos vai falar Antonio Míguez, referido especialmente ás “substitucións sistemáticas” que tiveron lugar durante e despois da Guerra Civil, nomeadamente en Santiago de Compostela. Nesta toponimia hai a vontade de perpetuar a memoria de algo (un feito) ou alguén, ou ben de condenar a memoria doutro eliminándoo do nomenclátor.

Antonio Míguez Macho é a persoa máis indicada para facelo. É profesor no Departamento de Historia Contemporánea e de América da Universidade de Santiago de Compostela; a súa situación administrativa, aínda que hai trece anos que é doutor (con Premio Extraordinario), segue a ser a de investigador Ramón y Cajal, aínda que teña méritos sobrados para ser titular ou catedrático, como podedes comprobar se ledes o seu currículo na páxina de HISTAGRA (grupo da USC que se dedica á historia agraria e política do mundo rural galego). É autor, editor ou colaborador de numerosas publicacións; os tópicos dos seus traballos son (segundo HISTAGRA) a

historia dos movementos sociais e os procesos de construción da cidadanía, [...] a formación da clase obreira e a loita pola adquisición de dereitos-deberes de cidadanía [...]. En particular, está interesado en analizar en que sentido os réximes de signo totalitario como o franquismo puideron influír na configuración dos valores e actitudes cidadás do pasado e do presente expresados na sociedade civil e os seus actores colectivos.

Unha das últimas publicacións nas que participou como editor e colaborador foi con Lourenzo Fernández Prieto, *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo* (Galaxia, 2018). Ata agora a maioría dos estudos centrábanse nas vítimas (o problema xudeu, o problema mourisco, o problema dos cristiáns novos); hai unha tendencia agora a historiar tamén os grupos promotores dos crimes organizados e dos xenocidios (os nazis, a casta dos cristiáns vellos etc.). No noso caso, 80 anos despois de acabada a guerra, empeza tamén a falarse de quen foron os verdugos de tanta xente inocente e de cales foron os motivos do seu proceder criminal; porque non foron só Franco e os seus ministros os verdugos senón toda unha caterva de voluntarios entusiastas. O seu delito non foi

só andar mudando nomes de rúas senón facendo desaparecer xente, nalgúns casos por millóns. Antonio Míguez traballa tamén en recordarnos quen foron eses canallas. En realidade os cambios de nomes de rúas foi o menos malo que fixeron.



# Apropiación do espazo público e memoricidio: do golpe de 1936 ás políticas públicas da memoria

Antonio Míguez Macho

*Histagra-Universidade de Santiago de Compostela*

## A TOPOFILIA DA MEMORIA COLECTIVA

No contexto posterior á Primeira Guerra Mundial, o sociólogo francés Maurice Halbwachs contribuíu coa súa obra a unha redefinición do xeito en que entendemos o concepto de memoria. Sinalou Halbwachs que a memoria que temos dun acontecemento pasado non é soamente a que se constrúe a partir dos nosos recordos individuais, senón que é o produto dunha serie de construcións sociais que realizan diversos axentes gobernamentais, medios de comunicación e a industria cultural, entre outros. O compoñente social da memoria ten ademais outra derivación, xa que a “memoria colectiva” abrolla como un concepto que posúe unha asociación moi estreita co marco espacial, o que podemos chamar “un compoñente topofílico”. Xa que logo, o xeito en que lembramos materialízase nos lugares de memoria. A súa ausencia pode significar unha perda de significación: *troubles de l'orientation* (Halbwachs 1925: 68).

Este desenvolvemento conceptual realízase no período de entreguerras e visibilízase este fenómeno ao carón da monumentalidade asociada aos soldados caídos na Gran Guerra (Mosse 1990). Europa échese de estelas conmemorativas, cenotafios ou panteóns masivos dedicados a xustificar as enorme perdas humanas vividas no conflito. Velaí o osario de Douamont, Hohenstein ou o Cenotafio de Londres. Fronte á concepción da monumentalidade anterior, dedicada a exaltar a gloria de personaxes concretas, monarcas, militares ou relixiosos, o suxeito da memoria pasou a ser entón colectivo. Porén, ese esforzo dos Estados por xustificar pasados gloriosos na época da guerra total leva consigo tamén o xermolo do negacionismo. Os masacres de civís vividos nunha guerra que non tivo comparación con ningunha anterior, incluído o xenocidio contra a poboación armenia en Anatolia, son silenciados (Bloxham 2007).



O éxito actual masivo do campo de estudo da memoria aberto por Halbwachs non foi, con todo, inmediato. Soamente no último cuarto do século xx a cuestión da “memoria” pasou a ocupar un lugar preeminente nos debates académicos e públicos, convertida xa en obxecto de estudo. En Francia, ao longo da década de 1980, Pierre Nora desenvolveu a noción de “lieux de mémoire” nun gran proxecto de investigación colectivo que tivo unha ampla repercusión global. A tradución apresurada do concepto como “lugares de memoria” pode inducirnos a crer que segue o ronsel do camiño aberto por Halbwachs no que respecta á dimensión espacial da memoria, pero en realidade o que Nora analiza é máis ben a noción de “obxecto de memoria”. É dicir, o proxecto de Nora abrangue todos aqueles elementos, materiais ou non materiais, que conforman a “memoria colectiva” da nación francesa. Non lle interesa tanto a construción da memoria no espazo ou a súa destrución, como o feito de recompilar, explicar as orixes e a evolución daqueles obxectos de memoria que teñen significado para a nación francesa do presente (Nora 1984: 23-43).

Para atopar o camiño aberto por Halbwachs en *La topographie légendaire des Évangiles en Terre Sainte: étude de mémoire collective* (1941), temos que achegarnos ao que se coñece como xeografía cultural, arqueoloxía e historia das paisaxes, e aos estudos culturais que se centran no significado que teñen os espazos no “mundo da vida” dos individuos. O concepto de “mundo da vida” de Habermas refírese ao conxunto de elementos que configuran os marcos de comprensión que posúen os individuos do que os rodea, dos que non se poden desprender como un todo ou cuestionalos absolutamente (Habermas 2002: 202). Eses marcos de comprensión son obxecto de construción e re-construción social, pero o seu cambio non é un proceso absoluto. Desa maneira, o xeito en que entendemos os lugares forma parte dos marcos do noso mundo da vida, de tal modo que non podemos estar cuestionando dun xeito continuado o seu significado. Isto non quere dicir que non existan os cambios, simplemente que son procesos complexos, dialécticos e non cotiáns.

Estes elementos de diversa complexidade conflúen na decisión aparentemente inocua de asignar un nome a un lugar determinado, como pode ser unha rúa ou unha praza. A construción social da memoria e a dimensión espacial que posúe atopan o seu sentido no desenvolvemento actual das “toponimias críticas”, que conciben a toponimia como “un acto social que implica relacións de poder” (Vuolteenaho/Berg 2009: 9). No desenvolvemento dos estados-nación

contemporáneos, a administración asume como función propia non só a de ordenar a vida dos cidadáns, senón tamén a de construír a súa identidade nacional. Sabemos que o papel da historia e a súa presenza nos sistemas educativos ten moito que ver con iso. Pero ademais, relaciónase historicamente co feito de que, no marco das novas cidades emerxentes da época da industrialización, ocupe un lugar fundamental o proceso de envorcar o panteón nacional de glorias individuais ou fazañas en placas que nomean lugares. Deste xeito, con esta ordenación administrativa introdúcese “unha versión autorizada da historia na vida cotiá” (Azaryahu 1996: 312).

Como todo aspecto a través do que o Estado intenta construír identidades, os nomes das rúas están suxeitos a cambios, ás veces traumáticos. A Francia revolucionaria, a mesma que inventa a identidade do soldado-cidadán, o himno nacional ou a homoxeneización lingüística asociada á construción dun proxecto nacional, tamén intervéñ activamente na toponimia como un elemento de proxección revolucionaria. Concíbese entón a idea de practicar unha sorte de “limpeza toponímica” dos elementos que forman parte do Antigo Réxime. Neste caso da revolucionaria Francia, as referencias eliminadas aluden á monarquía, á vella orde estamental e tamén ao compoñente relixioso (Rose-Redwood/Alderman/Azaryahu 2010: 460). Nesta concepción, asúmese como ilimitado o poder do Estado para modificar as identidades ao seu gusto, como no caso da laicidade, da lingua ou das fidelidades. Desde o presente, poderíamos pensar que existe un punto de inxenuidade nesta confianza e que a capacidade do poder para construír identidades e, polo tanto, memoria, está condicionada por múltiples factores. Entre estes, atópase a propia resistencia da xente, que practica iso que Foucault chamou “contra-memoria”, mantendo por exemplo nomes, costumes e actitudes que non se corresponden co que desexan as elites. A cuestión da toponimia convértese ademais en obxecto de debate público, na medida en que o pluralismo actúa como unha forma definitoria da construción dos modernos estados. Concrétase nos argumentos históricos, o tradicional fronte ao moderno, a posta en valor de figuras e acontecementos pasados como obxecto ou non de glorificación, con razóns que se empregan na consideración dos nomes das rúas e das prazas.

## **A TOPONIMIA URBANA COMO CONSTRUTORA DE IDENTIDADES NOS CASOS GALEGO E ESPAÑOL**

Sabemos que a construción do Estado-nación contemporáneo leva consigo que o poder adquira o monopolio de diversos procesos sociais, o monopolio da forza e tamén o da ordenación do espazo e da memoria. O proceso polo cal, no caso español, as autoridades pasan a monopolizar a capacidade de outorgar, retirar ou modificar nomes ás rúas e ás prazas está ligado á construción do Estado liberal. Os exemplos das grandes cidades amósano. Así, por exemplo, destacou a figura de Joaquín Vizcaíno y Martínez Moles, máis coñecido como marqués viúvo de Pontejos, natural da Coruña e corrixidor de Madrid a mediados da década de 1830, a quen se lle atribúe a primeira ordenación dos nomes de rúas con criterios “modernos” (Aparisi 2001). Ao mesmo tempo, os sucesivos cambios de réxime, as revolucións ou tamén as modas, inflúen no xeito en que se nomean e renomean as rúas. Nun contexto de crecente urbanización, a toponimia no marco das cidades ocupaba un lugar moi relevante na construción da memoria colectiva (Sánchez-Marcos 2002: 339-341). Ao longo de todo o século XIX e durante o período da Restauración, os nomes das rúas e prazas das cidades en España presenciaron os mesmos cambios e debates que se mantiveron no conxunto dos países da nosa contorna.

Porén, non houbo espazo para renomear as avenidas ou prazas co denominador común dos “caídos” na guerra, así como erixir os monumentos conmemorativos, como si sucedera en Francia, Portugal ou Italia. As guerras recentes nas que participara España non eran motivo de exaltación, fose polo seu resultado (como a de Cuba) ou pola súa escasa popularidade, como o caso da guerra de Marrocos. Neste sentido, impoñíase unha toponimia urbana asociada fundamentalmente ás figuras políticas da época liberal e, por outra banda, cun relevante compoñente relixioso. A creación dun panteón nacional por parte do Estado español expresouse como unha mestura de múltiples figuras da política e da cultura liberal, pero sen desbotar o carácter confesional do Estado e o papel predominante no simbólico da cultura relixiosa. As rúas dedicadas a santos e santas, beatos e beatas, virxes, ademais de todo tipo de eventos e festas relixiosas, convivían coas personaxes do mundo político, cultural e literario na toponimia urbana do XIX e comezos do século XX. A principal achega do período

republicano que se abre a partir de 1931 será a substitución dalgúns nomes da toponimia urbana nun sentido democrático e laico. Isto poderíase resumir na máxima de menos monarquía isabelina e restauracionista, e máis figuras da política e da cultura republicana, con menos contido relixioso tamén dentro dun proxecto global de secularización (Delgado 1997: 156).

Despois das eleccións municipais do 12 de abril de 1931, que levaron á proclamación da II República, tivo lugar nos concellos a constitución das novas corporacións locais. Entre os diversos asuntos que as ocuparon estivo o cambio de nome das rúas. O que se estaba discutindo entón non era particularmente novo: como xa se ten sinalado, no século XIX, os períodos “progresistas” abríronse con este tipo de medidas en 1840, en 1854, en 1869 e sobre todo, coa proclamación da I República. Do mesmo xeito, tras o peche destes períodos, recuperábanse os nomes anteriores de sabor monárquico e/ou eclesiástico. Por iso, en plena efervescencia republicana, estendeuse a proposta de outorgar a rúas por toda a xeografía galega o nome de Fermín Galán e García Hernández, os heroes de Xaca, facer desaparecer ao mesmo tempo as referencias á monarquía e limitar, cando menos, os nomes asociados a elementos relixiosos<sup>1</sup>. O mesmo que se estaba a facer ou xa se fixera en numerosos municipios da nacente República. Non foi o único cambio de nome de rúas que se aprobou no período, e isto fíxose, como sempre se fixera, por riba dos nomes preexistentes, fosen estes con significado político ou fosen nomes “populares”.

Esta transformación da toponimia do espazo público foi entón obxecto de debate político e social, como xa o fora con anterioridade, e forma parte das dinámicas propias da sociedade plural que se foi construindo ao longo das décadas anteriores. Confluíron no debate diversas perspectivas: as que se apoiaban na lexitimidade puramente política que pretendía homenaxear os heroes mártires do novo sistema republicano; os que non compartían o continuo cambio de nomes e preferían manter o “panteón” de homes de prol clásicos, ou as que poñían en valor o sentido social dos nomes “tradicionais”. Era o debate democrático, o mesmo que se producirá a partir de 1979 (nalgúns casos, xa antes) cando entren os novos concellos democráticos tras a ditadura. Este debate non deixou de existir a día de hoxe e seguirá existindo sen dúbida.

---

1 Os sucesos de Xaca refírense ao frustrado intento de proclamación da República en decembro de 1930, que acabou coa execución dos seus principais impulsores, os capitáns Fermín Galán Rodríguez e Ángel García Hernández.

Pero cómpre delimitar estes debates plurais e democráticos, coas súas características, e diferenciarlos do proceso que ten lugar tras o golpe de 1936 e a imposición dun novo mando baixo a autoridade golpista. Asistiremos entón a un proceso de transformación do espazo público que forma parte dun proxecto moito máis amplo de enxeñería social, no que o uso da violencia con fins exterminadores ocupou un papel fundamental. Veremos como o cambio na toponimia urbana está intimamente relacionado cun fenómeno máis amplo de destrución dun grupo social que se considera inimigo, ese que chamarán “anti-España”, actividade na que a liquidación da memoria do sinalado grupo terá un papel fundamental. Neste contexto, amosaremos como o proceso de resignificación do espazo público adquire unha dimensión dirixida tanto a construír unha “nova España”, como a destruír a “vella” coa práctica dun memoricidio. Este último soamente se pode entender no contexto xeral de prácticas xenocidas que inspira o golpismo de 1936 e oficializa o nacente réxime franquista.

## A TOPONIMIA DA PLURALIDADE

Os debates sobre a toponimia urbana tamén chegaron ás vilas e cidades galegas, como no caso de Santiago de Compostela. A capital compostelá vive as transformacións propias dun século XIX onde entra en crise o ideosistema gremial pola competencia dos produtos industriais que chegan dos centros máis desenvolvidos, mentres que a Revolución Liberal pugna por impoñerse sobre as forzas eclesiásticas e tradicionais. Nese marco, cara a finais do século XIX, comeza a organizarse o movemento obreiro en múltiples sociedades que remedan o vello mundo dos oficios pero cun sentido novo e definitivamente postradicional (Míguez 2008). Como sucede nas cidades de orixe medieval, nos nomes das rúas abundaban os oficios, así como todo o omnipresente compoñente relixioso ben visible na propia topografía da cidade. Con todo, os sucesos políticos e as transformacións sociais tamén pugnaron por aparecer no rueiro da cidade, aínda que atoparon moitas resistencias, especialmente nas rúas xa existentes. Como a cidade tivo, naquel contexto do XIX, un desenvolvemento urbanístico moi limitado, isto significou que até o primeiro terzo do XIX non aparecen con claridade no rueiro os nomes dos grandes homes de prol liberais asociados a Compostela:

caso de García Prieto, Romero Donallo e sobre todos, Eugenio Montero Ríos (Villares 2003: 502-506).

As eleccións do 12 de abril de 1931 supuxeron un triunfo para a candidatura republicana en Santiago, amosando que na cidade existía unha fonda estrutura de apoio ás ideas que proxectaba o novo réxime. Seguindo o ronsel dos debates preexistentes, un dos primeiros asuntos que se tratou entón por parte da nova corporación local foi o cambio no nome das rúas. Non pasaron nin dúas semanas dende a constitución do novo concello, cando na sesión do 27 de abril de 1931 se debate unha moción presentada polos “concelleiros republicanos”, na que se propón o cambio de nome de varias rúas e prazas. Na memoria dos alí presentes, especialmente a dos veteranos como o líder republicano local José Pasín, a do propio alcalde Raimundo López Pol ou a voz que representa a “oposición”, Rajoy Leloup, estaban diversos debates que tiveron lugar sobre esa cuestión no pasado, case sempre asociados ao fenómeno dos patróns políticos locais e ás súas familias. O debate é un exemplo de como as diversas cuestións que até este momento estivemos considerando no texto, formaban parte do cerne da discusión. Proponse cambiar, en concreto, o nome da *plaza del Hospital* (actual praza do Obradoiro), por *plaza de la República*, ademais doutras rúas históricas como son as *Casas Reales*, por *Galán*, *Ruedas* por *García Hernández* ou *Fuente de San Antonio* por *14 de abril*. Por outra banda, tamén se propón que se lle chame *plaza de Pablo Iglesias* ao que era *plazuela de García Prieto* (a actual praza de Galicia) e finalmente chamar a *avenida de Martínez Anido* (que é a actual Avenida de Xoán Carlos Primeiro, na beira da Alameda compostelá), *avenida de la Libertad*. Os argumentos empregados polos defensores da moción baséanse na lóxica dos nomes das rúas, asociados a acontecementos, neste caso que honren “á liberdade” e “aos que se sacrificaron por ela”. As críticas fundamentais dos que se opoñen, encabezados por Rajoy Leloup, veñen dicir que o nome de Praza do Hospital “siempre se llamó y se llamará así”, a pesar de que xa se chamara *de la Constitución* e *de Alfonso XII*. Polo contrario, non se opoñen a que se chame *de la Libertad* a *Martínez Anido*, porque esa rúa “nunca tuvo nombre”<sup>2</sup>.

A moción apróbase, pero non será o único cambio que teña lugar no período republicano. Non imos entrar no detalle, pero é moi significativo que os cambios propostos tiveran os efectos que xa se dixeron: poucos ou ningún, no caso da *praza do Hospital*, que seguiu a ser coñecida como era, dubidosos

---

2 *Actas do Concello de Santiago de Compostela*. AH-USC: A.M. 2387, 27/04/1931.

noutras rúas históricas e máis normalizados en lugares novos ou que carecían de nome con anterioridade. Pero non foron as únicas modificacións, xa que tamén tiveron lugar outros cambios a medida que evolucionou a propia dinámica municipal, como que se lle cambiase o nome á *rúa do Hórreo* por *avenida de Alejandro Lerroux*, en 1935. Un nome aínda máis circunstancial que os outros, xa que o propio político barcelonés caerá en desgracia antes de que remate o ano 1935, deixando o cambio de nome en nada. De distintos xeitos e en distintas expresións, existía unha conciencia da continxencia dos nomes das rúas, que eran expresión de disensións e debates públicos, nese contexto de pluralismo que representa a sociedade anterior ao golpe de 1936. Isidoro Millán reflexionaba sobre estes temas en abril de 1936, criticando que se pretendese desbotar o nome de *Montero Ríos* do rueiro en favor do *capitán Galán* (algo que en Santiago non se fixo):

Repitamos que nos parece natural que se dediquen calles y plazas a los personajes que descuellan en la situación creada el 14 de Abril; pero creemos que esa apología debe realizarse sin romper áspera y violentamente el puente que une nuestro presente con nuestro pasado y sin que se ofendan afectos que, no por faltarles el favor de los poderosos del día, dejan de merecer respeto y estimación. La estrechez de espíritu y ligereza con la que a veces se procede en este asunto origina alternativas de todo punto grotescas. Hay calle que en menos de cinco años tuvo un nombre, lo perdió, lo recobró y lo volvió a perder, y hay otras que han cambiado de nombre a cada mudanza de Gobierno, adornándose siempre con lo que podemos llamar “el Amo del día” (Millán 1936).

Os debates sobre a toponimia urbana non se poden desligar da propia pluralidade de sociedades de todo tipo, partidos e organizacións que tiñan sede na cidade. O asociacionismo non era unha invención da República, senón que ten as súas raíces cen anos atrás, cando comezan a constituírse asociacións mutualistas, recreativas e culturais que canalizan a acción política do período isabelino, republicano e logo da Restauración. A esas entidades súmase o movemento obreiro e a proliferación de partidos políticos xa nos anos finais do goberno de Alfonso XIII. Cando chega a II República, a pluralidade de entidades que se asentaban nas rúas de Santiago medrara aínda máis, pero sobre unhas bases xa firmemente asentadas. En contra da imaxe ofrecida do período republicano como unha etapa de permanente conflito que preludiaba unha supostamente inevitable confrontación civil, o que podemos constatar indica máis ben o contrario. Atendendo á devandita pluralidade existente, no caso de Compostela

situada espacialmente en moi poucas rúas, temos que falar máis de convivencia que de confrontación (Fernández/Míguez 2016).

A vitalidade da pluralidade demóstrase no proceso de democratización crecente. Ademais destes debates, tamén entrará outro na última corporación local compostelá, a que presidía Ánxel Casal. Será a cuestión da galeguización ou recuperación dos nomes na lingua vernácula, como se expresa en sucesivas mocións, coa petición da creación dunha comisión para o estudo do caso que se aproba por unanimidade<sup>3</sup>. Esta medida acompáñase do uso do galego nos debates consistoriais, que se normaliza neste período, así como peticións de que se cante o himno galego nas escolas ou compras de libros galegos para o concello, todo isto consecuentemente co proxecto de aprobación do Estatuto de Autonomía. Case todas estas medidas tiveron un forte compoñente simbólico, pero non se chegaron a facer efectivos os cambios dos nomes das rúas, que seguiron adoptando a forma deturpada ou castelanizada, no uso oficial polo menos: *rúa Nueva*, *rúa del Villar* ou *Pejigo*, entre outros moitos exemplos. Con todo, son temas que entran por primeira vez no debate político e que representan ben o espírito de pluralidade, acordo e confrontación, dependendo do caso, que caracteriza o período inmediatamente anterior ao golpe.

## A TOPONIMIA DO TERROR

As crónicas actuais sobre a cuestión do cambio do nome das rúas establecen unha continuidade entre o que vimos contando, o que sucede tras o golpe de Estado de 1936 e o triunfo dos golpistas en Galicia. Tamén no caso de Santiago de Compostela. Os cambios que se integran no rueiro inclúen o enésimo renomeamento da praza do Hospital, que pasa a ser *plaza de España*, sen demasiado éxito; o cambio de nomes como a rúa do Hórreo que pasa a ser oficialmente *avenida del General Franco*, isto xa até ben entrada a democracia, ou a denominación de *plaza de José Antonio* á nova praza que se constrúe na zona dos Agros de Ramírez e que constitúe agora o centro do Ensanche, completado nas décadas finais do

---

3 *Actas do Concello de Santiago de Compostela*, AH-USC: A.M. 2387, 12/03/1936.



franquismo<sup>4</sup>. Todo isto fronte á banalización do proceso de transformación da toponimia urbana que se produce co triunfo dos golpistas e a instauración do franquismo, pouco máis que unha “anécdota” en determinados relatos no suposto “baile” de nomes de rúas ao que nos tería acostumada a historia.

Os golpistas levarán adiante unha “ocupación” do espazo público, un proceso que foi constitutivo do modo en que asaltan o poder. Esa “ocupación” forma parte do propio mecanismo de realización do golpe de Estado, que ten unha forte dimensión espacial pola toma violenta do que son os lugares de poder existentes. Os militares, que se atopan recluídos nos seus cuarteis, primeiro aprópiáanse das instalacións militares, caso do Arsenal de Ferrol, a Capitanía Xeral de Galicia na Coruña ou os máis diversos cuarteis, como o do Hórreo en Santiago. A continuación, saen ás rúas para ocupar e apropiarse das sedes do poder civil (governos civís, casas consistoriais) e da administración. Pero ademais, a ocupación violenta dos espazos abranguerá a apropiación de sedes de partidos, sociedades, entidades culturais de todo tipo, bibliotecas e locais municipais, entre outros moitos. En moitos relatos sobre o golpe fálase da “clausura” dos locais desta trama asociativa, pero máis exacto sería dicir a “apropiación”, porque eses bens inmobles pasan a outras mans, sen ningún tipo de compensación ou aparencia legal.

Deste xeito, como se pode observar no caso de Santiago de Compostela, a ocupación leva a que os golpistas se “apropien” de máis de trinta locais de sociedades políticas, obreiras e culturais, incluíndo a Imprenta Nós ou o Pavillón do Recreo Artístico construído para a Exposición Rexional Galega de 1909, que pasa a ser sede do cuartel de milicias de Falange en Santiago. Pero por riba de todo, aprópiáanse de dous espazos fundamentais: a sede do poder civil na cidade e as rúas. A sede do poder civil, que era o Concello, pasa a ser “ocupado” e “apropiado” coa destitución da corporación que exerce, substituída por unha Comisión Xestora ao ditado dos designios dos militares golpistas. O propio edificio, sede tamén da xustiza na cidade, será o lugar onde se celebren os procesos militares que conforman a persecución dos inimigos da “nova España”. E ademais, o edificio que albergaba a prisión municipal e de partido, a “Falcona”, servirá como espazo de reclusión para centos de detidos pola persecución golpista.

A apropiación do espazo público nas rúas, pola súa banda, continuará coa realización de actos masivos de “desagravios” relixiosos, reposición de símbolos

---

<sup>4</sup> Non pretendemos facer un repaso exhaustivo de todos os cambios que se producen, pero si reflexionar sobre o seu significado e, sobre todo, situalos historicamente.

como o crucifixo nas escolas públicas, a substitución da bandeira española pola dos golpistas e a postergación da galega, concentracións masivas de apoio aos golpistas e funerais polos “caídos”. Todo isto destrúe o propio concepto de “espazo público”, que fora lugar de reunión, manifestación, festa e tamén conflito de forzas e entidades dispares durante máis de cen anos de pluralismo político e democrático. Naturalmente, esta realidade afecta a todos os niveis da vida das persoas, que pasan a ser parte dun escenario onde o control das actividades sociais constitúe unha prioritaria liña da acción do novo poder.

Os cambios na toponimia constituíron, pois, parte dun proceso que en ningún caso tivo un carácter circunstancial ou anecdótico. Por iso, o Ministerio do Interior emite unha orde, asinada por Ramón Serrano Suñer en 13 de abril de 1938, establecendo uns criterios polos que se realizará o cambio de nomes de rúas e prazas públicas. Di literalmente a citada orde:

En el fenecido régimen público español acontecía, con relativa frecuencia, que los cambios políticos fueran acompañados de un singular empeño de nimias alteraciones. Y acaso como signo de vitalidad de los adventicios, se pretendían hacer pasar acuerdos y resoluciones del peor estilo localista. Resultaba de esta manera bastante castigada la nomenclatura de las vías municipales, sujeta a los vaivenes de la política, con agravio de la Historia unas veces, de la Tradición otras, de la cultura en ocasiones y de la conveniencia del vecindario casi siempre.

Pero nuestro Movimiento Nacional no puede solidarizarse con esas costumbres, que al mismo tiempo que significan un desvío del recto sentido de la continuidad, pueden contribuir a cierta desorientación en el aprecio de los valores pretéritos. Es necesario, pues, vigilar desde el Centro estas manifestaciones de la vida ciudadana, para evitar actuaciones censurables<sup>5</sup>.

Establece a continuación unha serie de criterios polos que se realizarán eses cambios, que implican a suxeición das Comisións Xestoras ao poder do Ministerio, que se farán “sólo en casos de evidente agravio para los principios inspiradores del Movimiento Nacional”. Unha medida que se completou despois na Orde de 20 de abril de 1939, coas normas para renomear as escolas. A citada orde publicouse soamente tres semanas despois da conquista de Madrid polo exército franquista e referíase, en primeira instancia, ao cambio de nome do *Grupo Escolar Giner de los Ríos*, renomeado como *Andrés Manjón*. En realidade, o cambio non

---

5 “Orden dictando normas para las denominaciones de calles y plazas públicas de las localidades”, *Boletín Oficial del Estado* 540 (14/IV/1938), 6.781.

se refería soamente ao nome, xa que a mesma orde establecía que pasaba a ser un centro onde se impartirían as ensinanzas das Escuelas del Ave María. O que se pretendía era destruír a memoria do proxecto de ensino anterior:

Ante la reorganización de la enseñanza en Madrid, es obligado hacer una revisión de los nombres de los Grupos escolares con que la República laica designó a sus mejores instituciones docentes, siendo obligado que este Ministerio designe con el nombre de D. Andrés Manjón aquel Grupo escolar, que por su significación, condiciones y metodología más ha influido en la descristianización de nuestra infancia madrileña<sup>6</sup>.

Este marco amparou, por exemplo, que se cambiara o nome da Residencia de Estudiantes Rodríguez Cadarso polo de *Colegio Mayor Generalísimo Franco*. Este pavillón foi o único que se completou antes do golpe de Estado de 1936, aínda que non puido entrar en funcionamento pola suspensión do curso universitario, que debía comezar en outubro dese ano 36. A “interrupción” continuou até o ano 1941, cando será inaugurado (como se non fora inaugurado con anterioridade) co novo nome, pero tamén cunha orientación ben distinta. O que se borraba entón non era soamente o nome do reitor que dera impulso ao proxecto da Residencia Universitaria en Santiago, senón tamén a memoria mesma do proxecto orixinal. O centro inaugurado réxese por un regulamento inspirado pola ideoloxía do novo Réxime, que inclúe unha forte presenza ideolóxica e de control directo da Igrexa Católica (Pérez 2004).

Outro caso de ocupación, apropiación e memoricidio acontece co Seminario de Estudos Galegos. Despois de quedar interrompida a súa actividade co golpe de 1936, a partir de 1940 comeza o proceso de ocupación da súa sede, algo que en 1941 se consuma coa entrega das chaves ao reitorado da Universidade de Santiago de Compostela. Este proceso leva á disolución da institución e á liquidación dos fondos, que sofren diversos destinos, e finalmente á conversión en 1943 no Instituto Padre Sarmiento (Mato 2001, 2004). A conversión realízase tras a persecución dos seus membros, que son asasinados, sancionados ou teñen que exiliarse. O cambio de nome acompaña, por tanto, un proxecto de memoricidio.

---

6 “Orden de 20 de abril de 1939 disponiendo que el Grupo Escolar ‘Giner de los Ríos’, de Madrid, se denomine ‘Don Andrés Manjón’, dándose en el mismo la enseñanza de las Escuelas del Ave María”, *Boletín Oficial del Estado* 112 (22/IV/1939), 2214.

A pegada do golpismo e do réxime franquista na cidade vai logo máis aló dos cambios contados na toponimia urbana de rúas e prazas, por máis que algúns sexan moi significativos. Vai máis aló pero constitúe unha parte esencial dos seus mecanismos de implantación. O franquismo borra a memoria do que representou o pluralismo anterior ao golpe, reformulando por completo o significado mesmo da cidade. Así se entende que a cidade histórica fose declarada en 1940, por decreto do Ministerio de Educación Nacional, “conxunto histórico-artístico”, un espazo para a “conservación”. Por iso tamén se explican as intervencións que se fixeron para “preservar” e devolver un certo sabor “barroco” á zona vella, destruindo calquera modificación introducida no século XIX e asociada ao modernismo. O destino de Santiago queda escrito entón naqueles anos, como parte do proxecto ideolóxico-político do réxime e tal e como explicaba o seu Ministro de Información y Turismo, Manuel Fraga, en 1965:

Por los caminos de Santiago llegarán este año múltiples grupos peregrinantes. Aparte de su misión religiosa, su itinerario tendrá un carácter doble, muy cerca de lo turístico y lo informativo. Porque los terminales de mar y aire, las carreteras y ferrocarriles, concluyen en ciudades, pasan por paisajes y pueblos y muestran esa faz vieja, pero renovada, de nuestra España y a nuestras gentes tan en trance de superación. Todos estos contactos son importantes. Para muchos de fuera acaso sean reveladores, superando así en parte las intoxicaciones de nocivas propagandas (Fraga 1965).

O franquismo pecha o seu devalo en Compostela con dúas demolicións. A primeira ten lugar na zona de Galeras e leva por diante o Cuartel de Santa Isabel. Aquel edificio do século XVIII, que constituíu un exemplo sobranceiro da arquitectura militar en España, nunca puido cumprir a misión inicial para o que fora construído, polo menos dun xeito consolidado. As excesivas humidades da zona non o fixeron un lugar apto para albergar a gornición militar da cidade. Porén, o seu tamaño e a súa localización fixérono óptimo dende o punto de vista dos golpistas para ser o maior espazo de reclusión da cidade e un dos maiores de Galicia. A prisión de Santa Isabel foi convertida en prisión central en 1940 e funcionou como tal até 1946, cando foi clausurado tras o paso de miles de presos polas súas celas (García/Míguez 2018). O edificio, intencionalmente abandonado, desaparece en 1973, convertido o seu lugar en estadio de fútbol e pavillón polideportivo. Non quedou nin rastro do que significou como parte constitutiva da violencia masiva do franquismo.

A outra demolición tivo lugar dous anos despois, en 1975, e acabou co chamado Edificio Castromil, que estaba situado na actual praza de Galicia da capital compostelá. A catástrofe arquitectónica que supuxo o derribo do edificio modernista, a pesar das protestas que se fixeron, ten sido explicada como unha mostra da barbarie do *desarrollismo* franquista. É moito menos coñecido o feito de que o Edificio foi antes que a sede do transporte o *Quiqui Bar*. Na década de 1920 aquel local representou a modernidade na cidade de Santiago, a transgresión musical pola vía do jazz, o desafío aos valores tradicionais que albergaba a zona histórica (Macías 2017). A destrución de 1975 coa que se vai pechando o franquismo na cidade, destrúe tamén a memoria do que o réxime odiaba daquel sitio en particular.

## **CONCLUSIÓN: O PRESENTE E AS POLÍTICAS PÚBLICAS DA MEMORIA**

Un caso particularmente curioso é o que tivo lugar en Santiago de Compostela coa praza central do Ensanche, construída nas últimas décadas do franquismo. Bautizada en pleno franquismo como *plaza de José Antonio*, situada diante dun grupo de vivendas sociais construídas pola obra sindical do Réxime (Casas de Ramírez), sobreviviu con este nome despois en democracia. Foi entón, ben entrada a década de 1980 e cun goberno municipal socialista, cando aproveitando unha reforma da praza, mudou o seu nome polo de *Praza Roxa*. A denominación vén ser a que popularmente tivo durante os anos finais do franquismo, por ser un lugar habitual de concentracións de estudantes que protestaban. O nome pasou por riba da incorrección evidente no uso do galego e consolidouse entre a cidadanía até o presente, borrando por completo a memoria do nome franquista e tamén da súa ligazón cos edificios da obra sindical.

Nesta mesma liña, a toponimia urbana de Santiago de Compostela deixou de presentar nomes asociados aos golpistas e ao franquismo en xeral, devolvendo nomes anteriores (como no caso da *rúa do Hórreo* ou *rúa da Senra*), e constituíndo outros que non tiñan xa memoria, como o caso sinalado da *praza do Obradoiro*. O colexio maior volveu ser *Rodríguez Cadarso*, aínda que non deixou de ser “colexio maior”, e os símbolos franquistas foron retirados ou tapados. Polo

contrario, foise recoñecendo parcialmente e con sinalética algúns lugares de memoria asociados á violencia golpista e ao franquismo, como o monumento de homenaxe aos fusilados no cemiterio de Boisaca, a estatua das Mariás na Alameda ou, moito máis recentemente, a prisión *da Falcona* entre outros.

As liñas xerais das políticas públicas da memoria en Santiago de Compostela non son substancialmente distintas ás que temos estudado noutros municipios de Galicia e España. As diferenzas son de tipo cuantitativo, pero non cualitativo. A cuestión que xorde entón, cando fixamos o foco na cuestión toponímica, é: que sentido ten o que se fixo e que queda por facer? A toponimia urbana tivo un compoñente fortemente reivindicativo na súa versión clásica, aquela construída polo liberalismo e que fixo súa a República. Reivindicar heroes, grandes figuras, preferentemente de finais tráxicos por dar a súa vida polas súas ideas. Correspóndese co réxime de memoria da xustificación do pasado, co obxecto de crear unha identidade colectiva. A ese perfil sumouse máis adiante, no caso español moito máis adiante, a dinámica da denuncia. Aí descansou e descansa a idea de asignar nomes a quen estivo esquecido, cun propósito explicitamente reparador. Tamén se inclúen os monumentos e actos asociados de “recuperación da memoria”. Pero esta etapa cede protagonismo a un novo réxime que se ampara na idea moito máis aséptica de “lembrar”. Lembrar o pasado e as súas figuras porque son merecedoras dese recordo polos seus valores, accións ou intencións. Esta etapa do “recordo” vai, paradoxalmente, acompañada dun crecente esquecemento. A toponimia urbana, hoxe, semella construír un novo mapa onde as rúas non teñen nome.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aparisi Laporta, Luis Miguel (2001): *Toponimia madrileña: proceso evolutivo*. Madrid: Gerencia Municipal de Urbanismo.
- Azaryahu, Maoz (1996): “The power of commemorative street names”, *Environment and Planning D: Society and Space* 14(3), 311-330.
- Bloxham, Donald (2007): *The great game of genocide. Imperialism, Nationalism and the destruction of the Ottoman Armenians*. New York: Oxford University Press.
- Delgado Ruiz, Manuel (1997): “Anticlericalismo, espacio y poder. La destrucción de los rituales católicos, 1931-1939”, *Ayer* 27, 163-164.
- Fernández Prieto, Lourenzo e Antonio Míguez Macho (2016): “80 anos, Santiago 1936”, *Grial* 212, 30-35.
- Fraga Iribarne, Manuel (1965): “Más allá del peregrinar a Santiago”, *Compostela: boletín de Junta Central del Año Santo Compostelano 1965 y de la Archicofradía del Apóstol Santiago* 63, 14-15.
- García Ferreira, Rafael e Antonio Míguez Macho (2018): “Lugares de violencia y lugares de memoria: una perspectiva desde el caso de Santiago de Compostela (1936-1946)”, en Manuel Alcántara, Mercedes García e Francisco Sánchez (eds.), *Historia y Patrimonio Cultural. Memoria del 56º Congreso Internacional de Americanistas*. Salamanca: Universidad, 1312-1321.
- Habermas, Jürgen (2002): “Interludio segundo: sistema y mundo de la vida”, en *Teoría de la acción comunicativa. Vol. 2: Crítica de la razón funcionalista*. Madrid: Taurus, 161-280.
- Halbwachs, Maurice (1925): *Les cadres sociaux de la mémoire*. Paris: Les Presses universitaires de France.
- (1941): *La topographie légendaire des Évangiles en Terre Sainte: étude de mémoire collective*. Paris: Les Presses universitaires de France.
- Macías, Francisco (2017): *De Quiqui bar... a Castromil*. Santiago de Compostela: Consorcio.
- Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edición do Castro.
- (2004): “A desfeita do Seminario de Estudos Galegos”, *Grial* 163, 34-37.

- Míguez Macho, Antonio (2008): *La construcción de la ciudadanía a través de los movimientos sociales. El movimiento obrero en Galicia (1890-1936)*. Santiago de Compostela: Fundación 10 de Marzo.
- Millán, Isidoro (1936): “El rebautizo de las calles”, *El Eco de Santiago* 7 de abril de 1936, 1.
- Mosse, George L. (1990): *Fallen soldiers. Reshaping the memory of the World Wars*. New York: Oxford University Press.
- Nora, Pierre (1984): “Entre Mémoire et Histoire”, en Pierre Nora (ed.), *Les lieux de mémoire*. Paris: Gallimard, t. 1, 26-43.
- Pérez Rodríguez, Ana Cristina (2004): “Los colegios mayores de la Universidad de Santiago de Compostela durante la dictadura de Franco”, en Carlos Navajas Zubeldia (coord.), *Actas del IV Simposio de Historia Actual: Logroño, 17-19 de octubre de 2002*. Logroño: Instituto de Estudios Riojanos, vol. 1, 505-516.
- Rose-Redwood, Reuben, Derez Alderman e Maoz Azaryahu (2010): “Geographies of toponymic inscription: new directions in critical place-name studies”, *Progress in Human Geography* 34(4), 453-470.
- Sánchez-Marcos, Fernando (2002): “En revenant sur les identités et les noms des rues en Espagne. Le cas de Barcelona”, en Christien Almavi (ed.), *Une passion d'Histoire. Histoire(s), Mémoire(s) et l'Europe*. Toulouse: Privat, 339-349.
- Villares, Ramón (2003): “A cidade dos ‘dous apóstolos’ (1875-1936)”, en Ermelindo Portela (ed.), *Historia da cidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Concello, 465-542.
- Vuolteenaho, Jani e Lawrence D. Berg (2009): “Towards critical toponymies”, en Lawrence D. Berg e Jani Vuolteenaho (eds.), *Critical toponymies: The contested politics of place naming*. Farnham: Ashgate, 1-18.





# III

## Modelos de intervención didáctica

A toponimia urbana como recurso didáctico.  
Tres proxectos / SUSO FERNÁNDEZ ACEVEDO

Hai rúas nas aldeas? Unha experiencia didáctica  
no concello de Valga / PILAR BUELA E JUAN CARLOS MONTEJANO



# **A toponimia urbana como recurso didáctico**

## **Tres proxectos**

Suso Fernández Acevedo  
*IES Dionisio Gamallo de Ribadeo*

### **INTRODUCCIÓN**

Nos centros de ensino é cada vez máis frecuente desenvolver o currículo a través da aprendizaxe baseada en proxectos (ABP). Adóitase acompañalos de documentación complementaria que os relaciona con obxectivos xerais e específicos e con estándares de aprendizaxe, que os temporaliza, que os avalía de acordo cunha serie de rúbricas etc. Tendo en conta iso, deberíamos, se cadra, comezar este artigo referíndonos ó soporte legal que ampara ou xustifica as tres actividades que despois imos describir, pero non vai ser así. Non negamos a importancia dese apartado e mesmo admitimos que sería desexable a súa existencia, pero ás veces require máis esforzos a burocracia complementaria cá realización dos propios proxectos. Nós non nos preocupamos de concretar eses aspectos no momento de levar a cabo as propostas didácticas que explicaremos e tampouco o imos facer agora. A nosa intención foi simplemente tratar de fomentar no alumnado a curiosidade e o desexo de aprender nun momento e nunhas circunstancias concretas, exercitalos no traballo en equipo e, de paso, inicialos no eido da investigación. En calquera caso, aínda que non o concretemos, estamos seguros de que isto encaixa nalgún lugar do currículo. Agardamos comprensión e clemencia.

Aínda que sempre gusta lograr un traballo ben feito, non nos obsesionamos tampouco co resultado final das actividades que despois explicaremos e que, como se verá, tampouco teñen nada de excepcional. Interésanos máis o proceso, o camiño que percorremos co alumnado. Gústanos ver a súa capacidade para traballar en equipo; gozamos nas reunións onde cada un opina e achega ideas que van concretando a proposta inicial, aínda que o traballo avance

máis lentamente; admirámoslos caladamente cando comprobamos que dedican ó proxecto máis tempo e esforzo incluso do que nós presupoñiamos, cando se ofrecen voluntariamente a saír á rúa para gravar en períodos de vacacións ou para repetir traballo feito corrixindo calquera pequeno erro que se detecte, incluso co curso rematado. É aí onde se chega a perder de xeito controlado a consciencia de sermos docente-discentes, onde se van tecendo afectos e complicidades que despois repercuten positivamente no día a día do noso labor, na convivencia dentro e fóra da aula e incluso na relación persoal cando xa abandonan o instituto.

A formación adecuada dos equipos de traballo é importante para o éxito. Aí entran en xogo as capacidades, as virtudes e os defectos da persoa que os coordine. Hai xente capaz de xestionar grupos numerosos, pero no noso caso preferimos que sexan reducidos. Se hai moito voluntariado, preferimos propoñer máis proxectos e repartilos. Non é tan relevante que se trate de alumnado brillante academicamente coma que teña ilusión e ganas de aprender; por iso preferimos fuxir de propostas obrigatorias e “remuneradas” con cualificación. Só nun caso sucedeu de xeito distinto, xa que se tratou dun proxecto colectivo dentro do currículo dunha materia, como despois explicaremos. Somos máis partidarios de facer propostas voluntarias, atractivas, e sempre consideramos que as investigacións de temática local podían resultar especialmente interesantes. Sabemos que non provoca a mesma admiración nun adolescente un escritor, un filántropo ou incluso un científico destacado, por moi veciño que sexa, ca un deportista ou unha estrela televisiva, pero cremos que a proximidade xeográfica pode valer para establecer certa relación afectiva que acabe beneficiando o proceso de aprendizaxe.

Esa é a liña das tres actividades das que falaremos. Todas teñen en común o aproveitamento dos nomes das rúas de Ribadeo como obxecto de estudo, máis concretamente, os nomes das rúas que se refiren a persoas. Somos conscientes dos inconvenientes que presentan as denominacións memorialísticas para designar o rueiro urbano e, aínda que poida parecer un paradoxo, tamén aproveitamos o proceso de elaboración destes traballos para provocar no alumnado a reflexión sobre os seguintes aspectos:

- **A perda de denominacións tradicionais.** A designación do rueiro con nomes de persoas, por moitos méritos que teñan para merecer tal honra, acaba moitas veces facendo que se esquezan outras denominacións anteriores que mesmo podían ser unha referencia histórica importante.

- **A perda da microtoponimia.** De paso que afondamos na biografía de determinados persoeiros, sobre o propio asfalto das rúas que levan o seu nome, preguntámonos como se denominaría, antes de ser convertida en rúa, a leira que pisamos. Case nunca temos resposta e procuramos que o alumnado reflexione sobre esa consecuencia.
- **A memoria histórica.** Felizmente, no noso caso non tivemos que dedicarlle tempo a rúas con nomes franquistas, que en Ribadeo xa foran substituídas por outras denominacións con anterioridade á realización do noso traballo, moito antes da aprobación da Lei de memoria histórica. Aínda así, aproveitamos para explicarlle ó alumnado a súa existencia uns anos antes e o proceso mediante o cal xente relacionada coa Ditadura acabou ocupando espazos públicos, moitas veces de xeito vergonzoso.
- **Os perfís dominantes.** Procuramos que o alumnado repare na masiva presenza masculina nas denominacións do rueiro e nas causas diso. De todas as rúas que investigamos nos tres proxectos, só tres corresponden a mulleres: Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Luz Pozo. Con todo, se se realizase unha actualización do primeiro dos traballos, poderíamos observar que a situación cambiou considerablemente, xa que en Ribadeo nos últimos anos procurouse compensar este tradicional desequilibrio asignándolles nomes de mulleres a espazos públicos de nova creación ou a outros que carecían de nome. Aínda así, a desigualdade mantense.

Aclarado isto, describiremos máis polo miúdo a motivación e o proceso de elaboración dos tres proxectos didácticos, que teñen algúns elementos en común canto ó contido pero son radicalmente distintos canto ó formato, xa que se trata dunha edición impresa, dun roteiro e dun traballo audiovisual, que é o máis recente de todos eles. Seguiremos a orde cronolóxica.

## ***OS NOMES DAS RÚAS DE RIBADEO***

Esta experiencia quédanos xa algo lonxe no tempo e hai detalles que non lembramos con precisión, pero trataremos de reconstruír o proceso. O proxecto ten precedentes noutras actividades en equipo co alumnado en cursos anteriores e tamén nunha circunstancia de carácter persoal, que foi o detonante desta proposta.

A comezos dos anos 90 chegamos a Ribadeo para ensinar lingua e literatura galega no que actualmente é o IES de Ribadeo Dionisio Gamallo. Durante o primeiro curso vivimos nun piso arrendado na rúa Ramón González e axiña sentimos curiosidade por saber quen fora aquel home. Un día preguntamos nunha clase do antigo COU, onde estaba o alumnado que presuntamente tiña máis madurez e coñecementos, xente con medio pé na Universidade, e ninguén foi capaz de dar nin a máis mínima información sobre ese benfeitor ribadense. Tivemos que procurar por outro lado para acabar sabendo que Ramón González fora un indiano rico que realizou xenerosas doazóns no seu Ribadeo natal e tamén no Porriño, onde casara con Corona González Santos, quen, por certo, non ten relación ningunha con Corona González Estévez, autora dalgúns artigos de tendencia nacionalista e feminista publicados n'*A Nosa Terra* nos anos trinta. A confusión entre as dúas foi frecuente por parte dalgúns estudosos que nos últimos tempos trataron de esclarecer a biografía da xornalista.

Daquela puxéranse en marcha nos centros de ensino os que inicialmente se denominaron Equipos de normalización lingüística e de potenciación do uso do galego (ENL), que algúns anos despois rebautizaron como Equipos de dinamización lingüística (EDL), supoño que nun ataque de realismo, sendo conscientes as autoridades de que a normalización lingüística é complicada e excede as posibilidades de calquera equipo que se poida formar nun centro de ensino. Unha das iniciativas que promovemos dende o noso ENL foi a elaboración dunha revista escolar, algo moi frecuente na época, onde prestamos atención preferente a distintos aspectos de temática local, porque nos parece importante tratar de enraizar o alumnado na realidade inmediata e tamén porque entra en xogo unha compoñente emotiva que aumenta a súa implicación, segundo temos comprobado. Ademais de centrarnos noutros contidos, en cada un dos exemplares reservamos espazo preferente para unha ampla entrevista cun autor ribadense vivo. Comprobamos, xa daquela, que a maioría do alumnado descoñecía a existencia de todos eles, malia que algún tivese varios títulos publicados, fose reiteradamente premiado e pasease a diario polas rúas da vila. Simplemente, non saían nun lugar destacado nos libros de texto e iso era o mesmo ca non existir.

Despois de editar cinco números noutros tantos cursos, decidimos abandonar a publicación da revista e crear unha colección de cadernos de investigación monográficos. Gardabamos aínda na memoria o descoñecemento por parte do alumnado da figura de Ramón González e demos por suposto que sucedería o

mesmo con outros persoeiros. Por iso decidimos iniciar a colección cun estudo sobre os nomes das rúas da vila, limitándonos ás que levaban nome de persoa. Decatámonos agora, vendo despois de bastantes anos a portada daquela publicación, que no centro da mesma figura un I, porque tiñamos en mente darlle continuidade a aquel proxecto estudando outras rúas con denominación distinta, non memorialística, algo que nunca sucedeu.

Actualmente a situación mudou e é máis doado que quen teña interese poida acceder a datos sobre cada un dos nomes do rueiro. As propias placas, de fermoso deseño de Sargadelos, ofrecen en moitos casos información esencial e debaixo do nome, en letra máis pequena, indícase se foi médico, escritor, filántropo etc. Tamén existe información na web do Concello, hai folletos en varios idiomas na oficina de Turismo, téñense organizado xornadas de historia local, publicouse algún estudo monográfico e celébrase o *Ribadeo indiano*, unha festa onde se combina o lúdico co cultural e que serve para difundir os méritos dalgúns ribadenses do pasado. Pero daquela a situación era moi distinta e pouco máis había ca placas de deseño desigual, unhas de mármore e outras de chapa por veces oxidada, nas que figuraban nomes sen máis datos. Recordamos tamén o rudimentario mapa das rúas do concello, de elaboración artesá, fotocopiado, que nos serviu de punto de partida no noso labor. Quen quixese saber os méritos que cada un tiña para ser merecente de tal homenaxe non o tiña doado. Nós quixemos encher esa lagoa.

Despois de expoñer a idea, formamos un equipo de traballo no que, baixo a dirección dunha profesora do departamento de historia, un grupo de alumnos e alumnas de bacharelato levou o peso das investigacións biográficas. Xusto é que lembremos os seus nomes: Carmen Fernández-Reinante, M.<sup>a</sup> José Fernández, Begonia Rodríguez, Iago Etxebarría e José Manuel López. Nós encargámonos da coordinación xeral do traballo, das xestións económicas para a edición do mesmo e colaboramos na parte fotográfica.

Para a edición, nada barata, buscamos apoio institucional na Concellaría de Cultura de Ribadeo, que implicou no asunto a Excm. Deputación de Lugo e a Caixa de Pontevedra, entidade que daquela acababa de abrir oficina en Ribadeo e que inseriu un anuncio que ocupaba toda a contraportada. Hoxe poderíase pensar en alternativas dixitais, pero daquela os centros de ensino non contaban con páxina web, así que o apoio externo foi decisivo.



O resultado foi un coidado libro de oitenta e tres páxinas, con texto e imaxes en branco e negro, do que se editaron cincocentos exemplares. Organizámos unha presentación pública e na distribución colaboraron desinteresadamente os libeiros da vila. A tirada esgotouse axiña e, durante bastante tempo, xente interesada na cultura local preguntaba se podía conseguir un exemplar. Por ese motivo, cando o noso centro contou con páxina web, algo que sucedeu uns anos despois, escaneámolo e puxémolo na rede en pdf. Pero unha posterior reorganización dos centros de ensino medio en Ribadeo implicou a creación dunha nova web e a perda da vella con todo o seu contido, que seica era imposible de rescatar automaticamente para a nova.



Portada de  
*Os nomes das rúas de Ribadeo*

Grazas a aquela iniciativa, a xente puido saber algo máis de filántropos que financiaron centros de ensino, traídas de auga, a praza de abastos, asilos e outros investimentos na vila que melloraron a vida da veciñanza en tempos pasados; de médicos, avogados, empresarios destacados e outros profesionais ben valorados; de intelectuais, escritores e artistas moi diversos; de exalcaldes e outros políticos e autoridades de distinto rango que, polo motivo que fose, foron homenaxeados en distintos momentos. Aínda que hai unha serie de perfís que se repiten, o cal permitiría facer grupos, para a organización dos nomes na publicación, optamos pola orde alfabética, que nos pareceu máis práctica para facer buscas.

En total o libro recolle trinta e seis breves biografías correspondentes a outros tantos persoeiros: Acevedo Rodríguez, Alfredo Deaño, Álvarez Miranda, Amador Fernández, Amando Pérez, Antonio Otero, Barcia Trelles, Bispo Cebeira, Bispo Veres, Carlos III, Alfonso R. Castelao, Clemente Martínez Pasarón, Concepción Arenal, Doutor Moreda, Fernando III, Francisco Iglesias, Ibáñez, José María López, José Vicente Pérez Martínez, Julio Lazúrtegui, Justo Barreiro, Leopoldo Calvo Sotelo, Méndez San Julián, Paco Lanza, Padre Feijoo, Padre Sarmiento, Pasarón y Lastra, Pintor Fierros, Ramón González, Recarey, Reinante, Rodríguez Murias, Rosalía de Castro, Enxeñeiro Schulz, Alonso Trelles “Viejo Pancho” e Villandrando.

Ilustramos cada biografía cunha imaxe da rúa correspondente. Para iso houbo que percorrer unha tarde toda a vila, tirar varias fotos e despois escoller a máis axeitada para cada caso. Aquel arquivo fotográfico, que aínda se conserva, vai adquirindo tamén valor histórico, xa que permite ver un Ribadeo urbano ben distinto ó actual, con soares que xa están edificadas e con moitos vehículos aparcados en espazos que agora son peonís.

A experiencia e, seguramente, a capacidade investigadora dalgúns dos que participamos no proxecto era escasa e as présas tampouco axudaron. Por iso, localizar ou contrastar datos relacionados con determinados persoeiros non resultou doado nun tempo no que acceder á información era bastante máis complicado ca na actualidade. Como consecuencia, hai carencias e algún erro que a maioría da xente non chegou a detectar ou soubo perdoar xenerosamente, conscientes de que se trataba dun traballo escolar.

Visto con perspectiva, pensamos que sería desexable termos traballado con máis sosego para mellorar o rigor e a profundidade da información, pero seguimos sentíndonos orgullosos daquela iniciativa, que marcou o comezo dunha serie de investigacións monográficas sobre diversos aspectos de temática local que no último cuarto de século transcenderon o ámbito escolar e tiveron certa repercusión na veciñanza en xeral. Nós mesmos promovemos en anos posteriores outras tres publicacións impresas: *Autores ribadenses en lingua galega*; *Ribadeo, espazo literario* e *Ánxel Fole e Ribadeo*. Posteriormente tomaron o relevo outros membros do claustro, que coordinaron estudos relacionados coa vexetación, coas artes, con construcións tradicionais e coa historia da zona. Coa excepción dun traballo recente relacionado coa toponimia de Ribadeo, que publicamos en forma de calendario de sobremesa, optamos desde hai tempo polo audiovisual,

soporte máis atractivo para o alumnado e máis factible economicamente por non existir gastos de impresión. Neste formato publicamos nos últimos anos varios traballos, de extensión e calidade desigual, implicando sempre pequenos grupos de alumnado.

Ténsenos comentado a necesidade de revisar a actualizar aquel pioneiro *Os nomes das rúas de Ribadeo*, xa que nos últimos anos engadíronse ó rueiro ribadense outros nomes que seguramente son tan pouco coñecidos para o alumnado e para a maioría da poboación como o eran hai un cuarto de século Ramón González, Barcia Trelles, Alfredo Deaño e outros. Non descartamos algún día encarar ese labor, que seguramente agora nos resultaría máis doado debido á experiencia adquirida daquela e as maiores facilidades para o acceso á información, grazas ás novas tecnoloxías.

## **UN PASEO POLAS LETRAS: DE DIONISIO GAMALLO A DIONISIO GAMALLO**

Nos centros de ensino sabemos ben o incómodo que resulta atender o alumnado nos últimos días do curso, cando os exames xa remataron para a maioría e, ás veces, ata están postas as cualificacións finais.

Para buscar unha alternativa atractiva e asemade formativa, un ano decidimos organizar un roteiro polas rúas da vila. Entre as moitas posibilidades que se nos presentaban, escollemos algunhas rúas dedicadas a xente de letras e deseñamos un traxecto duns tres quilómetros, pensado para percorrer e comentar nun tempo aproximado de dúas horas.

Pouco tempo antes, falecera o polígrafo Dionisio Gamallo Fierros e no noso centro decidírase poñerlle o seu nome ó instituto, tendo en conta a súa vasta produción bibliográfica e o feito de que el fora o primeiro director cando se inaugurara, en 1958. Pola súa parte, o Concello de Ribadeo déralle o seu nome a unha rúa e colocara un busto nun parque da vila.

Dadas esas circunstancias, decidimos que Dionisio Gamallo fose a orixe e o remate do noso itinerario, que discorrería desde o instituto ata busto do polígrafo, pasando por outros puntos que cadraban ben: o monólito co que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega homenaxeou ó poeta Xavier Baixeras, as rúas Francisco Lanza, Alfredo Deaño, Suso Peña, Daniel

Cortezón, Luz Pozo, Rosalía de Castro e Padre Sarmiento, a casa natal do poeta El Viejo Pancho e a vivenda na que Dámaso Alonso pasou parte da súa infancia, identificada desde hai anos cunha placa que pasa desapercibida debido á excesiva altura á que está situada. Poderíanse deseñar outros roteiros aproveitando outros puntos de interese, pero pareceunos que ese reunía as circunstancias que desexabamos en canto a continuidade e lonxitude.



Alumnado do instituto diante do busto de Gamallo Fierros

Como documentación, preparamos un pequeno caderno con información esencial de cada persoeiro e fixemos copias suficientes para darlle unha a cada participante. Realizamos tamén unha escolma de textos dos homenaxeados para ler durante o roteiro e metemos nunha mochila algúns exemplares das súas obras para complementar as exposicións orais.

Na web do centro temos información sobre o paseo, pódese descargar o caderno en pdf e hai tamén unha versión modificada<sup>1</sup> do traxecto, con algúns puntos máis. Normalmente realizamos a orixinal porque a nova resulta demasiado longa, leva tempo de máis percorrela e comentalala e acaba cansando o alumnado.

Habitualmente realizamos o roteiro con pequenos grupos da ESO ou co alumnado de bacharelato matriculado en materias específicas relacionadas con algún dos personaxes homenaxeados. En cada parada, falamos da figura honrada nese lugar, lemos algún texto seu e imos pasando de man en man algún exemplar das súas obras para que poidan darlle unha ollada rápida. A experiencia tivo boa

1 <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesribadeo/?q=node/174>

acollida e repetímolos con regularidade no remate de varios cursos, sen cambios apenas no formato.

O papel do alumnado é moi pouco activo porque, como indicabamos antes, trátase dunha proposta pensada para o momento do curso no que a súa dispoñibilidade é menor, debido á acumulación de traballo. Como moito, implicámoslos nunha investigación mínima ou na lectura dos textos relacionados con cada autor, que previamente seleccionamos nós.

Máis alá do premio que sempre supón para o alumnado calquera actividade fóra da aula, percibimos sempre neles atención e interese pola información que se lles transmite, sobre a que con frecuencia realizan preguntas.

Ademais de aprender algún dato novo sobre xente coñecida, como pode ser Rosalía ou o Padre Sarmiento, descubren, por exemplo, que Suso Peña foi o primeiro galego que se dedicou profesionalmente ó cómic, que traballou para importantes editoriais internacionais e que foi tamén o autor do cómic *El Senado en España*, do que se realizou na transición unha tirada masiva para difundir o papel desta institución. Saben da existencia do filósofo Alfredo Deaño, falecido prematuramente, pero que deixou obras que aínda hoxe resultan fundamentais no eido da lóxica. Coñecen a figura de El Viejo Pancho, ribadense que alcanzou as máis altas cotas na poesía gauchesca. Aprenden sobre Francisco Lanza, que colaborou na revista *Nós* e fundou en 1919 o semanario local *La Comarca del Eo*, que aínda se publica cada sábado e que este ano está de centenario. Saben que Dámaso Alonso, a quen estudan nas aulas de literatura, foi veciño ribadense durante algún tempo. Aprenden tamén algo máis sobre o dramaturgo Daniel Cortezón, o poeta Xavier Baixeras, a poeta e académica Luz Pozo e sobre quen pode ser considerado o seu mentor, o polígrafo Dionisio Gamallo Fierros, que dá nome ó noso instituto desde hai uns anos.

A pesar de que se trata dunha iniciativa de consumo interno, que repetimos con frecuencia con alumnado de distintas promocións, sen buscarmos pola nosa parte ningunha proxección exterior, coñeceuse esta actividade fóra do centro e nalgunha ocasión pedíusenos que realizásemos o roteiro guiando os participantes dalgún evento que se organizou na vila, encargo que aceptamos e levamos a cabo gratamente.

## **NOVE NOMES**

Procuramos sempre implicar o alumnado en actividades que lle poidan resultar motivadoras e somos conscientes de que os gustos da xente nova e da poboación en xeral foron cambiando. Por iso, desde hai uns anos, decidimos substituír as publicacións impresas por propostas audiovisuais conservando, porén, a idea de difundir a cultura local.

Empezamos hai anos cun pequeno vídeo no que explicamos a historia dun poema de Xavier Baixeras no que rememora desde a madurez as sensacións de neno, cando cortaron as árbores da finca que era lugar de xogos del e de moitos outros cativos dos anos cincuenta para construír o instituto. Despois elaboramos o vídeo *Eu digo*, defendendo o orgullo polos trazos dialectais propios da zona, que foi o noso traballo de máis éxito, con case 50.000 visitas en YouTube, ampla repercusión nos medios de comunicación e utilizado como recurso didáctico en propostas que se publicaron posteriormente. Realizamos tamén un coidado traballo sobre a presenza da praia das Catedrais, tradicionalmente denominada Augas Santas, na literatura galega e, no curso 2018-2019, decidimos volver sobre os nomes das rúas de Ribadeo, centrándonos desta vez só nas que homenaxean autores e autoras da literatura galega: Xavier Rodríguez Baixeras, Francisco Lanza, Daniel Cortezón, Luz Pozo, Rosalía de Castro, Padre Feijoo, Padre Sarmiento, Castelao e Hernán Naval.

Trátase de nove nomes con desigual proxección no noso panorama literario. Sobre algúns deles, como son os casos de Rosalía e Castelao, en xeral o alumnado ten os coñecementos esperables á súa idade, pero puidemos comprobar antes de comezar o traballo que sobre outros, como son Francisco Lanza e Baixeras, ignoran todo, alén do feito de que nalgunhas rúas de Ribadeo hai placas cos seus nomes. A Hernán Naval, que dá nome ó auditorio municipal de Ribadeo, coñéceno polo gran labor que desenvolveu na vila como director da banda e da Escola Municipal de Música e Danza, pero non saben que publicou unha peza de teatro e que foi asiduo articulista en diversos medios.

A actividade poderíase realizar con calquera grupo de calquera nivel. Nós levámola a cabo como proxecto colectivo do alumnado de Literatura galega e sociedade, unha materia de libre configuración do centro que ofertamos no noso instituto en 2º de bacharelato como alternativa á relixión. Trátase dunha materia que deseñamos ó noso gusto, con varios bloques de contido nos cales estudamos

a relación da literatura galega con outras disciplinas: música, cine, artes plásticas etc. Nun deles centrámonos nas relacións entre a literatura e a economía e, de xeito máis concreto, no aproveitamento da literatura como recurso turístico: casas museo, espazos literarios, roteiros literarios etc. É neste contexto onde situamos a actividade que describimos. Tendo en conta a súa implicación, a ilusión e a complicidade, é de xustiza que fagamos constar aquí o nome do alumnado participante: Inés Canto, Gonzalo Fernández, Carmen Fernández, Vanesa García, Antía Iriarte, Aicha Rajouani, Saúl Redondo e Pablo Vivero.


Canto ó proceso, repartimos as nove rúas obxecto de estudo entre o equipo e elaboramos o texto. Para iso, nalgún caso aproveitamos contidos de proxectos anteriores e noutros foi preciso investigar e redactar por vez primeira, xa que se trataba de nomes sobre os que non traballáramos. Unha vez que este apartado estivo listo, gravamos os audios na aula, buscamos imaxes relacionadas e despois saímos á rúa en distintas ocasións para gravar exteriores. Esta é, sen dúbida, a fase que máis lle gusta ó alumnado. Ás rúas máis achegadas ó instituto desprazámonos aproveitando a hora de clase; ás máis afastadas fomos unha tarde de Semana Santa escollida polo propio alumnado, o cal dá idea da súa implicación. Todo isto pode parecer moi sinxelo, pero acaba sendo un camiño lento porque sempre xorden dificultades: equivocacións á hora de gravar os audios, ruídos de fondo dos que non nos decatamos no momento de gravar e que implican repetir o proceso, días de chuvia ou con luz pouco adecuada, erros técnicos que invalidan o material etc., pero pouco a pouco fóronse completando as etapas.



Alumnado nun momento da rodaxe de *Nove nomes*

A edición demorouse máis do previsto, xa que foi preciso revisar e seleccionar todo o material co que contabamos e tamén buscar máis imaxes para complementar a minutaxe. Nesa fase do traballo contamos coa colaboración de Tania Fernández Faílde, que loitou contra as deficiencias do material que lle proporcionamos e conseguiu un resultado final moi superior ó que nós seríamos capaces de acadar cos nosos escasos coñecementos técnicos sobre o audiovisual. Rematado todo, subimos o traballo a YouTube<sup>2</sup> e difundímolos na web do centro e a través das redes sociais.

Captura de pantalla  
do vídeo *Nove nomes*



## REMATE

Disque o poeta estoniano Runna Pentti escribiu corenta libros tratando de recrear un instante fermoso que vivira nun peirao das ribeiras do Báltico. Recapitando sobre as tres actividades en conxunto e sobre algunha outra que queda á marxe deste artigo, tamén nós temos algunha vez a sensación de que levamos anos escribindo a mesma historia. Mais non debemos esquecer que algúns nomes obxecto de estudo poden ser os mesmos, pero o alumnado vai cambiando cada ano e o seu coñecemento ou descoñecemento é similar. Se a partir dos persoeiros que dan nome ás rúas que transitan cada día somos capaces de acender neles o interese polo pasado da súa vila, da súa terra e da súa cultura, estas actividades ben merecen a pena. E pensamos que así é.

---

2 [https://www.youtube.com/watch?v=SbvJd\\_VENqE](https://www.youtube.com/watch?v=SbvJd_VENqE)





# Hai rúas nas aldeas?

## Unha experiencia didáctica no concello de Valga

Pilar Buela e Juan Carlos Montejano  
*IES de Valga*

### 1. XUSTIFICACIÓN, NACEMENTO E FASES DO PROXECTO

A toponimia é un dos elementos máis significativos do patrimonio inmaterial dun pobo, facilitador dunha identidade propia e intimamente ligado coa súa lingua e paisaxe. Coñecela, respectala e preservala é case, nos tempos que corren, onde a lingua galega ve ameazada a súa enxebreza e existencia, unha obriga colectiva. Atopamos na toponimia un mundo que, non só nos conecta intimamente co medio, senón que tamén nos vencella co máis xenuíno da nosa lingua. Sen dúbida, traballar sobre toponimia co alumnado de secundaria é algo que repercute tan positivamente no asentamento do proceso normalizador da lingua como no seu arraigamento no medio no que se desenvolven. Un camiño franco para que comprendan toda a riqueza que unha lingua atesoura entre as súas palabras.

Nun momento onde dende os currículos se nos insta a traballar dun xeito interdisciplinar, un proxecto que xira ao redor da toponimia é necesariamente un proxecto integrador, por canto que se trata dunha temática que reúne coñecementos de áreas tales como a lingüística e a social, pero tamén garda relación íntima co medio natural. Así mesmo, as tarefas e actividades que xiran ao redor dun proxecto desta natureza amplían sensiblemente a nómina de competencias básicas involucradas no mesmo, dende aquelas que teñen que ver co ámbito dixital ata as que gardan relación co coñecemento e respecto polas expresións culturais.

Estas dúas razóns xustifican por si soas perfectamente que no ámbito do ensino secundario se emprenda un proxecto deste tipo. Pero, como en todas as cuestións que implican un colectivo de persoas, a vontade de participación do profesorado resulta decisiva por canto que somos nós os que xeramos as dinámicas necesarias para levar adiante un traballo desta natureza. O compromiso co

proxecto por parte dun grupo de persoas (alumnado, profesorado, traballadores doutras institucións) é esencial para que este funcione.

Isto supón un deseño previo do proxecto, alomenos un bosquejo do mesmo, onde se coordinen as tarefas de todos os implicados; porque ben é certo que, polo menos na nosa experiencia, este vaise refacendo e arrequecendo con novas achegas co paso dos meses. O proxecto que imos describir no presente traballo resultou ser un proxecto vivo, o que seguramente é un indicador de que funcionou aceptablemente, de xeito que nos ía pedindo máis e máis cousas co paso do tempo. Foi altamente esixente tanto co profesorado como co alumnado involucrado, pero ao tempo ilusionante e satisfactorio.

No IES Valga véñense desenvolvendo ao longo de varios cursos académicos actividades que teñen que ver co estudo da toponimia en xeral e da toponimia de Galicia en particular. O *input* inicial necesario foi constatar que existían varias persoas de distintos departamentos e áreas interesadas pola toponimia, o que nos levou a emprender, nunha primeira fase, actividades que fomos implementando ao longo dun curso, ao comezo dunha forma máis dispersa e cando nos demos conta das posibilidades de coordinarnos e botar a andar, algo máis planificado.

Nesta fase, que comezou no curso 2012-2013, fíxose unha primeira achega ao mundo da toponimia en xeral e aos tipos de topónimos que existen. Incluíronse actividades tales como saídas de campo para recoller topónimos maiores do concello de Valga e unha exposición nos corredores do centro.



Mostra da exposición de toponimia nos corredores do IES Valga

Quizais fose unha feliz coincidencia que no mes de xullo dese mesmo ano 2013, xa finalizado o curso, a Universidade de Santiago de Compostela organiza-se un curso de verán que tiña por título *Toponimia: interpretación e actuación*<sup>1</sup>, ao que acudiron varios profesores e profesoras do centro interesados pola cuestión, que xa viñan de poñer en práctica estas actividades das que acabamos de falar. Podemos dicir que, en certa maneira, *chovía sobre mollado*. O curso supuxo o pulo definitivo para artellar algo de máis envergadura, polo que podemos dicir que neste caso a Universidade serviu para retroalimentar actuacións que se desenvolven en niveis educativos inferiores.

No curso seguinte, 2013-2014, sabedores xa de que queriamos artellar algo máis sólido, o primeiro que fixemos foi facer un varrido e observar cal era o alcance real da presenza da toponimia no currículo, especialmente nas materias de lingua galega e literatura e xeografía e historia, así como unha achega aos materiais que existían para traballar na aula, directamente co noso alumnado, o tema da toponimia. Especialmente inspirador foi para nós o traballo desenvolvido por Xulia Marqués e as súas publicacións para traballar esta temática na secundaria. Concentrámonos logo en ver a conexión da toponimia co tratamento dixital, dado que naquel seminario se nos falou dalgunha ferramenta, daquela en proxecto, para facer unha recollida de topónimos. Así foi como nos demos conta de que había unha carencia no que atinxía á conexión entre o coñecemento da toponimia en xeral e o mundo dixital. Iso foi o que deu lugar ao nacemento de *E ti de onde vés sendo?*, obxecto dixital colgado no repositorio Abalar da Consellería de Educación, elaborado coa ferramenta Exe-Learning, que permite xerar traballos multimedia. O obxectivo xeral deste traballo é o achegamento ao coñecemento da toponimia de Galicia utilizando un soporte informático.

Foi así como chegamos a esta que podemos considerar a terceira fase do proxecto, que se desenvolveu ao longo do curso 2018-2019, e á que esperamos darlle continuidade nos vindeiros cursos: *A microtoponimia de Valga: un proxecto de Aprendizaxe-Servizo*.

---

1 Os resultados deste curso foron publicados en Boullón Agrelo (2017).



Captura de pantalla da portada do traballo *E ti de onde vés sendo?* que figura no repositorio Abalar, da que son autores os dous profesores mantedores do proxecto

## 2. A MICROTAPONIMIA DE VALGA: UN PROXECTO DE APRENDIZAXE-SERVIZO


O obxectivo esencial deste proxecto é coñecer, explicar e sinalizar a microtoponimia de Valga comezando polos lugares máis significativos das aldeas, por tratarse dos que funcionan como referente da vida social dos veciños e veciñas. Ao tempo, tamén se investigou a conservación da hodonimia, entendendo por esta a parte da toponimia que se ocupa do estudo de vías e camiños.

Precisamente por esta razón, por tratarse dunha cuestión tan sensible para un colectivo achegado, consideramos que a metodoloxía máis axeitada para poñelo a funcionar foi a aprendizaxe-servizo. Dende o primeiro momento tivemos claro que a nosa pequena investigación sobre a microtoponimia das aldeas precisaba da colaboración da veciñanza como principais informantes, así como da implicación do concello. Deste xeito as primeiras accións do proxecto consistiron en contactar co Concello de Valga, a través do seu técnico de cultura, colaborador habitual co profesorado do centro, para valorar os apoios que nos podían prestar. A través do propio concello, contactamos cunha asociación de veciños e cos informantes que nos guiarían no traballo de campo.

### 2.1. A metodoloxía: a aprendizaxe-servizo

A metodoloxía da aprendizaxe-servizo funde as súas raíces na pedagogía de John Dewey (2004) e na idea de aprender facendo, de aprender a través da experiencia. Pódese dicir que se trata dunha pedagogía baseada na relación da escola coa

comunidade na que se insire. Unha gráfica que ilustra cal é o noso propósito coa proposta desta actividade sería a seguinte:



Relación entre comunidade e aprendizaxe-servizo.  
Fonte: elaboración propia

De todas as posibles definicións desta metodoloxía quedamos coa do National and Community Service:

El aprendizaje servicio es un método por el cual los estudiantes aprenden y se desarrollan a través de la activa participación en un servicio cuidadosamente organizado, que se dirige y busca las necesidades de la comunidad; que coordina una escuela primaria, secundaria, la universidad o un programa de servicio a la comunidad con la comunidad; que contribuye a desarrollar la responsabilidad cívica; que está integrado en el currículo académico de los estudiantes para fortalecerlo o se integra en los componentes educativos de los servicios comunitarios en los que están implicados los participantes; que destina tiempo previamente programado para que los estudiantes o participantes reflexionen sobre la experiencia de servicio (Puig 2009: 29).

O noso proxecto adáptase a esta definición, se temos en conta que cumpre os principais elementos que aparecen nela e dos cales destacaríamos os seguintes:

- responde a unha planificación previa cuxa coordinación parte da propia escola
- está integrado no currículo
- está baseado na experiencia: o alumnado participa activamente
- ten unha vontade de servizo á comunidade.

## 2.2. Obxectivos, enclaves e informantes

Os obxectivos fundamentais do proxecto concréntanse nos seguintes:

- a. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Valga.
- b. Participar na súa conservación e na súa mellora, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- c. Apreciar e comprender as manifestacións do patrimonio toponímico de Valga.
- d. Implicar as institucións e veciñanza local e colaborar estreitamente con elas.

O espazo fundamental onde se desenvolveu o traballo foi o concello de Valga, un concello eminentemente rural do noroeste da provincia de Pontevedra, que conta cunha poboación aproximada de 6.000 habitantes. Evidentemente, houbo que elixir algún enclave concreto do concello para aproximarnos á súa hodotoponimia, así que unha das primeiras decisións que se tomaron foi valorar que criterios deberían primar nesta elección para que o resultado da nosa pequena investigación fose significativo. Finalmente os criterios que pesaron na elección foron dous:

- grao de urbanización/ruralización do enclave,
- número de habitantes e territorio que ocupa cada aldea.

Tratábase de ollar se había diferenzas significativas na conservación da hodonimia en base a estes criterios, é dicir, se o feito de estar nun enclave máis urbanizado (tipo de actividades económicas, tipo de vivendas, cualificación do solo...) podía influír na hodotoponimia dun lugar e en que sentido o facía.

Seguindo estas directrices elixíronse tres aldeas:

- Bronllo, situada na parroquia de Setecoros (San Salvador), unha das aldeas menos habitadas do concello,
- A Cerneira, situada na mesma parroquia, pero pola contra moito máis poboada,
- Ponte Valga, da parroquia de Valga (San Miguel), lugar onde se atopan os principais servizos do municipio (casa do concello, museo, radio, garda civil, farmacia, casa da cultura).

Unha vez tomada a decisión dos lugares que visitaríamos, concentrámonos na procura de informantes para cada unha das zonas. Para isto, procuramos cinxirnos aos criterios recomendados no seu momento pola Comisión de Toponimia, dependente da Xunta de Galicia, a saber: que fosen persoas nativas desas aldeas, que tivesen idade avanzada, que estean ou estivesen en contacto directo coa terra (ou co mar). Estas tres características, combinadas entre si, dan como resultado unha persoa boa coñecedora do territorio que queremos estudar.

En todo momento contamos co apoio do Concello de Valga, que acolleu con entusiasmo a idea e valorou moi positivamente que dende o IES Valga se promovese o coñecemento e conservación do patrimonio propio entre a poboación máis nova. Esta colaboración fíxose especialmente substantiva a través do seu técnico de cultura, Santiago Chenlo Campos, que nos prestou axuda na busca de informantes, nos acompañou en todas as saídas de campo que se fixeron e apoiou dentro da aula a confección de mapas.

No caso da aldea de Bronllo foi crucial o contacto coa súa asociación de veciños (Asociación cultural e veciñal de Bronllo), en concreto representada pola persoa de Juan Carlos Bragaña Paz, presidente da mesma. Na Cerneira, o noso informante foi Alfonso Santiago Jamarido, veciño nativo da aldea.

Todos eles guiáronnos polos principais lugares e camiños e foron explicando os nomes deses enclaves interiores á propia aldea e os usos fundamentais que se lles daban tradicionalmente.

Á súa vez, dentro do propio instituto, o proxecto desenvólvese de xeito interdisciplinar, con catro departamentos implicados: Lingua galega e Literatura, Xeografía e Historia, Tecnoloxía e Fabricación mecánica. Participan un total de cinco profesores e 29 alumnos de 2º da ESO matriculados na materia de Paisaxe e sustentabilidade.

### **2.3. Actividades desenvolvidas**

As principais actividades que se desenvolveron ao longo dos seis últimos meses do curso 2018-2019, foron as seguintes:

- Charlas informativas no propio centro a cargo de dous dos informantes, previas ás saídas de campo para unha primeira toma de contacto coas aldeas que iamos visitar.



- Clases preparatorias para o manexo de *Google Earth*, ferramenta empregada no proceso de xeolocalización.
- Saídas de campo aos tres enclaves elixidos para o proxecto. Durante estas saídas o alumnado ía provisto dunha fotografía aérea de *Google Earth* e, ao tempo que visitabamos os diferentes lugares das aldeas acompañados por cadanseu informante, os estudantes ían anotando as diversas denominacións toponímicas que os informantes nos indicaban, e escoitando as súas explicacións sobre a historia de cada unha das denominacións.
- Localización en soporte dixital con *Google Earth*, co apoio dentro da aula do técnico do concello.



Saída de campo coa presenza do informante á aldea da Cerneira




Xeolocalización de topónimos utilizando *Google Earth*

- Deseño e elaboración de carteis sinalizadores da microtoponimia, para o que se contou coa axuda inestimable do departamento de Fabricación mecánica. Dado o pouco tempo do que dispoñíamos, tivemos o debate sobre cal dos lugares visitados íamos sinalizar, posto que era imposible facelo con todos eles. Decidimos elixir o lugar d' *O Quinteiro*, en Bronllo, por tratarse dun lugar especialmente significativo no centro da aldea onde se desenvolven con certa asiduidade actividades veciñais.

Nas seguintes fotografías intentamos ilustrar o proceso de deseño da sinalización empregando o programa AutoCAD, de uso habitual para esta finalidade. Tamén o propio momento da fabricación e corte nos talleres do noso centro, empregando neste caso o programa BobCAD:

Captura de pantalla do deseño do sinal utilizando AutoCAD



Momento do corte realizado nos talleres de soldadura do IES Valga



Sen dúbida para nós a actividade máis destacable polo que representou foi a do día da colocación do sinal, xa que conseguimos xuntar, nun acto entrañable, a alumnado e profesorado, alcalde e outros representantes do concello e veciñanza de Bronllo. Dalgún xeito e ao noso entender, esta actividade representa a esencia do propio proxecto.



Xornada de convivencia coa veciñanza o día da colocación do sinal

### 3. DIFUSIÓN DO PROXECTO

O proxecto foi difundido a través de varios medios, entre os que destacamos:

- anuncios públicos da Asociación veciñal e cultural de Bronllo,
- paxina web do concello,
- páxina web do instituto,
- entrevista ao alcalde de Valga, onde se lle preguntaba pola toponimia do concello e as medidas políticas que se tomaron ou van tomar no futuro para a súa preservación. A entrevista foi feita por un alumno de 2º ESO e retransmitida a través de Radio Valga no mes de xuño de 2019,
- *La Voz de Galicia*, na súa edición de Arousa.



Captura de pantalla da nova ofrecida por *La Voz de Galicia* onde se recolle o momento da colocación do sinal

#### 4. RESULTADOS DO TRABALLO DE CAMPO

Presentamos aquí a relación dos topónimos recollidos en cada unha das aldeas. Facémolo en dous grupos diferenciados.

- Por un lado figuran os nomes de localizacións interiores dentro da aldea, que designan polo xeral nomes de espazos habitados de rango inferior á propia aldea<sup>2</sup>. Teñen diferente natureza, pois poden denominar tanto terreos de ámbito privado (caso das eiras), como terreos de uso comunal ou público (encontro de camiños, campos da festa...). Son de distinta extensión.
- Por outro lado, consignamos os nomes das vías, carreiros ou camiños (hodónimos).

Ordenámoslos polas aldeas ás que pertencen.

<sup>2</sup> Téñenselle chamado descriptivamente “partes de aldea” (Marqués 2003: 25). Nalgunhas zonas chámanse barrios, barretes ou lugares, todas eles denominacións de pouca precisión terminolóxica e, ademais, anfibolóxicas, porque tamén poden designar o mesmo ca ‘aldea’. Ademais, ás veces levan nomes de espazos máis pequenos. Cumpiría unha proposta máis precisa para esta realidade toponímica.

## A Cerneira

Lugares: *A Eira do Cruceiro, O Cruceiro, A Tenencia*<sup>3</sup>, *O Souto, A Fonte, A Eira do Campo, O Barral, O muíño do Barral, A Cerneira de Abaixo, A Fonte da Cerneira de Abaixo, A Eira de Ferro.*

Camiños: *camiño da Carballeira, camiño de Portorrió.*

## Bronllo

Lugares: *As Mimosas, O Quinteiro, A Casa Vella, A horta dos Frutais, O pozo do Laranxiño.*

Camiños: *Carlón, camiño da Fonte, Camiño Portugués.*

## Ponte Valga

Lugares: *praza Manuel Vicente Cousiño.*

Camiños: *avenida A Bella Otero, canella A Riveirana*<sup>4</sup>, *camiño Casa de Amil, rúa Doutor de Oya Salgueiro, avenida da Coruña, rúa Baixa, travesía rúa Baixa, camiño O Cruceiro, camiño Paredes, canella O Souto, camiño A Terroeira.*



O sinal xa colocado no Quinteiro de Bronllo

A primeira conclusión á que chegamos é que, se comparamos os resultados da tipoloxía de topónimos que recolleemos nas aldeas e os da zona máis urbanizada do concello (Ponte Valga), a proporción topónimos/hodónimos invertece claramente. Mentres que en Bronllo e A Cerneira predominan os nomes das localizacións interiores, no caso de Ponte Valga hai un claro predominio dos hodónimos. Froito do propio proceso de urbanización observamos como se perden os nomes tradicionais destas localizacións de rango inferior que son rebautizadas con outro tipo de denominacións.

Se facemos unha pequena análise da toponimia destes espazos, observamos a predominancia que adquiren as eiras, as fontes e os

3 Optouse por conservar o topónimo tal e como foi recollido, aínda que somos conscientes de que se trata dun castelanismo no canto da forma tradicional *A Tenza*.

4 Optouse por conservar as formas tal e como están consignadas nas sinalizacións correspondentes, aínda que neste caso a forma estándar sería *Ribeirana*, segundo a súa orixe etimolóxica, de acordo coa voz común *ribeira*.

cruceiros, elementos moi importantes dentro da vida e dos costumes tradicionais das aldeas. As eiras, ademais de denominar eses sitios chans próximos ás casas, onde se desenvolvían traballos imprescindibles ligados ao ciclo dos cultivos (a malla, por exemplo), empregábanse, tal e como nos explicou algún dos informantes, para celebracións como o entroido e as festas. Alí disfrazábanse e facían foliadas, tocaban a gaita e a pandeireta, como por exemplo na *Eira do Campo* ou na *Eira de Ferro*, no caso da Cerneira. No caso de Bronllo, o espazo dedicado a traballos e festas é *O Quinteiro*, auténtico centro da aldea que se atopa entre varias casas. Mentres que as eiras son, na maioría dos casos, propiedades particulares que son coñecidas polo nome da familia á que pertence a casa (*Eira do Ferro*), no caso do Quinteiro atopámonos ante un terreo comunal.

En ambas as dúas aldeas atopámonos coas fontes (*A Fonte, camiño da Fonte...*), que dan boa conta da relevancia que tiñan estes enclaves na vida destes lugares séculos atrás. A importancia da auga para lavar, para beber os animais e as persoas e para abastecer as propias casas, queda retratada na toponimia. Neste mesmo sentido, os ríos e regatos tamén son frecuentes na hodonimia (*camión Portorrío*). Outro tipo de construcións que son importantes na vida das aldeas son os cruceiros, que marcaban non só o cruzamento de camiños, senón tamén o lugar onde se celebraban actos relixiosos, como a oración, por tratarse do camiño de defuntos.

Outras denominacións teñen que ver coa abundancia de determinados elementos naturais, ben sexan fitónimos, isto é, referencia a vexetais (*O Souto, As Mimosas, camiño da Carballeira, O pozo do Laranxiño*), ben sexa tipos de terreo (*Barral*).

No caso da zona máis urbanizada, Ponte Valga, xa dixemos que atopamos unha clara predominancia dos hodónimos sobre as localizacións interiores. Con todo, partamos da base de que os hodónimos (nomes de rúas, camiños, vías...) son, dentro da toponimia, quizais dos máis difíciles de analizar, porque son mudables e non poucas veces se ven sometidos a vaivéns provocados pola evolución histórica. No caso de Ponte Valga temos un exemplo claro na mudanza de nome da rúa dedicada a *José Antonio Primo de Rivera* pola actual rúa *A Bella Otero*, levada a cabo pola corporación municipal a comezos do século XXI.

Por outro lado, non coñecemos unha clasificación detallada que recolla os tipos de hodónimos que existen, polo menos en Galicia. Basicamente, podemos falar de que se distinguen dous tipos principais: os descritivos e os

conmemorativos; os primeiros recollen topónimos, profesións ou construcións (unha igrexa, unha estación etc.) e os conmemorativos, moito máis simbólicos, sitúan a comunidade nun contexto social, político ou cultural (Neethling 2016).

Con respecto a estes últimos, cómpre recordar neste momento que, xa no ano 2002, a Comisión de Toponimia da Real Academia Galega e a Asociación Galega de Onomástica, xunto con outras entidades, asinaron unha declaración onde, ademais de lembrarnos que a toponimia é un dos bens culturais máis importantes dunha comunidade, advirten de que os topónimos honoríficos só son recomendables no caso de que non sepulten ningún topónimo tradicional. Tristemente, comprobamos como en moitas ocasións esta recomendación non é tida en conta polos diferentes concellos galegos.

Mantendo a anterior clasificación, a análise que podemos facer da toponimia recollida en Ponte Valga é a seguinte:

- hodónimos que recollen toponimia anterior, é dicir, que indican a dirección cara a aldeas do concello próximas: *camiño Paredes*, *camiño A Tarroeira*; ou ben cara a unha das cidades que une a estrada N 550, que cruza Ponte Valga: *avenida da Coruña*.
- hodónimos que reflicten unha construción: *camiño O Cruceiro*, *Camión Casa de Amil*.
- hodónimos de carácter conmemorativo: *rúa A Bella Otero*, *rúa Doutor de Oya Salgueiro*, *canella A Riveirana*.

Esta última denominación (*canella A Riveirana*), parece ser que se debe a un dos alcumes que tiña a familia de La Bella Otero. E efectivamente, esa zona atópase onde están as ruínas do que se considera que foi a casa materna da insigne personaxe, tan característica do concello de Valga como Xesús Ferro Couselo ou o Padre Isorna.

Con todo, vémonos na obriga de completar esta clasificación con algún outro suposto, para integrar denominacións como *rúa Baixa* ou *Travesía rúa Baixa* que fai alusión, se se comproba *in situ*, a que efectivamente se atopa nun plano inferior con respecto á avenida da Coruña, ou tamén se podería interpretar esta denominación porque se atopa nun fondal do desnivel do terreo, que vén caendo nunha leve pendente ata ese punto.

Nun caso similar estaría *canella O Souto*, interior na aldea de Ponte Valga e que probablemente lembre a existencia dun souto antigo que actualmente xa non existe.

Por outra parte, todos os informantes fixeron fincapé en algo común: a perda da transmisión interxeracional. Mesmo tratándose dun concello tan rural como é o caso de Valga, nótase esta perda. Quizais precisamente por isto poderíamos dicir que se produce unha mellor conservación, se temos en conta que o proceso de urbanización, tan a miúdo auténtico verdugo da toponimia tradicional, aínda está pouco avanzado; e, á par, os modos de vida ligados a actividades agropecuarias tradicionais aínda perduran.

Ben, pero chegados a este punto, é o momento de recordar que conservación non é transmisión, máxime cando temos en conta que moitos destes topónimos interiores das aldeas non están sinalizados, polo que a transmisión oral é, de facto, o principal e único soporte de transmisión. A mocidade de Valga, o mesmo que todas as demais mocidades doutros lugares, é vítima da globalización; o cal implica en moitos casos o desprazamento dos seus intereses cara a outro tipo de cuestións que pouco teñen que ver co ámbito local. O feito de nacer nunha aldea hoxe en día, nunha sociedade altamente dixitalizada e tecnificada, non converte a mocidade en gardadora da tradición. Porén, si é certo que unha parte destes mozos e mozas de Valga seguen en contacto nas súas casas con actividades agropecuarias tradicionais, ao tempo que a lingua galega se mantén como lingua vehicular principal na inmensa maioría deles e delas.

En ningún caso queremos vernos abocados a iso que se ten chamado microtoponimia “morrediza”:

A microtoponimia morrediza, pola contra, é a que viu, a miúdo recentemente, moi comprometidos os fins locativos para os que tivo nacemento, acompañados case sempre da quebra da transmisión interxeneracional directa. Son certamente formas viventes pero xa desvencelladas –ou en estadios máis ou menos avanzados de o facer– dos seus inherentes propósitos de xeolocalización. Son viventes só en canto están xa apenas na lembranza e non no uso cotián, e moitas veces tan só na lembranza. Coma no caso anterior, non é aquí tampouco o número de usuarios/coñecedores un factor determinante (Sestay 2016).

Polas razóns expostas, coidamos aínda máis importante se cabe que o centro educativo ao que asisten poña en marcha actividades de conservación do patrimonio, especialmente o patrimonio toponímico, aproveitando este dobre fío que os une á terra e á lingua.



## 5. CONCLUSIÓNS

Este traballo valeu para constatar a enorme riqueza toponímica que se encerra dentro das nosas aldeas e que serve para denominar localizacións habitadas interiores e de rango inferior a estas. Nos casos por nós estudados comprobamos ademais como rara vez están sinalizadas e, se nos fiamos das declaracións dos propios informantes, atópanse en claro risco de perda ou desaparición entre a poboación máis moza. Cómpre, xa que logo, facer un esforzo colectivo urxente que asegure a súa supervivencia e conservación, e neste labor, ademais da educación ou de proxectos similares a este, coidamos imprescindible o papel dos concellos e da propia veciñanza.

Por outra parte, constatamos de igual xeito a dificultade que tivemos na redacción deste artigo por mor da falla dunha terminoloxía clara que delimite que é a microtoponimia, a que se lle pode chamar microtopónimos e como denominar estoutros topónimos que designan localizacións interiores habitadas das aldeas. Cómpre neste caso un traballo rigoroso de clarificación terminolóxica que lle correspondería facer aos expertos na materia.

Baseándonos, máis unha vez, nas manifestacións que espontaneamente nos fixeron os informantes e o propio alumnado, observamos que en ningún caso se referiron aos hodónimos existentes nas aldeas coa palabra *rúa*, senón sempre falando de *camiños* ou *carreiros*. Só no caso de Ponte Valga (único espazo con carácter urbano dentro do concello) aparece de xeito espontáneo a denominación *rúa* para facer referencia ás vías, tendo en conta ademais que neste caso si aparecen sinalizadas dese xeito.

Pensamos, despois da nosa experiencia, que así se debería manter. Hai rúas nas aldeas? A non ser que falemos de enclaves pequenos pero que xa mostran síntomas de urbanización (predominio de edificios fronte a vivendas unifamiliares, acumulación de servizos, presenza do sector terciario...) cremos que se debería manter a denominación destas vías como camiños, corredoiras, carreiros..., porque sincronicamente constatamos que ese é o uso predominante.

E, por suposto, en ningún caso a apertura de novas rúas nos espazos urbanizados debería ocultar a denominación tradicional dos lugares, senón que estes deben ter preferencia absoluta. De non facerse deste xeito, corremos o risco de que desaparezan sen máis, ensumidos polo remuíño dunha suposta modernidade.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.) (2017): *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas*. Anexo 75 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- DRAG = González González, Manuel e Antón Santamarina Fernández (dirs.) (2006-): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en <http://academia.gal/dicionario>
- Dewey, John (2004): *Democracia y educación*. Madrid: Morata.
- Marqués Valea, Xulia (2003): *A toponimia na escola. Guía para a recolleita, catalogación e estudo dos nomes tradicionais de lugar*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Neethling, Bertie (2016): “Street names. A changing urban landscape”, en Carole Hough (ed.), *The Oxford handbook of names and naming*. Oxford: University Press, 144-157.
- Puig, Josep M. (coord.) (2009): *Aprendizaje Servicio (ApS). Educación y compromiso cívico*. Barcelona: Grao.
- Sestay Martínez, Iván (2016): “A recollida de microtoponimia na zona (peri)urbana de Vigo”, en Xesús Ferro Ruibal (ed.), *Estudos de Onomástica Galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e codificación*. A Coruña: Real Academia Galega, 49-64.



# IV

## A salvagarda da toponimia tradicional fronte á hodonimia conmemorativa: a práctica da denominación das rúas nos espazos urbanos

Presentación da mesa redonda / LUZ MÉNDEZ

O caso de Pontevedra / CONCEPCIÓN COCHÓN RODRÍGUEZ

As rúas de Vigo / MARTA SOUTO

Pola rúa da Amargura: o declive da toponimia tradicional no nomenclátor urbano da Coruña / IVÁN MÉNDEZ LÓPEZ

A práctica de denominación de rúas en Lalín:  
a Comisión do Rueiro / MARTA NEGRO ROMERO

Debate

Un modelo hodonímico mixto / GONZALO NAVAZA



## Presentación da mesa redonda

Luz Méndez

Real Academia Galega. Seminario de Onomástica

O paso do tempo trouxo novos modos de entender e vivir o mundo e de nomear os lugares, sobre todo os urbanos, e Galicia non escapou a estas modas novas. O que durante séculos naceu do pobo, do conxunto da sociedade, pasou, desde finais da Idade Moderna, a ser competencia dos que nos gobernan.

Xurdiu así unha nova práctica na denominación de rúas e espazos públicos das vilas e cidades, a denominada toponimia conmemorativa –hodonimia conmemorativa, en canto que falamos de vías. Este modo simbólico de nomear substituíu, cando non sepultou, o modo tradicional utilitario, destinado a facilitar a orientación espacial.

Con esta mesa redonda queremos ver como evolucionaron e que panorama presentan hoxe catro espazos urbanos galegos de historia moi diferente. Dúas son localidades nadas coa romanización e que se consolidaron como cidades na Idade Media ó abeiro da actividade pesqueira, marítima e comercial: Pontevedra, paso de camiños, artellada a través das dúas pontes que recolle o nome primitivo con que se cita no Itinerario de Antonino (*Ad duos Pontes*); e A Coruña, a romana *Brigantium* que mudou o seu nome ó do *Faro* que tanto a singularizaba e que repuntou coa carta foral e o novo nome de pía, *Crunia*, que lle outorgou o rei Afonso IX<sup>1</sup>.

Vigo, de fundación romana tamén, o *Vicus Spacorum*, pero de pasado medieval escuro e branco de ataques constantes doutros pobos, medrou pasenionalmente e só se deu consolidado como un grande espazo urbano, o máis industrializado de Galicia, a partir da segunda metade do século xx.

A cuarta convidada é Lalín, unha localidade pequena nada nun enclave de pasado medieval ben activo e documentado, pero fortemente rural. É unha

---

1 Navaza, Gonzalo (2016): “A orixe literaria do nome da Coruña”, *Revista Galega de Filoloxía* 17, 119-164. <https://doi.org/10.17979/rgf.2016.17.0.1873>

vila de creación recente, que abrollou de xeito tan rápido, que nin os seus habitantes nin as autoridades foron quen de ocuparse dos nomes da rede viaria: sepultados os vellos nomes tradicionais, seguramente hoxe case todos esquecidos, non houbo capacidade de dotar as rúas doutras denominacións, e letras e números, ó xeito dun novo Manhattan, configuran en boa maneira aínda hoxe o nomenclátor de rúas de Lalín.

As catro persoas que participan na mesa están ou estiveron ligadas nos últimos tempos dalgunha maneira á denominación viaria destas catro localidades, ben como observadores ou recuperadores dos nomes tradicionais desde os servizos de Normalización Lingüística das tres cidades, como é o caso de Iván Méndez na Coruña, Conchi Cochón en Pontevedra e Marta Souto en Vigo, ben desde a Comisión do Rueiro que se constituíu en Lalín para solucionar, sen éxito, a atípica situación da hodonimia da vila, Comisión da que formou parte Marta Negro.

Reprodúcense en primeiro lugar as súas intervencións, onde nos describirán, desde o pasado máis ou menos recente ata a actualidade, cal é a situación da hodonimia destes catro enclaves e, deixarannos ver cal pode ser o futuro que lles auguran.

A continuación transcribírase o debate que tivo lugar despois das catro exposicións, que conteñen apreciacións interesantes que arrequecen a cuestión. E por último, engádese a proposta de Gonzalo Navaza, que quere achegar unha solución intermedia entre a intención conmemorativa e o respecto á denominación tradicional, dunha forma que xa se ten ensaiado en diversas cidades.

## O caso de Pontevedra

Concepción Cochón Rodríguez

*Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra*

Para ter unha idea completa de como se fixou a hodonimia da cidade de Pontevedra sería necesario remontarse moito tempo atrás. A documentación que atesoura Pontevedra é moi ampla; contamos con rexistros históricos e traballos de investigación sobre a cidade desde a Idade Media. Ante a imposibilidade de abordar con detalle a análise de todo o nomenclátor vixente e histórico, centramos a análise no actual. Dentro deste, detivémonos nos nomes acordados e oficializados desde os anos oitenta. Tomamos esta década como referencia porque entran en vigor o Estatuto de autonomía, a Lei de normalización lingüística e a Lei do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais.

Para a análise dos datos utilizamos dous corpus: a base de datos do Arquivo municipal e as actas dos plenos do Concello. Tamén consultamos o estudo historiográfico e xeográfico do Concello (Juega 1990), que contén unha análise moi interesante da evolución do trazado e os nomes das rúas e prazas da cidade desde unha perspectiva histórica.

Este artigo sería moi diferente sen o traballo profesional e coidadoso das miñas compañeiras e compañeiros do Concello, tanto do cadro de persoal como do cadro político, especialmente no Arquivo municipal, Servizo de Cultura, Secretaría e Alcaldía; e tería máis eivas sen as atinadas suxestións de Ana Boullón e Luz Méndez.

### 1. MARCO NORMATIVO

Como outras competencias municipais, nomear as vías urbanas é un acto administrativo que está suxeito a un marco normativo concreto. Este regula e recomenda



desde que nomes son ou non acaídos para nomear<sup>1</sup> unha vía urbana ata os pasos que debe seguir o procedemento.

Alén das normas e publicacións dispersas de carácter máis técnico, a lexislación específica da administración local regula estes aspectos, posto que é competencia dos concellos nomear as vías e espazos públicos urbanos. No Concello de Pontevedra, o Pleno é o órgano de goberno que aproba estes acordos, aínda que a normativa xeral vixente só lle atribúe determinados casos.

O artigo 123.1 e) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, establece que lle corresponde ao Pleno tomar “os acordos relativos á delimitación e alteración do termo municipal; a creación ou supresión das entidades a que se refire o artigo 45 desta lei [...] e o cambio de denominación deste ou daquelas entidades”.

Corresponde aos concellos revisar, actualizar e completar a nomenclatura e rotulación das rúas, segundo dispón o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais (art. 69) e o Real decreto 2612/1996 polo que se modifica o regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.

Ademais, o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais atribúe ao Pleno a potestade da concesión de distintivos honoríficos (art. 50.24). Encádrase neste caso a adxudicación ás vías urbanas de nomes de persoas co fin de lembrar o seu traballo a prol da comunidade.

Por outra banda, os acordos que os concellos poden tomar en materia de toponimia tamén están lexislados tocante á lingua:

A Lei orgánica 1/1981, de estatuto de autonomía para Galicia, reconece que “a lingua propia de Galicia é o galego.” (art. 5.1), e que “os poderes públicos de Galicia [...] potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa.” (art. 5.3).

A Lei 3/1983, de normalización lingüística, trata no artigo 10 a materia da toponimia galega. Establece tres eixos centrais para establecer a hodonimia urbana: a lingua, quen debe nomear e os efectos legais do acto.

---

<sup>1</sup> Entre outras normas, a Constitución española, de 29 de decembro de 1978, (art. 20.4 e 46; o primeiro marca límites aplicables ás referencias para nomear e o segundo afecta á toponimia); a Lei 52/2007, da memoria histórica, (o art. 15.1 regula o tratamento ás homenaxes referidas á ideoloxía franquista) e a Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, (art. 1.1, 1.2, 2.2, 2.3, 8.3, 32, 35, 40 f), 44.1 a), 52.1, 67, 69.1, 69.6, 70.7), que protexe a lingua galega e a toponimia como bens inmateriais e prevé a súa restauración, conservación e difusión.

- 1 Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.
- 2 [...] O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.
- 3 Estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas.

O Decreto 132/1984, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia, entende como galeguización dos nomes de lugar tanto os casos de cambio de nome, como “os de recuperación ou de fixación ortográfica duns nomes que por diversas circunstancias perderon ou viron desvirtuada ao longo do tempo a súa propia forma ou correcta transcripción”.

A Lei 5/1988, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, aínda que de contido escaso e moi xenérico, insiste no mandato aos concellos e deputacións de utilizar a lingua galega, sinalando de maneira especial “propostas de acordo, ditames das Comisións informativas e actas das entidades locais” (art. 1.1).

Consonte as normas anteriores, a Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, ano 2004, recolle (art. 18) que a única forma oficial dos topónimos do concello é a galega; que a utilización da toponimia se atará ao disposto pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia e que o Concello promoverá a recuperación, coñecemento e uso da toponimia do territorio municipal, e preservará as formas tradicionais dos lugares como parte integrante da memoria colectiva e do patrimonio cultural. No artigo 19 establece que os rótulos e sinalizacións

serán redactados en idioma galego cinguíndose aos criterios establecidos no SNL; e sempre tendo en conta a normativa oficial. [...] antes da publicación [...] serán remitidos ao SNL para a súa revisión lingüística.

Finalmente, o Regulamento Orgánico do Pleno (2009) recolle no capítulo III (art. 7-10) o uso oficial do idioma galego. Destacamos o artigo 7 “Idioma Oficial. [...] o Pleno da Corporación promoverá o uso normal da lingua galega tanto oralmente como por escrito”; e o artigo 8 que obriga á redacción da documentación en galego.

Malia este marco legal tan claro no mandato do uso da lingua galega, segue a haber eivas na engrenaxe de funcionamento municipal que orixinan

o uso de nomes deturpados e castelanizados. Só algúns exemplos son a grafía *Campo do Boy* nun certificado de empadroamento do ano 2010 ou a persistencia teimosa de erros como *Ocho de Marzo*, *Alemania*, *Alhóndiga* ou varios reis *Alfonso* en distintas bases de datos municipais que dan pé aos máis diversos actos administrativos de repercusión pública.

## **2. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO PARA NOMEAR AS VÍAS URBANAS**

O marco normativo establece tamén o procedemento administrativo que cómpre seguir para renovar a hodonimia. Este procedemento ten pequenas variantes segundo se trate de nomear vías urbanas de nova creación ou de cambiar un nome que xa foi oficializado.

Xa vimos que o Concello de Pontevedra leva a Pleno a aprobación dos novos nomes de vías urbanas, tanto se son nomes fixados por primeira vez, como se son cambios de nome. O Pleno é o órgano de goberno formado por todas as persoas que obtiveron acta de concelleira/o nas eleccións municipais. Así, que a hodonimia se fixe por acordo plenario supón someter cada proposta ao debate e á votación de todas as concelleiras e concelleiros, teñan responsabilidade de goberno ou estean na oposición.

En xeral, para nomear unha nova vía urbana cómpre primeiro unha proposta motivada da concelleira ou concelleiro responsable da área que teña delegada esa función; en Pontevedra habitualmente corresponde a Cultura. Esa proposta lévase á Comisión Informativa de Cultura para o estudo, debate e ditame por votación, o que abrangue varias sesións. Nas comisións tamén hai representación dos grupos políticos que están na oposición, polo que nos debates hai distintos puntos de vista. O ditame favorable orixínase cando a votación ten como resultado como mínimo unha maioría simple.

O seguinte paso é levar a proposta co ditame favorable á Xunta de Portavoces, un órgano colexiado formado polas voceiras ou voceiros dos grupos políticos municipais e mais polo alcalde. A Xunta de Portavoces determina os puntos da orde do día dos plenos do Concello, polo que decide a inclusión (ou non) da proposta sobre hodonimia na seguinte sesión do Pleno.

O Pleno de Pontevedra está formado por 25 concelleiras e concelleiros e ten marcadas sesións ordinarias mensuais. Cando a proposta chega a Pleno, este debate e vota. Se hai acordo, o nome queda aprobado. Os acordos do Pleno recóllense nunha acta, con valor normativo á hora de utilizar a hodonimia municipal. Os acordos nesta materia comunícanse a distintas entidades co fin de realizaren as actualizacións necesarias; dentro do Concello, aos servizos municipais directamente afectados polo acordo, que son: unidade responsable do Padrón municipal, Servizo de Xestión Tributaria, Arquivo municipal e Policía local do Concello; fóra do Concello: Catastro, Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística e Xefatura Provincial de Correos e Telégrafos.

No caso de querer cambiar o nome dunha vía que xa ten nome oficial honorífico por acordo plenario, o procedemento é moi similar. A diferenza é que, neste caso, a lei marca un período de exposición pública para o trámite de audiencia. É dicir, unha persoa interesada pode argumentar en contra e paralizar o acordo do Pleno co fin de que non se retire a conmemoración onomástica da rúa.

A incorrecta transcripción dos nomes nas actas dos plenos explica moitos casos de mala praxe nos usos posteriores. Son mostra disto a lectura de *8 de Marzo* como *Ocho de Marzo* (Táboa 1); ou en lugar da forma aínda viva na microtoponimia de *Mourente, A Maré* (Cochón 2013), a transcripción como *rúa do Maré* (1986), que orixinou unha segunda deturpación na sinalización como *rúa do Mare*.

### **3. COMO SE NOMEAN AS RÚAS EN PONTEVEDRA. CRITERIOS PARA A ESCOLLA DOS NOMES**

Tendo en conta o marco legal e o procedemento administrativo que se debe seguir, para completar ou modificar o nomenclátor urbano cómpre traballo desde dúas perspectivas: a política, que marca a ideoloxía dos nomes propostos, e a técnica, que asesora e vela pola materialización e aplicación dos acordos políticos. A seguir veremos a evolución dos criterios políticos que veñen determinando a fixación da hodonimia municipal, con mencións da parte técnica do traballo cando sexa pertinente. Estruturamos a exposición en cinco partes:

1. Finais do século xx
2. A partir de xuño de 1999
3. Ano 2002: entre a recuperación de topónimos e os hodónimos conmemorativos
4. Desde o ano 2003: escolla da toponimia tradicional
5. Ano 2015: acordo plenario para homenaxear mulleres, mais con prioridade da toponimia tradicional

### 3.1. Finais do século xx

Nos anos 80 e 90 predominaron os acordos baseados en conmemoracións onomásticas, con 87 homes e 4 mulleres, fronte a 49 nomes que conservaban a toponimia tradicional. Na base de datos do Arquivo municipal só consta a eliminación total dun topónimo: *camino da Illa*, na zona do Burgo lindeira coa Xunqueira, perdido a prol de *Martín Códax* no ano 1986. Hai algunhas perdas parciais como *Corvaceiras*, renomeada en parte *Gremio de Mareantes* (1986). Tamén se perdeu a oportunidade de rescatar, por exemplo, o antigo *Campo das Rodas* en 1996, cando se renomeou a *alameda de José Antonio* como *Arquitecto Sesmero*. Outro tema é a adecuación xeral dos novos nomes á lexislación lingüística. En xeral, os substantivos e adxectivos dos nomes tradicionais respectáronse, os artigos traducíanse (*Monte del Taco*) e as denominacións conmemorativas fixéronse en castelán ata 1999.

Nos últimos anos do século xx atopamos algún acordo en materia de hodonimia que atendía, con anos de atraso e moi parcialmente, á lexislación lingüística e adiantaba timidamente o que ía acontecer no futuro en materia de memoria histórica. Nesta liña é moi interesante a acta do Pleno do 25 de abril de 1996, tanto polas propostas que fai como polos argumentos que contén. O punto 6 da orde do día consta na acta así: “Callejero municipal. Revisión de la nomenclatura de calles y demás vías urbanas con galeguización de los nombres y recuperación de la toponimia tradicional en el casco histórico”. O contido artéllase en tres eixos: en primeiro lugar, o cambio de nomes de rúas para retirar algunhas das homenaxes a persoas e colectivos do bando golpista do 36, aínda que non aparece así argumentado e só se motiva o cambio “con el fin de adecuar y modernizar las mismas”; en segundo, a intención de galeguizar o nomenclátor e, finalmente, a determinación de pasos para recuperar a toponimia tradicional no Centro Histórico, co acordo de contratar unha nova rotulación que recolla

os nomes actuais en galego e as denominacións antigas do lugar. A galeguización do nomenclátor quedou reducida ao Centro Histórico ata o cambio de Corporación, coa entrada do novo século. Ademais, un dos once cambios de nome eliminou un topónimo tradicional moi vivo nunha parte da vía, para que a *rúa da Pedra do Lagarto* pasase a ser a *rúa do Pintor Laxeiro* no seu tramo máis urbano. Isto contrasta co propósito de recuperar a toponimia tradicional.

Placa do Centro Histórico  
que lle dá visibilidade  
á denominación tradicional



### 3.2. A partir de xuño de 1999

Nas eleccións municipais de xuño de 1999 en Pontevedra houbo cambio na alcaldía. Por primeira vez o BNG obtivo a maioría que lle permitiu conformar un goberno co alcalde que se mantén actualmente. A maioría non foi absoluta, polo que pactou co PSdG-PSOE. Nesta nova etapa e durante os últimos vinte anos tres eixos veñen marcando a liña política para nomear e renomear as vías urbanas pontevedresas: a retirada de homenaxes a persoeiros e feitos que enzalzaban o levantamento militar do 36; a recuperación de toponimia tradicional e a restauración e galeguización da existente; e a visibilización das mulleres na hodonimia conmemorativa. Todos tres son eixos do traballo para a recuperación da memoria histórica que veñen desenvolvendo os distintos gobernos municipais baixo o mandato do alcalde Fernández Lores. Con todo, veremos como estes criterios foron madurando e definíndose ao longo dos vinte anos.

O pacto de goberno tivo consecuencias no nomenclátor, como consta na acta do primeiro Pleno celebrado o 30/X/1999, onde a nova corporación municipal aproba por primeira vez nomes de rúas. Das nove rúas, seis están

dedicadas a homes individuais, outra a un feito histórico colectivo<sup>2</sup> e dúas recollen denominacións tradicionais. Dous destes novos nomes soterran cadanseu topónimo tradicional: *o camiño de San Brais* e *o anel da Eiriña*. Con todo, non se perderon: temos a *rúa de San Brais* desde 1986 e o lugar de *San Brais* na parroquia de Salcedo, actualmente parte dentro xa do límite urbano. Existe tamén a *travesía da Eiriña* documentada polo Arquivo municipal desde o ano 1854, moi próxima á *rúa Doce de Novembro*. É interesante pescudar as motivacións destes nove nomeamentos.

Comezaremos polas denominacións tradicionais. O Pleno aprobou *rúa do Campo da Feira* e *rúa da Tablada*. O *Campo da Feira* recuperaba a denominación tradicional da actual *praza de Barcelos*; o campo acondicionouse no ano 1900 para situar alí a feira do gando pontevedresa, que pasou a nomear o novo espazo público. No ano 1970 mudouse o nome ao irmandárense Barcelos e Pontevedra. Polo tanto, este acordo de 1999 recupera o nome tradicional do lugar e consérvao nunha pequena rúa que parte da praza. O topónimo *A Tablada* véñse mantendo moi vivo na fala pontevedresa e na escasa documentación escrita onde aparece. Non consta documentación que rexistre unha variante *trabada* ou *ta-boada*, e sabemos que o Nomenclátor recolle *A Tablilla* en Cerceda e Tordoia e *As Tablas* en Oza dos Ríos, polo que o Concello oficializa nese acordo a denominación tradicional e mantén a forma *tablada*.

Fronte a estas dúas denominacións tradicionais, seis das nove rúas recibiron nomes conmemorativos de home. *Luis Otero* nomeouse “por ser prolongación” da rúa que xa tiña ese nome. Catro rúas nomeáronse en homenaxe a pintores; sitúanse todas na mesma área e seguen o tema marcado en 1996 pola *rúa do Pintor Rafael Alonso*, atendendo a criterios técnicos que defenden a conveniencia de agrupar os nomes das rúas por temas. Os pintores homenaxeados foron Urbano Lugrís (a acta indica “ó tramo [...] que se vén denominando *Camiño de San Brais*”), Virxilio Blanco, Manuel Colmeiro e Luís Seoane, aínda que neste último caso non leva o apelativo *pintor*, polo que se entende como homenaxe a todas as súas facetas. O acordo plenario tamén recolle “Denominar Avda Juan Carlos I, ó vial que nacendo na rúa La Estrada, atravesa a rúa Pintor Laxeiro, iniciando ós trámites oportunos ca Casa Real” (a transcripción é literal). Neste caso impúxose o criterio técnico de varios funcionarios responsables de

---

2 Non contabilizamos *Doce de Novembro* entre as rúas dedicadas a homes porque, alén dos dez fusilados, ese día tamén tivo repercusións nas mulleres e nenos das familias. Elas e eles tamén reciben a homenaxe.

distintos servizos que defendía a imposibilidade de traducir o nome do rei para nomear a rúa sen o permiso da Casa Real; de nada serviron os criterios políticos nin toda a lexislación lingüística vixente. Este erro aparece corrixido nas actas de plenos posteriores, que aproban varias modificacións de trazado nos anos 2005 e 2009, pero aínda é posible atopar o nome en castelán nalgunha base de datos ou documento municipal.

Sobre *Doce de Novembro*, a acta do Pleno recolle o debate que se mantivo na Comisión Informativa. A proposta defendida polo grupo municipal do PSOE era *Doce de Novembro*, en memoria do fusilamento en 1936 de dez pontevedreses republicanos<sup>3</sup>; o grupo do BNG defendía *anel da Eiriña*, para manter a denominación tradicional *A Eiriña* desa zona da cidade; este foi o nome que se aprobou por maioría simple na comisión informativa previa ao Pleno. Finalmente, o BNG cambiou o criterio para aprobar o acordo plenario por unanimidade.

A acta do Pleno do día 27/XI/1999 recolle a intervención do concelleiro Luís Bará explicando os criterios para a escolla dos nomes que se propuñan. Estes criterios aplicáronse ata o ano 2000:

A idea xeral e os criterios que se barallaron na Comisión foron aceptados comunmente, eses criterios eran os de outorgar eses nomes a persoas relevantes da historia local, da historia de Pontevedra, tamén a personalidades da historia de Galicia, da historia universal e a recuperación de denominacións tradicionais, topónimos, nomes de lugares, nomes de barrios e ó mesmo tempo o espírito da Comisión era recoller e atender as peticións formuladas por distintos colectivos cidadáns e así se fixo.

Nese pleno de 1999 e en varios do ano 2000 aprobáronse dezaoito novos nomes. Destaca a *rúa da Pintora Maruxa Mallo* porque foi a primeira dedicada a unha muller desde 1986, cando se homenaxeou a Santa Lucía e a Santa Tareixa de Xesús Xornet con cadansúa rúa.

Fronte a esta, catorce foron homenaxes a homes: *Poeta Uxío Novoneyra*, *Antón Fraguas*, *Fermín Bouza Brey*, *Gaiteiro Ricardo Portela*, *Irmáns Pazó*, *Losa-da Diéguez*, *Benito Fernández Acuña O Faracho*, *Anxo Bugallo Alonso*, *Francisco*

3 “Que ocuparon postos relevantes na política pontevedresa, na etapa anterior ao golpe de estado de 1936. Os seus nomes eran: Juan Rico González, de 42 anos, capitán da garda de asalto; José Adrio Barreiro, 26 anos, avogado e xestor provincial; os mestres Germán Adrio Mañá, de 48 anos, Paulo Novas Souto, de 36 e Benigno Rey Pavón, 27 anos; os médicos Amancio Caamaño Cimadevila, 42 anos, Telmo Bernárdez Santomé, 51 anos e Luis Poza Pastrana, 27 anos; o impresor e xestor provincial Ramiro Paz Carbajal, 45 anos, e o secretario do partido galeguista Víctor Casas Rey, de 36 anos. Todos [...] acusados dun delito de traizón á patria.” (Álvarez 2008).



*Tomás y Valiente, José Martí, Fotógrafo Pintos, Fotógrafo Zagala, Escultor Acuña e Diego Sarmiento de Acuña.* Sobre este último a acta recolle: “que é a recuperación dun nome desaparecido, foi un erro no seu momento, hoxe é a rúa Arquitecto de la Sota, polo tanto propúxose a recuperación deste nome”.

Completan a relación a *rúa da Abundancia*, “atendendo tamén unha petición dos veciños dese barrio, proposta defendida no seu momento na Comisión polo portavoz do grupo do Partido Popular”; e a *praza da Liberdade*, que fai “oficial un nome xa utilizado popularmente” para nomear un espazo urbanizado había pouco.

A última denominación aprobada neste grupo foi *Centro Histórico* para nomear o barrio. Na base de datos do Arquivo municipal consta como nome anterior “Casco Vello”. Chama a atención a declaración e o rogo de Cesáreo Mosquera Lorenzo, concelleiro de Urbanismo, no Pleno do 28/X/2000:

O centro histórico de Pontevedra ten nestes momentos moitísimas denominacións e é bo ir avanzando nunha definición dun nome e pareceu máis oportuno o de Centro Histórico e agora só queda facer un esforzo para que este nome se vaia usando en tódolos ámbitos dunha maneira normal e que quede ó final como a denominación oficial de utilización e neste sentido só cabe solicitar a pequena colaboración por parte do goberno municipal á hora de realizar letreiros, etc., e dos medios de comunicación que ó fin e ó cabo son os que van transmitir á cidadanía ese nome e ir pouco a pouco facendo o esforzo de utilizalo en exclusiva para poder definilo e acabar coa multiplicidade e coa indefinición de nomes que neste momento existe.

### **3.3. Ano 2002. Entre a recuperación de topónimos e os hodónimos conmemorativos**

Desde ese Pleno do ano 2000 non volve haber propostas para nomear vías urbanas ata 2002, cando se deron outros dezanove novos nomes. Na táboa 1 apréciase un cambio na liña de traballo que vira a favor da recuperación da toponimia tradicional e patrimonial, representada por once nomes dos dezanove, en detrimento da hodonimia de honra a persoas, seis nomes contando o colectivo *Oito de Marzo*. Tamén se aprecia un cambio de sensibilidade para visibilizar as mulleres nas rúas: catro levan nome de home, dúas son homenaxe a mulleres.

Táboa 1. Clasificación dos nomes do ano 2002

Nome actual	Tipo	Acordo plenario	Nomes anteriores segundo a base de datos do arquivo municipal* e outras observacións
<b>Recuperación de toponimia tradicional e patrimonial</b>			
A Seca	rúa	26/X/2002	Estrada da Seca, Bernardino Fondevila (1965)
Ponte Boleira	rúa		Ponte Bolera
A Curtidoira	rúa		
A Curtidoira	praza		
O Muíño	rúa		Ampliación da rúa do Muíño (1986)
A Xunqueira	parque		Recinto feiral-Xunqueira, Rosalía de Castro (1986)
A Corva	rúa		
O Rouco	rúa		Secundino Esperón, Irmáns Vázquez Lescaille (1996)
Campolongo	praza		Campolongo, glorieta de Paco Leis (1938)
O Gorgullón	travesía		
A Estación	rúa		Avda. Estación-Alféreces Provisionais, Calvo Sotelo (1996)
<b>Honra a persoas</b>			
Oito de Marzo	praza	9/IV/2002	Na acta do Pleno aparece “8 de Marzo”. Este erro xerou lecturas en castelán que se reflicten aínda nalgúns documentos internos do Concello que en ocasións teñen repercusión fóra.

\* Entre parénteses, o ano do acordo no nome antigo.

Nome actual	Tipo	Acordo plenario	Nomes anteriores segundo a base de datos do arquivo municipal* e outras observacións
Rosalía de Castro	rúa	26/X/2002	Oliva, Salvador Moreno (1942)
Barriga Verde	rúa		
Joaquín González	rúa		
Valentín Paz Andrade	rúa		
Eduardo Pondal	travesía		
<b>Outras honras</b>			
Camiño de Ferro	rúa	26/X/2002	
Europa	praza	23/II/2002	No barrio de Monte Porreiro, tema “países de Europa e do mundo”

\* Entre parénteses, o ano do acordo no nome antigo.

Na táboa 1 vese como o Pleno de 26/X/2002 aproba os primeiros cambios de “nomes relacionados dun ou doutro xeito, pois [...] non son todos homologables, co período histórico do levantamento militar de xullo de 1936, a guerra e a represión daquela trágica etapa”. A cita corresponde á intervención do concelleiro Luís Bará para defender a proposta antes de sometela a votación. Presenta os nomes ao Pleno en dous grupos.

O primeiro confórmano vías nomeadas por primeira vez, case todas de nova apertura. Como se pode ver na táboa anterior e no extracto da acta do Pleno do seguinte parágrafo, dos dez casos, cinco recuperan ou están relacionados coa toponimia tradicional e outros cinco son conmemorativos; deles tres son nomes de homes, outro é antonomástico e o quinto é unha homenaxe ao tren. Ao remate desta presentación explica os criterios de selección:

recuperar nomes tradicionais, nomes populares, nomes vinculados coa toponimia e a microtoponimia local, que é unha maneira de evita-la súa perda, por tanto unha parte do patrimonio, da historia de Pontevedra e tamén nomes de personaxes destacados da historia de Pontevedra e de Galicia.

Reproducimos un extracto da súa intervención onde vai xustificando polo miúdo cando foi posible ou non utilizar a toponimia; marcamos en letra cursiva os novos nomes. O Pleno aprobou por unanimidade este punto.

a denominación de rúas de nova apertura, [...] situadas na zona de Pasarón e Lérez, concretamente as que se propoñen como denominación *Barriga Verde*, en homenaxe ó titiriteiro artista con residencia en Pontevedra José Silvent, a rúa *Valentín Paz Andrade*, que é un personaxe importante da historia do século XX en Galicia e *Joaquín González*, que é unha persoa moi vinculada á xestación e aparición do deporte pontevedrés, ó que se dedicou recentemente unha exposición no Pazo de Mugártegui e que, por certo, xa había un acordo do Concello de Pontevedra do ano 1955 para dedicarlle unha rúa; por outro lado están rúas novas e prazas na zona de Eduardo Pondal e O Gorgullón, para as que se propoñen nomes de *Ponte Boleira*, *Curtidoira*, *travesías de Eduardo Pondal* e *O Gorgullón*, *rúa do Muíño* e *Camiño de Ferro*, e por último na zona do quinto instituto a *rúa da Corva*.

O segundo grupo foi moito máis polémico. A acta recolle a defensa da proposta para cambiar os nomes do grupo que fai Bará en nome do BNG

é un cambio necesario, porque a historia, sobre todo esa parte tan negra da historia [...], a relacionada coa guerra do 36, hai que coñecela, hai que recordala, pero a mellor maneira de recordala non é mantendo eses nomes nas rúas, entenden que é un exercicio de xustiza, un exercicio de memoria e de normalidade democrática porque este tipo de cambios fixéronse en todo o Estado, en Galicia e en Pontevedra noutras épocas.

Segundo recolle a acta, as propostas que fai o BNG son:

- que a rúa Calvo Sotelo se chame “rúa da Estación, que é un nome popular e usado pola cidadanía”
- que a glorieta de Paco Leis se chame “praza de Campolongo, que tamén é un nome moi popular en Pontevedra e que está desaparecendo da toponimia”
- que a rúa Irmáns Vázquez Lescaille se chame “rúa do Rouco, que é tamén un nome usado aínda por moitas persoas maiores que denominaba o que era a zona de Cobián Roffignac”
- e a rúa Bernardino Fondevila que se chame “rúa da Seca, que tamén é o topónimo desa zona”
- no caso de Salvador Moreno, ó ser unha rúa moi longa e do centro urbano, “onde era difícil encontrar un topónimo que reflectise o que é ese espacia xeográfico, propónse a denominación de Rosalía de Castro”

porque entenden que é un personaxe central da historia contemporánea de Galicia, “que non ten ningún matiz ou connotación ideolóxica concreta e que tivo xa no seu momento unha rúa en Pontevedra que se lle sacou nos anos 40”

- polo tanto ó mesmo tempo propónse a denominación de recinto feiral da Xunqueira ou “parque da Xunqueira” ó chamado ata agora recinto feiral parque Rosalía de Castro;

A acta deste Pleno recolle un debate intenso sobre a proposta de cambiar os nomes de tan só cinco das rúas conmemorativas de persoeiros e feitos do bando golpista do 36. O Partido Popular defendía non tocar determinados nomes porque “non se debe falar mal das persoas que non están presentes”; “perturbaron a paz de fillos, netos e familiares destas persoas, que nin ofenderon a ninguén” e ofenderon “a toda unha xeración de homes que nun determinado momento histórico loitaron por unha causa, equivocada ou non, ata extremos de combater por esas ideas”. Malia a falta de unanimidade na votación, o Pleno aprobou no ano 2002 os primeiros cambios de nome motivados abertamente como accións para retirar homenaxes a persoas que loitaron activamente a prol da ditadura de Franco.

### **3.4. Desde o ano 2003 gaña terreo a toponimia tradicional**

No ano 2003 noméanse as once rúas e dúas prazas que se recollen na táboa 2; sete son topónimos tradicionais e dous nomes en homenaxe a homes. Na acta do Pleno do 19/IX/2003 Bará argumenta:

Os criterios que se empregaron foron basicamente a recuperación da toponimia e, en varios casos tamén, a recuperación da memoria histórica de Pontevedra, tanto no que se refire a persoas importantes da nosa historia como tamén a actividades económicas que tiveron unha transcendencia grande no desenvolvemento económico da nosa cidade; en canto ó parque empresarial do Campiño [...] nos nomes utilizouse a memoria histórica pola aparición alí de restos arqueolóxicos de mámoas, tamén toponimia do lugar, basicamente montes que se poden contemplar dende esa chaira.

Táboa 2. Nomes aprobados nos plenos de 2003 e 2004

Nome acordado	Tipo	Acordo Plenario	Motivación do nome*
<b>Topónimos tradicionais recuperados</b>			
Pasarón	praza	19/IX/2003	Nome aínda vivo na zona e “recordando tamén a situación nese entorno do campo de fútbol”
A Fracha	rúa		No Campiño
Coveliño	rúa		
Outeiro Redondo	rúa		
Outeiro Mozo	rúa		
Monte Louredo	rúa		
Chan da Parafita	rúa		Perdeuse a memoria da situación exacta. No Campiño. “Na obra do Padre Sarmiento denominando o lugar onde ten lugar o <i>Coloquio dos vintecatros galegos rústicos</i> , unha das grandes obras da literatura galega”
<b>Conmemoracións</b>			
Mámoas	rúa		No Campiño
Sardiña	rúa		“Recordo da Pontevedra mariñeira, a petición da asociación de veciños de San Roque, [...] tres calellas deste barrio moi próximas ó río dos Gafos”
Xurelo	rúa		
Espadín	rúa		
Pintor Arturo Souto	praza		“Un dos grandes pintores galegos [...] que sufriu as consecuencias do exilio despois de 1936 e do que o ano pasado se celebrou o centenario”
Antonio Medal Carrera	rúa	17/IX/2004	“Proposta dos colectivos veciñais de Ponte Sampaio de homenaxear a un artista, un pintor, escultor, ceramista, moi vinculado a esa parroquia onde viviu, onde fixo grande parte do seu traballo e onde deixou tamén moitos discípulos”

\* As citas entre comiñas están extraídas das actas do Pleno indicado.

Como se ve na táboa anterior, dos trece nomes sete recuperan toponimia tradicional, toda aínda viva agás *Chan da Parafita*; catro fan referencia a realidades moi vinculadas coa cultura do lugar e dous son homenaxes a homes. Nesta altura, máis da metade dos novos nomes fixan nas vías urbanas toponimia tradicional. Ademais, ata hoxe, o ano 2004 foi a última vez que unha rúa recibiu o nome dun home.

No ano 2004 o Pleno aproba a Ordenanza de impulso do uso do galego. No mesmo ano o Concello súmase á declaración pola conservación da toponimia tradicional que fixera pública ese mesmo ano a Federación de Asociacións Veciñais de Vigo Eduardo Chao.

Entre os anos 2005 e 2008 funcionou un grupo de traballo municipal interdepartamental centrado na toponimia. Creouse para coordinar tecnicamente o traballo e a investigación para recuperar toponimia tradicional de fontes escritas, acordar criterios para corrixir a toponimia municipal, galeguizar a que fose necesaria e cambiar as placas das vías, así como acordar e difundir criterios dentro e fóra do Concello para o uso da toponimia correcta. Formaban esta comisión os concelleiros ou concelleiras responsables de Cultura e de Normalización Lingüística e mais persoal técnico do Arquivo, Patrimonio, Urbanismo, da unidade de topografía, Cultura, da unidade encargada da xestión do Padrón municipal e de Normalización Lingüística.

O grupo de traballo funcionaba de maneira coordinada. Desde a área de Urbanismo e Topografía comunicábase a previsión de vías que ían precisar nome; os servizos do Arquivo municipal e Normalización Lingüística realizaban o labor de busca na documentación histórica, axustando a busca á área xeográfica na que estaban proxectadas as novas vías. Consultáronse os catastros históricos, de Ensenada e de 1959 sobre todo, e a documentación privada que constaba nos expedientes de urbanización municipais. Para levar as propostas á Comisión de Cultura para o debate, as e os concelleiros solicitaban informes lingüísticos ao Servizo de Normalización. Entre os criterios de selección, ademais do criterio xeográfico de proximidade, tíñase en conta a singularidade dos topónimos, a frecuencia nos documentos e a antigüidade das formas. Os primeiros vinte e seis topónimos da táboa 3 son resultado deste traballo.

Na táboa 3 vemos como entre 2005 e 2015 non se utilizou hodonimia conmemorativa antroponímica para ningunha das corenta e tres novas rúas. O criterio a prol da recuperación da toponimia tradicional estaba cada vez máis

definido. A acta do Pleno do 18/III/2005 recolle as declaracións do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, Luís Bará:

Hai un criterio [...] compartido por tódolos grupos políticos no sentido de procurar a recuperación da toponimia tradicional, tendo en conta que son zonas da cidade onde aínda perviven moitos topónimos, moitos nomes tradicionais. [...] Este vai ser un criterio que vai seguir téndose en conta no futuro para todas estas zonas de expansión da cidade, porque nos parece importante, dentro do traballo de mantemento da memoria histórica, tamén atender á preservación da toponimia tradicional; [...] na Comisión de Cultura tratouse unha declaración neste sentido para que se teña en conta neste tema e mesmo para que se acorde, con vistas ao futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal, que se siga este criterio, como unha recomendación tamén para os promotores de denominar urbanizacións que se constrúan no futuro, pensamos que é unha parte importante a toponimia do patrimonio histórico, do patrimonio inmaterial e unha maneira, á parte doutras actuacións que se poden facer, de mantela viva.

Esta acta é de marzo. En novembro, con María Xesús López Escudeiro como nova concelleira responsable de Cultura e de Normalización Lingüística, tamén do BNG, volven levarse sete propostas de nomes para cadansúa rúa. Só se fixa un topónimo vivo na zona; as outras seis denominacións están relacionadas coa cultura galega, como se pode ver na táboa 3. A acta do Pleno só recolle a explicación da vinculación con Pondal de dúas das propostas *O Bardo* e *A Cova Céltica*.

A acta do seguinte Pleno, 17/II/2006, ao que a concelleira leva propostas de once novos nomes, recolle a motivación que ela resume “botamos man de parte da nosa arte, de parte da nosa historia [...] son uns criterios que van ligados ao entorno, á paisaxe e á nosa cultura”. As xustificacións aparecen detalladas entre comiñas na táboa 3, segundo as extractamos da acta. Desde o punto de vista da conservación da toponimia tradicional perdeuse a oportunidade de recuperar nomes antigos para esta gran cantidade de novas rúas. Naquela ocasión fallou a comunicación interdepartamental, posto que o nomeamento das vías faise urxente en determinadas fases de urbanización da zona.

En febreiro de 2007 cómpre nomear catro novas vías. A proposta da concelleira nesta ocasión está totalmente fundamentada na recuperación da toponimia, que era a liña na que tamén viña traballando desde a concellaría de Normalización Lingüística coa organización de actividades formativas e informativas e



mais co baleirado de toponimia de fontes históricas. López Escudeiro fai referencia a ambas as liñas de traballo na súa intervención:

Acordáronse estes nomes partindo das directrices do congreso que houbo aquí en Pontevedra no mes de outubro sobre onomástica e tamén do seminario que houbo sobre as claves de onomástica galega celebrado aquí no mes de xaneiro, onde as figuras relevantes no campo da toponimia [...] insistían no sistema de mensaxes que constitúe toda a toponimia que temos en todos os países, os nomes tanto das persoas, os apelidos, como os dos nosos lugares e están cheos de mensaxes que son documentos históricos que nos falan da época en que eses nomes se formaron; a toponimia é unha parcela da nosa historia e para isto, despois das consultas que realizamos no catastro da Ensenada de 1756, nos amillamentos do Concello de Salcedo do século XIX, do catastro do ano 1959 e do catastro actual pois apareceu unha abundancia de topónimos enorme, [...] toda esta riqueza que tínhamos non se podía perder e esta toponimia [...] fai referencia precisamente aos cultivos que había nesa zona e tamén aos usos agrícolas. [...] Parecíanos fundamental a súa inclusión no nomenclátor actual porque somos conscientes do valor histórico que ten a toponimia que forma parte do noso patrimonio inmaterial e que temos que conservar porque a toponimia é o manto lingüístico apegado á terra.

Non deixa de chamar a atención o retruque do concelleiro do PP Celestino Lores Rosal:

Nada máis que para ratificar o noso voto a favor e agradecer a María Xesús esta disertación académica que nos vén moi ben, pero consideramos que está moi ben o do congreso e eses estudos pero xa na comisión de cultura se acordara, fai tempo, que se ían poñer os nomes toponímicos da zona porque [isto] evitaba así polémicas de cambios de nomes que ás veces resultaban un tanto complicadas.

No ano 2008 volve haber cambio de responsables, non de partido, nas concellarías de Normalización Lingüística e Cultura. O criterio de traballo segue a manterse. As consultas na documentación histórica están moito máis avanzadas, e iso fai que se incrementen as propostas de nomes para recuperar microtopónimos patrimoniais, como recollemos na táboa 3 destacando a fixación da toponimia tradicional nas tres primeiras filas.

Táboa 3. Nomes aprobados nos plenos de 2005 a 2012

Nome acordado	Tipo	Acordo Plenario	Motivación do nome*
<b>Topónimos tradicionais recuperados</b>			
A Carrasqueira	rúa	18/III/2005	“Para recuperar e para manter un nome tradicional desa zona que aparece na documentación deses predios que había alí”
Ponte Boleira	praza	18/XI/2005	Nome vivo
O Pino	rúa	17/II/2006	Nome vivo na zona; “é a estrutura da mesma rúa por costañenta”
A Roxa	rúa	16/II/2007	Do catastro de 1959 “Fai alusión a unha planta de moita importancia na Idade Media que era a “rubia tintorum” [...] que se empregaba para tinguir”
As Regas	praza		De fontes escritas
O Espincelo	rúa		Zona de Campolongo no catastro da Ensenada**, no de 1959, no actual e nunha das escrituras que manexou o Concello para urbanizar o predio que durante boa parte do século xx foi militar. “É unha palabra que existe por toda a toponimia galega, dada a abundancia do arbusto do espiño, temos <i>espiñedos</i> , <i>espiñeiros</i> , <i>espiñal</i> etc [...] debido á abundancia deste arbusto [...] espiño ou espincelo, [...] colectivo”
O Pozo	rúa		Recuperado de fontes escritas
Fedrigo	rúa	24/X/2008	Zona de Campolongo recuperado do catastro de 1959 e do actual.
Perliñas	rúa		Zona de Campolongo**
Ciriña	rúa		Do lugar da Eiriña, Mourente**
Agro da Estrela	rúa	29/X/2009	Da escritura privada dunha parcela do predio do Pazo da Parda

\* As citas entre comiñas están extraídas das actas do Pleno indicado.

\*\* Recuperados do Catastro del Marqués de la Ensenada (1752), libro Real de Legos.

Nome acordado	Tipo	Acordo Plenario	Motivación do nome*
Veiga da Eira	praza	27/III/2009	Zona de Campolongo, recuperado do catastro de 1959
Veiga da Valada	rúa	12/V/2011	Lugar do Costado e Costas, Mourente**
Veiga de Nabaliños	rúa		
Bacelar	rúa		Lugar de Pedra do Lagarto, Mourente**
Lagares	rúa		
Ludeiro	rúa		Antigo lugar de Mourente**
Prado Novo	rúa		Lugar de Santa Margarida, Mourente**
Barreiriñas	rúa		Lugar da Eiriña, Mourente**
Río das Leitugas	rúa		
Teixoeira	rúa		
Poza dos Canos	rúa		
Paxariñal	rúa		
Os Canos	praza		
As Hortas	rúa		
A Sequiña	rúa		
<b>Conmemoracións</b>			
A Historia	rúa	18/XI/2005	
Os Maios			
A Cova Céltica	rúa		Antes, <i>Primeira e Segunda Travesía do Camiño de Ferro</i>
O Bardo	rúa		
Os Soutos	rúa		“Achegar a natureza ao asfalto”
As Devesas	rúa		

\* As citas entre comiñas están extraídas das actas do Pleno indicado.

\*\* Recuperados do Catastro del Marqués de la Ensenada (1752), libro Real de Legos.

Nome acordado	Tipo	Acordo Plenario	Motivación do nome*
A Carqueixa	rúa	17/II/2006	“Achegar a natureza ao asfalto”
As Fragas	rúa		
O Forno	rúa		“Hai locais ou edificios [...] de referencia na vida da zona”
A Música	rúa		
A Cítara	praza		“Instrumentario que aparece no arco central do Pórtico da Gloria”
A Zanfona	praza		
O Organistro	praza		
O Seixo	rúa		“Na zona (...) da Laxiña recuperamos tamén o nome dun mineral emblemático do noso chan galego”
A Moa	rúa		Parte era <i>travesía do Gorgullón</i> , topónimo tradicional da zona. Consérvase na rúa do Gorgullón. “Actividade moi relacionada tamén coa vida dos ríos [...] na mesma zona [...] rúa do Muíño poñemos rúa da Moa, unha parte fundamental no funcionamento do muíño”
A Auga	rúa	“Relacionado [...] co entorno, na zona do Gorgullón ao lado do río dos Gafos”	
As Lavandeiras	rúa	18/III/2005	“Para [...] deixar constancia e recoñecemento dunha actividade que facían as mulleres da nosa cidade no río dos Gafos, do que aínda se conservan tamén restos no propio río”

\* As citas entre comiñas están extraídas das actas do Pleno indicado.

Na táboa número 3 vemos como, durante estes oito anos, a meirande parte dos nomes das novas vías preservan a toponimia tradicional da zona, ben fixando os usos aínda vivos, ben recuperando formas antigas conservadas en fontes documentais escritas. Dos 43 novos nomes, 26 son toponimia tradicional, practicamente a maioría recuperada das fontes documentais referidas á zona onde se sitúa a rúa ou a praza. Os acordos aprobáronse por unanimidade. Este foi, ata o

momento, o cumio do traballo para o respecto, restauración e recuperación da toponimia tradicional e galeguización do nomenclátor.

Durante este período renovouse a cartelaría das vías urbanas fóra do Centro Histórico. Estas placas seguen utilizándose na actualidade. O modelo inclúe unha pequena lenda explicativa do topónimo fixado ou da persoa homenaxeada, sempre e só en galego.



Exemplo das placas sinalizadoras urbanas en Pontevedra

### **3.5. Ano 2015: acordo plenario para homenaxear mulleres, con prioridade á toponimia tradicional**

Durante os anos 2012, 2013 e 2014 non houbo acordos plenarios referidos á hodonimia. No Pleno do 20/VII/2015, o grupo municipal do BNG presentou unha proposición “ao respecto do emprego de nomes de mulleres para a denominación de vías públicas, parques e edificios municipais, e outras formas de recoñecemento e homenaxe” da que salientamos:

1. A Comisión Municipal de Cultura do Concello de Pontevedra aprobou no ano 2003 unha declaración a prol do uso da toponimia tradicional na denominación de vías públicas. Con este acordo, [...] amosaba o seu compromiso coa defensa dos nomes tradicionais dos lugares, un patrimonio de grande valor cultural que está desaparecendo a causa dos procesos de urbanización do territorio. Este criterio seguiu ao longo de máis de 10 anos, o que permitiu recuperar moitos topónimos no novo viario que se foi conformando como consecuencia da expansión da cidade. [...]
- 2 Malia que se considera oportuno manter este criterio no futuro para a nomenclatura das vías urbanas, o grupo municipal do BNG propón que se complemente, nalgúns

casos, co emprego de denominación de persoas, nomeadamente mulleres que foron protagonistas da historia de Pontevedra e de Galiza.

A xustificación [...] é dupla: por unha parte, a presenza de nomes femininos na denominación de vías e outros espazos públicos é absolutamente minoritaria en relación cos nomes de homes; por outra, o labor de estudo e divulgación sobre a historia das mulleres de Pontevedra realizado nos últimos anos fornece un amplo conxunto de nomes que deben ser obxecto de recoñecemento.

Estas accións [...] teñen como finalidade situar as mulleres –con nome propio e con información sobre as súas achegas á mellora da cidade e da sociedade– nos espazos públicos. Para avanzar neste camiño, propóñense entre outras as seguintes liñas de traballo [...].

Na defensa da proposta, o concelleiro Luís Bará explicaba:

Esta moción é unha proposta do grupo de goberno pero realmente é o resultado dun traballo colectivo que se vén facendo xa dende fai case dous anos a través do programa Memoria das mulleres e que deu como resultado a exposición titulada “Do gris ao violeta”, tamén unha publicación co mesmo nome ou o proxecto de creación dunha enciclopedia sobre a historia e a memoria das mulleres de Pontevedra. O que se pretende [...] é que haxa unha maior presenza das mulleres nos espazos públicos, non só nos nomes das rúas.

En todo caso a utilización deste criterio pode ser complementario co criterio que se estivo utilizando no Concello ata os últimos doce anos que era o de primar a toponimia tradicional na denominación de vías públicas, porque estamos a falar non só da denominación de vías públicas senón tamén doutras fórmulas para facer presente e destacar a presenza das mulleres nos espazos públicos.

Do longo debate que recolle a acta do Pleno, chama a atención a declaración de César Alberto Abal González, representando o PP:

Nós vimos advertindo no exceso que estamos caendo na microtoponimia recorrendo moitas veces ó vello catastro rústico para denominar, en moitos casos, nomes que xa están olvidados pola xente. Entendemos que a microtoponimia e a toponimia é necesaria pero para aqueles casos nos que o colectivo popular e a memoria foron utilizados en tempo, non, estamos enchendo toda Pontevedra de granxas, leiras, agros, regos, sen criterio e sen rigor algún, en moitos casos, como xa digo, que non foron utilizados por varias xeracións.

Finalmente, o Pleno acorda avanzar na visibilización das mulleres no nomenclátor de vías urbanas pontevedresas coa “feminización do rueiro”, mais primando o criterio do uso da toponimia tradicional. Como resultado dese acordo,

os sete espazos urbanos nomeados entre 2015 e 2019 foron todos en homenaxe a mulleres segundo recolleemos na táboa 4.

**Táboa 4. Nomes aprobados nos plenos de 2015 a 2019**

Nome actual	Tipo	Acordo Plenario	Motivación do nome*
Josefina Arruti Viaño	avenida	20/VII/2015	Silenciada, encadeada e represaliada durante o franquismo
Amalia Álvarez	parque	19/X/2015	“Vítima directa da represión, pola súa defensa dos valores democráticos e pola preservación dos ideais e valores polos que loitou e polos que morreu Alexandre Bóveda”
María Victoria Moreno	avenida	16/III/2018	Antes, Circunvalación – Fernández Ladreda (Pleno 1948) “Eliminar do rueiro ao ministro fascista e, por outra, recuperar a memoria das mulleres tal como se ten acordado [...] Fixo da zona de Campolongo o seu lugar [...]. Levou a bandeira do idioma e da defensa da nosa cultura con orgullo e determinación e esta cidade débelle un recoñecemento á altura da súa figura.”
Vasquida García	rúa	21/I/2019	“Por representar a violencia que en todas as épocas sufriron as mulleres, neste caso por menciñeira perseguida pola Inquisición”
Dolores Trabado	rúa		“Homenaxe tamén ás mulleres da clase traballadora, dobreamente invisibilizadas no rueiro, por clase e por mulleres. [...] A decana das taxistas.”
Ernestina Otero Sestelo	rúa		“Defensora dun modelo educativo renovador e dos dereitos da muller, a súa vida divídese entre os moitos logros profesionais alcanzados durante a II República e as persecucións e represalias contra ela e a súa familia no franquismo por causa das súas ideas.”
María Vinyals	parque		“Muller referente, como escritora e como feminista”

\* As citas entre comiñas están extraídas das actas do Pleno indicado.

A débeda coas mulleres é grande, pero xorde a dúbida de se no futuro se ponderarán os criterios marcados de forma favorable para a toponimia tradicional.

## 4 CONCLUSIÓN

O nomenclátor urbano pontevedrés ten un total de 456 hodónimos rexistrados. Deles, só 134 fixan ou recuperan topónimos tradicionais fronte a 238 conmemorativos antroponímicos. Destes, 212 toman o nome de homes e 26 de mulleres.

Ao longo destas páxinas vimos como o Concello de Pontevedra foi definindo, ao longo destes vinte anos, tres liñas fundamentais para establecer a hodonimia urbana: a eliminación de referentes que enxalzasen o golpe militar do 36 e as ideas antidemocráticas, a visibilización das mulleres e a recuperación da toponimia tradicional. Estas dúas últimas liñas son as prioritarias e as que marcarán o traballo futuro, segundo recollen as actas dos plenos.

É certo que a hodonimia antroponímica vén rexistrándose en Pontevedra desde a Idade Media para identificar persoas propietarias como Orraca Cosorio ou referentes na comunidade como o notario Don Gonzalo (1437), e a partir da Idade Contemporánea para a honra de persoas. Tamén é certo que a diferenza entre hodónimos conmemorativos dedicados a homes e mulleres é abismal. Porén, o noso territorio, o noso espazo público ten nomes propios de seu en perigo de extinción da nosa memoria colectiva. Existen moitas maneiras de darlles visibilidade ás mulleres e moitos espazos para homenaxealas; ao contrario, a toponimia perde parte do seu sentido se a desvinculamos do lugar de orixe. Non parece xusto devolverlle a visibilidade á nosa memoria feminina á custa de perdermos a memoria da nosa toponimia tradicional, que tamén é memoria histórica. Cómpre non esquecer que á medida que a cidade vai medrando, o territorio rural nomeado desde hai séculos vai quedando soterrado baixo o espazo urbanizado. Recuperarmos e conservarmos a microtoponimia tradicional é un exercicio de memoria, cultura e xustiza.

Rematamos deixando constancia dunha pequenísima mostra dos topónimos urbanos que fomos perdendo en Pontevedra, alén dos anteditos *camiño da Illa* ou *campo das Rodas*. *O Borrón*, onde a lenda conta que moraba o Urco, foi borrado da toponimia en 1911, substituído pola *avenida de Bos Aires*. A céntrica *Poza das Rans* pasou a chamarse en 1858 *Michelena*. *Meixueiras* desapareceu en 1916 para nomeala *calella de San Bartolomeu*. A *rúa do Chocolate*, segundo dá fe o arquiteiro municipal Enrique Sotelo, era a denominación popular pola cor do innovador pavimento que substituíu a terra na actual *rúa de Antonio Odriozola*.



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez Castro, Xosé (2014): “Doce de novembro de 1936”, en *Pontevedra nos anos do medo* [blog] 13/XI/2014. Disponible en <https://anosdomedo.blogspot.com/2014/11/doce-de-novembro-de-1936.html>
- Cochón Rodríguez, Concepción (dir.) (2013- ): *Chamámonos así. Base de datos de toponimia* [web]. Pontevedra: Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra. Disponible en <http://toponimia.pontevedra.eu/web/app.php>
- Juega Puig, Juan (dir.) (1990): *Estudio historiográfico-xeográfico e galeguización da toponimia do Concello de Pontevedra*. Pontevedra: Concello. Inédito. Disponible no Arquivo municipal.
- Pontevedra, Concello de (1993- ): *Sesións dos Plenos do Concello*. Pontevedra: Concello. Disponible en <https://sede.pontevedra.gal/public/publications/list/actsandagreements/ACTAS>
- (2015): *Regulamento orgánico do Pleno e das súas comisións do Concello de Pontevedra. Texto Refundido con modificacións publicadas no BOP núm. 208, de 27 de outubro de 2008, BOP núm. 47, de 10 de marzo de 2009 e BOP núm. 91, de 12 de maio de 2011*. Pontevedra: Concello. Disponible en <http://www.pontevedra.gal/web2016/wp-content/uploads/2015/01/Regulamento-orgánico-do-Pleno-e-das-súas-Comisións-do-Concello-de-Pontevedra.pdf>
- Sotelo Resurrección, Enrique (dir.) (1990- ): *Rueiro actualizado. Base de datos histórica do nomenclátor municipal*. Pontevedra: Arquivo do Concello.

# As rúas de Vigo

Marta Souto

Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo

## 1. UN POUCO DE HISTORIA

As primeiras referencias de nomes de rúas viguesas encontrámolos en documentos de finais do s. xv e principios do xvi<sup>1</sup>. Algúns deles aínda permanecen hoxe en día como *Sombreirairos*, *Pracer*, *San Sebastián*, *Ferrería*, e outros desapareceron (*Chao dos Pelames*). No primeiro plano conservado da cidade<sup>2</sup>, do ano 1597, recóllense: *rúa da Faixa*, *Porta da Ribeira*, *Camboa*, *Praza Maior*, *Praciña Vella*, *Pracer*, *O Berbés*, *A Falperra*, *A Pedra*, *O Outeiro*... Estas primeiras rúas estendíanse polo Vigo de entón, que se reducía máis ou menos ao que hoxe se coñece como *Zona Vella*.

O primeiro censo de Vigo data de 1729 (Garrido 2019) e nel faise referencia a non máis de vinte topónimos, nun Vigo artellado intra e extra muros en barrios, como *A Campucha*, *O Buraquiño*, *Antequeira*, *Cabo da Laxe*, *Fonte de Vigo*, *O Salgueiral*, *A Pedra* (intra muros) e *Camboa*, *Falperra* e *Ribeira do Berbés* (extra muros). Os nomes dos barrios e rúas que se recollen na documentación anterior ao s. XIX pintaban a paisaxe e a vida naquela vila, mariñeira e agrícola, asentada sobre afloramentos rochosos a rentes do mar. Temos nomes que describen as características do relevo (*Rúa Alta*, *Camboa*<sup>3</sup>) ou a configuración do terreo (*A Laxe*, *A Pedra*), enumeran oficios (*Sombreirairos*, *Pescadores*, *Ferrería*...), denotan a presenza da auga (*A Lama*), a vexetación (*O Salgueiral*)... O Vigo agrícola e mariñeiro reflíctese na praza *das Cebolas*, *da Herba*, *da Peixaría*, *dos Carneiros*, *das Hortas*, *rúa do Forno* (hoxe Eduardo Chao), *da Leña*, *do Caramuxo*, *da Saída ao Mar*. Topónimos como *Subida ao Castelo* ou *Paso á Muralla* recordaban o Vigo amurallado.

1 Informes do Cabido de Tui para cobrar impostos (Garrido 2019).

2 Plano de Leonardo Turriano, enxeñeiro de orixe italiana, custodiado no Arquivo de Simancas.

3 Hoxe *Gamboa*, pode estar relacionado co celta *camba* 'curva'.

A notable expansión que Vigo viviu na segunda metade do s. XIX, tras a derruba da muralla en 1861 até a metade do s. XX, trouxo consigo novos espazos que precisaban denominación. Será o momento en que comecen a aflorar os nomes conmemorativos. Para designar as novas rúas recorreuse maioritariamente a próceres e políticos do momento (o triunfo da Gloriosa en 1868 deixou pegada na cidade coas rúas de *Sagasta* e de *Montero Ríos*), mais tamén á realeza, ao santoral, a batallas e a outra sorte de nomes honoríficos que en ocasións eliminaron nomes tradicionais: a *praza da Herba* hoxe é a de Argüelles; a *da Leña* na actualidade é a praza de Calatrava. A *rúa Imperial* pasou a denominarse Joaquín Yáñez e a *rúa do Ramal*, de Isabell II (a actual rúa de Colón); a *rúa do Desengano* hoxe é de Fermín Penzol; a *Campocho* desapareceu baixo a actual Méndez Núñez, a *rúa de Picacho* por *Llorente*, a *rúa do Príncipe* (en honra do fillo de Isabel II, o futuro Afonso XII, que logo tamén terá Paseo) en detrimento da *rúa do Salgueiral*...

Vigo non escapou á muda das denominacións das súas rúas, parques, prazas... por mor de temas políticos. Os máis relevantes, neste sentido, foron a proclamación da II República, o triunfo do levantamento militar de xullo do 36 e a restauración da democracia.

#### Exemplos de cambios nos nomes das rúas por acontecementos políticos

Antes da II República	II República	Franquismo	Actualidade
O Castañal	Capitán García Hernández	José Antonio	Urzaiz
Peixería / Alhóndiga	Ferrer	Princesa	Princesa
	Nicolás Salmerón	Felipe Sánchez	Areal
	Jaime Beira	Queipo de Llano	Progreso
	Joaquín Costa	Montero Ríos	Montero Ríos
	Avenida da Liberdade	Cánovas del Castillo	Cánovas del Castillo

Antes da II República	II República	Franquismo	Actualidade
Rúa da Amargura / Cesteiros (1905)		Emilio Rubín	Rúa dos Cesteiros
	Paseo de Ramón Franco	Paseo de Alfonso XII	Paseo de Afonso XII
	Curros Enríquez	Ronda de D. Bosco	Ronda de D. Bosco
Rúa da Faixa / Real	López Pigserver	López Pigserver	Rúa Real
	Capitán Carreró	Puerta del Sol	Porta do Sol

Malia que no pleno municipal do 30 de abril de 1981 se adoptou o acordo de eliminar as referencias franquistas da guía de rúas de Vigo, algunhas desas denominacións permanecen tal e como foron bautizadas durante a ditadura; outras, aínda que mudaron de nome, non recuperaron a súa denominación orixinal (naqueles casos nos que se tiña recollido), senón que obtiveron outra conmemorativa ou honorífica.

As anexións do concellos de Bouzas (1904) e posteriormente do de Lavadores (1941) incrementaron o número de rúas da cidade, feito que desencadeou numerosos acordos para denominar estas novas vías e outros espazos. En 1944, aprobáronse nun só pleno da corporación 50 denominacións, practicamente todas elas honoríficas e conmemorativas: Triunfo, Sagunto, Numancia, Aragón, Covadonga, Calvo Sotelo... Así, no ano 1954, o Vigo da configuración actual tiña 328 vías urbanas nomeadas oficialmente, entre rúas, avenidas, camiños, roldas...

Entre os anos sesenta e noventa do pasado século, o desenvolvemento urbanístico, xunto coa incorporación á guía de rúas oficial de moitos camiños e vías do rural, dispararon o número de infraestruturas viarias. En 1989 chegaban a 750 os nomes recollidos oficialmente. E cal era o criterio que se seguía no Concello de Vigo para adoptar este ou estoutro nome para unha rúa, praza, avenida, en definitiva, para os novos espazos creados? Ningún, en realidade, non sendo modas, gustos, favores debidos, ocorrencias etc.

En xeral, os nomes que recibiron as zonas urbanizadas nas décadas dos sesenta e setenta –noutroira rurais, cheas de predios, camiños, corredoiras, hortas etc., con nome de seu–, tiñan un denominador común: eran nomes temáticos,

seriados. Na zona inmediata á Gran Vía, cara ao Castro, recorreuse ás provincias do estado: *Barcelona, Zamora, Salamanca, Zaragoza, Sevilla, Tarragona*, neste último caso eliminando a denominación tradicional do *camiño de Pousafoles*. Mentres que na Gran Vía, cara á estación de ferrocarril, optouse por países latinoamericanos: *Bolivia, Panamá, Uruguai, México, Ecuador, Venezuela, Brasil, Guatemala, Cuba...* No polígono de Coia encontramos parte do nomenclátor de vilas da provincia de Pontevedra: *Marín, Bueu, Baiona, Moaña, Tui, Lalín, Mos, Cangas, Caldas de Reis, A Estrada, Vilagarcía de Arousa, O Grove...* Afortunadamente nas zonas non intervidas urbanisticamente vaise mantendo a toponimia tradicional: *Esturáns, camiño da Raposa, de Neira, de Cordoieira...*, malia que en recentes urbanizacións se foi introducindo a toponimia conmemorativa.

Outros exemplos desa moda de denominacións temáticas obedecen a ríos galegos (entre a avenida de Castelao e Bouzas): rúa do *Sil*, do *Miño*, do *Tambre*, do *Tea*, do *Tamuxe*. En Teis temos o coñecido popularmente como Barrio das Flores, no que se pode pasear polas rúas da *Dalia*, da *Hortensia*, da *Rosa*, do *Xeranio*, do *Lirio*, da *Azucena...* E se nos puidemos bañar en augas doces dos ríos galegos e pasear por rúas que desprenden recendos, non imos deixar de escalar montes e serras entre os trinos dos paxaros. *Galleiro, Aloia, Alba, Suído, Xiabre* son algúns dos nomes que encontramos no nomenclátor vigués. *Canario, Pardal, Estorniño, Corvo Mariño, Melo, Papuxa, Gaivota, Morcego, Faisán, Aguia, Pega, Reiseñor, Rola, Andoriña...*, sobrevoan unha ampla zona urbanizada nos anos 80 en Lavadores, entre a avenida de Madrid, as rúas de San Roque e Gregorio Espino e A Doblada.

As denominacións seriadas foron máis aló da xeografía, a botánica e a ornitología, para tornárense honoríficas: dedicáronselles rúas a arquitectos, fotógrafos, médicos e escritores, sen esquecer as que xa se lle dedicaran a alcaldes e concelleiros. E iso si, case sempre en masculino.

En 1981 o Concello aproba o Regulamento de Honras e Distincións, que fixa, cando menos teoricamente, o procedemento para nomear as rúas viguesas. Resulta revelador que sexa un regulamento de honras e distincións, xa que deixa ver claramente como a designación das rúas é entendida como un favor, premio ou mérito dedicado a alguén. Non obstante, e como logo detallarei, este regulamento abríalle a porta a “atender preferentemente aos topónimos da localización”. Mais, se botamos unha ollada aos acordos plenarios referentes á aprobación de

nomes de rúas e outros espazos xeográficos, moito dista esta preferencia de ser atendida, sobre todo no espazo máis urbano. Esa falta de sensibilidade polo patrimonio e ese actuar sen criterio ningún levaron a que fosen soterrados unha chea de topónimos tradicionais, ao non ser recuperados para denominar novas infraestruturas. Con eles perdeuse parte da historia desas zonas, e xa que logo do propio Vigo e das súas xentes.

Nos primeiros anos deste século, albíscase un cambio favorable para o mantemento da toponimia tradicional na conservación desta nas infraestruturas viarias do concello. No ano 2002, preséntase no Concello unha declaración para recuperar, protexer e difundir a toponimia tradicional viguesa, asinada entre outras pola Federación de Asociacións Veciñais Eduardo Chao, o Instituto de Estudos Vigueses, a Universidade de Vigo e a Asociación Galega de Onomástica (AGOn), que o Concello asumiu, mais que non sempre respectou. Ese mesmo sentir foi recollido en outubro de 2004 pola Corporación viguesa, coa aprobación dunha moción do BNG, que fixa un criterio á hora de nomear novas infraestruturas: preferir sempre un topónimo tradicional. Desta declaración e moción falarei máis adiante.

O primeiro e importante logro tras a súa aprobación témolo no Programa de Actuación Urbanística (PAU) de Navia, espazo agrícola que nos albores deste século sofre unha importante urbanización e onde se mantén a toponimia tradicional: *As Teixugueiras, Pozo Cabalo, Lamelas, Pedra Seixa, Limpiños, As Ufas, Barreiros...*, son algúns dos topónimos recuperados e que hoxe nomean prazas e rúas desta zona tan urbanizada e poboada. Nesa ampla zona quedan aínda moitas infraestruturas por denominar e o empeño, tanto da veciñanza como da Concellaría de Normalización Lingüística (CNL), é continuar coa recuperación da toponimia tradicional. Topónimos recollidos grazas a informantes que tiñan terras neses lugares, como *A Lagoa* ou *A de Digao*, nomean, cando menos oficiosamente, prazas que aínda non teñen nome oficial.

Dende a aprobación desa moción, o Concello foi respectando a denominación tradicional á hora de adoptar acordos plenarios. Asemade, dende a propia Concellaría de Normalización Lingüística comezouse un traballo dirixido a sensibilizar e a dar a coñecer o valor patronímico, cultural e identitario da toponimia. Este traballo nas asociacións veciñais, nos centros de ensino e na propia administración foi dando os seus froitos, como iremos vendo. Pero sen a colaboración das propias asociacións, de persoas expertas que brindaron a súa

contribución, sen o traballo conxunto coa Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, e tamén sen a implicación necesaria das e dos políticos do momento, isto non callaría nin se avanzaría como cremos que se foi facendo.

A sensibilidade que prende na veciñanza maniféstase nas peticións de salvagarda da toponimia que se presentaron no Concello. Cito algunhas que considero relevantes, unhas por ser pioneiras, outras por supor un traballo documentado e compartido, que lle tería que pór vermella a cara á administración por non se ocupar do que si fixeron as veciñas e veciños.

Dentro das iniciativas pioneiras destaco o caso da urbanización que transcorre paralela á avenida de Samil. Por iniciativa das persoas que alí ían habitar puideron recuperarse e manterse denominacións propias: *rúa da Argazada, da Robaleira, da Pertegueira, do Rego de Pulida, das Fontes, da Garita...*

A iniciativa veciñal conseguiu en ocasións o que a propia administración ignorara. Bo exemplo disto é a proposta feita polas asociacións veciñais de Beade e Valadares de que no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo as rúas fosen nomeadas con topónimos e non mediante letras ou números (A, B, C ou 1, 2, 3). Esta petición presentárona xunto cos inventarios dos topónimos da zona, documentación ao respecto e a proposta correspondente: *A Manguela, O Cabreiro, a Mascobeira, o Regueiro do Forno, Saramil, os Carballese...*, e foi aprobada no Pleno do 1 de decembro de 2014, polo que estes topónimos constan xa na cartografía municipal e na guía de rúas oficial de Vigo.

Outras iniciativas tiveron menos sorte á hora da súa tramitación. Desde o curso 2010-2011, o equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CEIP Virxe do Rocío leva traballando para conseguir recuperar a denominación tradicional do barrio onde se atopa a escola (*O Resío*). O Claustro e comunidade educativa aprobaron o cambio de denominación do centro a finais do curso 2016-2017, e pasou a chamarse, por decisión maioritaria do profesorado, *CEIP do Resío*. Mais esta mudanza, reclamada polo centro a través do Consello Municipal de Educación, non se puido facer oficial até o momento, por non se levar a pleno para a súa aprobación. A propia Concellaría de Educación, ao ser informada do cambio proposto na denominación do centro<sup>4</sup>, solicitoulle ao Servizo de Normalización Lingüística, en maio de 2017, un *Informe sobre a toponimia do lugar relacionado coa solicitude de cambio de denominación do CEIP Virxe do Rocío*

---

<sup>4</sup> O cambio de denominación, para a súa tramitación que ten que ser aprobado polo Pleno do Concello de Vigo e comunicado á Xunta de Galicia.

a *CEIP do Resío*. Nese informe achegamos unha chea de topónimos tradicionais da zona localizados xeograficamente: *O Resío, A Devesa do Resío, A Gaiosa, A Mina, A Mariquiña, A Fontaiña, A Regueira, As Mouchas, Riazó, As Barxas, O Penasco, O Poulo...* Toda esta toponimia podería recuperarse á hora de denominar eses espazos lindeiros co centro de ensino, ou no propio centro.

No ano 2008, tras referendar no Pleno unha moción relativa ao incremento da presenza de mulleres na guía de rúas da cidade, aprobáronse os nomes de seis mulleres vítimas do franquismo (respectábase tamén o acordo sobre memoria histórica), o que, certamente, pouco aumento supuxo na representación das mulleres no nomenclátor vigués: arredor do 3%<sup>5</sup>.

Volvendo a cuestións numéricas, en 2008 os nomes de rúas censados eran 1.400 e hoxe son 1.771 as denominacións recollidas no nomenclátor municipal. Entre estas 1.771 denominacións, hainas honoríficas, outras debidas ao santoral, denominacións temáticas (flores, paxaros, poboacións da provincia de Pontevedra, alcaldes, fotógrafos, arquitectos...) e tradicionais, procedentes de topónimos. Algunhas delas, as menos, permanecen dende que se ten documentación sobre denominacións de rúas; outras, as máis, son denominacións recuperadas dende o ano 2004. Mais non hai a día de hoxe un estudo exhaustivo que nos permita determinar cantos deses nomes son honoríficos ou cantos son topónimos tradicionais.

O que si é certo é que a maior parte das denominacións honoríficas e conmemorativas están localizadas no centro de Vigo; nas parroquias vanse mantendo as tradicionais. Un paseo polos diferentes ensanches de Vigo, polo Vigo máis urbano, levaranos a percorrer, nas denominacións das súas rúas e prazas, os nomes de benfeitores e próceres: *Elduayen, García Barbón, Montero Ríos, Vázquez Varela, Velázquez Moreno* (anteriormente *rúa Fervenza*), *López de Neira, Taboada Leal* e outros, sen esquecer a realza (*Paseo de Afonso XII, rúa de Afonso XIII, praza da Princesa, praza de Fernando O Católico, Isabel A Católica*),

5 Datos da Concellaría da Muller (2014): dos máis de 1.400 nomes de rúas dese momento, 44 levaban nomes de muller, tanto persoais como referidos a colectivos femininos. Deles, 14 correspondían a santas e advocacións marianas, tres á realza (*praza da Princesa, praza de Isabel a Católica...*), e outros 14 tiñan carácter descritivo ou aludían a actividades (*Fonte das Monzas, Finca de Dona Concha...*). Tan só 13 dos nomes se referían a mulleres sen connotacións relixiosas, tales como *Concepción Arenal, Julia Minguillón, Maruja Mallo, Marie Curie, María Xosé Queizán, María do Carme Kruckenberg* ou *Rosalía de Castro*.



ou o santoral<sup>6</sup> (*rúa de santa Cristina, santa Baia, santa Lucía, santa Tegra, San Lourenzo, san Xulián, san Xosé, san Xoán...*).

Deixamos xa ese capítulo que nos levou á caixa dos recordos e pasamos a ver que acontece na actualidade cando se procede ao nomeamento dun espazo público.

## 2. A DENOMINACIÓN DAS RÚAS E OUTROS ESPAZOS PÚBLICOS

O Concello de Vigo viña exercendo a competencia administrativa de denominar os espazos xeográficos municipais consonte as normativas estatal e galega e as recomendacións de organismos expertos como UNGEGN (Grupo de Expertos en Nomes Xeográficos das Nacións Unidas). Mais tamén ten normativa de seu que rexe, ou debería rexer, esta competencia, como veremos máis adiante.

E digo viña exercendo porque dende o ano 2015 están paralizados todos os expedientes sobre denominacións de rúas, prazas e avenidas.

### 2.1. Normativa

Dentro do que poderíamos chamar normativa común a todas as administracións locais galegas, quero facer fincapé nos seguintes artigos da Lei de patrimonio cultural de Galicia, pois considero que son esenciais para fundamentar o traballo administrativo que podemos realizar nos servizos de Normalización Lingüística para preservar a toponimia tradicional.

Art.3. “Colaboración interadministrativa”. O punto segundo indica as obrigas das entidades que integran a Administración local en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia, e estas son as de “Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural”.

Art. 8. Clasificación dos bens de interese cultural de Galicia, que no seu punto 2 indica que estes poden ser mobles, inmobles ou inmateriais.

Art. 9. Natureza dos bens. No punto terceiro establece cales son os bens inmateriais, entre os que está a toponimia.

---

<sup>6</sup> Moitos dos cales poden ser tradicionais, pois son frecuentes os haxiotopónimos na nosa toponimia ou hodonimia histórica.

Outro artigo que creo relevante resaltar, e cando menos así está a resultar no caso particular do concello vigués, é o artigo 35 (Protección do patrimonio cultural no planeamento urbanístico). Este artigo, no punto segundo, achega outro aspecto relevante ao respecto:

A normativa e a proposta de ordenación prevista nos instrumentos de planeamento urbanístico garantirán a salvagarda dos valores culturais dos bens do patrimonio cultural, a súa integración coas previsións establecidas nas súas delimitacións, contornos de protección e zonas de amortecemento, de ser o caso, así como a súa función no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, e o respecto á toponimia oficialmente aprobada.

Xa que logo, as entidades locais deben protexer, difundir e fomentar o valor cultural da toponimia.

E por último, con respecto a esta lei, quero pór de manifesto que o art. 5 (dereitos e deberes da cidadanía) lexitima a cidadanía para actuar ante a Administración pública da Comunidade Autónoma en defensa do patrimonio cultural de Galicia. Establece tamén o dereito ao coñecemento, á transmisión e á divulgación social do patrimonio cultural de Galicia. Daquela, a propia cidadanía pode intervir perante a Administración para pedir, reclamar e instar a accións encamiñadas á salvagarda do patrimonio inmaterial.

Co paso do tempo o Concello de Vigo foi dotándose de normativa propia:

a. Regulamento de honras e distincións do ano 1981 (29/XI/81).

Este regulamento determina o tipo de distincións, a quen se lle conceden, motivos que as xustifican, quen determina as persoas merecedoras da honra, o procedemento de tramitación e aprobación do expediente.

O regulamento comeza cunha proclama ben relevante: o Concello de Vigo poderá conceder dous tipos de distincións, ben a denominación dunha rúa, praza, parque e conxuntos urbanos ou ben un título honorífico (vigués/viguesa distinguido/a). Poderán recibilas aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten méritos suficientes, mais non poderán ser cargos da Administración pública estatal, local ou das comunidades autónomas (entendo que nese momento, pois si houbo rúas dedicadas a concelleiros ao pouco de morrer, por exemplo), agás o xefe do Estado.

Resumimos nestas liñas o espírito deste regulamento que, até o ano 2004, era a única normativa propia que o concello vigués tiña aprobada e que contiña criterios sobre a denominación das rúas e outras infraestruturas urbanas. Tales criterios, recollidos no artigo 6, “Denominación de rúas prazas, parques e conxuntos urbanos”, supoñen unha aposta pola toponimia tradicional que na práctica poucas veces callou:

- Os nomes poranse no *idioma galego*.
- Agás denominacións concretas, obxecto de petición, atenderase preferentemente *aos topónimos dos lugares da localización*.

A administración local non foi moi prolífera á hora de acordar outras figuras normativas que incidan na denominación de rúas e outros espazos públicos. Dende 1981 até agora, cunha expansión urbanística considerable, o Concello de Vigo non se dotou nin de regulamento nin de ordenanza ao respecto, como si fixeron moitos outros concellos. Só teño constancia de tres acordos plenarios adoptados nos 38 anos que pasaron dende a aprobación do citado regulamento. Tres acordos debidos a outras tantas mocións de partidos políticos da corporación.

#### b. Ordenanza municipal de normalización lingüística

Esta ordenanza, aprobada en 1989 polo Concello de Vigo, recolle tamén normas a respecto da toponimia oficial. En concreto, o artigo 12 determina que, consonte o que dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos de Vigo é a galega.

#### c. Resolucións de Alcaldía de delegación de competencias

Neste apartado quero referirme a outras disposicións onde tamén se fai referencia ao patrimonio inmaterial, e á toponimia como parte deste, e que posibilitan fundamentar o traballo dende esta Concellaría de Normalización Lingüística (CNL) a prol da recuperación, posta en valor e transmisión da toponimia tradicional.

As diferentes resolucións de Alcaldía de delegación de competencias nas concelleiras ou nos concelleiros (anos 2015 e 2019, por exemplo) recollen, en materia de normalización lingüística, que o Concello de Vigo marca como un dos

seus obxectivos “Recuperar o patrimonio inmaterial galego” e ha de desenvolver as actuacións necesarias para “facilitar o coñecemento” da toponimia oficial.

#### d. Acordos plenarios

Os acordos plenarios referentes á denominación dos espazos viarios da cidade son os seguintes:

- Moción do BNG para a salvagarda da toponimia tradicional, o 25 de outubro de 2004.
- Moción do BNG para incrementar a presenza de mulleres nas denominacións de rúas e outros espazos públicos, no ano 2008.
- Moción de En Marea no sentido de manter o acordo do 25 de outubro de 2004, mais poder combinar esta cunha dedicatoria a unha figura ou feito escollido polo propio Pleno. Moción aprobada o 26 de xullo de 2017.

Antes de avanzar nesta exposición analizando o procedemento administrativo habitual que se leva a cabo no Concello de Vigo, vou parar nas mocións que aprobou nestes últimos anos o Concello, e mais en concreto ás dúas que teñen que ver co cometido desta intervención: a recuperación e salvagarda da toponimia tradicional.

A primeira delas<sup>7</sup>, do BNG, supuxo un antes e un despois, un primeiro criterio para denominar as novas infraestruturas que tiña como norte a recuperación da toponimia, a súa posta en valor e transmisión. Cualifico esta moción de “ocasión perdida” e xustifico o porqué.

A citada moción ten orixe na “Declaración pola preservación do patrimonio toponímico”, presentada no 2002 no Concello por diversas entidades, á cal xa me referín anteriormente. Esta iniciativa propuña salvagardar a toponimia tradicional e evitar o emprego de topónimos conmemorativos ou honoríficos cando se sobrepoñan a esta. O Concello asumiu como intención, non como normativa. Na mesma liña o BNG presenta unha moción que será debatida e aprobada (con recortes) no Pleno do 25 de outubro de 2004.

---

<sup>7</sup> Acta da sesión ordinaria do 25/X/2004 do Pleno do Concello de Vigo.

Cinco eran as propostas para a súa aprobación:

1. Preferir unha denominación tradicional antes que fórmulas de nova invención ao denominar entidades de poboación, prazas, rúas, bloques de edificios, urbanizacións etc.
2. Realizar inventarios de denominacións tradicionais para nomear oficialmente as realidades xeográficas de nova creación.
3. Preservar os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico, de seren máis os topónimos tradicionais recollidos ca as novas denominacións precisas.
4. Empregar soamente topónimos honoríficos ou conmemorativos se non sepultan topónimos tradicionais ou se a súa supervivencia está garantida por estar presente nalgunha outra realidade próxima.
5. Preferir denominacións que garden harmonía coa toponimia tradicional galega cando nunha área non se recollen topónimos tradicionais suficientes.

Ten lugar un debate con intervencións de Manuel Soto Ferreiro (Democracia Progresista Galega), quen a cualifica de “tremendamente excluín-te” por deixar atada esta Corporación e as vindeiras de pés e mans para que só se poida guiar por este criterio. Por parte do PSOE, o concelleiro Arias Moreira considé-raa “unha iniciativa eloxiable” e coa que concordan no pretendido “recuperar e dar preferencia cara ao futuro á toponimia tradicional”, mais pide suprimir todo, agás o punto 1 (“Preferir unha denominación tradicional antes que fórmulas de nova invención”). Na súa intervención, Ignacio López Chaves (PP) concorda co dito polos referidos concelleiros. Finalmente, a representante do BNG, Margarida Martíns Vilanova, asegura que o importante é que se sigan as directrices que están na moción e que non teñen problema ningún se se fai “algunha matización”.

E que matización se fixo? Máis que matización foi un recorte ao quedar o acordo como segue (transcribo literalmente):

Que na denominación das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas, complexos urbanísticos, bloques de edificios, etc.) *se prefira sempre un topónimo tradicional* antes que fórmulas de nova invención.

Creo que se deixou pasar a ocasión de marcar uns criterios de obrigado cumprimento (inventarios, preservación de topónimos, limitar o uso dos topónimos honoríficos...) por un “preferir” que abre o camiño a que non sempre (malia estar no corpo do acordado “preferir sempre”) se cumpra o acordado. Déixase á vontade de concelleiros/as e de persoal técnico que esa preferencia chegue a bo porto. Afortunadamente, e como veremos, hai departamentos (Urbanismo e Estatística sobre todo) sensibles coa salvagarda da toponimia; mais poden mudar (e mudan) as persoas e os tempos, xunto cos intereses duns e doutros, e non sempre se mantén o acordo plenario.

E por último, voume referir, máis brevemente, ao que chamo “A vía intermedia de En Marea” (Pleno do 26 de xullo de 2017)<sup>8</sup>. Si, pero non... Si, conservar a toponimia tradicional pero sen por iso deixar de recoñecer figuras ou persoeiros que poden “apadriñar” un topónimo. Esa é a interpretación que fago, tras ler a proposta e o debate plenario. Na intervención do concelleiro que a presenta e defende queda reflectido ese “acordo intermedio”:

Pola contra, conscientes do regulamento de honras e distincións do Concello, queremos propor a este Pleno un acordo intermedio para que así se poidan combinar a protección da toponimia tradicional e o *fomento* da chamada toponimia conmemorativa ou de repertorio (nomes de persoas, feitos históricos ou outras realidades que se queiran homenaxear na guía de rúas municipal).

## **2.2. Procedemento para o nomeamento das infraestruturas viarias e outros espazos xeográficos en Vigo**

O Pleno do Concello de Vigo é o órgano que ten a potestade para aprobar a denominación das rúas, prazas, camiños e avenidas. A Concellaría de Cultura tramita o expediente dende a súa creación ata a súa remisión ao Pleno.

A Comisión Informativa de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico ditamina o expediente; de ser favorable, remítese para a súa inclusión na orde do día do pleno.

Esta comisión, malia estar constituída, leva sen se reunir dende o ano 2015, xa que logo, sen ditaminar sobre expedientes relativos á denominación de

<sup>8</sup> Acta da sesión ordinaria do 26/VII/2017 do Pleno do Concello de Vigo.

infraestruturas viarias. Está formada só por concelleiros/as dos partidos políticos, en número proporcional ao de concelleiros/as integrantes da Corporación. O único representante técnico é o que actúa de secretario/a, é dicir, sen voz nin voto.

No seo desa comisión terían que tratarse eses expedientes, mais a práctica era outra. Había o que oficiosamente se coñecía como “Subcomisión de rúas”, xuntanza de concelleiros/as dos partidos con representación no Pleno onde se debatía e acordaba que denominacións prosperaban e cales non. En ocasións (as máis das veces, xusto é dicilo) o ditame axustábase ao que sinalaban os informes que se solicitaban na tramitación do expediente, pero noutras prosperaban expedientes onde constaban informes non favorables. Había certo acordo tácito entre os e as concelleiras para que, en calquera comisión informativa do Pleno, só se aprobasen aqueles expedientes que contasen con todos os informes requiridos favorables. Dende o ano 2015, deixou de se reunir a comisión e dende ese momento non se tramitou ningún expediente máis ao respecto.

O procedemento para a tramitación dos expedientes seguía, en parte, o citado Regulamento de Honras e Distincións de 1981. E digo en parte porque realmente é moi pouco o que establece o regulamento. Os tipos de expedientes que se tramitan respecto da adopción de acordos de denominación de infraestruturas viarias son tres: cambios de nome, correccións e novas denominacións.

O inicio do expediente, segundo se recolle no art. 3 do regulamento de honras, pode deberse a:

- Moción de Alcaldía ou grupo político pertencente á Corporación municipal.
- Petición popular, avalada por un número de sinaturas igual ao 2% da poboación (unhas 5.900 sinaturas).
- Petición dun número de concelleiras/os igual ao número de maioría absoluta (14, actualmente).

Xa que logo, as peticións para denominar rúas e outras infraestruturas poden ser presentadas no Rexistro xeral por cidadáns e cidadás particulares ou por asociacións e entidades; isto é o normal e conforme co procedemento administrativo, mais tamén hai quen se dirixe directamente a Alcaldía. Cómpre engadir que, no tempo que levo informando expedientes ao respecto, non logro recordar ningunha solicitude que viñese avalado polo 2% da poboación. O máis

habitual é que sexan asinadas por unha soa persoa (en xeral familiares da persoa proposta para recibir un lugar no nomenclátor vigués).

A propia Administración municipal, dende o Departamento de Estatística –encargada da “Guía de rúas municipal”– promove expedientes de cambio de denominacións ao advertir erros ou duplicidades, ou expedientes de nova denominación ao detectar rúas sen nomear.

A Concellaría de Cultura é (ou era) a encargada de tramitar os expedientes derivados de peticións recibidas no Rexistro xeral ou debidas a outros departamentos. Solicita cadanseu informe aos departamentos de Estatística e Normalización Lingüística. O de Estatística informa sobre se xa existe ou non no nomenclátor vigués a denominación proposta (caso de novas denominacións). Nos de cambios e correccións non adoita pronunciarse e sempre se segue o criterio do informe de Normalización Lingüística.

Vemos a seguir como se desenvolve a tramitación destes expedientes.

### 2.2.1. Cambios e correccións nos nomes de rúas

Son os casos máis habituais da actuación administrativa, nos que se trata de corrixir erros, como poden ser nomes duplicados. O departamento de Estatística (ou, nalgúns casos anecdóticos, outros departamentos como o de Administración Electrónica) diríxese á citada Comisión Informativa para advertir dos erros comprobados ou dos cambios de denominacións pretendidos. A Concellaría de Cultura inicia o expediente e comeza a súa tramitación coa solicitude dun informe sobre os cambios e correccións ao Servizo de Normalización Lingüística (SNL). Tras elaborar o informe solicitado e anexalo ao expediente, devólvese a Cultura para que continúe coa tramitación oficial, mediante a inclusión na orde do día da Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico para o seu ditame e remisión ao Pleno.

Na maioría das veces os cambios solicitados son debidos á necesidade de renomear moitas das rúas denominadas *1ª*, *2ª* ou *3ª travesía* doutra rúa principal, ou a casos en que unha vía excesivamente longa se ve fragmentada, por mor de actuacións urbanísticas. O normal nestas circunstancias é que Estatística nos faga unha consulta previa para saber se a toponimia na área ou na vía cuxa denominación se quere cambiar está recollida. Como era práctica normal neste tipo de consultas, no SNL temos xa adiantado traballo. Recollemos moitas desas



travesías e fixemos o estudo para lles propor nomes de seu, mais debido á parálise da comisión correspondente, non podemos tramitar ningún expediente.

Os casos de correccións son moito máis doados de resolver, pois xeralmente son erros ortográficos, ou de presenza/ausencia de artigo, poñamos por caso. Con todo, algúns deles precisan un informe máis detallado, que elabora o propio SNL.

En ocasións, particulares e asociacións presentan propostas de cambio de nome e correccións. A maioría das propostas de cambio de nome pretenden varrer toponimia tradicional e pór no seu lugar denominacións conmemorativas ou honoríficas. Véñenme á cabeza casos como *Cu da viña*, ou *Vaca morta* que na opinión dalgún veciño non resultaban axeitadas para denominar rúas ou camiños, e propuña cambiar eses nomes polo do cura do lugar ou outro “benfeitor” da parroquia. Na banda contraria temos as correccións feitas case sempre por asociacións (das chamadas parroquias do rural) que solicitan que se recupere a denominación tradicional, e non a que “aparece na placa” por ter erros de ausencia/presenza de artigo, cambios de vogais, de letras, uso de plural/singular...

Cómpre dicir que aquelas parroquias onde se realizou o traballo de recollida da toponimia e se publicou o libro correspondente son as máis proclives a presentar solicitudes de correccións e de cambios por topónimos tradicionais. Beade e Bembrive, sobre todo esta última, que realizou cantidade de novas infraestruturas, ou “bautizou” outras, foron as máis dinámicas neste sentido. Valadares e Cabral tamén se suman a estas iniciativas avogando sempre polo respecto da toponimia tradicional.

### 2.2.2. Propostas de novas denominacións

Máis numerosos son os expedientes derivados de solicitudes de novas denominacións. Xeralmente son peticións honoríficas referidas a médicos, profesores, cregos, escritores... O máis común é que proveñan de familiares, achegados e asociacións de diversa índole. Preséntanse tamén peticións conmemorativas, e outras que avogan porque haxa no nomenclátor vigués espazo para a “Liberdade”, “Amizade”, “Valor”, “Apertas”, “Ensino Público” (por certo, e referido a esta última, o lugar proposto era coñecido pola veciñanza como *Vimieiro*)... Moitas destas solicitudes non son tramitadas, mais outras (non chego a saber o porqué desta escolla) si son remitidas á Concellaría de Cultura para o correspondente trámite. O que adoitan ter en común é que ningunha delas debería ser atendida

por non cumprir o estipulado no artigo 3 do Regulamento de Honras e Distincións: vir avaladas polo 2% da poboación municipal, preto de 6.000 sinaturas.

Tamén a propia Administración pode iniciar expedientes de novas denominacións, e de certo faino. Xeralmente son iniciados por solicitude, novamente, de Estatística. E pode proceder por dúas motivacións. A primeira sería a necesidade de nomear infraestruturas viarias que non figuran como oficialmente nomeadas, o que provoca que haxa veciñas e veciños que, pola falla desa identificación, non constarían no censo. Advertido ese baleiro diríxese á Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico para llo comunicar e solicitar que actúe, achegando información e documentación da zona.

A segunda motivación sería o informe de Urbanismo, no que comunica a Estatística que hai figuras de planeamento secundario a piques de se rematar onde constan infraestruturas viarias que deben ser nomeadas, e no que se achegan planos e outra documentación que limitan a zona de actuación. Estatística actúa ante estes informes como xa referín anteriormente.

Afortunadamente hai unha frutífera comunicación e traballo conxunto entre Urbanismo e Normalización Lingüística na salvagarda da toponimia que se pode ver afectada polas actuacións urbanísticas que se desenvolven en Vigo. Tal e como antes comentei, Estatística adoita adiantar parte do proceso, ao nos solicitar o inventario de toponimia tradicional que cómpre conservar e protexer nas zonas de actuación. Son moitos os exemplos deste xeito de actuar; o máis recente, de hai uns poucos días, foi a solicitude sobre unha área da parroquia de Alcabre que se vai urbanizar. Antes de actuar solicitaron un “levantamento da toponimia tradicional nos predios comprendidos entre o *Camiño da Montana*, e as rúas da *Viña Grande*, *Castañal* e *Avenida da Atlántida*, así como doutro patrimonio inmaterial que cómpre conservar”. A solicitude viña acompañada da documentación precisa achegada pola oficina de Planeamento: planimetría e fotografías aéreas da zona correspondente. Este xeito de proceder dende a Xerencia Municipal de Urbanismo é un exemplo que ilustra o comentado anteriormente con respecto ao artigo 35.2 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, e permite constatar o labor que fai a propia Xerencia ao respecto da salvagarda da toponimia tradicional viguesa.

Outros departamentos que solicitan o inventario de toponimia tradicional sobre zonas determinadas son Administración Electrónica, Educación e Medio Ambiente.

Na maior parte dos casos, son os informes do SNL os que determinan, ou determinaban, que un expediente de nova denominación, cambio ou corrección sexa remitido a Pleno para a súa aprobación.

### **3. OS INFORMES DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Como é lóxico, este departamento informa consonte a normativa vixente, facendo especial fincapé nas leis de patrimonio estatal e galega, así como as recomendacións do Grupo de Expertos en Nomes Xeográficos da ONU ao respecto da salvagarda da toponimia tradicional. E, naturalmente, recóllese o acordo de 2004 sobre “preferir sempre un topónimo tradicional”.

Na exposición ponse de relevo o labor que se está a realizar na recuperación da toponimia tradicional, traballo que é coral, xa que sen a cidadanía viguesa non iría avanzando. Referímonos á toponimia como localizadora e como testemuño da historia da nosa cidade, das súas xentes, xeografía, historia... Xa que logo, perder esta toponimia, deixala esmorecer, leva aparelhada a perda de parte da nosa identidade.

Antes de realizar un informe facemos un estudo sobre as denominacións dos lugares *in situ*, procuramos información en diferente documentación, consultamos o Catastro do Marqués de Ensenada, escrituras privadas de compra e venda, testemuños escritos dos arquivos provincial, municipal ou diocesano. Citamos as fontes e reproducimos anacos de documentos onde se reflicte o topónimo en cuestión ou a referencia toponímica ao lugar que se pretende nomear.

Adoitamos incluír datos sobre a etimoloxía, apreciacións ortográficas e normativas e a frecuencia do topónimo, tanto en Vigo como na propia parroquia, pois, de levar a posibles equívocos, ofrecemos unha alternativa máis precisa.

De non dispormos da documentación precisa para realizar o informe, contratamos o estudo da toponimia da zona. Escollemos normalmente persoas que xa fixeron traballos de recollida para o Concello. Nós pomos á súa disposición a documentación e bibliografía coas que conta o SNL; Cartografía achégalles as fotografías aéreas que precisen, Planeamento ofrécelles planos, realizan consultas no Arquivo Municipal, e logo, xa pola súa conta, han de achegarse á zona de

estudo para facer entrevistas (en ocasións xa lles facilitamos contactos de persoas que lles proporcionarán información), consultar arquivos e outra documentación, ou o que vexan preciso. Finalmente remiten o informe correspondente, con indicacións das persoas informantes, dos documentos e dos arquivos consultados, os estudos etimolóxico e lingüístico e unha proposta fundamentada. Estes informes son incorporados ao expediente.

O informe remata co ditame *favorable* ou *non favorable* á denominación solicitada, consonte a norma que o Concello de Vigo ha de respectar. Neste último caso –*non favorable*– propoñemos a denominación que consideramos ha de adoptarse, resultante do traballo de investigación e documentación realizados.

A documentación que adoitamos consultar é aquela da que dispomos no Servizo de Normalización Lingüística:

**1. Inventarios toponímicos das parroquias de Vigo**, resultantes do convenio asinado entre o Concello e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia para a realización dun inventario de microtoponimia do termo municipal de Vigo, de abril de 2002. Estes inventarios están incompletos, dado que o traballo non foi rematado, polo que o Concello e mais a Universidade de Vigo iniciaron, no ano 2009, un novo traballo para a recollida da toponimia tradicional viguesa.

**2. Froito dese traballo conxunto entre a Universidade de Vigo e o Concello**, xorde a **colección Toponimia do Val de Frago**, con seis volumes xa publicados correspondentes ás parroquias de Coia, Lavadores, Beade, Freixeiro-Sárdoma, Comesaña e Bembrive. Axiña será publicado o volume correspondente a Candeán, e agardamos que para o vindeiro ano poidamos facelo cos correspondentes ás parroquias de Cabral e Zamáns. Neste momento estase traballando nas parroquias de Matamá, Valadares e Teis.

Esta toponimia vén xeorreferenciada, polo que lles remitimos os datos aos departamentos de Cartografía e Planemento para a súa incorporación á cartografía municipal.

Este labor de recollida, posta en valor e transmisión da toponimia tradicional creo que foi o fito máis relevante dos que se realizaron, e sobre todo serviu para mobilizar e sensibilizar a sociedade. Alén das fontes consultadas, a sabedoría, a memoria e a documentación achegada pola veciñanza desas parroquias foron, e seguen a ser parte fundamental do labor de recollida. Sen a súa colaboración

non frutificaría este traballo, e facer a cidadanía parte del serviu para cambiar o xeito de ver e valorar a toponimia. No ano 2013 asinamos un protocolo de colaboración coas comunidades de montes de Beade, Cabral, Candeán, Zamáns e coa Entidade Menor de Bembrive para colaborar economicamente e proporcionar documentación e informantes co fin de recoller e publicar a toponimia das respectivas parroquias. Tamén estaba incluída a Comunidade de Montes de Valadares, que nun momento dado se botou atrás por non “respectar o verdadeiro nome da parroquia: Valladares”, e coa que hoxe retomamos as conversas para continuar un traballo comezado xa hai uns anos, e por iniciativa propia, polo Centro Social e Cultural de Valadares.

### **3. Inventarios de parroquias (totais ou parciais) que se contratan para informar expedientes.**

Destacamos o informe realizado por petición da Xerencia de Urbanismo sobre “a correspondencia dos topónimos municipais cos utilizados no Plan básico autonómico”. Trátase dun traballo comparativo de diversas documentacións: Plan básico autonómico; *Nomenclátor de Galicia*; relación de toponimia das parroquias de Vigo e os respectivos informes 2003-2005; relación de núcleos de poboación existentes, agrupados por parroquias, do estudo previo para a redacción do PXOM; relación de barrios agrupados por parroquias do Servizo de Estatística; a xa citada Toponimia do Val de Fragoso, e os estudos sobre os nomes de Saiáns (Navaza 2011) e Vigo (Sacau 1996).

A realización deste informe permitiunos chegar a moitas conclusións a respecto do tratamento da toponimia (cuestións que non corresponden a esta intervención), e avanzar na corrección e estandarización de topónimos no ámbito municipal, para evitar que un mesmo topónimo apareza grafado de diferentes formas dependendo da fonte (administrativa) que se consulte.

### **4. Traballos contratados sobre a toponimia do Vigo urbano e da hidronimia viguesa.**

**5. Bibliografía** que inclúe numerosos traballos de recollida de toponimia doutros concellos galegos, estudos toponímicos de parroquias galegas (por exemplo: *Os nomes dos lugares de Saiáns* de Gonzalo Navaza), compendios de toponimia galega, española, catalá, valenciana...

#### 4. OUTRAS ACCIÓNS E ACTIVIDADES QUE DENDE A CNL SE REALIZAN PARA A SALVAGARDA DA TOPONIMIA

Quero sinalar, por último, unha relación de traballos, programas, actividades e accións que dende a Concellaría de Normalización Lingüística levamos tempo realizando para a recuperación, transmisión e posta en valor da toponimia tradicional.

- *Meu: coñecéndonos, descubríndonos* (2009-2013): programa co obxectivo de coñecer para valorar a contorna. Focalizamos na toponimia boa parte do traballo para explicar a evolución da lingua, a climatoloxía, a configuración do terreo, relevo, usos e asentamentos. Inclúe unidades didácticas para o alumnado de Primaria (con actividades para cada etapa), ESO e BAC, e tamén para o profesorado.
- *Viaxe á cova do Folón* (2010): un xogo interactivo para coñecer a historia de Vigo. A toponimia era unha constante nas preguntas, encrucillados, probas etc.
- *Historias para coñecermos Vigo* (2015-2019): colección de libros da historia e a realidade viguesas. Acontecementos, persoeiros ou feitos novelados en espazos da xeografía viguesa (Ensanche, As Travesas-Coia, Teis, Cabral, Candeán, Lavadores, As Cíes...). Complementábase cun percorrido en que os topónimos xogan un papel relevante.
- Microespazos na televisión local sobre toponimia (2011). O guión é da autoría de Gonzalo Navaza.
- *Os Bolechas queren saber que é a toponimia* (2010). Con guión de Gonzalo Navaza e ilustracións de Pepe Carreiro.
- Percorridos toponímicos (dende o ano 2012). Realizados por distintos lugares: as parroquias, as Cíes etc. En Coia, por iniciativa do profesorado, sinalamos as paradas con placas con códigos QR. En Navia, no coñecido como PAU (Programa de Actuación Urbanística) de Navia, o percorrido acompañábase coa colocación dos carteis cos topónimos tradicionais, carteis que anteriormente fixeran as nenas e nenos que participaron no obradoiro *Topo que?*

- *Xornadas sobre toponimia e curso de formación de especialistas* (marzo de 2012). Organizadas polos concellos de Vigo, Ourense e Pontevedra, a Universidade de Vigo e o IEM e en colaboración co concello de Redondela.
- Recollida e inventario da hidronimia (2013). Informe de uso interno elaborado por Iván Sestay.
- Recuperación de nomes tradicionais de praias e areais, que comezara xa no final dos 90, e que se completa nos primeiros anos deste século. Traballo en colaboración coas asociacións veciñais do litoral e co departamento de Medio Ambiente.
- Nas xornadas dirixidas ao profesorado (abril 2019) sobre ferramentas para traballar en galego, houbo unha intervención de Gonzalo Navaza ao respecto.
- *Topo que?* Charlas e obradoiros nas asociacións veciñais.

## 5. CONCLUSIÓNS

Remato cunhas breves notas que recollen desexos, inquiredanzas, gratitudes e... esperanzas.

### 1. Ventos favorables

- Comprobamos o aumento do interese pola toponimia entre a veciñanza.
  - ~ Gran demanda no SNL dos libros sobre toponimia, demanda que nos levou a ter que reeditar algúns dos volumes (Coia e Lavadores).
  - ~ Novas asociacións veciñais demandan o inventariado da toponimia da súa parroquia: Matamá Valadares, Coruxo, Navia...
  - ~ Nos centros de ensino realízanse, cada vez máis, traballos sobre a toponimia da contorna próxima. Tamén reclaman actividades e material sobre toponimia
  - ~ Non son xa tan infrecuentes as consultas ao SNL sobre toponimia dende despachos de avogados, arquitectos ou delineantes.

- Cómpre poñer en valor o traballo conxunto da sociedade, a universidade e o concello. E dentro do propio concello en departamentos como Urbanismo, Estatística, Educación, Administración Electrónica e Medio Ambiente.
- Apreciamos avances na restauración da toponimia tradicional. Saliento o caso particular de Vigo respecto á recuperación dos nomes das praias e areas: a nomenclatura tradicional foi restablecida e hoxe xa é normativa, grazas ao Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia, da Consellaría de Medio Ambiente. Foi froito esta restauración do traballo conxunto da cidadanía e a administración municipal.

## **2. Demandas**

- Unha ordenanza ou regulamento específico que regule quen ten a competencia, como se solicita, como se tramita, que informes cómpren... E que recolla o espírito da declaración presentada pola AGOn e o acordo plenario de outubro de 2004.
- Continuar coa recollida de toponimia noutras parroquias e no propio espazo urbano, onde abunda o que poderíamos chamar “toponimia perdida”, que cómpre recuperar.
- Continuar cos programas e proxectos dirixidos á cidadanía sobre a importancia de preservar a toponimia.
- Coordinar a cartografía municipal e a autonómica para restaurar a toponimia.

## **3. Desexos**

- Ter rematada a recollida da toponimia do Concello de Vigo. Unha recollida exhaustiva, documentada, xeorreferenciada, contrastada, corrixida para a súa estandarización e aceptación polas diferentes administracións e, tamén, para a súa divulgación na procura da súa total normalización.
- Poder ter incorporada toda esa toponimia na Cartografía municipal e que estea á disposición de todas as persoas. Estamos comezando... agardamos que remate con chegada a bo porto.



E por último, quero mostrar agradecemento a todas e todos os meus compañeiros do Concello que están contribuíndo coa recuperación, posta en valor e transmisión da toponimia e que tiveron paciencia ao atenderme e aclarar as miñas dúbidas para realizar este relatorio.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez Pérez, Marta (2019): *Bembrive*. Toponimia do Val do Fragoso 6. Vigo: Universidade. Dispoñible en <https://snl.vigo.org/toponimia-bembrive/>
- Carrasco, Lorena e Gonzalo Navaza (2014): *Beade*. Toponimia do Val do Fragoso 3. Vigo: Universidade. Dispoñible en <https://snl.vigo.org/storage/documentos/May2018/FeCEElbTdqTySkUsWlFo.pdf>
- Garrido Rodríguez, Jaime (2019): *Vigo amurallado: origen y evolución histórica*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.
- Navaza, Gonzalo (2011): *Saiáns*. Os nomes dos lugares 1. Vigo: Comunidade de Montes de Saiáns.
- Pérez Antomil, Daniel (2016): *De los nombres de las calles de Vigo*. Vigo: Edicións Cardeñoso.
- Rodríguez Lemos, Anxo (2018): *Comesaña*. Toponimia do Val do Fragoso 5. Vigo: Universidade. Dispoñible en <https://snl.vigo.org/toponimia-comesana/>
- Sacau Rodríguez, Gerardo (1996): *Os nomes da terra de Vigo: estudio etimolóxico*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.
- Sestay Martínez, Iván (2008): *Coia*. Toponimia do Val do Fragoso 1. Vigo: Universidade. Dispoñible en <https://snl.vigo.org/storage/documentos/May2018/Kh0LY2PKLTqmJeXAzYI.pdf>
- (2010): *Lavadores*. Toponimia do Val do Fragoso 2. Vigo: Universidade. Dispoñible en <https://snl.vigo.org/storage/documentos/May2018/UeDQmXun0lEH1vb1L7Ek.pdf>
- (2015): *Freixeiro e Sárdoma*. Toponimia do Val do Fragoso 4. Vigo: Universidade. Dispoñible en <https://snl.vigo.org/storage/documentos/May2018/bwF9tl09qF9pp0h1Sn3i.pdf>
- Vázquez Xil, Lalo (1989): *As rúas de Vigo*. Vigo: Concello.

## ANEXO

### 1. RECOMENDACIONES DO GROUP OF EXPERTS ON GEOGRAPHICAL NAMES (UNESCO)

Destacamos as debidas á “Normalización nacional” dos nomes de lugares, e entre elas as adoptadas respecto da recomendación da promoción dos nomes xeográficos propios, as de normalización dos topónimos baseándose na tradición e uso oral, así como aquelas nas que pide cautela á hora de pór nomes conmemorativos (principalmente nomes de persoas, e nunca en vida, cuxa denominación é pretendida, e mesmo recomenda determinar un tempo de agarda logo do falecemento) **que leven consigo a eliminación de nomes tradicionais**. E podemos asegurar que en Galicia calquera anaco de terra habitada, de aproveitamento, de relación cotiá cos seres humanos, ten nome de seu. Moitos, desafortunadamente, hoxe están perdidos ou en perigo de desaparición.

A maiores, en distintos documentos este grupo de expertos da UNESCO **proclama a toponimia como patrimonio cultural inmaterial** e encoméndalles aos organismo oficiais inventariar a toponimia tradicional, recompilándoa sobre o terreo, propoñer o seu recoñecemento, elaborar un programa de salvagarda e promoción e promover a posta en valor destes topónimos.

España ratifica a Convención para a salvagarda do Patrimonio Inmaterial (UNESCO) no ano 2006. Nesta convención recóllese, precisamente, a toponimia como patrimonio inmaterial.

## 2. LEXISLACIÓN ESTATAL

### **Lei de patrimonio histórico español, Lei 16/1985 do 25 de xuño**

#### Artigo primeiro

1. Son obxecto da presente Lei a protección, acrecentamento e transmisión ás xeracións futuras do patrimonio histórico español.
2. Así mesmo, forman parte do patrimonio histórico español os bens que integren o patrimonio cultural inmaterial, de conformidade co que estableza a súa lexislación especial.

### **Lei 10/2015 do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial.**

#### Artigo 2. Concepto de patrimonio cultural inmaterial.

Terán a consideración de bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural, e en particular:

- a) Tradicións e expresións orais, incluídas as modalidades e particularidades lingüísticas como vehículo do patrimonio cultural inmaterial; así como a toponimia tradicional como instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos territorios.

# Pola rúa da Amargura: o declive da toponimia tradicional no nomenclátor urbano da Coruña

Iván Méndez López  
*Real Academia Galega. Seminario de Onomástica*

Á memoria de meus pais, a quen moito acho en falta para pasear polas rúas da Coruña

## 1. A XEITO DE MARCO. “PARA ONDE?”

Tomei a licenza pouco científica de comezar un relatorio cun conto <sup>1</sup>. A mediados do século xx había un veciño da Coruña que era o terror da compañía de trolebuses. Ninguén sabía como, mais sempre conseguía chegar ao destino sen pagar o billete. Non había día que non o fixese malia que a súa sona obrigara os traballadores a poren toda a súa atención. Con toda a compañía detrás del, era cuestión de tempo que se lle acabase a comedia. E ese día acabou por chegar: aproveitando a concorrencia no Obelisco, o noso home subiu pola porta traseira a xulgar que o condutor estaría despistado co balbordo. O plan de sempre, mais desta vez non contaba cun outro condutor de paisano que, farto de escoitar as historias e as brincadeiras alá onde fose, decidiu viaxar de incógnito e descubri-lo. Así foi: nada máis pór un pé no primeiro chanzo da parte traseira do trole, agarrouno pola aba da cazadora e berroulle “Hoxe pagarás!”, ao que, rápido, retrucou o outro: “Non, hoxe non. Hoxe, p<sup>3</sup>a Monelos!”.

Quen estea a ler estas liñas e non forma parte dese 99,99% da poboación mundial que non tivo a sorte, ou a desgraza, segundo se mire, de nacer ou vivir na Coruña, é moi posíbel que non atope sentido ningún, e aínda menos graza, ao conto anterior. Normal. Mais ocorre tamén que vivir, nacer ou residir na cidade herculina non é suficiente nin para coñecer a historia nin para entendela. Fai falta ser un CTV, ou o que é o mesmo, un Coruñés de Toda a Vida, pois non

---

1 A historia é unha versión da que escoitei a dúas persoas diferentes e que tamén recolleu Souto (2005: 55).

só hai moito que non se escoita, senón que falta algo máis para comprendela que compartir o contexto. Precisamos un topónimo: *Garás*.

Ese *Garás* ao que negaba ir o noso protagonista co xogo de palabras “Pagarás” > “P’a Garás”, é o mellor exemplo que se pode atopar para falarmos da situación da hodonimia tradicional coruñesa. Situado xunto á *Porta de Abaixo*<sup>2</sup>, *Garás* está documentado cando menos desde o século XVI (Velo 1992: 48) e foi, sen dúbida, un dos lugares máis simbólicos da xeografía coruñesa: era o primeiro que pisaba quen saía da *Pescaría* polo *Camiño Real* e, por tanto, o último lugar habitado fóra das murallas antes de entrar na cidade. *Garás* deu nome a todo un lugar tradicional de mariñeiros (o *Barrio de Garás*), a un camiño (o *Camiño de Garás*), un porto (o *Peirao de Garás*), houbo unhas *Brañas de Garás* e unhas *Hortas de Garás*, e até o primeiro cronista oficial da cidade da Coruña, Andrés Martínez Salazar, chegou a asinar como Juan de Garás<sup>3</sup>.

Mais se se preguntar a calquera persoa da Coruña por como chegar ao camiño, ás hortas ou ás brañas de *Garás* é moi posíbel non ter resposta, mesmo se se fixer en localizacións tan céntricas como Linares Rivas, a praza de Vigo ou xunto ás Escolas de Labaca, ou o que é o mesmo, os antigos camiño, hortas e brañas de *Garás*.

Fica, pois, claro, por que eliximos *Garás* para comezarmos o presente traballo: cando en 1896 o Concello da Coruña quixo honrar Linares Rivas cunha rúa, elixiu o *Camiño de Garás* por ser este o que dirixía desde a cidade ao principal logro que o facía merecedor de tal distinción, a Estación do Norte. O día que as autoridades puxeron a nova placa, estaban a borrar un topónimo da nosa historia e tamén inauguraban de forma simbólica unha nova etapa denominativa que perdura até hoxe: a perda progresiva do rico patrimonio detoponímico na hodonimia coruñesa.

O obxectivo deste traballo será facermos unha pequena aproximación a cal é a situación da toponimia tradicional nas rúas da cidade da Coruña. Para iso, analizaremos o nomenclátor urbano coruñés actual (*As rúas do presente*) e comparáremolo con diferentes etapas da historia da cidade (*As rúas do pasado*) para intentarmos dar unhas chaves do que podemos agardar (*As rúas do futuro*) e do que pasou (*Conclusiones*). Mais antes de facermos un dos deportes preferidos

---

2 *A Porta de Abaixo*, como o seu nome indica, era unha das dúas portas de entrada que tiña a *Fronte de Terra* ou muralla da *Pescaría* e estaría situada nos terreos do que hoxe é a rúa Sánchez Bregua, a praza de Mina e a Rosaleda.

3 Este nome empregouno nalgúns artigos da *Revista Galicia*.

da cidadanía coruñesa, baixar a que se nos vexa pola rúa, cómpre falarmos da Coruña ou, máis ben, das diferentes *Coruñas*.

### 1.1. A Coruña non hai unha

Meu pai, que nacera pola parte do barrio de San Xoán<sup>4</sup>, adoitaba presumir de *coruñesía* cun dito popular semellante a “Oes, rapaz, que son de Coruña 1” e que aínda se pode escoitar con diferentes variantes. Co retrouso<sup>5</sup>, quería amosar a fachenda de pertencer ao 15001, isto é, á Cidade Vella.

Mais sen o el querer, hai poucas frases que describan mellor a realidade urbana e histórica da cidade: non hai unha Coruña, senón moitas *Coruñas* que obedecen a diferentes etapas históricas e de desenvolvemento urbano<sup>6</sup>. Esas *Coruñas*, xulgo, son tres: *A Coruña Coruña*, *A Pericoruña* e *A Coruña rural*.

A primeira e orixinal, “A Coruña Coruña” coincide en certo modo co dito de meu pai: *A Cidade Vella*, *A Cidade Alta* ou simplemente *A Cidade*. Formouse arredor da zona do Parrote e do actual Xardín de San Carlos, algo antes da carta fundacional da Coruña de 1208<sup>7</sup>. Moi axiña comezan a concentrarse nas súas murallas o centro administrativo e económico (Barral 1998: 101) mentres que seguindo a liña de costa e extramuros<sup>8</sup> nace o Arrabalde ou A Pescaría, isto é, onde estaban as “casas dos pescadores e da xente do mar”, segundo as crónicas da chegada do Duque de Lancaster á Coruña en 1386 que escribiu Froissart e recolleu González Garcés (2008: 547). O nacemento da Pescaría como barrio de seu non debeu demorar moito ao nacemento da propia cidade, pois xa a finais do século XIII están documentadas as igrexas de San Nicolás e de San Tomás (Barral 1998: 111).

---

4 Malia que no Pleno do 15 de setembro de 1982 o Concello da Coruña aprobou a galeguización progresiva do nomenclátor urbano, na práctica este acordo non se chegou a producir. Por tanto, os nomes das rúas da cidade teñen unha única denominación oficial, en castelán en máis do 92% dos casos, tanto no xenérico como no específico. Neste traballo decidimos empregar o nome galeguizado da rúa a que nos referimos e cando non for o suficientemente transparente, citaremos como nota ou entre paréntese o nome da rúa concreta.

5 O retrouso podería proceder da división de códigos postais da cidade, que comezou o 1 de outubro de 1981, malia que tamén pode ser anterior no tempo e ter relación coa división tradicional da cidade en distritos censuais.

6 Para ter unha visión do desenvolvemento urbano da cidade pode consultarse Coruña (2017).

7 Para unha descrición da formación da cidade medieval, véxase Estrada Gallardo (1972).

8 A cantidade de depósitos arqueolóxicos romanos atopados en lugares como os Cantóns, a rúa da Franxa ou o Rego da Auga poden convidar a pensar que A Pescaría naceu aproveitando as construcións anteriores ou mesmo nunca foi totalmente despoada.

Este dato é importante: malia existir unha diferenza clara entre a Cidade e o Arrabalde e mesmo unha loita entre elas<sup>9</sup>, as dúas zonas comparten o núcleo sobre o que se desenvolvería A Coruña e tamén trazos urbanos que as caracterizan sobre o resto do concello: A Pescaría e A Cidade ven nacer rúas desde época temperá, coas súas denominacións que nalgúns casos van desde o século XIV á actualidade. Trátase, por tanto, da primeira Coruña, que inclúe tamén barrios nos arredores como o de San Roque, San Tomás ou San Xoán.

Unha segunda Coruña está situada inmediata á liña recta que hoxe forma a rúa Juana de Vega e que desde finais do século XV até mediados do século XIX, cunha importante modificación no século XVIII, albergou a Fronte de Terra, isto é, a muralla da Pescaría. Seguindo os camiños que saían da cidade polas portas *da Torre de Arriba* e *da Torre de Abaixo*, foron nacendo diferentes barrios que desde antigo acollían a xente do mar, da terra e doutros traballos, como o de Riazor ou San Roque de Fóra ao norte, Garás, Santa Lucía ou A Palloza ao oeste, e Santa Margarida no Camiño de Bergantiños.

Por último, existía unha terceira Coruña, netamente rural, que se correspondería con amplas partes das freguesías de Oza, Elviña, As Viñas e Visma, ou o que é o mesmo, o antigo concello de Oza, que se fusionaría (ou máis ben sería absorbido) en 1912. Esta Coruña rural estendíase desde A Palloza até San Roque de Fóra seguindo unha liña, *grosso modo*, entre as actuais Rolda de Outeiro e de Nelle e estaba formada por multitude de lugares e aldeas, semellantes a calquera dos do territorio galego agás por unha cousa: a súa proximidade á cidade. Moitas destes núcleos rurais seguiron vivos até ben entrado o século XX e desapareceron ao ritmo que se desenvolvía (e os devoraba) a cidade, e mesmo hoxe algún deles continúa vivo, aínda que moi influenciado pola urbe.

Chegándonos a este punto, pode suscitarse a pregunta de por que é necesario distinguirmos estas tres *Coruñas*? A resposta atópase nas propias rúas: mentres *A Coruña Coruña* mostra desde antigo unha conformación urbana –con vías, denominadas ou non, oficiais ou non, pero con rúas–, as outras dúas están conformadas por barrios e lugares. *A Pericoruña* virá desenvolverse a partir de mediados do século XIX, cando se tiran as murallas da cidade e se trazan os primeiros ensanches, e *A Coruña rural* non se desenvolverá até ben entrado o século

---

9 O crecemento da Pescaría foi tal que o concello se viu obrigado a solicitarlle medidas a Henrique IV e este, en 1457 obrigou a todos os oficiais e mestres de calquera oficio a vivir dentro da Cidade. Malia isto e outras ordes semellantes, durante finais do século XV e comezos do XVI, o despoboamento continuou. Para máis información pode consultarse Barral (1998: 101-103).

xx, dunha forma máis caótica. Por iso, o nomenclátor urbano presenta algunhas constantes, como veremos, nas primeiras relacións de rúas que se conservan, e por iso hai amplas zonas da cidade que non contarán con rúas, denominadas e trazadas, até a década dos sesenta ou dos setenta, malia estaren habitadas. As súas denominacións tamén terán que ver con estas etapas de crecemento.

Feita esta introdución, vaíamos pasear, agora si, polas rúas da Coruña.



Mapa das tres Coruñas

## 2. AS RÚAS DA CORUÑA HOXE

Darmos unha cifra concreta de rúas da Coruña é un exercicio de irresponsabilidade e mesmo de temeridade: non é que non contemos con el senón que é posíbel que, cando saia do prelo este artigo, as cifras non coincidan, malia non transcorrer moito tempo entre un e outro punto. Isto débese a que, se algo caracteriza o nomenclátor coruñés é a súa dinámica, acorde, dito sexa de paso, coa rapidez que amosan as autoridades municipais en deixaren a súa pegada nas rúas da cidade.

Téndo en conta o anterior, e co risco de corrixirmos o número varias veces mentres elaboramos este artigo, queremos deixar constancia de que, pola altura de abril de 2019 existían na Coruña 1.279 rúas, prazas, praciñas, parques, verreas, travesías e travesas, avenidas, roldas, paseos, escaleiras, camiños, estradas, glorietas, peiraos, lugares, aldeas e poboados.



A data e mais as retencencias anteriores non son casuais: a relación de rúas que o Concello da Coruña ten publicada na súa páxina web está actualizada o día 4 de abril de 2019<sup>10</sup>. No período comprendido entre esta data e setembro do mesmo ano fixéronse até 15 informes diferentes a respecto de numeracións, novas denominacións ou cambios. Por citarmos só un, unha resolución do 9 de maio da concellaría delegada de Participación<sup>11</sup> deu de alta a rúa Cernadas (sic)<sup>12</sup> que até entón existía como lugar mais non como rúa.

Con estes condicionantes, o ficheiro enlazado na nota anterior (nota 10) serve de fonte principal que empregamos para tirarmos a foto fixa do nomenclátor urbano coruñés. Trátase, por tanto, dun ficheiro que ofrece a vantaxe de ser un documento creado pola propia administración, que se actualiza coas mudanzas que se van producindo e que inclúe, ademais, os cambios denominativos dos últimos anos. Ten, así e todo, algunhas desvantaxes: é un inventario simple, sen ningún tipo de comentario que puidese servirnos de utilidade na práctica totalidade de denominacións, como podería ser a data en que se incluíu a denominación, a data en que se aprobou ou os anteriores nomes que puidese ter ao longo do tempo. Para este tipo de cuestións, cumpriría revisar os expedientes individuais ou os libros de actas do Pleno da Coruña.

Como fontes secundarias empregamos outras dúas: por unha banda, a Sede Electrónica do Catastro ten un servizo gratuíto mediante o que podemos obter todas as rúas dun municipio calquera, así como outra información (o código e mais o tipo de vía); por outra, o Instituto Nacional de Estatística ten tamén dispoñíbel na súa web<sup>13</sup> as relacións por provincia das rúas que emprega para fins do Censo Electoral, actualizadas coa data do 1 de xaneiro de 2019. Nesta última, ademais, pode accederse a un histórico anual desde 2004.

Estas dúas últimas fontes empregámolas para revisarmos a principal e serviunos tamén para achar denominacións anteriores que aínda seguían a formar parte dos respectivos inventarios, especialmente na Sede do Catastro, mais xa

---

10 No enderezo <https://ide.coruna.es/descargas/cambioscallejero/> poden comprobarse as diferentes mudanzas no nomenclátor urbano do Concello da Coruña. Para o caso tomouse o ficheiro *RelacionCalles.pdf* publicado o 20 de abril de 2019 mais este ficheiro modifícase con bastante frecuencia, polo que é posíbel que na data de publicación deste artigo fose actualizado.

11 Pode consultarse a resolución nesta ligazón: [https://ide.coruna.es/descargas/cambioscallejero/Cod-Via\\_1827\\_20190507.pdf](https://ide.coruna.es/descargas/cambioscallejero/Cod-Via_1827_20190507.pdf)

12 O nome do tradicional lugar da freguesía de Oza é *As Cernadas*, con artigo, tal e como aparece no *Nomenclátor de Galicia*.

13 Dispoñíbel en <https://datos.gob.es/es/catalogo/ea0010587-callejero-de-censo-electoral>

non no Concello da Coruña, como lugares xa desaparecidos (*Galán, O Pazo da Pasaxe...*), nomes de predios que erroneamente foron incluídos na relación (*Agra da Silva...*) etc.

## 2.1. Son 1.279 rúas únicas?

Como salientamos unhas liñas atrás, o número que obtivemos tras consultar estes dous tipos de fontes foi 1.279. Porén, o nomenclátor urbano coruñés é un chisco máis reducido por un motivo: é bastante común que un mesmo nome propio vaia acompañado de diferentes xenéricos. Bo exemplo disto é *A Palloza*: o nome do antigo areal e lugar da *Palloza*, xa desaparecidos, serve para denominar unha rúa, unha costa –a antiga rampla mariña que é vestixio de até onde chegaba o mar– unha praza e mesmo un peirao.

Estes casos decidimos non consideralos elementos únicos dentro do inventario: non sumamos catro *Pallozas*, xa que logo, senón unha só. A razón para facermos isto é que a motivación para incluír esa denominación no nomenclátor urbano é a mesma. Noutros casos, como adoita acontecer coas travesías, o seu nome propio recibírono primeiro de forma “oficiosa” e posteriormente acabou por se oficializar, como pasou na *rúa da Gaitreira* e a *travesía da Gaitreira*<sup>14</sup>. Por último, existen casos en que a nova vía aberta tomou como oficial desde o primeiro momento un nome xa existente, como sucedeu na *praza do Africano*<sup>15</sup>.

Esta simplificación de elementos non a fixemos sistematicamente: a *rúa de San Xosé*, situada no barrio homónimo, non responde á mesma motivación que o *San Xosé* da freguesía de San Cristovo das Viñas. Mentres o nome da rúa nos está a indicar o lugar da antiga capela coa advocación deste santo, o de San Cristovo das Viñas é o nome dun lugar tradicional, hoxe practicamente abandonado. Nestes casos, como noutros, mantivemos as dúas denominacións como elementos diferentes.

Despois de facermos estas precisións, o número de 1.279 ficou reducido a 1.168 rúas únicas, o inventario pechado que tivemos en consideración para o presente traballo.

14 O antigo lugar da *Ponte Gaitreira* foi dando paso ao barrio da Gaitreira, cuxa primeira rúa tivo de nome efectivamente este. A seguinte rúa que se abriu foi bautizada como *Primeira travesía da Gaitreira*, e así sucesivamente.

15 Mentres a *rúa do Africano* forma parte do nomenclátor clásico coruñés, a praza apareceu hai pouco máis dunha década como consecuencia do derrubamento dun edificio que ía ser destinado a centro cívico <https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2008/06/19/plaza-nacida-ruina/199811.html>

## 2.2. Clasificación das rúas da Coruña

Para estudarmos as rúas da cidade da Coruña, as actuais e as pasadas, decidimos establecer tres categorías diferentes: detoponímicas, conmemorativas e outra hodonimia.

O primeiro grupo importante de denominacións de rúas está formado por topónimos propiamente ditos, isto é, nomes que fan ou facían referencia nalgún momento a un lugar, a unha aldea, a un núcleo de poboación, a unha parte da aldea, un predio, un microtopónimo, un gremio ou a algunha característica que lle deu nome e que acabaron por fixarse con esta denominación. Neste grupo fica incluída gran parte dos nomes das rúas tradicionais ou antigas que conformaban os núcleos primarios da cidade, isto é, A Pescaría e mais a Cidade Alta ou Vella. Atopamos aquí, xa que logo, rúas como *O Parrote* ou *As Tabernas* na Cidade Alta ou *O Orzán* e *Cordoaría* na Pescaría; a *Rolda de Outeiro* ou a de *Nelle*, por faceren referencia a antigos lugares que desapareceron co seu trazado; ou a rúa de *Tornos*, situada nos termos no antigo lugar do Campo de Tornos.

O segundo grupo clasificador está composto pola hodonimia conmemorativa, isto é, aquelas rúas que ou ben as autoridades municipais consideraron crear para, coa súa denominación, honraren algo ou alguén, ou ben naceron de forma espontánea coa mesma finalidade e acabaron por se oficializar. Por exemplo, á rúa *Sirena* déuselle este nome porque a xente da zona denominaba así a rúa onde estaba localizada a fábrica de lixivias “La Sirena”. As vías deste xeito son moi heteroxéneas na súa orixe pois son múltiples as motivacións que levan á dedicación dunha rúa: mulleres, homes ou colectivos salientábeis, como a moi coruñesa praza de *María Pita* ou a *Cruz Vermella*; figuras e acontecementos relixiosos, como a rúa do *Perpetuo Socorro* ou o *Neno Xesús*; acontecementos históricos ou episodios lendarios, como a *Revolución Francesa*; exónimos, como a avenida de *Buenos Aires*; topónimos galegos, como a praza de *Pontevedra*; actitudes ou calidades destacábeis, como *Cultura* ou *Disciplina*; e un longo etcétera.


Por último, existe un terceiro grupo, que denominamos “outra hodonimia” que está formado por aquelas vías cuxo elemento propio non entra en ningunha das outras dúas categorías. Neste grupo incluímos o que se coñece como hodonimia de repertorio, os nomes de rúas creadas como inventario, como aconteceu no *Barrio das Flores*, ao as autoridades municipais consideraren bautizar as rúas con nomes como *Margaridas*, *Camelias* etc. Tamén están incluídas aquelas rúas

das que descoñecemos a súa orixe ou esta é escura<sup>16</sup>: a rúa *Fita*, por pórmos un exemplo, forma parte do nomenclátor urbano coruñés cando menos desde o século XVIII, mais custa atopar a súa referencia, aínda que se apuntase a posíbel existencia dunha pedra fita que actuase como marco (Naya 1975: 49-50).

Esta clasificación en tres grupos ten, porén, as súas dificultades. Podería pensarse que *Santa Lucía*, *San Tomás*, *Santo Andrés*, *San Roque* ou *San Xosé* forman parte das rúas conmemorativas relixiosas, por exemplo, mais incluímolos nas detoponímicas por faceren referencia a antigos lugares ou barrios da cidade que hoxe serían unha entidade de poboación e que tiñan como nome a advocación do santo.

### 2.3. As rúas da Coruña, ou máis ben do *Coruño*


Temos xa o inventario decidido, a forma de o clasificarmos e as dificultades que explicamos; baixemos, xa que logo, a pasear polas rúas da Coruña. A gráfica 1 amosa a distribución do nomenclátor urbano coruñés, que deixa os seguintes datos: nada máis e nada menos que dúas de cada tres rúas da cidade forman parte dalgún dos tipos de hodonimia honorífica que vimos no apartado 2.2, o 64% do total (749 rúas). Pola súa banda, só 321 rúas agochan algún tipo de toponimia coruñesa, o 26%; e o 8% (98 rúas), forman parte do grupo heteroxéneo doutras denominacións.



**Gráfica 1**  
Rúas da cidade da Coruña  
na actualidade  
segundo a súa motivación.  
Fonte: elaboración propia

<sup>16</sup> O nomenclátor urbano é unha materia de estudo que comparte as mesmas problemáticas que a toponimia, especialmente na busca das orixes das denominacións cando carecemos de datos concluíntes. Así, non é estraño inventarmos a existencia de mulleres que exercían a prostitución en rúas como a *Cormelá* ou a *Perillá* sen achegar ningún dato que o corrobore (García López 2010) ou recorrer a historias de persoas que viviron un século atrás cando a rúa xa aparece denominada cando menos 200 anos antes, como o *Africano* (García Bayón 1998).

Se debullamos os datos, o nomenclátor urbano coruñés é masculino: unha de cada tres rúas que pisamos as persoas que aquí habitamos teñen nome de home, coruñés ou non, case dez veces máis que as correspondentes rúas femininas. Tan importante é este grupo que é o máis numeroso, por enriba mesmo daquelas vías urbanas detoponímicas. O terceiro grupo en importancia son os exónimos, seguidos moi de preto polas rúas dedicadas á relixión e os topónimos galegos.



**Gráfica 2**  
Rúas da cidade da Coruña na actualidade segundo a súa tipoloxía.  
Fonte: elaboración propia

Temos homes de todos os tipos e gustos: alcaldes (26), almirantes, capitáns e outros membros do exército, persoas ilustradas, galeguistas, represaliados, ditadores como Miguel Primo de Rivera e até membros franquistas da División Azul<sup>17</sup>. Canto aos exónimos, salientan os grupos que forman as repúblicas americanas da zona de Labañou ou as 19 capitais europeas que nomean as rúas da recente urbanización denominada Valaire. Pola súa banda, temos abondosos nomes da xeografía galega, entre vilas, provincias e, sobre todo, ríos pola parte da Rolda de Nelle, un lugar onde tamén é importante o número de rúas dedicadas á relixión.

Neste breve paseo polas rúas honoríficas da cidade da Coruña xa podemos extraer outra conclusión: a distribución semella manter certos patróns. As rúas que conteñen algún topónimo tradicional coruñés están concentradas en puntos

<sup>17</sup> O cabo Ponte Anido, morto na batalla de Krasny Bor mentres formaba parte da División Azul, aínda ten unha rúa co seu nome no populoso barrio de Monte Alto. Malia que denominacións como *División Azul*, *Xeneral Mola*, *Xeneral Sanjurjo* ou *Millán Astray* xa non forman parte do nomenclátor urbano coruñés en aplicación da Lei de memoria histórica, aínda fican pegadas da ditadura na Coruña, como denunciaron reiteradamente asociacións e personaxes destacadas como Manuel Monge. Véxase, para o caso, <https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2018/12/15/monge-denuncia-perduran-106-simbolos/1357349.html>

moi concretos da cidade, na Coruña orixinal e na Coruña rural da nosa clasificación. Así, pola parte de Feáns, Elviña, A Zapateira ou Visma e O Río temos rúas como *A Agra do Bico*, *O Outeiro de Feáns*, *O Correlo*, o *Camiño dos Sarmelos* ou o *Camiño do Convento*, *A Eira Vella*, *Os Catro Ventos*, *A Pedra da Barca*, *O Campanario*, *O Lagar*, *O Souto*, *O Escorial*, *O Catecismo*, *A Fonte Grande* e *A Fonte Pequena* e moitos outros. Gran parte destes nomes responden a microtopónimos da zona e outros, a nomes de lugares ou partes de aldea desta Coruña rural, e foron reutilizados na maior parte dos casos nunha época recente.

Tamén pola parte da Cidade Vella e na Pescaría mantense en gran parte a denominación tradicional das rúas, mais será na *Pericoruña* da nosa clasificación, isto é, nas vías situadas entre as roldas de *Outeiro* e de *Nelle*, onde menos sobreviva o nomenclátor tradicional, como veremos posteriormente.

Á vista destes resultados, non podemos máis que concluír que a toponimia tradicional da Coruña, ou do *Coruño*, como dicíamos pola cantidade de nomes de homes no seu nomenclátor, está a perder a batalla contra a hodonimia conmemorativa. Mais foi sempre así?

### **3. AS RÚAS DA CORUÑA ONTE: CATRO PASEOS E DUAS OLLADAS PÓLAS RÚAS DA CORUÑA DO PASADO**

Fixamos catro datas para pasearmos polas rúas da Coruña de onte: as rúas da Coruña decimonónica, as rúas da Coruña Nova, as rúas prefranquistas e as rúas posfranquistas. Con todo, non podíamos comezar este paseo sen antes botarmos dúas pequenas olladas ao noso pasado medieval e á Coruña da Ilustración.

Segundo apunta Barral Rivadulla (1998: 93), son escasos os testemuños sobre a configuración urbana da primeira Coruña e temos que agardar até o século xv para termos unha idea aproximada da súa distribución. Malia o anterior, a autora menciona unha vintena de rúas nas catro freguesías tradicionais; a parroquia de Santiago e a de Santa María nas que se divide a Cidade, e mais San Xurxo e San Nicolás no Arrabalde.

Nesta relación, tirada de Barral Rivadulla (1998: 92-106), atopamos algunhas rúas que moitas coruñesas e visitantes abofé pisaron máis dunha vez:

a *Porta dos Ares*<sup>18</sup>, as rúas de *Santo Antón*, *Santiago*, do *Príncipe Filipe*<sup>19</sup>, a rúa dos *Ferreiros*<sup>20</sup>, das *Donas*<sup>21</sup>, as *Tabernas*, a *Çapatería*, *O Perrote* ou a *praça dos Anxos*<sup>22</sup> na Cidade Alta. Na parte da Pescaría, a *Barreira*, a *Cordoaría*<sup>23</sup>, a *Nova* ou *A Franxa* locen aínda hoxe coa súa correspondente placa.

Outras, en cambio, xa non figuran no nomenclátor actual. Falamos da *Alfatería* (hoxe Nosa Señora do Rosario), *O Cortiñal* (Santa Bárbara), a *rúa do Campo* (Santa María), a *das Culleradas* (Travesía de Tabernas), *a do Muro* ou a *dos Porcos* (parte da actual rúa do Parrote), a *praça do Mercado de Peixe* (hoxe Azcárraga) ou da *Moeda Pequena* (Santo Domingo) na Cidade Alta e *A Cruz das Trabanzas*, *Domerio* (sic), *Carpentería*, *A Cruz de Abaixo*, o *Estaleiro* ou da *Ribeira*, no Arrabalde.

O nomenclátor urbano coruñés non mudará moito no século XVI. Grazas a Velo Pensado (1992: 66) coñecemos a existencia dun documento no Libro de actas do Concello da Coruña, datado o 11 de agosto de 1569, no que aparece a constitución urbana con certo detalle. O tema non era menor: a peste estaba a atacar a cidade e houbo que facer unha distribución das persoas encargadas de revisaren a evolución da epidemia, daren conta ao concello e proporcionaren as axudas e auxilios necesarios.

Nesta relación atopamos vellas coñecidas, como a *Ferrería*, a *Zapatería*, a *Porta dos Ares*, a *Rúa Nova* e a *Cordoaría*; outras como *San Nicolás*, *San Xurxo*, o *Cantón*, a *Praça do Cantón do Peixe* (Cantón Pequeno) que persisten no nomenclátor urbano; outras xa desaparecidas, cuxa localización podemos intuír, como as rúas *Arriba do Orzán* e *Abaixo do Orzán*, que se poderían corresponder coas actuais Cordelería e Santo Andrés, ou a do *Forno*, que estaría onda os fornos da

---

18 A *Porta dos Ares* ou *Porta dos Sares*, como transcribe Barral Rivadulla (1998: 94), figura hoxe “reinterpretada” como *Puerta de Aires*, unha barbarización que se documenta cando menos desde o século XVIII e que se debe a unha interpretación incorrecta da forma *Ares* en *Aires*. O nome, segundo Naya Pérez (1975: 73), débese a que non lonxe desta antiga porta de entrada da muralla que rodeaba á Cidade Alta estaba a residencia de Ares Pardo das Mariñas. Ao fio desta explicación, o cronista oficial que foi do Concello da Coruña pedía hai máis de catro décadas unha “rectificación do nomenclátor local” (1975: 74) que aínda hoxe está por acometer.

19 Hoxe é a rúa Príncipe.

20 Castellanizada hoxe en *Herrerías*.

21 Unha outra vez, Naya Pérez (1970: 103) denunciou a “manía de castellanizarlo todo”, que implicou que unha das rúas máis antigas da cidade pase de chamarse rúa *das Donas* á actual *Damas*, tamén rexistrada cando menos desde o século XVIII.

22 A Plazuela de los Ángeles actual.

23 A rúa Cordoaría actual.

cidade; e, por último, aquelas máis difíciles de localizar, como a rúa *Faseira* (sic) ou a *Casanova*.

Como podemos comprobar nesta relación, a motivación das rúas responde á necesidade de a poboación denominar que é o que se podía encontrar nelas: o lugar onde se localizaba un gremio (*dos Ferreiros* ou *Çapatería*), unha igrexa (*San Xurxo, San Nicolás, Santiago...*), un lugar concreto (*O Parrote, O Muro, O Campo...*) ou unha característica delas (*Rúa Alta, Rúa da Ribeira...*). Son, por tanto, rúas de nome transparente para os contemporáneos que acabou en moitos casos por perder o seu sentido primeiro e, ás veces, con isto a súa denominación: a do *Mercado de Pescado*, por citarmos un caso, acabaría por se transformar na da *Fariña* (hoxe Praza de Azcárraga) ao mudar a actividade que nela se desenvolvía.

A hodonimia conmemorativa, por tanto, non ten lugar nestas rúas, mesmo naquelas que así podería semellar: a xa vista *Porta dos Ares*, a rúa *das Donas*, posta por ser o lugar onde vivían as donas Dulce e Sancha, irmás de Fernando III (Naya 1975); ou a rúa *do Príncipe Don Filipe*, na honra do fillo de Sancho IV e citada por vez primeira nun documento de 1328, un ano após a súa morte (Naya 1970: 76)<sup>24</sup> non foron así bautizadas para honrar senón por describiren quen residía nelas.

Esta conformación urbana mantívose sen mudanzas significativas até o período da Ilustración. Todas as crónicas que se aproximaron á historia da cidade coinciden en afirmar que A Coruña vive no século XVIII unha gran transformación, acorde coa época de esplendor económico e político<sup>25</sup>. Alén do evidente, o desenvolvemento económico terá consecuencias en dous planos importantes para o noso ámbito de estudo: o crecemento da poboación, que pasará de 6.110 a mediados do século XVII, segundo Vedia Goosens (1848: 221), a 13.575 a finais do século XVIII segundo o Censo de Floridablanca<sup>26</sup>; aparelado a isto, o crecemento urbano, até o punto de que, ademais de medraren en altura as casas existentes, edificáronse novas en terreos que até entón estaban dedicados ao cultivo (Vigo 1991: 280).

24 Félix Estrada Catoira (1926) opina que esta é a rúa máis antiga da cidade e que a súa denominación responde a cando o príncipe Filipe foi adiantado do reino de Galiza, isto é, entre 1304-1306.

25 Para unha aproximación máis detallada da Coruña da Ilustración, véxase Vigo Trasancos (2007).

26 Segundo Vedia Gossens (1848: 221) a poboación da Coruña en 1657 era de 1583 veciños, isto é, cabezas de familia. A este número, Vigo Trasancos (1991: 279) aplicoulle o coeficiente de 3,86 para concluír que a poboación efectiva da Coruña nesa data concreta era de 6.110 habitantes.



Desta época serán elementos hoxe indispensábeis na cidade, como a sede da Capitanía, a Casa do Consulado, a Casa de Paredes e a Real Aduana, que conforman unha nova fachada marítima, ou tamén a reforma da Torre de Hércules, que lle daría o aspecto que se conserva na actualidade. Tamén á Ilustración lle debemos toda unha reforma das rúas, a través de diferentes plans de aliñacións, que procuraban facer da Coruña unha cidade “agradable y cómoda a naturales y estraños” en palabras contemporáneas de Francisco Somoza Monsoriú recollidas por Vigo Trasancos (2007: 5).

No Arquivo Municipal da Coruña contamos cun índice do Padrón de 1769 que nos achega unha relación, incompleta, de 60 rúas, prazas e barrios da cidade, entre as que figuran as xa coñecidas como *Tabernas, A Barreira, O Torreiro, Ferrerías, Damas* (antiga *das Donas*), *Franxa, Florida, Real, Santiago, Santa María, Santo Andrés, Zapatería, dos Anxos* etc. Tal é o punto que, de pasarmos hoxe por elas, veríamos dúas de cada tres sen mudaren de nome.

Agora ben, nesta relación observamos cambios e perdas significativas: a rúa *dos Álamos*, actual *Olmos*, a rúa das *Bestas* (hoxe Alameda), a dos *Fornos*, a *Carnicería*, a rúa dos *Cartuchos* (Varela Silvari), o *Hospitaliño*, a *Praza da Fariña* (Azcárraga) ou o *Campo da Forca* (Praza de España). Salientábase que esta relación é incompleta porque no Catastro da Ensenada, aínda que anterior ao índice de 1769, aparecen rúas como as *Carrixas, Cantalarrana* (hoxe rúa Arco e Fonte de Santo Andrés), o *Campo das Olas* (parte do *Campo da Forca*), o *Campo de San Francisco, A Estrela, Merdeiros* (tamén pola parte da Fonte de Santo André) ou o *Inferniño* (hoxe travesía do Anxo) que non se relacionan no índice.

Para rematarmos con este breve repaso polas rúas da Ilustración, hai unha anécdota que nos serve para exemplificar como a transformación da cidade comezou tamén a afectar ao nomenclátor urbano: ao se modificar a fachada marítima, establécese unha burguesía comerciante nas novas construcións dos Cantóns que chocará coas actividades marítimas que alí se producían. O 29 de setembro de 1794, a Xunta de Sanidade do Concello da Coruña prohibiu o desembarco de peixe no *Cantón da Sardiña*, nome co que tamén se coñecía o *Cantón Pequeno*. Malia a prohibición, a xente do mar seguiu a empregar o lugar tradicional de desembarque para as súas tarefas, dadas as denuncias reiteradas durante os anos seguintes a este respecto. Con todo, a burguesía acabou por triunfar e as actividades pesqueiras foron cambiando de lugar: co tempo, o *Cantón da Sardiña*, aínda así en Coello (1865), perdería o seu nome en detrimento

do *Cantón Pequeno*. Pola súa banda, as actividades relacionadas coa madeira no porto pasaron do *Cantón da Leña*, hoxe Cantón Grande, ao *Campo da Forca* que, desde ese momento cambiaría de nome ao do *Campo da Leña*<sup>27</sup>.

Os cambios denominativos no nomenclátor até esta época responden, pois, ás mudanzas que se producen na cidade e os nomes das rúas aínda están lonxe de responder a unha planificación máis sistemática, como veremos nos seguintes paseos polas vías da Coruña.

### 3.1 As rúas da Coruña decimonónica

Eliximos o ano 1840 para facermos o primeiro dos paseos polas rúas da Coruña por dous motivos principais. En primeiro lugar, temos dúas fontes importantes que nos dan unha visión perfecta do nomenclátor urbano: o índice do Padrón de 1832 que garda o Arquivo Municipal da Coruña e a división que Vedia Goosens (1845) presenta na súa obra.

O segundo motivo é que a partir de mediados do século XIX producírase unha importante evolución urbanística da cidade da Coruña, coa derruba da murallas da Cidade e da Pescaría e cunhas fondas transformacións que veremos no apartado seguinte. A cidade mudará e con ela, o nomenclátor urbano.

Até entón, A Coruña decimonónica mantiña os trazos esenciais da Ilustración. O mapa de Mella e O'Neil, de 1865, define ben ás claras estes tres espazos da cidade: dous grandes núcleos amurallados, A Cidade e A Pescaría, epicentro da vida municipal; unha serie de barrios extramuros que cada vez contaban con máis importancia, situados arredor do Camiño de Garás, en Santa Lucía e na zona da Palloza (debido á construción da Fábrica de Tabacos); e todo un contorno rural en terreos do concello de Oza, independente até 1912, formado por multitude de lugares e aldeas, mariñeiras como A Pasaxe, rurais como Elviña ou moi vinculadas coas actividades da cidade, como O Outeiro ou Nelle.

---

<sup>27</sup> O litixio sobre a problemática que causaba a descarga de peixe no Cantón da Sardiña deixou abondosa documentación nas actas do concello, que se pode consultar en Fernández Caamaño (2006).




Mapa de Mella / O'Neal (1869)

O trazado urbano, pois, fica reducido á que chamamos “A Coruña Coruña”, coas súas rúas con moi poucos cambios denominativos a respecto da etapa anterior. Así, o nomenclátor de mediados do século XIX está formado por 121 rúas, se non temos en consideración os nomes de lugar do Concello de Oza, que sumarían arredor dunha centena.

Seguindo coa clasificación proposta no apartado 2.2, o nomenclátor coruñés é practicamente detopónimo, con máis do 70% de rúas a agochar un nome de lugar tradicional na súa denominación, seguindo a tendencia descritiva que xa viamos nas rúas medievais. De feito, grande parte das rúas desta época proceden das etapas anteriores e pode constatarase a súa existencia en documentos como o Catastro da Ensenada, do século XVIII.

**Gráfica 3**  
Rúas da cidade da Coruña  
no século XIX  
segundo a súa motivación.  
Fonte: elaboración propia



A mediados do século XIX só unha de cada cinco rúas teñen unha denominación honorífica, que responde a cuestións moi concretas, como faceren referencia á relixión ou a personaxes máis ou menos salientábeis que acaban por darlle nome á rúa completa. Este é o caso da *rúa do Borbón*, actual rúa Oliva, onde residía unha persoa con este apelido (Naya 1970: 105); ou o da *rúa do Perete*, actual rúa Álvaro Cebreiro, por un empresario catalán de apelido Perret, cuxa casa foi motivo de diferentes sancións por parte das autoridades municipais (Naya 1965: 3); ou o *do Torreiro*, que semella proceder dun apelido dunha familia ilustre (Naya 1970: 105).

### 3.2 As rúas da Coruña nova de 1912

Hai poucas formas máis prosaicas e máis precisas de certificar unha nova era que a través dun anuncio nun diario oficial: o 13 de xullo de 1912 nacíu unha Coruña nova cunha lei que publicaba a *Gazeta de Madrid*<sup>28</sup> mediante a que anexionaba á Coruña o antigo Concello de Oza. Coa medida, aumentaba a cidade a súa poboación en 9.000 persoas<sup>29</sup> e, o que é máis importante, vía multiplicada por catro a súa superficie, co que cumpría as ansias expansionistas, económicas e urbanas<sup>30</sup> da elite coruñesa.

A Coruña de 1912 medrara de forma substancial a respecto da última parada no noso paseo polas rúas de onte. A moi demandada desaparición das antigas murallas da cidade, primeiro na zona *do Derribo*, hoxe Praza de María Pita, e despois, sobre todo, na *Fronte de Terra*, propiciou o crecemento urbano arredor da estrada de *Garás* (outra vez, *Garás*), o *Campo do Carballo e Riazor*, con proxectos de Juan de Ciorraga (1880) e Pedro Mariño (1906)<sup>31</sup>. Nacían os ensanches cunha nova tipoloxía urbana propia da burguesía, que “en su afán por diferenciarse del resto de la población, va a dejar de lado las casas galerías para emplear el modernismo” (Garrote 2011: 214). Este afán diferencial tamén deixará pegada na forma de nomear as rúas, como veremos.

Para trazarmos o inventario de rúas da Coruña de 1912 recorreremos a tres fontes: o índice do padrón do Concello da Coruña de 1912; os lugares que o nomenclátor de 1898 relacionaba para o Concello de Oza e os que formaban parte das parroquias de Elviña, Oza, Visma e San Cristovo das Viñas no nomenclátor de 1920; e, por último, empregamos a completa obra *La Coruña. Guía, planos y vistas*, de 1912.


---

28 Pode consultarse nesta ligazón: <https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1912/195/A00108-00108.pdf>

29 Segundo o censo de 1910, Oza contaba con 9.439 habitantes, fronte aos 49.290 da Coruña.


30 A anexión de Oza debeuse á suma de diferentes factores: o poder económico precisaba de novos terreos para estender as súas actividades comerciais e industriais, moitas delas establecidas desde antigo arredor dos terreos da Palloza e da Ponte Gaitreira, moi dinámica economicamente, e tamén para desenvolver o urbanismo e os novos ensanches. A iso engadiuse a inestabilidade política do antigo concello de Oza e a presión dos medios, que criaron o estado de opinión necesario para a fusión municipal. Para máis información pode verse o documento *Centenario da anexión de Santa María de Oza 1912-2012* (2012) ou o documental *Na lembranza de Oza* (Álvarez 2012).

31 Para unha descrición breve deste desenvolvemento pode verse Garrote Recarey (2011).



Plano de 1912 incluído na obra *La Coruña. Guía, planos y vistas*. Neste mapa pódense apreciar xa as rúas abertas e denominadas para o Ensanche

Estas tres fontes devólvennos 284 nomes únicos, o que supón un salto cuantitativo moi importante a respecto da etapa anterior, cun amplo predominiio da toponimia tradicional fronte a hodonimia conmemorativa:



**Gráfica 4**  
Rúas da cidade da Coruña a comezos do século XIX segundo a súa motivación.  
Fonte: elaboración propia

A gráfica é enganosa pois os datos inclúen os 94 lugares que formaban parte do antigo Concello de Oza, máis da metade dos 181 nomes toponímicos que atopamos no nomenclátor urbano coruñés de 1912. Sen eles, habería unha distribución semellante entre rúas honoríficas e rúas detoponímicas.

Mais se nos detemos a analizar o que acontece no período que separa 1832 de 1912, atopamos as primeiras constantes que despois se reproducirán nas etapas seguintes. Hai unhas liñas comentabamos que o crecemento da cidade arredor dos dous ensanches proxectados está capitaneado por unha burguesía cun afán diferencial e isto mostrárase non só na tipoloxía construtiva, senón tamén na denominación elixida para as novas rúas. Para o exemplificarmos, recollemos unha frase da prensa de 1926:

Es ya un hecho la urbanización del antiguo Campo de Carballo, hoy trozo de urbe moderna, con edificios adecuados, y de la que han ido desapareciendo los cobertizos que constituían una vergüenza (Redacción 1926).

O antigo *Campo do Carballo* é, efectivamente, a zona do Ensanche arredor das actuais prazas de Pontevedra e de Lugo, e foi o primeiro topónimo damnificado nesta nova etapa. Mais houbo outras tres grandes perdas que se datan nesta época: a primeira xa a comentamos ao comezarmos este relatorio, *Garás*. A segunda será o *Camiño Novo*, que o 7 de marzo de 1900 verá como cambia o seu nome a rúa Juan Flórez<sup>32</sup>; e o terceiro, o *Camiño de Riazor*, que pasará a denominarse avenida de Rubine<sup>33</sup>. Tres dos catro tradicionais camiños que comezaban na *Torre de Arriba* e na *Torre de Abaixo*, antigas portas de entrada á cidade, mudan nesta época de nome para sempre.

Outro exemplo definitorio son as rúas do Ensanche: das 21 vías<sup>34</sup> que se trazan a finais do século XIX e comezos do XX nestas dúas zonas, ningunha delas ten un topónimo tradicional, once están dedicadas a homes, catro a mulleres e seis a cidades ou vilas galegas.

---

32 Juan Flórez foi militar, deputado a Cortes e alcalde da Coruña.

33 Debe o seu nome a Fernando Rubine, comerciante e xornalista coruñés nacido en 1812, que tamén foi concelleiro e vogal da Xunta de Obras do Porto. Dáse o feito que morreu nunha reunión desta xunta en 1885.


34 Estas rúas son as prazas de Pontevedra, Lugo, Ourense, Galicia e Mina, a avenida de Rubine e as rúas Juana de Vega, Paio Gómez, Picavía, Teresa Herrera, Padre Feijóo, Fontán, Rosalía de Castro, Betanzos, Ferrol, Federico Tapia, Pardo Bazán, Juan Flórez, Menéndez y Pelayo, Marcial del Adalid e Ramón de la Sagra.

O comezo de creación da Coruña nova supón a tamén o inicio do declive da toponimia tradicional no nomenclátor urbano coruñés.

### 3.3 As rúas da Coruña republicana

O tempo que media entre 1912 e 1936 non supón unha gran transformación no noso nomenclátor. O inventario de rúas da Coruña republicana está formado por tres fontes: o índice do padrón municipal de 1935, a relación de distritos e seccións para as eleccións de febreiro de 1936 e, por último, o *Nomenclátor* de 1940.

Tendo en conta estas fontes, en 1936 A Coruña contaba con 314 rúas e lugares repartidos do seguinte xeito: máis da metade, 173, seguían a ser topónimos de formación tradicional, 120 honoríficos e 21, outras maneiras de denominación.



**Gráfica 5**  
Rúas da cidade da Coruña  
en 1936  
segundo a súa motivación.  
Fonte: elaboración propia

Malia ser maioritario o número de rúas nomeadas cun nome de lugar tradicional, comeza a aumentar o inventario de rúas honoríficas. Entre elas, adquiren cada vez máis importancia as rúas dedicadas aos homes, ao chegar case ao 50% da hodonimia conmemorativa de 1936 (64 rúas) mentres que só 8 mulleres foron escollidas para iso.

A hodonimia conmemorativa aumenta, pois, a respecto de 1912, mais fica lonxe da realidade actual, como vimos. Con todo, nesta época houbo cambios significativos no nomenclátor: rúas como a *Mariña*, a *Real*, *Santo Andrés*, *Ferreirías* ou *San Xosé* entre as máis tradicionais, e mesmo a avenida de *Monelos* ou de *San Roque de Fóra*, que foran bautizadas con tal nome anos atrás, perderían a batalla contra a hodonimia conmemorativa, pasando a denominarse, na mesma



orde, *Avenida da República, Capitán Galán, Capitán García Hernández, Camilo Rodríguez Losada, José Nackens, Mártires de Jaca* ou *Avenida de Blasco Ibáñez*.

A tendencia da etapa anterior acentúase.

### 3.4 As rúas da Coruña posfranquista

Após o golpe do 18 de xullo de 1936, a primeira acta do Concello da Coruña que se conserva é do 24 de setembro do mesmo ano. Entre as primeiras medidas que toman as autoridades franquistas figura o seguinte parágrafo que transcribimos:

El señor Delegado sometió luego a juicio de los señores subdelegados la conveniencia y aún la necesidad de reponer los nombres tradicionales y popularísimos de diferentes calles [...] que habían sido caprichosamente sustituidos por otros y así como también los de aquellas pocas cuya denominación pugna abiertamente con el actual movimiento glorioso salvador de España.

Despois de se ler a relación e “de un amplio cambio de impresiones”, as persoas asistentes tomaban a decisión de mudaren de nome 25 rúas, algunhas para restituíren efectivamente o nome tradicional (como a rúa *Real* ou a *Mariña*) mais outras, como a avenida de Primo de Rivera e as rúas Tralballo e Xustiza aínda hoxe manteñen a denominación que lle impuxeron as autoridades franquistas. Iniciábase, por tanto, unha nova etapa denominativa no nomenclátor coruñés, que terá, como veremos, unha ampla repercusión no noso inventario toponímico actual.

Adoito emprégase un dato para falar do que foi o crecemento urbano da Coruña durante os anos da ditadura franquista: a cidade triplicou a súa poboación ao pasar de 74.131 habitantes en 1930 a 232.356 no ano 1981. Aínda que ilustrativo, achamos máis singular para o caso que nos ocupa un segundo dato: o 40% dos bens inmóbeis que existen na actualidade, máis de 70.000, foron construídos durante só 3 décadas, de 1950 a 1980, segundo o Catastro<sup>35</sup>. Este número, que exemplifica cal foi o nivel de construción e de crecemento, aínda sería maior se temos en conta que en moitos lugares da cidade da Coruña foron derrubados e construídos de novo moitos edificios.


---

35 Poden consultarse estes datos, e outros, en <http://www.catastro.minhafp.es/esp/estadisticas.asp>

O crecemento demográfico e o desenvolvemento urbano plásmanse nun outro dato: A Coruña chega a 1979<sup>36</sup> con 796 rúas de nome único, un 250% máis que catro décadas antes. Este número é o resultado de contrastarmos dúas fontes:

- A *Guía de la ciudad y nomenclátor* (Jaspe 1978).
- A relación de seccións e locais de votación para as eleccións de 1979, publicada no xornal *La Voz de Galicia* o 28 de febreiro.

Se tomamos como referencia a nosa clasificación, o nomenclátor urbano modifícase radicalmente durante esta época: se en 1932 as rúas detoponímicas seguían sendo maioría, en 1979 son as honoríficas as que, ao case multiplicárense por catro, ocupan o 55% do nomenclátor urbano coruñés, cun total de 452 fronte ás 266 detoponímicas, o 33%.



**Gráfica 6**  
Rúas da cidade da Coruña  
en 1979  
segundo a súa motivación.  
Fonte: elaboración propia

O cambio na hodonimia coruñesa fica mellor reflectido se temos en conta que durante estes corenta anos aparecen 485 novas rúas, número que inclúe as vías que se abren e as mudanzas nominativas existentes; delas, 341 serán honoríficas, isto é, o 69%. Salientan as 148 novas denominacións que honran un home ou as 58 que se dedicarán a temas relixiosos, estas últimas, dito sexa de paso, aínda vixentes na actualidade.

Para falarmos da ampla profusión de creación de novas rúas pomos como dato o pleno do 30 de decembro de 1971, onde se aprobaron 41 novas denominacións, das cales só unha era detoponímica, o *Monte das Moas*. Pero nada

<sup>36</sup> Elixíuse o ano 1979, pois o 4 de abril deste ano é cando teñen lugar as primeiras eleccións democráticas.

mellor para exemplificar esta mudanza do nomenclátor que percorrer o rueiro en diferentes puntos da cidade.

A primeira das nosas paradas ten de ser, obrigatoriamente, a Agra do Orzán, símbolo do “desarrollismo” franquista dos anos 60-70. Este barrio, o de maior densidade de poboación de toda Galicia, ocupa na actualidade 0,32 km<sup>2</sup>, se aceptamos a súa división entre a avenida de Manuel Murguía polo norte, a avenida de Fisterra polo sur, e as roldas de Outeiro e de Nelle polo oeste e leste, respectivamente.



Na imaxe da esquerda, parte da Agra do Orzán segundo o PNOA de 2017, mentres que a imaxe da dereita amosa o mesmo lugar en 1946

Neste espazo hai hoxe 38 rúas, dúas das cales foron denominadas en datas máis recentes (*Salvador Allende* e *Luis Díaz González*). Do número restante, 36, só sete podemos consideralas netamente detoponímicas e catro delas xa estaban presentes en 1936: as avenidas da *Agra do Orzán* e do *Peruleiro*, antigos lugares que desapareceron co desenvolvemento do barrio, e as avenidas das *Conchiñas* e da *Gramela*, tamén presentes con anterioridade no nomenclátor, que fan referencia a lugares fóra do propio territorio da Agra do Orzán, pois con elas denomínanse os antigos camiños que se dirixían ás *Conchiñas* –lugar desaparecido situado no Ventorrillo– e á *Gramela* –lugar aínda existente na freguesía de Visma. Por tanto, só tres rúas, *Canceliña*, *Entrepénas* e *Cuba*<sup>37</sup>, recollen microtoponimia

---

37 Malia que poida parecer que a rúa Cuba faga referencia á república cubana, a orixe está na denominación popular que tivo, a *rúa da Cuba* por alí existir unha cuba.

de todo este barrio<sup>38</sup>. Por tanto, en todo o territorio da Agra do Orzán, das 30 rúas denominadas durante o período 1936-1979, só tres conservaron algún tipo de toponimia tradicional<sup>39</sup>. O resto, 27 rúas, son honoríficas: quince a homes, cinco vilas galegas, dous exónimos, dúas mulleres e tres con outro tipo de denominacións. Exemplos de microtopónimos que se perderon nesta zona e que ben poderían denominar rúas son o de *Païomouro de Arriba*, onde remataba a Vila de Negreira; *O Muíño* e *A Leira do Muíño*, que daban nome a uns predios situados nas rúas Alcalde Lens e Corcubión; ou *A Fonte do Corvo*, pola zona das rúas Francisco Añón e Galo Salinas.

Tal é o grao de borrado da microtoponimia que quen escribe estas liñas naceu na *rúa do Comercio*, denominación que ten desde que foi aprobada o 15 de xuño de 1966. Até entón, a rúa e máis a praza eran coñecidos como *A Penarredonda*, denominación que aparece en Sotelo Morales (1947). Nesa rúa vivín até ben entrado o século XXI e nunca escoitei o seu nome orixinal.

Un outro caso é o da Sagrada Familia, barrio lindeiro coa Agra do Orzán, que recibe este nome a partir das vivendas que se construíron nos anos seguintes arredor da praza homónima. Este barrio está formado na actualidade por 33 rúas, das cales só dúas son detoponímicas: a rúa *Tornos* e a *Praza de Tornos*, que fan mención ao antigo lugar denominado *Campo de Tornos*, onde tiña lugar unha das feiras tradicionais de gando da cidade, segundo recolle Tettamancy Gastón (1994: 495). As autoridades franquistas denominaron 31 destas rúas, pois só o *Campo de Tornos* estaba xa documentado con anterioridade. Por tanto, das 30 denominacións orixinais desta época, ningunha é detoponímica e, sen sermos exhaustivos na análise, 17 fan algún tipo de honra relixiosa.

---

38 Unha outra rúa, o *Camiño do Pinar* (sic) ten difícil clasificación pois o “Pinar” ao que fai referencia non o temos rexistrado nin no Catastro da Ensenada da Coruña nin no de Visma, nin en varios índices de predios dos séculos XIX e XX consultados. A súa aparición, arredor de 1920, fainos pensar que é unha creación moderna que non responde á toponimia tradicional.

39 As rúas que dun ou doutro xeito xa estaban en 1936 eran *A Agra do Orzán* (lugar), *O Peruleiro* (lugar), *Camiño da Gramela*, *Camiño das Conchiñas*, *Camiño do Pinar* e *Observatorio*.



Barrio da Sagrada Familia en 2017 segundo o PNOA e en 1946 segundo a ortofoto das cidades. Fonte: elaboración propia a través de <http://mapas.xunta.es>

A Agra do Orzán e a Sagrada Familia, por tanto, son un amplo espazo de 71 rúas das que só nove son detoponímicas, e delas unicamente tres non están documentadas antes de 1936. Estas 60 denominacións honoríficas da época franquista, das que se conservan 58 na actualidade, definen cal foi a tendencia denominativa nesta etapa.

Cómpre, por último, facermos unha reflexión: para borrar a pegada do franquismo no nomenclátor urbano non só abonda con retirar as rúas abertamente franquistas. En xaneiro de 2016, a placa da Praza de Castillo de Olite, que lembraba o barco no que morreu máis dun milleiro de membros das tropas franquistas, foi cambiada pola da *Praza de Tornos*. Ao seu lado, segue a lucir a rúa Fuente Álamo<sup>40</sup>, localidade murciana que aparentemente non ten a ver co franquismo e non está recollida nas rúas para retirar, mais que acolleu os superviventes do naufraxio do Castillo de Olite como prisioneiros. Como recoñecemento ao tratamento que os habitantes da cidade lles deron aos reos, o réxime do ditador concedeulle o título de *Moi Nobre e Moi Leal* e moitas cidades honraron a cunha rúa, entre elas A Coruña.

---

40 A Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica, porén, si demandou a retirada desta rúa, como pode verse en <https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2009/03/13/monge-pide-ampliar-actuaciones-simbologia-franquista/268366.html>


#### 4. O NOMENCLÁTOR QUE A CORUÑA PERDEU

Logo de finalizado o réxime ditatorial e instaurada a democracia, semellaba comezar unha nova etapa política que tamén se estendería ao noso nomenclátor urbano. Os ventos democráticos levaron o Pleno do Concello da Coruña a aprobar o 24 de setembro de 1982 a galeguización do nomenclátor e mesmo foi rexeitada unha moción para que os nomes das rúas fosen bilingües<sup>41</sup>. Entre as accións, incluíase a consulta á Real Academia Galega para que realizase o informe preceptivo sobre as rúas antes de o aprobar definitivamente.

O que era un primeiro e gran paso ficou, porén, só niso. Oito meses despois, Francisco Vázquez Vázquez chegaba a María Pita e o proxecto de galeguización do nomenclátor quedaba paralizado. Sobra dicir que, durante os 23 anos do seu mandato, se algo se fixo a este respecto foi, mais ben, o contrario: como vimos no apartado 2.3 deste artigo, aumentou até o 66% do total o número de rúas que a día de hoxe teñen algún tipo de mención honorífica, 10 puntos máis do que nos deixaron as autoridades franquistas.


Na gráfica 7 podemos ver como foi a evolución do número de rúas nos diferentes períodos estudados:

**Gráfica 7**  
Evolución do número de rúas  
no nomenclátor urbano coruñés.  
Fonte: elaboración propia



<sup>41</sup> O xornal *La Voz de Galicia* do 25 de setembro de 1982 (páxina 26) dá conta deste tema, que tamén se pode consultar nos libros de acordos do Concello da Coruña.

Pola súa banda, na gráfica 8 podemos ver como se foi ampliando o inventario de rúas honoríficas, desde unha porcentaxe residual a ser amplamente maioritaria na actualidade:



**Gráfica 8**  
Evolución porcentual da motivación das rúas.  
Fonte: elaboración propia

O que anunciou o desenvolvemento do Ensanche a finais do XIX e comezos do XX e se consolidou na época franquista na Sagrada Familia e na Agra do Orzán, esténdese como norma na época posfranquista e mesmo na posvazquista: lonxe de minguar na actualidade, semella non parar.

Os Rosales, na parte de *Fontán* e *Os Resíos*; ou Matogrande, na parte das *Cernadas*, son os dous exemplos máis destacábeis por seren os máis visíbeis. Planificados nos 60 e 70 pero desenvolvidos nos 90, estes dous barrios teñen cinco e oito vías respectivamente e ningunha delas ten mención aos lugares que desaparecen coas súas construcións (mencionados atrás en cursiva).

Porén, hai moitos máis: a Urbanización Valaire nos montes do *Carrizo*, *Chafarís* e do *Cuartel* na freguesía de Elviña, cuxas 19 rúas teñen nomes de cidades europeas; e mesmo a Urbanización Breogán, preto de *Conxes*, viu bautizadas as súas 13 rúas todas con nomes de homes. Tal é a situación que no último mandato municipal anunciouse un novo espazo verde da cidade nesta zona, baixo o nome de *Bosque de Breogán*, en terreos que aínda hoxe teñen nome: *A Fraga*, *O Vilar*, *Conxes*, *Quitapesares*... Tampouco podemos esquecer o barrio de Novo Me-soiro, construído no monte dos *Lagares*, con seis rúas de nova creación bautizadas con espazos naturais protexidos galegos e ningún topónimo local; ou o Parque de Vioño, onde podemos rememorar a Francia da *Revolución Francesa*, de *Napoléon Bonaparte*, a *Enciclopedia Francesa* ou a *Fraternidade* das súas novas rúas.

As urbanizacións Valaire e Breogán son a consolidación dunha nova época xa anunciada en desenvolvementos urbanos como a Sagrada Familia ou o Barrio da Flores: o bautismo dos barrios con topónimos de nova creación en detrimento de nomes de antigos lugares sobre os que se asentaban. Se botamos a ollada atrás, *Os Castros*, *O Castrillón*, *A Agra do Orzán*, *O Ventorrillo*, *Castiñeiras*, *A Palloza*, *Montes*, *O Montiño*, *Monelos*, *Peruleiro* e *Labañou* son hoxe barrios urbanos que se desenvolveron urbanisticamente entre 1950 e 1980. Hoxe en día non teñen nada que ver co que eran hai cen anos, e mesmo algún deles nin conserva ningunha casa ou edificio anterior á súa transformación desde aldeas en barrios urbanos. Malia isto, tamén teñen un trazo en común: manteñen o nome dun lugar tradicional existente que denomina o conxunto do barrio, tal e como se pode observar nos nomenclátors antigos.

O máis chamativo destes “neotopónimos” é, talvez, o de Parque Ofimático, por todo o que implica. A súa denominación, de creación recente, comezou a aparecer no momento en que a Xunta de Galicia planificou a súa construción no ano 1990, como un polígono especializado en empresas tecnolóxicas e da información. Malia que en 1995 a administración autonómica desbotaría o proxecto de “Parque Ofimático” e os usos do solo mudasen maioritariamente a vivenda privada e terciaria, non sen polémica e con graves consecuencias para as persoas propietarias ou que alí habitaban, o nome de *Parque Ofimático* seguiu a empregarse para denominar este espazo que, segundo a nova planificación urbanística, acabaría lonxe do seu proxecto inicial, como un barrio máis da cidade. Con el morreron os lugares de *Xuxán*, *Galán* e mesmo *A Pereiroa* e parte das *Cernadas*, mais tamén topónimos como *Agrelo*, *A Casanova*, *A Viña Pequena*, *A Casavella*, *As Peladas*, *O Cubelo*, *A Eira*, *A Fonte de Xuxán*, *Xuxán de Abaixo*, *Longarela*... Ningún deles, ademais, foi elixido para nomear ningunha das rúas que se inauguraron nos últimos anos.





Á dereita, o Parque Ofimático segundo imaxe do PNOA de 2017. Á esquerda, Xuxán, Galán, Eirís de Abaixo e As Cernadas segundo imaxe do PNOA de 2007.  
Fonte: <http://mapas.xunta.es>

Máis próximo no tempo é o Polígono de Náutica: ideada a finais da década de 1990 do século xx, non foi até o 2012 cando se derrubou por completo o antigo lugar de *San Roque de Fóra*, todo un símbolo na cidade ao ser a fronteira entre o antigos concellos da Coruña e de Oza ou entre as freguesías de San Xurxo de Fóra e San Pedro de Visma. O lugar, así nomeado desde o século xv, desapareceu e con el outros topónimos como *Os Muíños*, *O Rueiro*... Na imaxe inferior pode apreciarse perfectamente o núcleo de San Roque de Fóra ao tempo en que a Escola de Náutica, da que collerá o nome actual, nin era aínda un proxecto.



Á esquerda, o Polígono de Náutica segundo imaxe do PNOA 2017 e á dereita, o lugar de San Roque de Fóra segundo a ortofoto de 1946.  
Fonte: <http://mapas.xunta.es>

A democracia, lonxe de supor un pulo para a toponimia tradicional na cidade implicou a súa progresiva perda de peso no nomenclátor.

## 5. O NOMENCLÁTOR QUE A CORUÑA TERÁ?

Hai unhas liñas (§ 2) comentabamos a rapidez autoritaria (das autoridades, enténdase) por deixaren pegada no nomenclátor urbano coruñés. Para mostra, un exemplo: o 9 de xullo de 2019 falecía Jaime Manso, dono da histórica tenda de discos Portobello. Horas despois, entre as múltiples e sentidas mostras de dó, o Concello anunciaba por redes sociais<sup>42</sup> a intención de propor na Comisión de Honras e Distincións o cambio da rúa Cega polo de rúa Jaime Manso. A iniciativa foi recibida con moitos aplausos, mais tamén con críticas: a rúa Cega da Pescaría aparecía como tal xa no Catastro do Marqués da Ensenada. Dous séculos e medio de historia están pendentes de desaparición.

Facemos un exercicio de prospección daquilo que nos deparará o futuro da nomenclatura urbana coruñesa fica máis no ámbito da especulación que no do rigor que require un traballo como o presente. Con todo, a proxección non é a mellor se temos en conta os datos seguintes: en xaneiro de 2018 o Pleno da Coruña aprobou distinguir Ángel Gómez Hervada e Alberto Martí con cadansúa rúa, distinción que aínda está por se materializar. Estas dúas novas súmanse ás 14 que aprobou a Comisión de Honras e Distincións na sesión do 9 de xuño de 2016 e que aínda están pendentes, todas elas honoríficas<sup>43</sup>, e moitas outras que veñen de anos e mesmo décadas anteriores: Walt Disney agarda por unha rúa, un parque ou unha praza na Coruña desde que foi aprobada a súa mención en 1967.

A recuperación da toponimia tradicional nos novos espazos urbanos terá, pois, que agardar a súa quenda.

---

42 Fonte: <https://twitter.com/ConcelloCoruna/status/1148939824633720832>

43 Na sesión da Comisión de Honras e Distincións do 9 de xuño de 2016, foron 22 as novas rúas que se acordaron: *Elvira Bao Maceiras, Marcela e Elisa, Luísa Villalta, Milagros Rey Hombre e Orquestra Sinfónica de Galicia* xa teñen a súa placa colgada. Fican, en cambio, *Francisco Balmís, Urbano Lugrís, Lois Pereiro, Pucho Boedo, José Luis Muruzábal, Anxo Guerreiro, Rosalía Mera, Alfonso Beiras, os Irmáns Maristas, Manuel Martín Ferrand, Cayo Servio Lupo, Eustaquí Giannini, Rosa Buján, Federico Fernández Amor-Calvet, Ánxel Casal Gosende, Manuel María* ou *Marcelino Liste*.

## 6. CONCLUSIÓNS

De todo o que expuxemos nas liñas precedentes fica claro que a toponimia tradicional non goza de boa saúde na hodonimia da Coruña. O desenvolvemento urbano que viviu propiciou a desaparición de multitude de microtoponimia de terreos, leiras, penas, pedras, camiños tradicionais, fontes, montes, outeiros e aldeas, que non foi considerada para incluír no nomenclátor e progresivamente foi perdendo peso a favor da hodonimia conmemorativa.

Esta tendencia rexístrase desde finais do século XIX, mais vive o seu máximo apoxeo desde a metade da centuria pasada. Lonxe de diminuír, continúa a gozar de boa saúde, malia existir lexislación que obriga as entidades locais a salvagardar o seu patrimonio toponímico: a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia inclúe a toponimia como elemento do patrimonio inmaterial galego (artigo 9.3.3) e establece que a Administración local ten as obrigas, entre outras, de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural; e a de adoptar en casos de emerxencia as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que viren a súa integridade ou valor ameazados.

Moita da microtoponimia da cidade perdeuse por completo ao ritmo que a cidade a facía desaparecer. Doutra, só temos o nome e unha localización imprecisa, mais aínda fica moita microtoponimia viva. A súa recuperación e a súa inclusión no nomenclátor no lugar da hodonimia honorífica, será, este si, motivo de honra para quen así o fixer. E tamén para nós.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez, María (2012): *Na lembranza de Oza* [documental]. A Coruña: Asociación de Veciños de Oza-Gaiteira-Os Castros. Dispoñíbel en <https://youtu.be/7WS-scU11o>
- Barral Rivadulla, María Dolores (1998): *La Coruña en los siglos XIII al XV. Historia y configuración urbana de una villa de realengo en la Galicia Medieval*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Centenario da anexión de Santa María de Oza, 1912-2012*. [s.l.]: [s.n.]. Dispoñíbel en <https://es.calameo.com/read/000513658886e383c070b>
- Coello, F. (1865): *La Coruña (Provincia). Mapas generales*. Madrid: [Imp. del Atlas de España].
- Coruña, Concello (2015): *Infraestructura de Datos Espaciais do Concello da Coruña* [web]. A Coruña: Concello. Dispoñíbel <https://ide.coruna.es/arcgis/home/>
- (2017): *Eidus Coruña. Estrategia de desarrollo urbano sostenible 2017-2023* [web]. A Coruña: Concello. Dispoñíbel en <https://www.coruna.gal/descarga/1453645085757/2.-Analisis-del-area-urbana.pdf>
- Dirección General de Estadística (1920): *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España, formado por la Dirección General de Estadística con referencia al 31 de diciembre de 1920. Provincia de La Coruña*. Madrid: Barranco.
- (1940): *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España, formado por la Dirección General de Estadística con referencia al 31 de diciembre de 1940. Provincia de La Coruña*. Madrid: Barranco.
- Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico (1898): *Nomenclátor de España. Tomo III*. Madrid: Imprenta de la Dirección General del Instituto Geográfico Estadístico.
- Estrada Catoyra, Félix (1926): “El edificio del primitivo instituto. II”, *La Voz de Galicia* 24/IV/1926.
- Estrada Gallardo, Félix (1972): “Datos para la confección de un atlas histórico de La Coruña”, *Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses* 5-6, 37-66.

- Expediente do Catastro da Ensenada da Cidade da Coruña* [Primera parte] (1752). ARG: 46280.
- Expediente do Catastro da Ensenada da Cidade da Coruña* [Segunda parte] (1752). ARG: 46278-2.
- Fernández Caamaño, José Manuel (2006): *La Coruña vista desde sus libros de actas. II parte*. Madrid: Visión Libros.
- Floridablanca, Conde de (1787): *Censo español executado de Orden del Rey, comunicada por el Conde de Floridablanca en el año de 1787*. Madrid: Imprenta Real.
- García Bayón, Carlos (1998): “Rúa del Africano”, *La Coruña, paraíso del turismo* 1998, [sen paxinar].
- García López, Alfonso (2010): *Calles con historia. Historias de las calles de La Coruña*. A Coruña: Espacio Cultura.
- Garrote Recarey, María (2011): “A Coruña 1900. La eclosión de la ciudad moderna”, *Minius. Revista do departamento de Historia, arte e xeografía* 19, 201-229.
- González-Cebrián Tello, José (1984): *La ciudad a través de su plano. La Coruña*. A Coruña: Concello.
- González Garcés, Miguel (2008): *Historia de La Coruña. Edad Media*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- Índices dos padróns de habitantes da Cidade da Coruña de 1769, 1832, 1912 e 1935*. AMC.
- Instituto Nacional de Estadística (2019a): *Censos de población* [base de datos]. Madrid: Ministerio de Economía y Empresa. Disponible en <https://www.ine.es/inebaseweb/libros.do?tntp=71807#>
- (2019b): *Callejero del censo electoral 2019* [base de datos]. Madrid: Ministerio de Economía y Empresa. Disponible en <https://datos.gob.es/es/catalogo/ea0010587-callejero-de-censo-electoral>
- Jaspe Leira, José (1978): *Guía de la ciudad de La Coruña y nomenclátor de las calles, plazas y lugares del término municipal: agosto 1978*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- La Coruña. Guía, planos y vistas*. A Coruña: Imprenta y fotografía de Ferrer, 1912.
- Libro de Actas de Acordos Municipais* (1936). AMC: Caixas 165 e 166.

- Mella, Pedro e Francisco O'Neil (1865): *Plano de Coruña y sus inmediaciones*. Archivo Cartográfico y de Estudios Geográficos del Centro Geográfico del Ejército.
- Naya Pérez, Juan (1965): "Sobre el nombre de las calles: la del Perete", *La Voz de Galicia* 10/III/1965, 3.
- (1970): *Calles y plazas coruñesas. Volumen I*. A Coruña: Grafinsa.
- (1975): *Calles y plazas coruñesas. Volumen II*. A Coruña: Grafinsa.
- Redacción (1926): "Aspectos locales. Las huertas de Garás", *La Voz de Galicia* 25/II/1926, 1.
- (1936): "Guía del elector. Los colegios electorales y las calles que les corresponden", *La Voz de Galicia* 12/II/1936, 2-3.
- (1979): "Elecciones generales y legislativas. 1 de marzo de 1979. Relación de las secciones y locales electorales correspondientes a los distritos de La Coruña", *La Voz de Galicia* 28/II/1979 [suplemento], 6-11.
- Reiriz Rey, Jesús M.<sup>a</sup> (2004): *Toda Coruña. Temas y cronología*. Betanzos: Briga Edicións.
- Sotelo Morales, David (1947): *Nomenclator - Guía de La Coruña*. A Coruña: Lit. e Imp. Roel.
- Souto, Xurxo (2005): "O centro e a periferia. A vivencia do emprego do galego na Coruña", en *Lingua e cidade. I Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña: Universidade, [51]-63.
- Tettamancy Gastón, Francisco (1994): *Apuntes para la historia comercial de La Coruña*. A Coruña: Ayuntamiento.
- Vedia Goosens, Enrique de (1845): *Historia y descripción de la ciudad de La Coruña*. A Coruña: Imprenta y librería de D. Domingo Puga.
- Velo Pensado, Ismael (1992): *La vida municipal de A Coruña en el siglo XVI*. A Coruña: Diputación provincial.
- Vigo Trasancos, Alfredo (1991): "La construcción de una capital y la imagen ilustrada de la ciudad", en *Ciudad y Torre. Roma y la ilustración en La Coruña* [catálogo de exposición]. A Coruña: Ayuntamiento.
- (2007): *A Coruña y el siglo de las luces. La construcción de una "ciudad de comercio" (1700-1808)*. Santiago de Compostela: Universidade / A Coruña: Universidade.




# A práctica de denominación de rúas en Lalín: a Comisión do Ruevo

Marta Negro Romero  
*Instituto da Lingua Galega*  
*Universidade de Santiago de Compostela*

## 1. INTRODUCCIÓN

O Concello de Lalín sitúase no centro de Galicia e forma parte da Comarca de Deza. Segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística, o 1 de xaneiro de 2018 contaba con 20.103 habitantes. No seguinte gráfico podemos observar que non se trata dun concello que medrase considerablemente a nivel poboacional entre o ano 1900 (16.238 habitantes) e o 2018, xa que só aumentou 3.865 habitantes neste período.



Evolución da poboación  
do Concello de Lalín

Como explica Rodríguez González (1995: 35), nos primeiros 20 anos do século xx os totais oscilan arredor dos 16.500 habitantes, nunha fase de estabilidade debedora dunha importante sangría migratoria, principalmente a Cuba e Arxentina. A partir de aquí a poboación aumenta ata os anos 60, debido á caída da emigración despois da Guerra Civil. Entre 1960 e 1981 desenvólvese unha nova fase de contracción ocasionada polo descenso da natalidade e un saldo migratorio negativo de 5.569 habitantes dirixidos a áreas españolas favorecidas economicamente, a Europa Occidental e, en menor medida, a América.



Pero, como ben sinala este autor, hai que distinguir entre o rural e o núcleo urbano. No primeiro aumenta a poboación constantemente ata os anos 60 (en 1950 contaba con 1.7231 habitantes, isto é, un 90,6% do total da poboación). Nos 60, prodúcese a urbanización da sociedade galega, proceso no que tamén se ve involucrado Lalín; a capital compensa co seu forte crecemento o acusado descenso da poboación campesiña. Isto explica que se pase dos 685 habitantes cos que contaba a vila en 1900 (Vidal 2018) aos máis de 10000 na actualidade. Entre as causas desta mudanza encontramos a mecanización do campo, que implica un transvase de man de obra á cidade, e a aparición da industria do téxtil e da carpintería metálica. Ademais, a concentración de poboación na capital e o aumento das rendas do campesiñado levou asociado o incremento do nivel comercial da vila.

Na seguinte imaxe observamos como Lalín era unha pequena vila rural en 1956, onde as casas se concentraban arredor dunha rúa que se estendía a carón da N-525 (Santiago - Ourense) e, en menor medida, da C-355 en sentido Monforte. No ano 2017 a fotografía muda considerablemente. Polo tanto, estamos ante un espazo urbano moi recente, cun rápido e descontrolado proceso de crecemento, con ausencia de tradición e de desenvolvemento medieval-moderno (Rodríguez 1995: 53).



Lalín en 1956  
Fonte: Fototeca Digital



Lalín en 2017  
Fonte: Fototeca Digital

Este rápido crecemento e a ausencia dunha tradición explican a tipoloxía actual dos nomes das rúas de Lalín, onde hoxe en día predominan os topónimos conmemorativos, os que fan referencia a outras entidades de poboación, os fitotopónimos non tradicionais e os números, como veremos máis adiante.

## 2. ANTECEDENTES DA COMISIÓN DO RUEIRO

A finais do ano 2015 iníciáanse no concello de Lalín as reunións da Comisión do Rueiro, da que formamos parte, creada por acordo plenario no mes de outubro a proposta dos partidos no goberno naquela altura: Compromiso por Galicia (CxG), Partido Socialista Obrero Español (PSOE), Bloque Nacionalista Galego (BNG) e Plataforma Aberta Cidadá (PAC). O obxectivo principal era o de renomear aquelas rúas situadas no centro da vila de Lalín que aínda posuían nomes de letras ou números. Debemos sinalar que o Partido Popular (PP) rexeitou formar parte desta comisión por estar en desacordo coa súa constitución, a pesar de ser convidado en máis dunha ocasión.

Previamente, no ano 2002, o PP propuxera modificar os nomes de entre 35 e 40 rúas da vila. O responsable de elaborar a proposta fora Román Rodríguez González, daquela concelleiro de cultura no Concello de Lalín. Non só se falaba de modificar os nomes das rúas denominadas con letras e números, senón tamén o de aquelas que aínda mantiñan nomes franquistas, abolición reivindicada había tempo polos partidos da oposición e algún colectivo lalinense

(Torres 2002). Precisamente, a Asociación Cultural O Naranxo<sup>1</sup>, tras consultar a diversas persoas especialistas na materia, remite un escrito o 5 de outubro de 2003 ao alcalde Xosé Crespo Iglesias no cal realiza unha serie de reflexións sobre as propostas do goberno para darlles nome ás rúas lalinenses. Entre elas destacamos as seguintes:

- **Recuperación da toponimia tradicional:** falan da importancia do seu respecto e mantemento e critican a súa ausencia na proposición do goberno do PP. Ademais, ofrecen exemplos do Catastro de Ensenada que permiten recuperar topónimos tradicionais para o lugar de Feás (*Salgueiriños, Retorta, Cal, Regueira, Campodoiro, Casarells...*).
- **Retirada de nomes franquistas:** felicitan o goberno pola eliminación destes nomes, pero consideran inadecuadas algunhas das novas solucións, como a de *rúa Principal* para substituír a *rúa General Franco*, por non obedecer a ningún criterio concreto.
- **Sobre os fitotopónimos:** critican o abuso a este recurso cando non se trata de denominacións tradicionais.
- **Sobre os nomes de oficios e profesións:** considéranos un recurso aceptable, pero de usalo, propoñen a ausencia de marcas de xénero e ofrecen como exemplo a denominación *rúa da Labranza* no lugar de *rúa do Labrego* ou *da Labrega*.
- **Sobre os topónimos conmemorativos:** sinalan que se trata dun bo recurso que “servirá para chamar a atención e estimular a curiosidade sobre personalidades descoñecidas a nivel popular”. Neste sentido, consideran que deben prevalecer as figuras orixinarias de Lalín ou da comarca de Deza e propoñen, entre outros, os nomes dalgúns escritores (Nuno Eanes Cêrceo (sic), Ramón de Valenzuela...), de figuras destacadas da historia (o agrarista Ramón González Vigide, o dirixente obreiro José Fondevila García...) e do xornalismo local (Jesús Iglesias Surribas, Celso Carrón Lalín...) e de sociedades de emigrados que contribuíron ao progreso do Concello (Unión del Partido de Lalín, Club Lalín de La Habana...).

---

1 Esta asociación, fundada en Lalín no ano 1986, ten entre os seus fins a recuperación da cultura popular, a defensa do patrimonio histórico e natural, o impulso e a axuda a novos creadores e a cobertura e apoio a iniciativas culturais novas na Comarca de Deza. O nome da organización provén do alcume co que se coñecía a Manuel González, unha extravagante personaxe dezá, símbolo das persoas marxinais que existían daquela e que Ramón de Valenzuela retratou nun libro de contos. As historias do Naranxo están moi asentadas no pobo lalinense e co decorrer do tempo pasou a ser unha figura moi popular, incluso máis aló dos límites do municipio.

A pesar da substitución dos nomes franquistas, na rúa que pasou a nomearse como *Principal* seguía a encontrarse un tempo despois a placa “calle del General Franco”, motivo polo que este colectivo decide levar a cabo a súa retirada o 14 de abril de 2005, tal e como se ve na imaxe extraída do blog do *Foro para a memoria*.



Retirada da placa co nome do ditador Franco

En decembro do ano 2006 atopamos unha nova na prensa (Fernández 2006) onde se indica que o goberno do PP levará a pleno en xaneiro a mudanza de nome doutras 15 rúas para a súa aprobación. Na proposta observamos que moitos deles son de carácter conmemorativo: *rúa do Parlamento, Juan Orol, Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro...* Seis anos máis tarde, en 2012, procédese a cambiar a sinalización utilizada ata o momento para indicar o nome de cada rúa, pero os erros contidos nalgúns dos rótulos provocaron diversas críticas e acabaron por facer aparecer na prensa un artigo titulado “Un filólogo para enderezar la nueva señalización de Lalín” (Ramos 2012). Debemos sinalar que o Concello de Lalín non dispón de Servizo de Normalización Lingüística, servizo que tamén se reivindicou desde a Comisión do Rueiro, da que imos falar a continuación.



Sinal coa forma incorrecta \*ciudade



Placa coa forma incorrecta \*plaza  
Fonte: *La Voz de Galicia*

### 3. A COMISIÓN DO RUEIRO

A finais de 2015 os partidos do goberno, como xa foi indicado na anterior epígrafe, crearon a Comisión do Rueiro. Esta estivo integrada por Hugo Facal (secretario), Daniel González Alén, Manuel Igrexas, Luz Méndez, Gonzalo Navaza, Marta Negro Romero, Fernando Pereira e Mario Pereira, ademais de por un voceiro ou voceira de cada partido político.

As principais denominacións que encontramos no momento de inicio dos traballos, nunha listaxe de 175 rúas entre as que se atopan non só as do centro urbano, senón tamén as dalgunhas parroquias veciñas, encadrábanse na seguinte clasificación <sup>2</sup>:

- **Topónimos honoríficos ou conmemorativos:** neste grupo encontramos 30 nomes de persoeiros do ámbito galego e outros naturais de Lalín; só tres deles son mulleres (*Rosalía de Castro, Pardo Bazán, Castelao, Ramón Aller, Maruja Gutiérrez, Luis González Taboada, Matemático Rodríguez, Joaquín Loriga, Pintor Laxeiro, Xosé Cuiña, Garda Civil...*).
- **Topónimos numéricos:** a pesar das tentativas de substituír este tipo de topónimos en diversas ocasións, continúan a rexistrarse 31 dentro desta categoría.

<sup>2</sup> É preciso ter en conta que hai rúas e travesías que reciben o mesmo nome.

- **Fitotopónimos de repertorio:** de entre os 21 nomes existentes, a maioría non son denominacións tradicionais e incluso algúns non responden á forma galega (*rúa das Camelias, dos Rosais, dos Caraveis, dos \*Tilos, das Azaleas, \*Xazmíns, dos \*Acibos, da Xesteira, Dalia, Gladiolos, dos Lirios, dos Nardos, das Nogueiras, Tirabeque...*).
- **Nomes de entidades de poboación:** hai 22 rúas con nomes doutros lugares (*avda. de Cruces, avda. de Rodeiro, avda. de Madrid, avda. Bos Aires, rúa Habana, rúa Caracas...*). Nalgúns casos, ademais, o nome da rúa coincide co da parroquia e o do lugar, como, por exemplo, *Donramiro*.
- **Letras:** no momento de iniciar as reunións aínda existían oito rúas con nomes de letras do abecedario (*B, C, D, F, P, T, X e Z*).
- **Topónimos tradicionais:** hidrotopónimos (*Regueiriño, rúa da Fonte, Fonte Sanguíña*), odotopónimos (*A Corredoira*)...

Ante esta situación, na Comisión decidimos ter en conta o informe presentado pola Asociación Cultural O Naranxo e seguir as recomendacións realizadas desde organismos oficiais como o UNGEGN<sup>3</sup> (*United Nations Group of Experts on Geographical Names*) á hora de elaborar a nosa proposta. Este último sinala, tendo en conta que os topónimos forman parte do patrimonio cultural inmaterial, que un topónimo conmemorativo non se debe considerar se xa existe para o lugar un nome arraigado e aceptado. Segundo isto decidimos:

1. Establecer como regra principal para nomear e renomear rúas o recurso á toponimia autóctona (*Agro de Alá, A Cacharela, As Queimadas...*), para o que nos comprometemos a ter en conta os seguintes criterios:
  - a. A modificación do territorio por parte de organismos públicos sempre debe levar consigo o rexistro das denominacións tradicionais que moitas veces só se transmitiron de xeito oral e que doutra maneira quedarían sepultadas.
  - b. Á hora de nomear unha nova realidade xeográfica, produto dunha alteración da paisaxe (urbanización da terra, apertura de vías de comunicación, creación de zonas verdes ou de lecer...), sempre será de preferencia unha denominación tradicional a unha fórmula de nova invención, polo que se botará man, en primeira instancia, do repertorio de nomes recollidos.

---

<sup>3</sup> Poden consultarse os acordos adoptados por este Comité a respecto dos nomes conmemorativos en [https://www.fomento.gob.es/recursos\\_mfom/comodin/recursos/uncsgn\\_resol\\_19672012\\_esp.pdf](https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/uncsgn_resol_19672012_esp.pdf)

- c. Cando o número de denominacións tradicionais sexa superior ás que còm-  
pren para designar as novas realidades xeográficas (por exemplo, na crea-  
ción dunha área verde de recreo que abrangue varias propiedades agrícolas  
antigas con distintos nomes), escolleranse aqueles topónimos de maior in-  
terese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.
- d. Seguindo as indicacións dos distintos organismos especialistas na materia,  
o recurso a topónimos honoríficos ou conmemorativos (nomes de persoas,  
institucións, feitos históricos) limitarase o máximo posible, e só se empre-  
garán naqueles casos en que non sepulten nomes tradicionais. Isto non  
obsta a que, no caso de que se recupere o nome tradicional dalgunha reali-  
dade bautizada previamente cun nome honorífico non poidan coexistir nos  
letreiros (por exemplo, *rúa do Carballo da Manteiga, dedicada a - na honra  
de Castelao*).
- e. Para propoñer unha persoa para un topónimo honorífico ha ser postuma-  
mente e só se deberán propoñer individuos que tivesen un papel significa-  
tivo no ámbito social, cultural e técnico-científico, directamente ligados  
ao Concello e á comarca. Recoméndase que transcorresen polo menos dez  
anos do pasamento da persoa. En relación a feitos que se queiran conme-  
morar, deben de ser relevantes para o conxunto da sociedade e polo menos  
despois de 20 anos do acontecemento.
- f. Os nomes de nova creación só se usarán en casos en que non sepulten nomes  
tradicionais e sempre deben de ser harmónicos coa toponimia autóctona.

2. Adaptar a toponimia do Concello á oficial do *Nomenclátor*.

3. Eliminar as profesións que acompañan os nomes de distintos persoeiros nas  
denominacións de diversas rúas: *Pintor Laxeiro, Pintor Colmeiro, Alcalde Ferrei-  
ro, Matemático Rodríguez, Bispo Frei José, Trobador Xoán de Requeixo, Trobador  
Martín Codax...*

4. Crear unha listaxe de nomes conmemorativos só para aqueles casos en que  
non sexa posible recuperar o topónimo (*rúa das Costureiras*<sup>4</sup>, *Xesús Iglesias Surri-  
bas, Ramón González Vixide, Piedad Fernández, Francisco Asorey...*).

5. Elaborar un modelo de informe para dar resposta ás propostas veciñais.

---

<sup>4</sup> Este nome foi proposto como homenaxe a todas as mulleres da comarca de Deza que traballaron na industria téxtil  
lalinense, moitas delas nas súas propias casas sen estaren dadas de alta, auténticas artífices do auxe desta industria ás  
que nunca se lles recoñeceu o seu traballo.

6. Crear un espazo na páxina web do Concello para explicar as denominacións das rúas e espazos urbanos.

Chegados a este punto entraron en conflito os intereses institucionais e os da Comisión, xa que o goberno tiña prisa por rebautizar as rúas do centro da vila que aínda posuían nomes de letras, especialmente as coñecidas como *B*, *C*, *D* e *F*, e non estaban dispostos a substituír de entrada os nomes conmemorativos polos topónimos tradicionais por consideraren que esta mudanza ía causar malestar entre a veciñanza. Ademais, unha parte da Comisión estaba a favor do recurso á toponimia tradicional, pero amosábase menos estrita co uso de nomes conmemorativos, sobre todo os relacionados coa historia local, mentres a outra parte consideraba que había que recuperar primeiro os topónimos tradicionais e recorrer só en última instancia aos conmemorativos.

Ante esta situación, e para saír do punto de estancamento ao que se chegara, acordouse de xeito excepcional propoñer os nomes de *Antonia Ferrín Moreiras*, *Enrique Vidal Abascal*, *Nuno Eanes de Cercio* e *Ramón de Valenzuela* para renomear as rúas *D*, *F*, *C* e *B* respectivamente. Este último, inexplicablemente, non chegou a aprobarse no pleno e hoxe en día segue a ser rúa *B*. Destas mudanzas e do “malestar dos veciños” dá boa conta a sección de Deza de *La Voz de Galicia*:



Nova sobre os cambios de nomes



En canto á recuperación dos nomes tradicionais, realizáronse algunhas propostas, pero só saíu adiante *rúa da Cacharela*, que acabou sendo aprobada en pleno co engadido “adicada á cidade de Bos Aires”, a pesar de que segue a conservarse o nome *avda. de Buenos Aires* para o resto da rúa. Ao mesmo tempo, a concelleira de cultura, Lara Rodríguez, abriu un procedemento para a contratación dun filólogo ou filóloga para a recolla da toponimia tradicional, pero quedou deserto ao non presentarse o único candidato<sup>5</sup> o día da proba oficial. Tamén se lle pediu ao alcalde Rafael Cuíña que solicitase unha copia do Catastro de Ensenada e das follas catastrais correspondentes ao núcleo urbano actual para poder realizar unha parte do noso labor, pero nunca nos foron remitidas. Ademais, este manifestoulle á prensa o seguinte: “dice no secundar la idea de quitar las profesiones a determinadas calles como a Pintor Laxeiro o Matemático Rodríguez” (*Faro de Vigo* 18/III/2018).

Deste xeito chegamos a un punto de inactividade no ano 2018 e á disolución da Comisión unha vez celebradas as eleccións municipais de maio de 2019, as cales lle deron a vitoria ao PP, que volveu recuperar a alcaldía.

## CABO

O feito de que Lalín sexa un espazo urbano moi recente, cun rápido e descontrolado proceso de crecemento, con ausencia de tradición e de desenvolvemento medieval-moderno, condicionou o tipo de nomes asignados ás novas vías urbanas que se ían abrindo. Se lle botamos unha rápida ollada á listaxe de nomes das rúas da vila, observamos que predominan os topónimos conmemorativos, os que fan referencia a outras entidades de poboación, os números e os fitotopónimos non tradicionais.

Nos anos anteriores á creación da Comisión do Rueiro no 2015, levárase a cabo por parte do goberno no poder a substitución dos nomes dunha serie de rúas designadas ata o momento con letras e números, ademais de eliminarse as denominacións franquistas. O criterio usado maioritariamente fora o de recorrer á toponimia conmemorativa e, precisamente, o criterio principal establecido pola Comisión foi o de evitar este tipo de nomes e recuperar os topónimos

---

<sup>5</sup> A contratación íase realizar ao abeiro do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra e un dos requisitos establecidos era o de que a persoa aspirante estivese desempregada e anotada na oficina do INEM de Lalín.

tradicionais, tal e como aconsellan algúns organismos internacionais. Polos motivos xa explicados, só conseguimos que se recuperase o topónimo tradicional para unha das rúas de Lalín e substituíronse tres letras do alfabeto por nomes de persoeiros relacionados coa vila.

O que si se logrou foi establecer uns criterios de traballo, coincidentes en boa medida cos propostos pola Asociación Cultural O Naranxo. Estes foron publicados co obxectivo de dalos a coñecer entre a poboación, así como os motivos do seu establecemento á hora de asignarmos o nome a unha rúa, pero non se puideron poñer en práctica polo exposto con anterioridade. Agardamos que no futuro non se desbote este traballo e que as rúas lalinenses sexan rebautizadas cos nosos topónimos tradicionais.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Fernández, Daniel (2006): “Los portavoces acuerdan cambiar el nombre de 15 calles de Lalín en enero”, *Faro de Vigo* 22/XII/2006. Disponible en <https://www.farodevigo.es/portada-deza-tabeiros-montes/2850/portavoces-acuerdan-cambiar-nombre-15-calles-lalin-enero/107281.html>
- Ramos, Rocío (2012): “Un filólogo para enderezar la nueva señalización de Lalín”, *La Voz de Galicia* 17/VII/2012. Disponible en [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/lalin/2012/07/17/filologo-enderezar-nueva-señalizacion-lalin/0003\\_201207D17C5993.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/lalin/2012/07/17/filologo-enderezar-nueva-señalizacion-lalin/0003_201207D17C5993.htm)
- (2018): “Los cambios ponen en el punto de mira las rúas de Lalín”, *La Voz de Galicia* 20/V/2018. Disponible en [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/lalin/2018/05/20/cambios-ponen-punto-mira-ruas-lalin-rua-xavenida-do-naraxorua-caracaspaso-da-cacharelamemoriasa-lichodesnuda/0003\\_201805D20C2991.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/lalin/2018/05/20/cambios-ponen-punto-mira-ruas-lalin-rua-xavenida-do-naraxorua-caracaspaso-da-cacharelamemoriasa-lichodesnuda/0003_201805D20C2991.htm)
- Rodríguez González, Román (1995): *Lalín, un proceso de urbanización e desenvolvemento. 1960-1990*. Pontevedra: Deputación provincial.
- (2014): “De Rutolín ao PXOU de 1975”, en Román Rodríguez (coord.), *Lalín 1999-2014. 15 anos de urbanismo cidadán*. Lalín: Concello, 6-11.

Torres, Raquel (2002): “El PP de Lalín propone cambiar los nombres franquistas de las calles”, *La Voz de Galicia* 6/VII/2002. Disponible en [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2002/07/06/pp-lalin-propone-cambiar-nombres-franquistas-calles/0003\\_1146647.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2002/07/06/pp-lalin-propone-cambiar-nombres-franquistas-calles/0003_1146647.htm)

Vidal Neira, Antonio (2018): “Lalín en el año 1900”, en *Historia de la tierra de Deza* [blog] 9/X/2018. Disponible en <https://historiadeza.wordpress.com/2018/10/09/lalin-en-el-ano-1900/>

### **Recursos web**

Centro Nacional de Información Geográfica (2015?-): *Fototeca digital*. Madrid: Instituto Geográfico Nacional. <https://fototeca.cnig.es/>  
“Evolución de la población en Lalín desde 1900 hasta 2018”, *Foro-Ciudad.com* [web], Disponible en <https://www.foro-ciudad.com/pontevedra/lalin/habitantes.html#Evolucion>

## Debate

Moderadora: Luz Méndez

Participantes: Conchi Cochón, Marta Souto, Iván Méndez, Marta Negro,  
Gonzalo Navaza, Ana Boullón, Antón Palacio, Antonio Ferrer  
Afonso Vázquez Monxardín

### Luz Méndez

Moi ben, pois foron moi guiadiños; usaron menos tempo do que tiña previsto para eles. Polo tanto, temos corenta minutos para debater. Incluso se vemos que nos enchemos de debater, ata podemos ir estirar as pernas ou tomar un café. Creo que a xente está interesada neste tema, que vai haber moitas preguntas e ademais tamén se pode aproveitar para resolver dúbidas que, ao mellor, quedaron pendentes, porque pola mañá tivemos que rematar un pouco á présa para ir xantar.

Quería iniciar eu dalgunha maneira o debate, primeiro cunhas preguntas moi breves para cada un dos participantes sobre cousas que me quedaron un pouco no aire a min ou que me presentan algunha dúbida.

Por exemplo, Conchi [Cochón] falou da *rúa da Maré*. É un nome moi bonito, ademais. Eu pedinlles un día [ós participantes na mesa] unha lista de nomes, de dez ou doce topónimos, hodotopónimos, para facer unha nube de topónimos. Escolleron os que lles pareceron máis bonitos e a *rúa da Maré* viña sinalada como tal. Esta *rúa da Maré* ten algo que ver cunha *rúa do Mare*?

### Conchi Cochón

Si.

### Luz Méndez

É a mesma?

### Conchi Cochón

Si. É a mesma...

### **Luz Méndez**

Eu busquei as rúas, cando mas mandaron, no *Google [Maps]*, e o único que me aparecía era unha *rúa do Mare*, rotulada así, porque baixei co *Google [Street View]*...

### **Conchi Cochón**

Si. Na acta do pleno, pon *rúa do Maré*; na rotulación, *rua do Mare*, pero obviamente é unha *rúa da Maré*. Eu son moi guiada e vou pola lexislación lingüística. A Lei de normalización di que a única forma oficial é a galega e iso é o que estamos tentando facer valer. O pleno do concello non pode tomar un acordo que vaia en contra da lexislación vixente; nin o de Pontevedra nin ningún.

### **Luz Méndez**

Parece unha rotulación antiga...

### **Conchi Cochón**

Si, porque ese acordo, o nomeamento é do ano 86, de 1986. Eu penso que existía un *camiño da Maré* aí xa. Estaba o *lugar da Maré* e tamén o *camiño da Maré*.

### **Luz Méndez**

O propio concello rotulou mal...

### **Conchi Cochón**

Acordou mal, rotulou mal e despois transmiten o que cada quen entende.

### **Luz Méndez**

Pero entón o acordo era o *da Maré* ou *do Maré*?

### **Conchi Cochón**

*Do Maré*. Falta o acento na placa, que esa foi outra<sup>1</sup>.

---

1 En resumo: o acordo do plenario foi *Rúa do Maré* e na placa colocada na rúa escribiuse literalmente *Rua do Mare*. As dúas formas están erradas pois os microtopónimos de onde se tomou este nome son *A Maré* e *O Camiño da Maré*, polo que a relatora considera que o nome debería ser restituído como *Rúa da Maré* e así menciona esa rúa.

### **Luz Méndez**

A Marta [Souto] quería lle preguntar, que non me quedou tampouco moi claro... Decía que na actualidade se acordara levar a pleno “doutro xeito”, pero non explicou moi ben como. Teño curiosidade...

### **Marta Souto**

Si, si, si. Imos ver. Eu estiven explicando o procedemento que se estaba a seguir: a Comisión de rúas, que eran os concelleiros; os dous informes que se pedían, a Estatística e a Normalización Lingüística; e, só no caso de ser ambos os dous favorables, pasaba para pleno e aprobábase por maioría absoluta. Ben.

Cando empezaron a chegar nomes, propostas de nomes, conmemorativas (de *Nelson Mandela*, de *Marcial Lafuente Estefanía*), todas estas estaban incumprindo o que dicía o propio regulamento, porque o regulamento dicía que tiñan que estar avaladas polo 2% da poboación viguesa: non andamos en dous centos e pico [cidadáns], trescentos; tiña que ser como mínimo por 6.000 [cidadáns]. Pois normalmente eran solicitudes unipersoais, do estilo: é que este era un profesor, por exemplo o matemático Rufo –tamén temos matemáticos en Vigo–, un profesor de instituto. Ao pouco de morrer chegou unha solicitude de que o paseo do Lagares, o que debía de chamarse era *Paseo do matemático Rufo*. Por que? Porque lle gustaba pasear por alí. Entón, no informe que se fai con toda a lexislación e demais –informe favorable ou non favorable, este era loxicamente non favorable–, suxeríaselle que, como este profesor era dun centro de ensino, e o local do concello, pois ao mellor o propio auditorio podería levar o seu nome... ou o seminario de matemáticas..., propostas variadas.

Cando empezaron a ver eses informes negativos, no ano 2015, deixou de haber propostas para designar rúas en Vigo. Parouse. Preguntando aos compañeiros de Cultura, ao que leva realmente todo o tema de honras e distincións, pregunteille: “Que pasa?”, e di: “Non, hai unha orde de instancias superiores que di que se pare iso, porque están vendo en secretaría se se pode modificar ese acordo para que sexa xa directamente unha acción de Alcaldía”.

### **Luz Méndez**

O de nomear as rúas?

**Marta Souto**

Nomear as rúas. Para que informes?, para que tal...?, unha decisión de Alcaldía. Porque nós si que propuxeramos que houbera unha ordenanza ou un regulamento –mellor unha ordenanza porque tamén ten que ver coa cidadanía– onde se recollese precisamente esa declaración; a declaración, non a moción aprobada, porque o texto da moción é un anaco só. Pero iso está parado. Está o secretario do concello, un dos tres que temos no Concello de Vigo, vendo a posibilidade de facer algún tipo de resolución que acaese. Por iso, a partir do 2015 parouse todo e estamos aí.

**Luz Méndez**

A Iván [Méndez] queríalle preguntar, porque non sei se entendín mal, que a rúa conmemorativa ou honorífica [da Coruña] máis temperá era de mediados de...?

**Iván Méndez**

De 1300 e algo.

**Luz Méndez**

E dixeches *rúa do Príncipe*...

**Iván Méndez**

*Filipe*.

**Luz Méndez**

Que Filipe? Non sei. Filipe I é do xv...

**Iván Méndez**

A ver.

**Gonzalo Navaza**

Eu creo que é pola chegada de... Porque desembarcaron na Coruña cando veu de Flandres ou de Inglaterra... Filipe o Fermoso?

### **Iván Méndez**

Non é por ningún rei. Non chegou a ser rei. Foi un dos fillos, non sei se de Sancho IV, Sancho V ou Sancho III ou Sancho algo, que viviu na Coruña como unha especie de delegado do goberno daquela, que sería...

### **Gonzalo Navaza**

De todos modos eu quero puntualizar un detalle. Estes nomes non son propiamente toponimia conmemorativa ou honorífica. Quero dicir, que se había alí a residencia de non sei quen e chamábanlle a *rúa dos...*, non é que a cidade decida conmemorar a presenza de fulano e darlle ese nome á rúa, se non que, na práctica tradicional, acabáronlle dando o nome dun individuo que vivía alí. Como pasou cunha que vimos, *rúa de non sei que Miniño* en Baiona ou esa de *Abril Ares...*

### **Iván Méndez**

Ou na Coruña a *rúa do Borbón*, que era por alguén que se apelidaba Borbón.

### **Gonzalo Navaza**

En realidade non son exactamente toponimia conmemorativa e honorífica, a pesar de que teñen o nome dun personaxe.

### **Iván Méndez**

Eu quería dicir, máis ou menos, que foi a primeira vez que se puxo un nome como tal. É dicir, o concello dedícalle a rúa. E, á parte, está nunha acta en que aparece unha rúa onde vive e que se vai chamar así. Na zona da Cidade Vella, todas as rúas da Cidade Vella da Coruña manteñen o que é o trazado dende aquela: está a *rúa da Zapatería*, está a *rúa do Parrote...* A *praza de Azcárraga* é recente, porque sempre foi a *praza da Fariña*; antes era o *Mercado do Peixe*, a *rúa da Sinagoga...* Todas teñen máis ou menos nomes toponímicos menos esa. Nese momento xa estaban esas rúas. A *rúa das Culleradas* é outra que desapareceu. O concello decide que lle van chamar así. Non aparece acta constitutiva para dedicarlle o nome, pero si que comeza o concello a dicirlle a *rúa de...*; coñécese como tal, pero vai ser a *rúa do Príncipe*.



## Gonzalo Navaza

Se fose así, o documento tería moitísimo máis interese, porque seguramente sería o primeiro documento onde unha corporación municipal toma unha decisión en materia de toponimia. Pero máis ben eu creo que o concello asume esa denominación porque popularmente xa estaba consolidada. Se non, fáieme moi raro. Porque esta vontade de apropiarse dos nomes públicos é unha cousa máis recente do que pensamos.

## Iván Méndez

Si, si. É o que che comentaba que pasou nos Cantóns da Coruña. Os Cantóns da Coruña, que son o *Cantón Grande* e mais o *Cantón Pequeno*, coñecíanse así. Incluso se coñecían como o *Cantón da rúa Nova*. Coñecíanse como *Grande* porque un é máis grande e o outro pequeno. Pero durante moito tempo coñeceu un como *Cantón da Sardiña*, porque era onde se descargaba o peixe, o outro era o *Cantón da Leña*.

No século XVIII, a finais do XVIII, toda a fachada marítima da Coruña, o que coñecedes como *As Galerías*, esa parte que é a típica postal da Coruña comeza a modificarse. Entra todo o que é o goberno civil, faise a casa de García de Paredes, a Real Aduana, é dicir, hai unha vontade de cambiar a Coruña na época da Ilustración. E nese momento as actividades que se desenvolvían no porto chocaban con esa nova Coruña burguesa, que era unha Coruña que á parte se apropia da Pescaría. O barrio principal da Coruña naquela época era *A Pescaría* porque alí vivían os pescos, a xente do mar. Nese momento empeza a vivir xa a xente de diñeiro, a burguesa. Comeza a edificar novos trazados. As tarefas de descarga do peixe –está rexistrado como tal– tiñan acumuladas uns problemas de cheiro. A xente limpaba o peixe e tiraba os restos ao mar, e alí acababa cheirando mal. Hai diferentes actas do concello que din que hai que acabar con isto e a primeira medida que toman é botar a xente de alí. Entón o que era o *Cantón da Sardiña*, e aparece nos mapas como tal, volve chamarse *Cantón Grande*. De feito o *Cantón da Leña*, cando as actividades da leña cambian de sitio e se levan para outro sitio na cidade, ese chámase o *Campo da Leña*. Hoxe mantense como *Campo da Leña* aínda que é a *praza de España*. Esa vontade de cambiar os nomes xa se testemuña naquela época. Nas actas do concello, cando xa o concello ten esa vontade de facer unha cidade diferente, nunca lle chama *Cantón da Sardiña*. A pesar de que nas actas aparece como *Cantón da Sardiña* e nos mapas até o

século XIX. Por exemplo, no mapa de Coello, que é o mapa que aparece no dicionario de Madoz, segue chamándose *Cantón da Sardiña*. Esa vontade de cambiar os nomes na Coruña é anterior ao século XIX.

### **Gonzalo Navaza**

Ben, pero cambian os nomes dentro duns usos tradicionais. Pero eu creo que si que é significativo na toponimia urbana da Coruña porque creo –non sei se hai outro antes–, que a primeira intervención de carácter ideolóxico para facer do repertorio de nomes dunha cidade un escaparate de modelos políticos é precisamente no ano 1820, cando os coruñeses que se levantaran no mes de febreiro deciden cambiarlle o nome ao *Cantón* e poñerlle o nome de *Porlier*. Non sei se hai outra antes, outro cambio, porque este si que xa é un cambio con vontade; a mesma vontade que move os topónimos conmemorativos e honoríficos hoxe en día.

### **Iván Méndez**

Si, eu creo que a *praza da Constitución*, que aínda se segue chamando hoxe *praza da Constitución*...

### **Gonzalo Navaza**

A *Constitución*, comenteino antes. En canto Fernando VII acepta a constitución, en todos os concellos, a mudanza de goberno supón cambiarlles o nome ás prazas maiores. Pero un nome propio, creo que o primeiro é o de *Porlier*. Creo. Ou outros fusilados durante o primeiro período de Fernando VII, porque noutros lados tamén se dedicaron a rescatar as vítimas do ...

### **Iván Méndez**

Á da *Constitución* xa lle cambiaran o nome, porque creo que era parte da *praza do Mercado*, e xa lle puxeron *praza da Constitución*. Houbo problemas, non? Despois tamén estivo o de *Porlier* e tal. Bueno, o de *Porlier* sempre se foi cambiando. Cambiaba cada cinco anos o nome do *Cantón Grande*.

### **Luz Méndez**

Ben, e a Marta [Negro] vouna eximir de pregunta porque, como a Gonzalo lle gusta falar e tamén estivo na Comisión [do Rueiro de Lalín]... Aínda que non é nada con respecto ás actuacións desa comisión senón que, el que naceu en Lalín e sabe moito de Lalín, pode contarnos como era Lalín a principios do século xx, por exemplo. Non por idade...

### **Gonzalo Navaza**

Xa era un pouco vello, xa non recordo ben esa época, se me preguntases da Idade Media... [risas].

### **Luz Méndez**

Pois da Idade Media! Quero dicir, seguramente non mudou moito desde a Idade Media ata principios do século xx.

### **Gonzalo Navaza**

A diferenza doutros núcleos urbanos que vimos, o Lalín tradicional era unha parroquia moi rural. O mesmo nome do concello é un nome recente, é do século xix. Tradicionalmente era xurisdición de Deza, que era unha xurisdición rural practicamente toda ela. E o centro parroquial estaba no que hoxe se chama Lalín de Arriba, onde está a igrexa de Lalín de Arriba. Pero, na Torre, o que deu lugar ao nome da *praza da Torre*, había unha célebre feira, da que hai referencias eu creo que desde o xvii –no xviii hai moitas–, e pouco a pouco foise desprazando a poboación aí, sobre todo a partir da creación dos concellos en tempos de Isabel II. Creouse o concello co nome de Lalín, e entón foi desprazándose.

Lalín naceu ao lado da estrada. O núcleo actual naceu na estrada de Santiago-Ourense fundamentalmente, na encrucillada que vai de Lalín a Lugo, de Pontevedra a Lugo. Iso supuxo unha modificación desa encrucillada porque historicamente a estrada que vai a Lugo saía desde Bendoiro, pola Laxe e por Santiso, e ía atravesar o Arnego, na ponte Vilariño. Non ía a Lalín. É tan recente que non ten historia medieval, non pasa como nestoutras [vilas].

### **Luz Méndez**

Ao lado das tres cidades, nas que se destrúe toponimia tradicional e se perde, en Lalín tamén, pero era doutro tipo. Non eran nomes de rúas as que se perderon.

Destruíronse microtopónimos, sepultados, porque realmente Lalín naceu hai tres días. Por iso xa se bautizou con nomes honoríficos ou nomes de repertorio tipo as letras ou os números.

### **Marta Negro**

A principios do século xx, sábese agora por unhas referencias que se fan a Ramón Aller Ulloa –porque Ramón Aller Ulloa foi arquitecto de gran parte das casas de Lalín nos inicios do século xx–, falaban de que había douscentos lumes ou así. Filgueira Valverde cando fala do labor de Ramón Aller como arquitecto de Lalín, mencionaba unha cantidade de xente no centro, que era unha rúa con moi poucas casas. Unha rúa principal e unhas cantas casas. Nas fotografías de Ramón Aller de inicios do século xx vese o sistema totalmente agrario alí ao pé das casas que se consideran da vila, da rúa principal. Os palleiros..., está todo alí. É todo agro, todo leiras.

### **Gonzalo Navaza**

Era unha estrada.

### **Marta Negro**

Era unha estrada, non había nada. Entón claro, que se poñan tantas trabas a recuperar os topónimos tradicionais, esa microtoponimia, non é o mellor.

### **Gonzalo Navaza**

A toponimia urbana non é o lugar de honrar á xente, é dicir, os topónimos conmemorativos e honoríficos xa quedou claro que, na medida en que se poidan evitar, se deben evitar. Pero gustaríame insistir nesoutros, os chamados topónimos seriados de repertorio. Porque tamén en Lalín, á parte das flores e das árbores, que iso foi cousa de Román [Rodríguez, concelleiro con responsabilidades en cultura, medio ambiente, urbanismo e desenvolvemento entre 1999 e 2015], úsanse en moitos sitios! De repente os nomes, por exemplo os nomes das provincias españolas están por moitísimas cidades, e case todas concentradas na mesma zona: son rúas próximas que se chaman con nomes de provincias, nomes de montes e de ríos, en Ourense... Ese tipo de cousas dedícanse a designar en paquete, collen toda unha área e vai todo xunto. Iso desde logo nunca ten presente a historia, claro.

## Iván Méndez

Eu quería chamar tamén a atención sobre a parte da microtoponimia, algo que creo que é fundamental, porque hai un baleiro non sei se normativo... –en fin, baleiro haino realmente–, que son os nomes dos barrios. Os nomes dos barrios, nunha cidade como a Coruña, a maior parte deles responden a nomes de lugares antigos, que xa existían. *Os Castros* existía; *O Castrillón* existía. Pero tamén é algo que non se recupera. Non se legisla sobre el. O concello, en principio, non ten atribuídas as funcións de denominar un barrio. Ten atribuídas as funcións de denominar unha rúa. E na Xunta ou dende a comisión de toponimia, nunca se traballou a respecto dos barrios das cidades ou dos barrios das vilas. Eu creo que é importante que se recupere iso ou que se tome para nós ese traballo.

Este barrio, por exemplo, o *Xuxán*. É un barrio de nova creación, o *Parque Ofimático*, que se vai perpetuar na súa historia. Dentro de cincuenta anos falaremos de *Parque Ofimático* cando nunca chegou a existir un parque ofimático. Foi algo que un concello puxo e nunca se lle dixo: “Oes! Aquí tes unha denominación para dicirlle”. Tanto a ese, como a outros barrios que houbo por aí. *A Cidade Xardín*, na Coruña, estaba nun monte, na altura do *Penedo*, e chamábase así; ese é xa un nome antigo. Pero si que deberíamos comezar a reclamar a necesidade de grafar ou, de legislar, de ter os nomes dos barrios tamén, porque os concellos non o fan. Moitas veces respondeu a vontades de construtores: un construtor ao que lle parece bonito chamar a un barrio *Los Rosales* na Coruña, e aí quedou. E aí había un sitio que se chamaba *Fontán*, precioso.

Só unha cousiña sobre o que pasa na Coruña. O ano pasado, por exemplo, ía inaugurarse un bosque na zona de *Feáns*. Houbo unha urbanización que nos anos 90 se creou alí, que era *urbanización Breogán*. E o bosque ten moitísimos nomes xa. Está na zona de *Conxes*, e ocupa unha parte dunha ladeira que se chama *Quitapesares*, ese nome ben precioso, sobre todo tendo en conta que ao lado está o cemiterio. O nome xa é antigo. Pedíuse informe sobre como chamaban a ese bosque ao concello cando eu traballaba no Servizo de Normalización, e dixémoslle o nome, pero... Vai seguir chamándose *Bosque de Breogán*, cando a urbanización ten vinte anos.

Tamén pola zona dos Rosales se vai facer outro bosque que é o *Bosque das Cinco Illas*, porque dende alí se ven as illas de San Pedro, que realmente son catro; pero o bosque vai quedar como *Cinco Illas*, cando alí estaba o *terreo de Fontán*. Nunca houbo, dende unha institución, o de dicir, “Oes, que aquí hai

toponimia!”. Unha comisión ou órgano con rango máis alto que un técnico, que normalmente os técnicos de normalización, á hora de poder compartir a opinión, somos os últimos monos nun concello.

### **Gonzalo Navaza**

O problema dos barrios ten que ver con outros problemas de estratos toponímicos que non están documentados.

Non están tipificados, non están recollidos. Coas denominacións que pertencen a un ámbito superior á aldea e inferior á parroquia. Ás veces varias aldeas forman un núcleo, que ten diferentes nomes segundo as zonas, iso non está recollido; é algo parecido. Se nos nomenclátorese se recollesen nomes entre rúa e cidade, un estrato intermedio, estarían recollidos.

O das urbanizacións estas que comentas, eu creo que ten que ver cun problema de competencias. Quen ten competencias sobre as denominacións dos núcleos habitados é o Consello da Xunta. E sobre as vías internas dos núcleos, os concellos. Cando se crea unha nova urbanización por parte dun construtor, iso tarda moito en incorporarse ao nomenclátor. Por dicilo así, de maneira oficial tarda en detectarse que é un novo núcleo de poboación. E mentres tanto figura como se fose unha actuación urbanística dentro da cidade. O Ministerio de Fomento, por exemplo, que elabora os datos oficiais de estatística, con quen negocia a incorporación de novos núcleos de poboación ao nomenclátor oficial do INE é cos municipios e non coa Xunta, cando a Xunta é quen ten competencias sobre iso. De maneira que se se crea unha urbanización que lle poñen... Había unha que tiña un nome en inglés, non sei se recordades como era, que era medio disparatada. *Holiday* non sei que! Hai unha que se chama *Puente Romano*, por exemplo, en Baiona, que está ao lado da ponte da Ramallosa que é medieval, non é romana. E a urbanización chámase *Puente Romano*. O problema é que cando chega a incorporarse como núcleo de poboación ao nomenclátor, ao mellor leva dez ou doce anos ou quince anos consolidado, cos seus habitantes, con xente que xa naceu alí, e entón é moito máis difícil intervir sobre eses topónimos. Efectivamente, durante moito tempo eran os propios construtores quen decidían os nomes as urbanizacións.

### **Conchi Cochón**

Eu quería reflexionar sobre isto que estamos falando. Parece que Pontevedra, vendo o que expuxeron os meus compañeiros de mesa, é un lugar idílico. Recupérase toponimia tradicional, utilízase nas rúas... Pero, de verdade que, vendo as actas do pleno, vese que iso é unha situación moi fráxil. Está aquí María Xesús López Escudeiro, que era concelleira de Cultura e de Normalización lingüística nunha desas actas dos plenos que repasamos. A acta recolle a súa defensa da toponimia como patrimonio, como memoria. Era a época na que fixemos varias xornadas sobre toponimia en Pontevedra para traballar coas asociacións, coa xente, cos profesores... Ela explicouno todo na acta. O retruque que lle fixeron desde a oposición foi: “Grazas pola lección, pero nós xa dixemos que estamos de acordo con recuperar os topónimos para non discutir sobre a quen lle dedicamos as rúas”.

A situación é moi fráxil. Eu creo que necesitamos xa que alguén con autoridade chame a atención aos concellos, dentro do que é a autonomía municipal. Igual que se lexislan outro tipo de cousas, igual que se marca que os topónimos galegos –tamén os urbanos porque son topónimos galegos– teñen que estar en galego, pois tamén hai que poñer un pouco de orde aquí.

### **Ana Boullón**

Eu quería preguntar simplemente algo en relación con isto que estades dicindo, das distintas gradacións que hai do respecto á microtoponimia tradicional. Ti [Iván] dixeches que no Concello da Coruña non hai nada. A miña pregunta é: o SNL do Concello da Coruña non ten ningún papel na denominación das novas rúas? Quen toma logo a decisión das novas denominacións? O pleno? O alcalde?

Porque agora estaba dicindo Marta [Souto] que parece ser que o alcalde quere arrogarse para si o feito de nomear novas rúas. Iso é posible legalmente?

### **Iván Méndez**

A primeira resposta é breve: non. O SNL non ten nin voz nin voto.

### **Ana Boullón**

Pero nin é consultado tampouco?

### **Iván Méndez**

Non. Depende da vontade. É o que che dicía do *Bosque de Breogán*. Pois o concelleiro correspondente preguntou, porque dixo: “Boh! pois vou preguntar, a ver se hai algo aí”. Non fixeron caso.

A segunda, no Concello da Coruña hai unha Comisión de Honras e Distincións. Entón é a encargada de tal. Eles o que fan, pois, é o típico informe, aproban, van ao pleno e poñen placa. Nada máis e nada menos. O informe previo faino o arquivado ou o que se chama “o historiador”, o cronista oficial do concello, que realmente é o arquivado; arquivada neste caso. Fai un informe en que lle parece ben que a *rúa Luísa Villalta* sexa *Luísa Villalta*. E pasan cousas como esa, como o informe que, quen o fixo, o fixo en castelán, e non lle puxo o acento. Entón tería que ir outra vez á comisión de honras para cambialo, para poñer un acento.

Iso agora. No pasado era un cristo, porque houbo un momento en que existía a lei non escrita de que a persoa que vivía no número 1 dunha rúa que se abría tiña como un dereito de poñerlle nome á rúa. Chegaban alí, ao cartel, e dicían: “E esta rúa como se chama?”. E o tipo dicía o nome. Hai moitas rúas da Coruña que responden a iso.

### **Ana Boullón**

De cando é iso?

### **Iván Méndez**

Iso é da época do franquismo. Nese momento, foi tal o cristo que se montou abrindo rúas, que as rúas comezáronse a coñecer con nomes oficiosos que acabaron quedando, porque como non había nome oficial, pois ao que vivía no número 1 preguntábanlle: “Ti como lle chamas a esta rúa?”. Pois así temos a *rúa do Cuento*, porque disque había unhas señoras que estaban alí todo o día contando contos e así está descrito. Está a *rúa da Sirena*, porque alí había unha fábrica de lixivia que se chamaba *Sirena*... De feito, eu teño a teoría de que todo o *barrio da Sagrada Familia*, á parte de que non está no sitio, vén porque a un home lle preguntaron como lles chamaba ás dúas rúas que acababan de abrir e púxolles os nomes dos fillos, pero con *san* diante: *San Luís* e *San Lucas*. E, a partir de aí, empezou todo o nome da *Sagrada Familia*, porque todas as rúas son con santos. De feito, para o barrio dos Rosales, teño a teoría de que había unha cafetería



que se chamaba *Cafetería Los Rosales* no número 1 da prolongación da avenida de Gran Canaria. A partir de aí, como non se coñecían máis nomes, empezou todo. Iso é como era antes. No franquismo tamén había comisións: “Pois mira, naquela zona chamábanlle... *rúa del Cuento*. Pois vamos a seguir chamándolle *rúa del Cuento*”.

Pero a día de hoxe non preguntan. Simplemente, morre unha persoa famosa, o PSOE di –o PSOE ou o Bloque, ou quen sexa–: “Hai que poñerlle o seu nome a unha rúa”. E todos din que si e todo segue para diante. Ademais, iso está considerado como o que hai que facer. Morra quen morra, na Coruña ten unha rúa. De feito, este ano morreu o que era o director da Cadena Ser, Ángel Gómez Hervada, e ao día seguinte aprobouse en pleno poñerlle unha rúa. Non sei cantas rúas quedan por poñer na Coruña, pero poden ser ducias e ducias e ducias, porque ata Mauro Silva, que foi xogador do Depor, ten unha rúa.

### **Marta Souto**

E Mostovoi non ten en Vigo, vaia por deus! Teño que propoñelo. Gonzalo síntoo pero aí, eu xa aí non paso. Se Mauro Silva ten, Mostovoi ten que ter.

Ben, agora en serio, á pregunta que dicías<sup>2</sup>, non creo que sexa tan doado de cambiar porque levan tres anos dándolle voltas e aínda non resolveron o tema. De todas formas, se seguisen con esa comisión... Hai un representante por cada partido político. Agora queren modificalo para que sexa a representación dos partidos políticos, segundo a representación no propio pleno. Entón, batalla! co cal non vai haber problema ningún en aprobar o que consideren. Por outro lado, si que se está intentado con xente da asesoría ir traballando tamén nunha proposta, pero por agora todo isto está paralizado.

Con relación a isto, eu confirmo esa debilidade que dicía Conchi que ten todo o tema da toponimia e o valor que teñen os informes nosos. Dende o ano 2002/2004 ata o 2014, si que se recuperou moitísima toponimia, sobre todo no que era o rural, nesas comunidades, nesas asociacións que tiñan o traballo previo feito. Tamén nalgunhas zonas máis urbanas, como poden ser Teis ou a propia asociación do Casco Vello, que tamén traballaba a prol da recuperación. Pero hai momentos en que, por un cambio de criterio político, xa se desfai todo o camiño andado. Agora iso, apróbanse [o nome de] Mandela, o [nome do] da Roda,

---

<sup>2</sup> Refírese á anterior pregunta de Ana Boullón: “parece ser que o alcalde quere arrogarse para si o feito de nomear novas rúas. Iso é posible legalmente?”.

que morreu tamén, lle querían dedicar unha rúa... Están paradas, pero isto non quere dicir que mañá non se aproben todas de golpe. Funcionamos así. Volvo a insistir nese feito, nesa colaboración que hai, sobre todo con Urbanismo, que se soliciten asinadas polo propio xerente de Urbanismo esas solicitudes de, como poñen eles, “levantamento da toponimia tradicional” e de todo o patrimonio oral que haxa nesas zonas para que na ficha, así como poñen un cruceiro e din que ten que ter unha zona de conservación, se recollan refráns, cantares... Por exemplo, o outro día nesa que vos ensinaba hai un pío e estamos vendo se hai algún tipo de cantigas desa zona, o que pasa é que é unha zona onde xa practicamente non temos xente maior. Temos tres ou catro.

E a última cuestión que quero tratar é, enlazando con tema que dicía Iván e o que falabamos dos barrios, que habería que facer algo ao respecto. En Vigo estanse poñendo [nomes aos] barrios... Vamos a ver: *As Travesas* non está recollido no nomenclátor oficial de Vigo. Non está *Picacho*. E por moito que nós fagamos propostas, incluso vestidos de lagarterana, non se recollen. Que pasou con *Peniche*?

### **Gonzalo Navaza**

Ese é o nome oficial dun...

### **Marta Souto**

Dun centro de Ensino.

### **Antón Palacio**

Nos autobuses vemos *Picacho* e vemos *Travesas*.

### **Marta Souto**

Si. Pero recollido oficialmente, non. O-fi-cio-sa-men-te. Voltamos a ser a cidade oficiosa.

Todo o mundo fala de *Peniche*. Pero que pasou con *Peniche*? Quixeron poñerlle a *praza das Apertas*, e a pouco máis estivemos por quedar sen el oficialmente... e puxéronlle, ollo eh! Non lle puxeron *praza de Peniche: cruzamento de Peniche*. Ao lado está a praza e deixárona, e seguro que vai ser *praza das Apertas*. Vamos, iso, como que Marta me chamo.

Está por aí David Cobas, que axudou e moito. Que fixemos? Solicitounos Urbanismo, a xerencia, a correspondencia dos topónimos municipais cos utilizados no plan básico autonómico. O que fixemos foi coller todas as parroquias, tanto as parroquias oficiais como esas parroquias de estatística: a parroquia de Povisa! Povisa ten unha parroquia! Unha parroquia, perdón, un barrio!! *O barrio de Povisa*, cando era o *barrio de Pousafoles*! Volvo dicir: estanse eliminando, estanse poñendo nomes coma ese e están quedando oficialmente, porque están dentro xa do censo municipal. Como non actuemos quedamos xa [con]... Povisa. Está en mans duns americanos, pero está xa aí no rueiro de Vigo.

E logo, por favor, que se poñan as administracións de acordo co dos topónimos porque facendo este estudo, que son todas as parroquias, nós consultamos oito fontes. Vamos!, que nalgunhas aparecía en feminino noutras en masculino, acentuado, non acentuado... collendo a páxina da toponimia da Xunta de Galicia. No informe fomos así de irreverentes e puxemos que ás veces víamos que os topónimos bailaban a ritmos de *rock and roll*, outras veces botaban un vals ou unha muiñeira. De verdade que tiñan etiquetas distintas, tiñan acentuación, aparecían nunha parroquia, aparecían nun lado dunha rúa, doutra, un pouco desastre. Entón si, outro deses desexos que me gustaría ver: que utilizásemos a mesma toponimia en todas as administracións. Unha cartografía tamén con posibilidades de que sexa unificada para non ter eses bailes.

### Antonio Ferrer

Dúas curiosidades nada máis, para Conchi: eu teño entendido que *O Borrón*, eu sempre fun ao Borrón e sempre era na outra parte do río, non na zona que ti dicías aquí. E segunda, se [na rúa] *María Victoria Moreno*, [rúa] *Fernández Ladreda* antes, nesa zona non había ningún topónimo máis apropiado para a rúa, que eu estou encantado con *María Victoria Moreno*, pero paréceme raro que nesa zona non houbera un topónimo máis antigo.

### Conchi Cochón

Sobre *O Borrón*. *O Borrón* dixen que non se sabe, non se ten memoria exactamente de onde está. Sábese que estaba na xunqueira e que alí vivía un urco, e ata 1911 a rúa de Bos Aires non era a *rúa de Bos Aires*, era *rúa do Borrón*. Iso non quere dicir que *O Borrón* estivese alí. Era a rúa en memoria dese espazo, do que xa non temos memoria da situación.

### **Antonio Ferrer**

Para moitos de nós, da miña idade, *O Borrón* sempre foi no outro lado do río.

### **Conchi Cochón**

Pero do outro lado do río era moita xunqueira.

### **Antonio Ferrer**

Si, onde se tiraba o lixo.

### **Conchi Cochón**

O lixo tirábase alí dende hai poucos anos. Foi poucos anos o *basureiro*, o que agora é a entrada do ENIL. En todo caso, eu reivindico *O Borrón*, que volva ás rúas de Pontevedra.

Tocante á avenida María Victoria Moreno, está na zona de Campolongo. Na zona de Campolongo estívose facendo baleirado, porque foi unha zona que, aínda que está no centro de Pontevedra –para os que non sodes de Pontevedra–, unha grande parte dese predio estaba en mans dos militares; foi militar case todo o século xx. Chegouse a un acordo, gran parte deses terreos desafectáronse e puideron urbanizarse. Por fortuna cadrou coa época na que se estaba facendo todo ese traballo de baleirado de información, e o concello quería utilizar a toponimia tradicional, recuperala para nomear as rúas, e *O Espincelo* dá á rúa María Victoria Moreno. Hai máis: *Cedrigas*... hai moitos nomes por ese lado.

No ano 2018, a acta do pleno acorda nomear *Fernández Ladreda* como *María Victoria Moreno*. Non sei fai referencia á toponimia tradicional. O único que si recollen as actas é o enfado da oposición porque levaban moitísimos anos querendo dedicarlle esa rúa –efectivamente estaban de acordo con retirarlle a homenaxe ao ministro franquista–, a Adolfo Suárez. Entón estaban un pouco molestos. Porque, a ver, esa rúa tan grande –outra vez, si, realmente, o tamaño importa–, esa rúa tan grande, podendo ser para Adolfo Suárez, ía ser para María Victoria Moreno, que era a señora á que lle dedicaban o Día das Letras Galegas e non estaba mal, pero... Non sei fai referencia á toponimia.

### **Marta Negro**

O do tamaño importa é un chiste noso, porque na comida comentei que en Lalín temos unha rúa Castelao e entón, dentro da comisión –isto xa non foi

unha proposta do goberno-, unha persoa dixo que se debía de cambiar o sitio da denominación da rúa Castelao porque era excesivamente pequena. Naquela nota de prensa, unha das que puxen, xa se falaba de cambiala para darlle unha rúa con maior empaque. Entón, esta cuestión dos tamaños, dependendo de quen sexa, tamén hai que tela en conta, parece ser. Eu xa dixen: “Ata aquí! Eu por aí xa non paso, porque me parece unha soberana estupidez. A Castelao téñeno que coñecer por como o teñen que coñecer, non polo tamaño da rúa. Era o que nos faltaba aquí”. Por iso vén aí o do tamaño importa. Porque si, tamén hai a cuestión do tamaño á hora de nomear.

### **Luz Méndez**

Había que lembrar que desde o ano 2016, non lembro agora, a toponimia é patrimonio. Está recollida na Lei de patrimonio de Galicia. Entón pode ser unha vía para presionar os concellos...

### **Conchi Cochón**

Perdón. Desde o ano 1983 a Lei de normalización di que a forma de todos os topónimos galegos, e as rúas son toponimia, repito, ten que ser en galego e xa vemos o que hai.

### **Afonso Vázquez Monxardín**

Ola. Unha cuestión a propósito do tamaño. O tamaño importa moito. Porque mira, a cidade de Ourense tiña no ano 1849 corenta topónimos que aparecen recollidos. Era unha cidade pequena. E no ano 1961, cando se fai a primeira denominación sistemática dos espazos, aparecen oitenta e pico. Oitenta e pico, dos que hai dezaioito que teñen menos de tres números. Por que? Porque queren inflar a cidade con moitos nomes para dicir que é unha cousa moi grande. Entón claro, isto leva a que o que estamos vendo aquí é que non hai unha política unitaria nos concellos. Non é por ser de dereitas ou ser de esquerdas; ou ser de tal ou de cal. A imaxe que dá é que é bastante caótica; que uns o fan dunha maneira, outros doutra etc. Por iso non sei se, desde esta xuntanza, estaría ben reclamarlles aos poderes algo de coordinación, en vez de estarmos aquí, que estivesen tamén os políticos, non aquí, pero polo menos que lesen o que se lles mandase para orientar este tema.

É curioso porque hoxe segue sendo parecido. No Carballiño, por exemplo, tamén hai moitísimas rúas, creo que hai case tantas como en Ourense. É todo tramos de tres ou catro casas para poñer nomes. Nomes que despois, claro... É curioso, porque aquí falamos dos nomes que teñen, pero tamén igual que as persoas teñen nome, hipocorístico e alcume, hai denominacións que conviven, dúas, unha popular e outra culta, ao longo de centos de anos. O caso en Ourense do *Postigo de San Francisco*, que é un nome malo de dicir, en cambio *Crebacús*, que era o nome popular e que se repite en tantas cidades de todo o mundo lusófono, galegófono e hispanófono, como *Quiebraculos*. Menos en Coimbra, que lle cambiaron a *Quebracostas*, porque era máis fino que *Quebracús*. O tema de querer inflar os nomenclátors está aí moi presente.

E eu co tema desas agrupacións de nomes de flores que tanto ridiculizastes aquí, teño que dicir que me parece que é necesario conservar os topónimos rurais e, en primeiro lugar, os topónimos dos barrios. Unha solución que se está dando moitas veces de forma natural é poñerlle ao espazo común, ao parque do centro, pois *parque do Couto*, parque de tal ou de cal, poñendo o nome do barrio, que é menos malo que que non haxa nada. Pero é conveniente tratar de ver como se pode facer o de conservar uns e outros: os populares, os cultos e isto.

Sobre todo, o tema dos políticos, que teñan unha política unitaria un pouco en todos os sitios, se é posible. Porque dicía que, unha vez conservados os pequenos, que haxa nunha cidade como Ourense, desde os anos 60, que hai un barrio onde están as serras de Ourense, que é o barrio de San Francisco. Non sei como se chamarían antes, cantos topónimos habería, pero estou seguro que non habería tantos como ruelas hai hoxe que levan eses nomes. Ou os ríos no Vinteún e no Vellau, que son topónimos de alí, da zona: *O Vellau* e *O Vinteún*. Hai cincuenta ríos. Ou os santos en fronte da catedral, ou en fronte da estación. Non vexo que sexan incompatibles en absoluto. O que non me gustan son os bautizos que van máis alá diso, deses conxuntos que poden ser harmónicos. Eu véxoos que facilitan, sempre que se conserven primeiramente o que poida haber debaixo. Pero... montes de Ourense, ríos...

Despois claro, a visión do que temos alí desde o ano 63, que hai unha *rúa Vicente Risco*, do 68 *Florentino Cuevillas*, ou 76 *Otero Pedrayo*... houbo unha galeguización bastante temperá, polo menos no que respecta a estes nomes, ou do Rexurdimento ou de despois de aí. Como non hai esa política unitaria máis alá das homenaxes ás grandes figuras, a José Antonio, a Franco, todas estas que

despois case nunca prenderon porque tiñan outro nome popular, como lle pasaba a case todas. Entón non o vexo tan relevante. Nada máis, era unha reflexión.

### **Antón Palacio**

Quero dicir unha cousa.

En defensa do uso da preposición. Hai unha tendencia que é suprimir o artigo. Vemos cousas tan horrendas como *Barrio de Fontiñas*, en vez de *Barrio das Fontiñas*. Comémoslle o artigo. Pero agora vexo que tamén estamos comendo as preposicións. Non debemos dicir *avenida Castelao* se non *avenida de Castelao*. Incluso estou vendo aí *rúa de*, fáltalle o *de*, *Rúa Padre Amoedo*, iso é un disparate lingüístico. Entón, os de normalización lingüística, atentos sobre todo cando teñades que dicir para a sinalética. Cando vos pidan informes para os sinais, que poñan as preposicións, por favor. Os artigos xa, por suposto. É que oín tamén *rúa Castelao*, aí en Lalín.

### **Conchi Cochón**

No Concello de Pontevedra fixemos un informe lingüístico para manter o artigo e as preposicións e foi desmontado e anulado polo topógrafo municipal e o arquiveiro, que consideraban que iso complica moito indexar as rúas.

### **Persoa do público**

Eu quería falar un pouco do caso da Coruña, porque dicía Iván Méndez que, na placa esa de *Luisa Vi[llalta]*, vale, que lle faltaba o acento, porque en galego... pero é que o problema é que non hai na Coruña ningunha rúa que non estea en castelán, e que mesmo as que están en castelán non teñen os acentos gráficos. Na Coruña está...

### **Iván Méndez**

Nesa foto vese que *Eirís*...

### **Persoa do público**

*Eirís*. *As fresas de Eirís* ten o acento, vale. E iso é agora, porque na Coruña é *Valle Inclan*, *Fernando Macias*, *Medico Rodriguez*, non hai acentos gráficos.

### **Iván Méndez**

Iso era así, pero esa coincidiu, porque á parte coincidiu.

### **Persoa do público**

Porque agora están facendo algún cambio, pero hai moitísimo que facer. E nas placas si que pon *Calle/Rúa* pero sempre os nomes están en castelán... Por exemplo, en *Ronda* non hai o equivalente galego de *Rolda*; *Callejón* non pon algo como *Ruela* ou *Canella* ou *Calella*, como pode haber outras formas...

Podería facer moitos comentarios agora sobre A Coruña porque é unha desfeita tremenda, pero non hai máis tempo. Moitas grazas.

### **Luz Méndez**

Grazas a todos pola participación.





## Un modelo hodonímico mixto

Gonzalo Navaza

*Real Academia Galega. Seminario de Onomástica*

Tanto a Lei española 10/2015, de 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, como a autonómica Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, recoñecen explicitamente a toponimia como elemento patrimonial que debe ser protexido e preservado. Esta lexislación non fai referencia explícita aos nomes das vías públicas, mais invoca as recomendacións dos organismos internacionais que si desaconsellan a hodonimia conmemorativa e honorífica cando sepulta toponimia tradicional. Deste xeito, na denominación de novas rúas ou prazas, o criterio de preferir sempre en primeiro lugar o nome histórico deses lugares conta agora con apoio legal, e temos noticia de diferentes cidades españolas onde, ao abeiro da lei de 2015, se incorporaron ao rueiro urbano moitos topónimos tradicionais que doutro xeito estaban condenados a desaparecer.

Como é sabido, a competencia sobre a toponimia dos núcleos de poboación e os accidentes xeográficos corresponde á Xunta de Galicia, mentres que os nomes das vías intraurbanas son de competencia municipal. Noutros territorios é competencia municipal toda a toponimia. Non todos os concellos teñen unha política de protección da toponimia, e con demasiada frecuencia os criterios seguidos para a denominación das novas rúas nin se lembran da salvagarda do patrimonio.

O modelo que presenta aquí a AGOn aplicouse en diferentes localidades, inicialmente para casos de hodonimos conmemorativos e honoríficos, mais ou menos consolidados, que convivían na fala cunha denominación popular alternativa, mais tamén pode servir para vías de nova creación.

Consiste en diferenciar a función toponímica propiamente dita da función conmemorativa, de xeito que a homenaxe non se rende no topónimo senón na placa, no rótulo que indica o nome da rúa. O resultado son placas semellantes ás que vemos en moitas rúas de Pontevedra<sup>1</sup>, onde baixo o nome actual figuran outras denominacións do pasado. Entre as imaxes que se achegan hai algunhas

---

1 Como se poden ver nas imaxes que ilustran o artigo de Conchi Cochón neste volume.

de Tui e Monforte, onde tamén se recollen nas placas outras denominacións históricas; aplicando este modelo, esa *rúa do bispo Castañón* que antes era *da Canicouva* quizais podería recuperar o seu nome histórico de *rúa da Canicouva*, e na placa facer constar: “Rúa da Canicouva / Dedicada ao bispo Castañón”, e así mesmo: “Rúa dos Ferradores / Dedicada ao doutor Casares”, “rúa dos Sedeiros / Dedicada ao cardeal Rodrigo de Castro”. E algunhas das rúas de Baiona que vimos na outra sesión son firmes candidatas a recuperar o nome histórico mantendo a homenaxe na placa: “Rúa do Pescado / Dedicada a Ventura Misa”.

Ténselle chamado “modelo toledano”, non porque fose empregado na cidade castelá antes ca noutros sitios senón pola valoración expresa que recibiu o tratamento dos topónimos na súa candidatura a Cidade Patrimonio Cultural da Humanidade (1986). Nos exemplos que proxecto, algúns corresponden a placas de rúas de Toledo.



Exemplos do modelo hodonímico mixto nas rúas de Toledo



Exemplos do modelo hodonímico mixto nas rúas de Toledo



Referencias a denominacións históricas nos rótulos das rúas de Monforte de Lemos



Referencias a denominacións históricas nos rótulos das rúas de Tui



# V

## Declaración

A toponimia como patrimonio.

Modelo de declaración a prol da súa preservación /

/ REAL ACADEMIA GALEGA E ASOCIACIÓN GALEGA DE ONOMÁSTICA



## **A toponimia como patrimonio**

### **Modelo de declaración a prol da súa preservación**

Real Academia Galega  
Asociación Galega de Onomástica

Durante esta xornada explicouse a maneira tradicional de nomear as rúas dos núcleos urbanos, como estes nomes propios forman parte tamén da toponimia e, por tanto, do noso patrimonio inmaterial que, como tal, debe ser protexido para transmitilo ás xeracións vindeiras. Tamén se puxo de relevo que é moi frecuente por parte dos poderes municipais cambiaren nomes de rúas para honrar veciños ilustres cando estes acaban de morrer ou cando sopran ventos políticos distintos. Esta práctica ataca directamente os vellos nomes que, no caso das cidades, poden datar da Idade Media e, no caso de urbanizacións recentes, sepulta os nomes de leiras, prados, fontes, pedras ou calquera outra realidade física anterior que nos mostran como foi a relación da comunidade co territorio.

Para rematar este volume, quérese reactivar unha iniciativa da Asociación Galega de Onomástica do ano 2002, en que se promovera unha declaración que busca a protección da toponimia<sup>1</sup>. Agora, asumida tamén pola Real Academia Galega, ten como obxectivo conseguir a adhesión dos concellos, que así disporán duns principios que lles permitirán ampliar a paisaxe urbana co nomeamento de novas rúas dunha forma respectuosa cos nomes tradicionais previamente existentes. Son principios que teñen xa o amparo de diferentes leis aprobadas polo Parlamento de Galicia, o Congreso dos Deputados e que seguen as recomendacións do Grupo de expertos en nomes xeográficos da ONU. Quérese contribuír así á preservación desta parte do noso patrimonio que nos segue a caracterizar como pobo.

---

<sup>1</sup> Naquel momento fora asinada tamén pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, a Universidade de Vigo, a Federación das Asociacións de Veciños de Vigo e o Instituto de Estudos Vígueses.



A Real Academia Galega, a Asociación Galega de Onomástica e o Concello de ..... asinan a seguinte

## DECLARACIÓN

### A TOPONIMIA COMO PATRIMONIO

Recoñecemos que os nomes dos lugares son un elemento de primeira orde no noso patrimonio inmaterial. Herdados de xeración en xeración a través dos séculos, constitúen un dos máis prezados bens culturais da comunidade.

A progresiva transformación dos modos de ocupación do territorio pon en perigo a supervivencia de moitos topónimos tradicionais. A necesidade da súa preservación foi recoñecida polo Congreso dos Deputados mediante a súa inclusión na Lei para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, artigo 2, título I (BOE 27/05/2015) e mais pola Lei do patrimonio cultural de Galicia, artigos 9.3.a).3º, 35.2, 68.2 e 69.6 (DOG, 16/05/2016). Nesa mesma dirección, comprometémonos a velar pola súa preservación defendendo os principios que seguen:

1. Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (rúas, prazas, urbanizacións, complexos urbanísticos, bloques de edificios etc.), ha de preferirse sempre un topónimo tradicional antes ca fórmulas de nova invención.
2. No caso de realidades xeográficas de nova creación realizarase un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregaranse nomes tomados dese repertorio para a denominación oficial dos novos núcleos.
3. Cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superan en número as novas realidades xeográficas creadas, de preferencia han de preservarse os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.

4. Seguindo as recomendacións do Grupo de expertos en nomes xeográficos da ONU (UNGEGN), só se propondrá a imposición de “topónimos honoríficos” (nomes de persoas ou institucións, conceptos abstractos, cidades ou países etc.) en casos en que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional ou cando a supervivencia do topónimo tradicional correspondente estea asegurada pola súa aplicación a algunha realidade xeográfica próxima. Se finalmente se propón o nome dunha persoa, recoméndase que se limite a persoas con forte arraigo co lugar ou coa cultura da zona e que polo menos pasasen cinco anos do seu falecemento; no caso de querer conmemorar un acontecemento, aconséllase que polo menos haxa vinte e cinco anos do feito. Os novos nomes non se deben usar para conmemorar vítimas ou sinalar lugares de accidentes ou traxedias.
5. Cando o repertorio de nomes tradicionais dunha área sexa insuficiente para o conxunto de novas realidades xeográficas creadas, han de preferirse sempre denominacións que garden harmonía coa toponimia tradicional galega.
6. A urbanización do territorio debería ir sempre acompañada dun rexistro das denominacións tradicionais, que moitas veces só se transmitiron de xeito oral e que doutra maneira quedarían sepultadas.

....., ..... de ..... de 20....

O/a presidente/a da RAG,

O/A presidente/a da AGOn,

O/A Alcalde/esa

.....

.....

.....



# Índice

Limiar .....	5
<b>Ana Isabel Boullón Agrelo</b>	
<b>I. O nacemento das rúas</b>	
Presentación .....	17
<b>Antón Palacio</b>	
Algúns nomes medievais das rúas de Santiago de Compostela (1352-1412) .....	21
<b>Gonzalo Hermo</b>	
Hodonimia de Baiona na documentación histórica .....	35
<b>Gonzalo Navaza</b>	
<b>II. A memoria histórica</b>	
Presentación .....	51
<b>Antón Santamarina</b>	
Apropiación do espazo público e memoricidio: do golpe de 1936 ás políticas públicas da memoria .....	55
<b>Antonio Míguez Macho</b>	
<b>III. Modelos de intervención didáctica</b>	
A toponimia urbana como recurso didáctico. Tres proxectos .....	75
<b>Suso Fernández Acevedo</b>	

Hai rúas nas aldeas? Unha experiencia didáctica no concello de Valga .....	89
<b>Pilar Buela e Juan Carlos Montejano</b>	

#### **IV. A salvagarda da toponimia tradicional fronte á hodonimia conmemorativa: a práctica da denominación das rúas nos espazos urbanos**

Presentación da mesa redonda .....	109
<b>Luz Méndez</b>	

O caso de Pontevedra .....	111
<b>Concepción Cochón Rodríguez</b>	

As rúas de Vigo .....	137
<b>Marta Souto</b>	

Pola rúa da Amargura: o declive da toponimia tradicional no nomenclátor urbano da Coruña .....	163
<b>Iván Méndez López</b>	

A práctica de denominación de rúas en Lalín: a Comisión do Rueiro .....	199
<b>Marta Negro Romero</b>	

Debate .....	211
--------------	-----


Un modelo hodonímico mixto .....	233
<b>Gonzalo Navaza</b>	

#### **V. Declaración**

A toponimia como patrimonio. Modelo de declaración a prol da súa preservación .....	239
<b>Real Academia Galega e Asociación Galega de Onomástica</b>	








## Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Os nomes das rúas serven para orientarse nas vilas e cidades e tamén para organizar os territorios urbanos. Pero tamén adquiren unha moi importante carga simbólica e constitúen parte da paisaxe lingüística que acompaña aos habitantes acotío. Os cambios que ocorren nas guías das rúas e as novas eleccións de nomes coa expansión das zonas urbanas obedecen en moitas ocasións a razóns conmemorativas e acaban sepultando os nomes anteriores. Neste volume préstase atención a todos estes procesos, un campo de estudo moi pouco tratado en Galicia, e ademais quérese pór o foco na necesidade da preservación da toponimia tradicional por parte dos poderes públicos, neste caso os concellos, responsables dos nomes urbanos.

Ana I. Boullón Agrelo e Luz Méndez



REAL ACADEMIA GALEGA



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA